

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

7703 *Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.*

ÍNDICE

Real decreto.

Artigo único. Aprobación e ámbito de aplicación do regulamento.

Disposición adicional única. Identificación e protección da vítima de trata de seres humanos.

Disposición transitoria primeira. Validez das autorizacións ou tarxetas en vigor.

Disposición transitoria segunda. Solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor do regulamento.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Regulamento.

Título I. Réxime de entrada e saída de territorio español.

Capítulo I. Postos de entrada e saída.

Artigo 1. Entrada por postos habilitados.

Artigo 2. Habilitación de postos.

Artigo 3. Peche de postos habilitados.

Capítulo II. Entrada: requisitos e prohibicións.

Artigo 4. Requisitos.

Artigo 5. Autorización de regreso.

Artigo 6. Documentación para a entrada.

Artigo 7. Exixencia de visado.

Artigo 8. Xustificación do motivo e condicións da entrada e estadía.

Artigo 9. Acreditación de medios económicos.

Artigo 10. Requisitos sanitarios.

Artigo 11. Prohibición de entrada.

Artigo 12. Forma de efectuar a entrada.

Artigo 13. Declaración de entrada.

Artigo 14. Rexistro de entrada en territorio español.

Artigo 15. Denegación de entrada.

Artigo 16. Obrigas dos transportistas de control de documentos.

Artigo 17. Obrigas dos transportistas de remisión de información.

Artigo 18. Obrigas dos transportistas en caso de denegación de entrada.

Capítulo III. Saídas: requisitos e prohibicións.

Artigo 19. Requisitos.

Artigo 20. Documentación e prazos.

Artigo 21. Forma de efectuar a saída.

- Artigo 22. Prohibicións de saída.
- Capítulo IV. Devolución e saídas obrigatorias.
- Artigo 23. Devolucións.
- Artigo 24. Saídas obrigatorias.
- Título II. Tránsito aeroportuario.
- Artigo 25. Definición.
- Artigo 26. Exixencia de visado de tránsito.
- Artigo 27. Procedemento.
- Título III. A estadía en España.
- Capítulo I. Estadía de curta duración.
- Artigo 28. Definición.
- Sección 1.^a Requisitos e procedemento.
- Artigo 29. Visados de estadía de curta duración. Clases.
- Artigo 30. Solicitud de visados de estadía de curta duración.
- Artigo 31. Visados expedidos nas fronteiras exteriores.
- Sección 2.^a Prórroga e extinción da estadía de curta duración.
- Artigo 32. Prórroga de estadía sen visado. Procedemento.
- Artigo 33. Extinción da prórroga de estadía.
- Artigo 34. Prórroga do visado de estadía de curta duración.
- Artigo 35. Anulación e retirada do visado de estadía de curta duración.
- Sección 3.^a Supostos excepcionais de estadía de curta duración.
- Artigo 36. Estadía en supostos de entrada ou documentación irregulares.
- Capítulo II. Estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.
- Artigo 37. Definición.
- Artigo 38. Requisitos para obter o visado.
- Artigo 39. Procedemento.
- Artigo 40. Prórroga.
- Artigo 41. Familiares do titular dunha autorización de estadía.
- Artigo 42. Traballo de titulares dunha autorización de estadía.
- Artigo 43. Réxime especial dos estudos de especialización no ámbito sanitario.
- Artigo 44. Mobilidade dentro da Unión Europea.
- Título IV. Residencia temporal.
- Artigo 45. Definición e supostos de residencia temporal.
- Capítulo I. Residencia temporal non lucrativa.
- Artigo 46. Requisitos.
- Artigo 47. Medios económicos que cómpre acreditar para a obtención dunha autorización de residencia temporal.
- Artigo 48. Procedemento.
- Artigo 49. Efectos do visado e duración da autorización inicial de residencia.
- Artigo 50. Visados e autorizacións de residencia de carácter extraordinario.
- Artigo 51. Renovación da autorización de residencia temporal non lucrativa.

Capítulo II. Residencia temporal por reagrupación familiar.

- Artigo 52. Definición.
- Artigo 53. Familiares reagrupables.
- Artigo 54. Medios económicos que debe acreditar un estranxeiro para a obtención dunha autorización de residencia por reagrupación a favor dos seus familiares.
- Artigo 55. Requisito sobre vivenda adecuada que deberá acreditar un estranxeiro para a obtención dunha autorización de residencia por reagrupación a favor dos seus familiares.
- Artigo 56. Procedemento para a autorización de residencia por reagrupación familiar.
- Artigo 57. Tramitación do visado no procedemento de reagrupación familiar.
- Artigo 58. Entrada en territorio español.
- Artigo 59. Residencia dos familiares reagrupados, independente da do reagrupante.
- Artigo 60. Reagrupación familiar por residentes reagrupados.
- Artigo 61. Renovación das autorizacións de residencia en virtude de reagrupación familiar.

Capítulo III. Residencia temporal e traballo por conta allea.

- Artigo 62. Definición.
- Artigo 63. Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.
- Artigo 64. Requisitos.
- Artigo 65. Determinación da situación nacional de emprego.
- Artigo 66. Medios económicos, materiais e persoais que deberá acreditar o empregador para facer fronte ás obrigas dimanantes do contrato de traballo.
- Artigo 67. Procedemento.
- Artigo 68. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta allea a comunidades autónomas.
- Artigo 69. Denegación das autorizacións iniciais de residencia temporal e traballo por conta allea.
- Artigo 70. Visado de residencia e traballo e entrada en España.
- Artigo 71. Renovación das autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea.
- Artigo 72. Efectos da renovación da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

Capítulo IV. Residencia temporal e traballo para investigación.

- Artigo 73. Definición.
- Artigo 74. Autorización de residencia temporal e traballo para investigación.
- Artigo 75. Convenio de acollida.
- Artigo 76. Requisitos para a concesión da autorización de residencia temporal e traballo para investigación.
- Artigo 77. Procedemento.
- Artigo 78. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo para investigación a comunidades autónomas.
- Artigo 79. Denegación das autorizacións de residencia temporal e traballo para investigación.
- Artigo 80. Requisitos para a obtención do visado de investigación.
- Artigo 81. Efectos do visado de investigación.
- Artigo 82. Renovación da autorización de residencia temporal e traballo para investigación.
- Artigo 83. Familiares dos investigadores estranxeiros.
- Artigo 84. Mobilidade dos estranxeiros admitidos como investigadores en Estados membros da Unión Europea.

Capítulo V. Residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE.

- Artigo 85. Definición.
- Artigo 86. Autorización de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados.
- Artigo 87. Requisitos.
- Artigo 88. Procedemento.
- Artigo 89. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo de profesionais altamente cualificados a comunidades autónomas.
- Artigo 90. Denegación das autorizacións de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados.
- Artigo 91. Visado de residencia e traballo.
- Artigo 92. Tarxeta de identidade de estranxeiro.
- Artigo 93. Renovación das autorizacións de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados.
- Artigo 94. Familiares de profesionais altamente cualificados.
- Artigo 95. Mobilidade dos traballadores estranxeiros titulares dunha tarxeta azul-UE expedida noutro Estado membro da Unión Europea.
- Artigo 96. Mobilidade dos familiares dos traballadores estranxeiros titulares dunha tarxeta azul-UE expedida noutro Estado membro da Unión Europea.

Capítulo VI. Residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada.

- Artigo 97. Definición.
- Artigo 98. Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada.
- Artigo 99. Requisitos.
- Artigo 100. Procedemento.
- Artigo 101. Visado.
- Artigo 102. Prórroga das autorizacións.

Capítulo VII. Residencia temporal e traballo por conta propia.

- Artigo 103. Definición, duración e ámbito.
- Artigo 104. Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia.
- Artigo 105. Requisitos.
- Artigo 106. Procedemento.
- Artigo 107. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia a comunidades autónomas.
- Artigo 108. Visado de residencia e traballo e entrada en España.
- Artigo 109. Renovación da autorización de residencia e traballo por conta propia.

Capítulo VIII. Residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.

- Artigo 110. Definición.
- Artigo 111. Requisitos.
- Artigo 112. Procedemento.
- Artigo 113. Denegación das autorizacións de residencia e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.
- Artigo 114. Visado de residencia e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos e entrada en España.
- Artigo 115. Prórroga da autorización de residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.

Artigo 116. Autorización para traballos de temporada ou campaña no marco de prestacións transnacionais de servizos.

Capítulo IX. Residencia temporal con excepción da autorización de traballo.

Artigo 117. Excepcións á autorización de traballo.

Artigo 118. Procedemento.

Artigo 119. Efectos do visado.

Capítulo X. Residencia temporal do estranxeiro acollido a un programa de retorno voluntario.

Artigo 120. Ámbito de aplicación.

Artigo 121. Compromiso de non regreso a territorio español.

Artigo 122. Autorizacións de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo.

Título V. Residencia temporal por circunstancias excepcionais.

Capítulo I. Residencia por circunstancias excepcionais por arraigamento, protección internacional, razóns humanitarias, colaboración con autoridades, seguridade nacional ou interese público.

Artigo 123. Autorizacións de residencia temporal por circunstancias excepcionais.

Artigo 124. Autorización de residencia temporal por razóns de arraigamento.

Artigo 125. Autorización de residencia temporal por razóns de protección internacional.

Artigo 126. Autorización de residencia temporal por razóns humanitarias.

Artigo 127. Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais de colaboración con autoridades públicas, razóns de seguridade nacional ou interese público.

Artigo 128. Procedemento.

Artigo 129. Autorización de traballo do titular dunha autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais.

Artigo 130. Prórroga e cesamento da situación de residencia temporal por circunstancias excepcionais.

Capítulo II. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero.

Artigo 131. Denuncia a favor dunha muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

Artigo 132. Inicio do procedemento relativo á residencia temporal e traballo da muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

Artigo 133. Autorización provisoria de residencia temporal e traballo da muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

Artigo 134. Finalización do procedemento relativo á residencia temporal e traballo da muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

Capítulo III. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais por colaboración contra redes organizadas.

Artigo 135. Exención de responsabilidade.

Artigo 136. Autorización de residencia e traballo por colaboración con autoridades administrativas non policiais.

Artigo 137. Autorización de residencia e traballo por colaboración con autoridades administrativas policiais, fiscais ou xudiciais.

Artigo 138. Retorno asistido ao país de procedencia do estranxeiro.

Artigo 139. Estranxeiros menores de idade.

Capítulo IV. Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de estranxeiros vítimas da trata de seres humanos.

- Artigo 140. Coordinación das actuacións.
- Artigo 141. Identificación das potenciais vítimas non comunitarias de trata de seres humanos.
- Artigo 142. Período de restablecemento e reflexión.
- Artigo 143. Exención de responsabilidade.
- Artigo 144. Autorización de residencia e traballo.
- Artigo 145. Retorno asistido ao país de procedencia.
- Artigo 146. Estranxeiros menores de idade vítimas de trata de seres humanos.

Título VI. Residencia de longa duración.

Capítulo I. Residencia de longa duración.

- Artigo 147. Definición.
- Artigo 148. Supostos.
- Artigo 149. Procedemento.
- Artigo 150. Renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro dos residentes de longa duración.

Capítulo II. Residencia de longa duración-UE.

- Artigo 151. Definición.
- Artigo 152. Requisitos.
- Artigo 153. Procedemento.
- Artigo 154. Renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro dos residentes de longa duración-UE.

Capítulo III. Mobilidade do residente de longa duración-UE noutro Estado membro.

- Artigo 155. Residencia de longa duración en España do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.
- Artigo 156. Residencia de longa duración en España da familia do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.
- Artigo 157. Residencia de longa duración-UE en España do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.

Capítulo IV. Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración.

Sección 1.^a Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración.

- Artigo 158. Ámbito de aplicación da recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración.
- Artigo 159. Procedemento.

Sección 2.^a Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración-UE.

- Artigo 160. Ámbito de aplicación da recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración-UE.
- Artigo 161. Procedemento.

Título VII. Extinción das autorizacións de residencia ou de residencia e traballo.

- Artigo 162. Extinción da autorización de residencia temporal.
- Artigo 163. Extinción da autorización de residencia temporal e traballo para investigación.
- Artigo 164. Extinción da autorización de residencia temporal de profesionais altamente cualificados.

Artigo 165. Extinción da autorización de residencia temporal e traballo de vítimas de trata de seres humanos.

Artigo 166. Extinción da autorización de residencia de longa duración.

Título VIII. Xestión colectiva de contratacións en orixe.

Artigo 167. Xestión colectiva de contratacións en orixe.

Artigo 168. Elaboración da previsión anual de xestión colectiva de contratacións en orixe.

Artigo 169. Contido da norma sobre xestión colectiva.

Artigo 170. Especialidades dos procedementos relativos a autorizacións no marco da xestión colectiva de contratacións en orixe.

Artigo 171. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta allea a comunidades autónomas.

Artigo 172. Visados de residencia e traballo.

Artigo 173. Entrada en España e eficacia da autorización inicial de residencia temporal e traballo.

Artigo 174. Visados de residencia e traballo de temporada.

Artigo 175. Visados para a busca de emprego.

Artigo 176. Visados para a busca de emprego dirixidos a fillos ou netos de español de orixe.

Artigo 177. Visados para a busca de emprego en determinadas ocupacións e ámbitos territoriais.

Título IX. Procedemento para autorizar a entrada, residencia e traballo en España de estranxeiros en cuxa actividade profesional concorran razóns de interese económico, social ou laboral, ou cuxo obxecto sexa a realización de traballos de investigación ou desenvolvemento ou docentes, que requiran alta cualificación, ou de actuacións artísticas de especial interese cultural.

Artigo 178. Ámbito de aplicación.

Artigo 179. Tipos de autorización.

Artigo 180. Particularidades do procedemento e documentación.

Artigo 181. Familiares.

Título X. Traballadores transfronteirizos.

Artigo 182. Definición.

Artigo 183. Ámbito de aplicación, requisitos e procedemento.

Artigo 184. Efectos da autorización de traballo para traballadores transfronteirizos.

Título XI. Menores estranxeiros.

Capítulo I. Residencia do fillo de residente legal.

Artigo 185. Residencia do fillo nacido en España de residente.

Artigo 186. Residencia do fillo non nacido en España de residente.

Capítulo II. Desprazamento temporal de menores estranxeiros.

Artigo 187. Desprazamento temporal de menores estranxeiros.

Artigo 188. Desprazamento temporal de menores estranxeiros con fins de escolarización.

Capítulo III. Menores estranxeiros non acompañados.

Artigo 189. Definición.

Artigo 190. Determinación da idade.

Artigo 191. Competencia sobre o procedemento de repatriación do menor estranxeiro non acompañado e actuacións previas.

Artigo 192. Inicio do procedemento de repatriación do menor estranxeiro non acompañado.

Artigo 193. Alegacións e determinación do período de proba.

Artigo 194. Trámite de audiencia e resolución do procedemento.

Artigo 195. Execución da repatriación.

Artigo 196. Residencia do menor estranxeiro non acompañado.

Artigo 197. Acceso á maioría de idade do menor estranxeiro non acompañado que é titular dunha autorización de residencia.

Artigo 198. Acceso á maioría de idade do menor estranxeiro non acompañado que non é titular dunha autorización de residencia.

Título XII. Modificación das situacións dos estranxeiros en España.

Artigo 199. Da situación de estadía por estudos, investigación, formación ou prácticas á situación de residencia e traballo ou de residencia con exceptuación da autorización de traballo.

Artigo 200. Da situación de residencia á situación de residencia e traballo ou de residencia con exceptuación da autorización de traballo.

Artigo 201. Compatibilidade da situación de residencia e traballo por conta allea e a de residencia e traballo por conta propia, ou de autorizacións de traballo por conta propia de ámbito xeográfico distinto.

Artigo 202. Da situación de residencia por circunstancias excepcionais á situación de residencia, residencia e traballo ou residencia con exceptuación da autorización de traballo.

Artigo 203. Modificacións da autorización de residencia e traballo.

Artigo 204. Intervención das comunidades autónomas na modificación de autorizacións no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo.

Título XIII. Documentación dos estranxeiros.

Capítulo I. Dereitos e deberes relativos á documentación.

Artigo 205. Dereitos e deberes.

Artigo 206. Número de identidade de estranxeiro.

Capítulo II. Acreditación da situación dos estranxeiros en España.

Artigo 207. Documentos acreditativos.

Artigo 208. O pasaporte ou documento de viaxe.

Artigo 209. O visado.

Artigo 210. A tarxeta de identidade de estranxeiro.

Capítulo III. Indocumentados.

Artigo 211. Requisitos e procedemento para a documentación.

Artigo 212. Título de viaxe para saída de España.

Capítulo IV. Rexistro Central de Estranxeiros.

Artigo 213. Rexistro Central de Estranxeiros.

Artigo 214. Comunicación ao Rexistro Central de Estranxeiros dos cambios e alteracións de situación.

Capítulo V. Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados.

Artigo 215. Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados.

- Título XIV. Infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador.
- Capítulo I. Normas comúns do procedemento sancionador.
- Artigo 216. Normativa aplicable.
- Artigo 217. Modalidades do procedemento sancionador.
- Artigo 218. Actuacións previas.
- Artigo 219. Iniciación do procedemento sancionador. Competencia.
- Artigo 220. Instrutor e secretario.
- Artigo 221. O comiso.
- Artigo 222. Resolución.
- Artigo 223. Manifestación da vontade de interpor recurso.
- Artigo 224. Execución das resolucións sancionadoras.
- Artigo 225. Caducidade e prescrición.
- Capítulo II. Modalidades de tramitación do procedemento sancionador.
- Sección 1.^a O procedemento ordinario.
- Artigo 226. Supostos en que procede o procedemento ordinario.
- Artigo 227. Iniciación do procedemento ordinario.
- Artigo 228. Actuacións e alegacións no procedemento ordinario.
- Artigo 229. Proba no procedemento ordinario.
- Artigo 230. Colaboración doutras administracións públicas no procedemento ordinario.
- Artigo 231. Proposta de resolución no procedemento ordinario.
- Artigo 232. Trámite de audiencia no procedemento ordinario.
- Artigo 233. Resolución do procedemento ordinario.
- Sección 2.^a O procedemento preferente.
- Artigo 234. Supostos en que procede o procedemento preferente.
- Artigo 235. Iniciación e tramitación do procedemento preferente.
- Artigo 236. A resolución no procedemento preferente. Executividade.
- Artigo 237. Comunicacións no procedemento preferente.
- Sección 3.^a O procedemento simplificado.
- Artigo 238. Supostos de iniciación do procedemento simplificado.
- Artigo 239. Procedemento simplificado.
- Artigo 240. Resolución do procedemento simplificado.
- Sección 4.^a Concorrenza de procedementos.
- Artigo 241. Concorrenza de procedementos.
- Capítulo III. Aspectos específicos nos procedementos sancionadores para a imposición das infraccións de expulsión e multa.
- Sección 1.^a Normas procedementais para a imposición da expulsión.
- Artigo 242. Supostos en que procede o procedemento de expulsión.
- Artigo 243. Contido do acordo de iniciación do procedemento de expulsión.
- Artigo 244. Medidas cautelares no procedemento de expulsión.
- Artigo 245. Contido e efectos da resolución do procedemento de expulsión.
- Artigo 246. Execución da resolución no procedemento de expulsión.
- Artigo 247. Estranxeiros procesados ou imputados en procedementos por delitos ou faltas.
- Artigo 248. Comunicacións no procedemento de expulsión.

- Sección 2.^a Normas procedementais para a imposición de multas.
- Artigo 249. Supostos de aplicación do procedemento para a imposición de multas.
- Artigo 250. Contido do acordo de iniciación do procedemento para a imposición de multas.
- Artigo 251. Medidas cautelares no procedemento para a imposición de multas.
- Artigo 252. Resolución do procedemento para a imposición de multas. Efectos e executividade.
- Capítulo IV. Infraccións e sancións na orde social e vixilancia laboral.
- Artigo 253. Vixilancia laboral.
- Artigo 254. Infraccións e sancións na orde social.
- Capítulo V. Infraccións, sancións e obriga da súa comunicación interorgánica.
- Artigo 255. Outras infraccións e sancións.
- Artigo 256. Comunicación interorgánica de infraccións.
- Artigo 257. Comunicacions dos órganos xudiciais á Delegación ou Subdelegación do Goberno en relación con estranxeiros.
- Capítulo VI. Ingreso en centros de internamento de estranxeiros.
- Artigo 258. Ingreso en centros de internamento de estranxeiros.
- Título XV. Oficinas de estranxeiría e centros de migracións.
- Capítulo I. As oficinas de estranxeiría.
- Artigo 259. Creación.
- Artigo 260. Dependencia.
- Artigo 261. Funcións.
- Artigo 262. Organización funcional das oficinas de estranxeiría.
- Artigo 263. Persoal.
- Capítulo II. Os centros de migracións.
- Artigo 264. A rede pública de centros de migracións.
- Artigo 266. Ingreso en centros de migracións.
- Disposicións adicionais.
- Disposición adicional primeira. Atribución de competencias en materia de informes, resolucións e sancións.
- Disposición adicional segunda. Normativa aplicable aos procedementos.
- Disposición adicional terceira. Lugares de presentación das solicitudes.
- Disposición adicional cuarta. Práctica da notificación por medios electrónicos.
- Disposición adicional quinta. O taboleiro edictal de resolucións de estranxeiría.
- Disposición adicional sexta. Aplicación informática para a tramitación de procedementos.
- Disposición adicional sétima. Xestión informática nos procedementos con intervención das comunidades autónomas.
- Disposición adicional oitava. Lexitimación e representación.
- Disposición adicional novena. Normas comúns para a resolución de visados.
- Disposición adicional décima. Procedemento en materia de visados.
- Disposición adicional décimo primeira. Exixencia, normativa e convenios en materia sanitaria.
- Disposición adicional décimo segunda. Prazos de resolución dos procedementos.
- Disposición adicional décimo terceira. Silencio administrativo.
- Disposición adicional décimo cuarta. Recursos.

- Disposición adicional décimo quinta. Cobertura de postos de confianza.
- Disposición adicional décimo sexta. Cotización pola continxencia de desemprego.
- Disposición adicional décimo sétima. Informes policiais.
- Disposición adicional décimo oitava. Taxas por tramitación de procedementos.
- Disposición adicional décimo novena. Entidades acreditadas para impartir formación que será recoñecida nos informes sobre esforzo de integración.
- Disposición adicional vixésima. Desconcentración da competencia de peche de postos habilitados.
- Disposición adicional vixésimo primeira. Autorización de traballo dos estranxeiros solicitantes de protección internacional.
- Disposición adicional vixésimo segunda. Representantes das organizacións empresariais no estranxeiro.
- Disposición adicional vixésimo terceira. Facilitación da entrada e residencia dos familiares de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, non incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- Disposición adicional vixésimo cuarta. Lexislación en materia de protección internacional.
- Disposición adicional vixésimo quinta. Estranxeiros non comunitarios empregados polas Forzas Armadas.

REAL DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA LEI ORGÁNICA 4/2000, SOBRE DEREITOS E LIBERDADES DOS ESTRANXEIROS EN ESPAÑA E A SÚA INTEGRACIÓN SOCIAL

A Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, na súa disposición derradeira terceira, habilita o Goberno para ditar as disposicións que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento da reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. O presente real decreto vén aprobar o novo Regulamento de estranxeiría, derogando o Regulamento aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

A decisión de aprobar un novo Regulamento de estranxeiría que desenvolva ao máximo a adaptación regulamentaria da última reforma da Lei orgánica 4/2000, e, por tanto, de exercer en sentido amplo a potestade regulamentaria que o artigo 97 da Constitución española atribúe ao Goberno, obedece a diversas causas.

Por un lado, á evolución do fenómeno migratorio, que foi unha causa constante das sucesivas reformas da lei orgánica. A dita evolución, que nos últimos anos ten dado lugar, entre outras cousas, a un descenso do número de solicitudes de entrada por motivos laborais e a un aumento do número de procedementos instados por persoas estranxeiras que se encontran en España e que pretenden renovar ou prorrogar as súas autorizacións ou exercer as facultades que a lei orgánica lles outorga, debe ser tida en conta ao desenvolver regulamentariamente as previsións da Lei de estranxeiría. O novo regulamento pretende optimizar neste novo contexto os principios da política migratoria recoñecidos por primeira vez a través da Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, principios entre os que se encontran a ordenación dos fluxos migratorios laborais de acordo coa situación nacional de emprego, a integración social das persoas inmigrantes, a loita contra a inmigración irregular e as relacións con países terceiros en materia de inmigración.

Por outro lado, a reforma do Regulamento de estranxeiría tamén ofrece a oportunidade de clarificar, simplificar e ordenar procedementos complexos, cuxa tramitación pode ser mellorada desde a perspectiva da axilidade e seguridade xurídica. A localización e reordenación sistemática dalgúns procedementos, a distinción entre requisitos e documentos acreditativos destes, a maior concreción duns e outros, a súa simplificación, así como unha regulación máis clara da relación entre autorizacións e visados que evite dobres comprobacións contribuirán, sen dúbida, a mellorar a xestión e a seguridade xurídica dos procedementos de estranxeiría. Mención á parte, neste mesmo sentido, merece a introdución das novas tecnoloxías nun ámbito cun volume de xestión elevado e, concretamente, a utilización dunha aplicación informática común que permitirá a integración das diversas fases procedementais e a súa xestión por parte das diversas administracións con competencia na materia, así como unha mellor relación coa cidadanía en consonancia coa normativa de acceso electrónico aos servizos públicos.

Finalmente, alén de mellorar a súa natureza de norma procedemental, a aprobación dun novo Regulamento de estranxeiría tamén permite introducir modificacións materiais que non só responden a cambios legais e ao crecente protagonismo da normativa comunitaria neste ámbito, senón que pretenden ter en conta a xa dilatada experiencia das oficinas de estranxeiría.

O alcance da reforma reforzou, por outra banda, a vontade de implicar o maior número de forzas políticas, axentes sociais e organizacións non gobernamentais nela. Máis alá das canles institucionais de participación, fíxose un esforzo notable para conseguir un acordo global cos axentes sociais no ámbito da Mesa de Diálogo Social, así como para ter en conta as achegas presentadas polas organizacións con maior implantación no ámbito da estranxeiría. Este proceso de diálogo e consenso supuxo un grao de participación importante que ten o seu reflexo no propio texto.

Desde unha perspectiva material, as novidades do regulamento responden sobre todo á vontade de consolidar un modelo baseado na regularidade e vinculado ao mercado de traballo. Isto traduciuse, entre outras cuestións, nunha regulación máis completa do Catálogo de Ocupacións de Dificil Cobertura e dos certificados que emiten os servizos públicos de emprego en relación coa insuficiencia de demandantes de emprego para cubrir

as ofertas existentes. En ambos os casos o que se pretende é mellorar a información que os sustenta, así como ter en conta as posibilidades de cubrir as ofertas de emprego con traballadores que xa se encontran no mercado de traballo nacional e que poderían satisfacerlas con actuacións formativas promovidas polos servizos públicos de emprego. A consideración da situación nacional de emprego tamén se tivo en conta na regulación das autorizacións de traballo por conta allea de duración determinada e na xestión colectiva de contratacións en orixe, onde se introduciron mecanismos que pretenden evitar a substitución de man de obra que xa existe no mercado laboral.

Xunto á ordenación dos fluxos migratorios laborais e a promoción da cultura da regularidade, o novo regulamento tamén pretende fomentar a integración e a igualdade de dereitos e deberes, fortalecendo a integración e a cohesión social nun contexto de diversidade cultural, desde a lóxica da igualdade de dereitos e deberes.

En coherencia coa última reforma da Lei de estranxeiría, que fortaleceu a través de diversas medidas o papel das administracións autonómicas e locais, o regulamento que agora se aproba tamén reforza a colaboración con tales administracións en múltiples ámbitos. Un dos máis importantes, pero non o único, é o dos informes previstos na lei orgánica a través dos cales as administracións locais e autonómicas poden participar, en exercicio das súas competencias, nos procedementos que corresponde resolver á Administración xeral do Estado. A regulación dos informes de esforzo de integración no ámbito das renovacións, da adecuación da vivenda para os efectos da reagrupación familiar e de integración social no ámbito do arraigamento constitúen, en efecto, exemplos claros da dita colaboración, que tamén se estendeu á comunicación de datos estatísticos no ámbito da reagrupación ou á determinación da situación nacional de emprego.

Adaptándose ao novo ciclo migratorio, o regulamento tamén aposta por fomentar e garantir a mobilidade e o retorno voluntario dos inmigrantes. A atracción de investigadores e persoal altamente cualificado, así como a regulación en sede regulamentaria dos fluxos laborais que afectan actividades en que concorren razóns de interese económico, social ou laboral, ou actividades docentes, de investigación ou artísticas constitúen medidas que favorecerán indubidablemente a competitividade da economía española e a internacionalización das empresas. Ao mesmo tempo, e dando resposta ao fenómeno crecente da mobilidade, introdúcese previsións sobre o retorno voluntario que fan posible o regreso nun futuro recuperando os períodos de residencia previos sempre que se cumpran os requisitos para iso e o compromiso de non retorno.

Neste sentido, de acordo co mandato legal e coa política europea de inmigración, efectúouse o desenvolvemento regulamentario de determinadas directivas europeas, cuxa transposición se efectuaba na propia reforma da lei orgánica. Estas directivas, nalgún caso xa incorporadas ao noso ordenamento xurídico, configuran un marco normativo europeo común en materia de inmigración no cal España participa plenamente.

Finalmente, o regulamento aposta claramente por proporcionar rigor, transparencia e obxectividade aos procedementos de estranxeiría. A mellora, en definitiva, da seguridade xurídica mediante unhas previsións máis detalladas e concretas que diminúen o reenvío a outras normas, e a introdución das novas tecnoloxías nos procedementos regulados constitúen novidades que contribuirán sen dúbida a mellorar a xestión e, con iso, as necesidades de todos os diversos axentes que actúan no ámbito da estranxeiría.

As modificacións que se introducen afectan de maneira xeneralizada todas as situacións das persoas estranxeiras en España. De aquí que se vexa conveniente facer un breve repaso de cada título que compón o novo regulamento.

No título I introdúcese unha regulación máis detallada da autorización de regreso, concréntanse as circunstancias da custodia en postos fronteirizos, reordénanse as cuestións relativas a saídas obrigatorias e devolucións, establecendo un prazo de prescrición para estas últimas.

No título II, relativo ao tránsito aeroportuario, incorpóranse as modificacións froito da aplicación do dereito da Unión Europea e, en particular, do Código comunitario de visados.

No título III, dedicado á estadía, introdúcese reformas derivadas da normativa comunitaria, e tamén se leva a cabo a transposición da directiva relativa a estadías por estudos, investigación ou formación, intercambio de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado. Así mesmo, simplifícanse as normas de procedemento e establécese a figura da prórroga de estadía por estudos, así como a posibilidade de realizar actividades por conta propia.

O título IV recolle profundas novidades ao referirse á situación de residencia temporal nas súas diferentes modalidades. Por unha parte, fíxanse con precisión os requisitos e medios económicos que deberá acreditar a persoa estranxeira nos supostos de residencia non lucrativa e que con outras magnitudes tamén se fixa para a reagrupación familiar. Na reagrupación familiar desenvólvese o mandato legal de inclusión da parella de feito, regulando con máis detalle a residencia independente dos familiares reagrupados. Por outra parte, no ámbito laboral regúlanse os medios económicos, materiais e persoais que deberá acreditar o empregador, e tamén se regula a eficacia da autorización á alta na Seguridade Social. Así mesmo, introdúcese os correspondentes capítulos destinados á transposición da Directiva de investigadores, así como a Directiva de profesionais altamente cualificados ou tarxeta azul. Finalmente, inclúese un capítulo dedicado a regular os efectos do retorno voluntario da persoa estranxeira no suposto de que decidise volver a España.

Neste título desprégase con plena visualización o papel das comunidades autónomas de cara á xestión colaborativa da inmigración, dedicándose unha consideración central á elaboración e efectos do informe de esforzo de integración e ao informe sobre a vivenda para a reagrupación familiar. Esta consideración, derivada da reforma legal, prevé igualmente o papel dos concellos no suposto de que a comunidade autónoma delegue neles as súas competencias.

O título V, referido á residencia por circunstancias excepcionais, mantén inalterada a configuración do arraigamento, con dúas importantes matizacións. Por unha parte, redúcese o período de relación laboral que se deberá acreditar no denominado arraigamento laboral; por outra parte, en consonancia coa doutrina dos nosos tribunais e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, introdúcese a figura do arraigamento familiar para proxenitores de menores españois. Si se introduce, como novidade, un capítulo destinado a regular a figura da vítima de violencia de xénero, no que opera con profusión a figura da autorización provisoria de residencia e traballo. Tamén se incorpora como situación especialmente regulada a figura da vítima de trata de seres humanos, tanto na súa vertente de trata con fins de explotación sexual como na súa vertente de fins de explotación laboral.

No título VI recóllese a residencia de longa duración nas súas dúas modalidades: longa duración e longa duración UE, facilitando a mobilidade do residente noutros Estados membros.

No título VII, ao facerse referencia ás extincións das autorizacións de residencia e traballo, incorpórase a posible extinción das novas figuras incorporadas ao regulamento (investigación, profesionais altamente cualificados, vítimas de trata e residencia de longa duración).

O título VIII dá acollida á regulación da xestión colectiva de contratacións en orixe, que substitúe a tradicional denominación do continxente, prevendo unha continua relevancia da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración.

O título IX introduce por primeira vez as autorizacións de residencia e traballo en cuxa actividade profesional concorran razóns de interese económico, social ou laboral, ou relativas á realización de traballos ou desenvolvemento ou docentes, que requiran alta cualificación, ou de actividades artísticas de especial interese cultural, e que está vinculada á denominada Unidade de Grandes Empresas, dando cabida a pequenas e medianas empresas en razón de sectores estratéxicos da economía.

O título X mellora a actual redacción dos traballadores transfronteirizos, detallando os requisitos que deberán cumprirse para a obtención da pertinente autorización.

O título XI introduce diferentes melloras en relación cos menores estranxeiros, tanto acompañados como non acompañados. Neste sentido, configura un réxime xurídico

integral, de especial interese no caso destes últimos. Por primeira vez, regúlase en detalle o procedemento de repatriación do menor, con intervención intensa do Ministerio Fiscal, así como o tránsito da minoría á maioría de idade.

O título XII refírese á modificación das situacións das persoas estranxeiras en España, tendo en conta a introdución das novas figuras que se engaden (investigadores e altamente cualificados).

En canto á documentación dos estranxeiros, regulada no título XIII, en consonancia coa inclusión do retorno voluntario, prevese a forma de entrega da tarxeta de identidade de estranxeiro. Igualmente, inclúese unha nova regulación do Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados, que tamén será coordinado pola Fiscalía.

O título XIV destínase ás infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador, derivadas da reforma legal.

O título XV ocúpase das oficinas de estranxeiría e dos centros de migracións, reiterando a dependencia orgánica e funcional que aquelas posúen.

Por outra parte, o regulamento contén vinte e cinco disposicións adicionais, das que destaca a aplicación das novas tecnoloxías tanto por parte da Administración como por parte da cidadanía, así como a xestión nos procedementos con intervención das comunidades autónomas.

En coherencia co exposto, considérase que este regulamento permitirá continuar desenvolvendo en España unha política migratoria integral, integrada e sustentable, de acordo coas necesidades deste país, contribuíndo á cohesión social.

Na súa virtude, por proposta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, de Traballo e Inmigración e de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación e ámbito de aplicación do regulamento.*

1. Apróbase o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, cuxo texto se insire a seguir.

2. As normas do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aplicaranse con carácter supletorio, ou para os efectos que puideren ser máis favorables, aos nacionais dos Estados membros da Unión Europea e ás demais persoas incluídas no ámbito do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Así mesmo, as normas do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, aplicaranse con carácter supletorio a aqueles a que lles sexa de aplicación a Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

Disposición adicional única. *Identificación e protección da vítima de trata de seres humanos.*

As previsións establecidas no artigo 140 do regulamento aprobado por este real decreto serán igualmente de aplicación ás vítimas potenciais de trata de seres humanos nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou incluídas no ámbito subxectivo de aplicación do réxime comunitario de estranxeiría.

Disposición transitoria primeira. *Validez das autorizacións ou tarxetas en vigor.*

As distintas autorizacións ou tarxetas que habilitan para entrar, residir e traballar en España, concedidas ás persoas incluídas no ámbito de aplicación do regulamento que se

aproba mediante este real decreto e que teñan validez na data da súa entrada en vigor, conservarán a dita validez durante o tempo para o cal fosen expedidas.

Disposición transitoria segunda. *Solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor do regulamento.*

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e do regulamento que por el se aproba tramitaranse e resolveranse conforme a normativa vixente na data da súa presentación, agás que o interesado solicite a aplicación do disposto neste real decreto e no regulamento que por el se aproba e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para cada tipo de solicitude.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro; a Resolución da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, do 28 de febreiro de 2007, relativa ao acordo polo que se aproban as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a entrada, residencia e traballo en España de estranxeiros en cuxa actividade profesional concorran razóns de interese económico, social ou laboral, ou relativas á realización de traballos de investigación ou desenvolvemento ou docentes, que requiran alta cualificación, ou de actuacións artísticas de especial interese cultural; e cantas outras disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto neste real decreto e no regulamento que por el se aproba.

Non obstante, as previsións do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, relativas ao réxime de internamento dos estranxeiros, permanecerán vixentes ata a data de entrada en vigor do regulamento previsto na disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2009.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.2.º da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de nacionalidade, inmigración, estranxeiría e dereito de asilo.

Exceptúanse do anterior as referencias ao procedemento sobre autorizacións iniciais de traballo por conta propia ou allea dos estranxeiros naquelas comunidades autónomas ás cales lles fose traspasada esta competencia, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.7.º da Constitución, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase os titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, de Traballo e Inmigración, e de Política Territorial e Administración Pública para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias e, de ser o caso, logo de informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría, as normas que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto e no regulamento que por el se aproba. No suposto de que as materias non sexan obxecto da exclusiva competencia de cada un deles, a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto e no regulamento que por el se aproba levarase a cabo mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta conxunta dos ministerios afectados, contado co informe previo da Comisión Interministerial de Estranxeiría.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que por el se aproba entrarán en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

TÍTULO I

Réxime de entrada e saída de territorio español

CAPÍTULO I

Postos de entrada e saída

Artigo 1. *Entrada por postos habilitados.*

1. Sen prexuízo do disposto polos convenios internacionais subscritos por España, o estranxeiro que pretenda entrar en territorio español deberá facelo polos postos habilitados para o efecto, estar provisto do pasaporte ou documento de viaxe en vigor que acredite a súa identidade e que se considere válido para tal fin, estar en posesión dun visado válido cando este sexa exigible, e non estar suxeito a prohibicións expresas de entrada. Así mesmo, deberá presentar os documentos determinados neste regulamento que xustifiquen o obxecto e as condicións de entrada e estadía, e acreditar a posesión dos medios económicos suficientes para o tempo que pretenda permanecer en España ou, de ser o caso, estar en condicións de obter legalmente os ditos medios.

2. Excepcionalmente, as autoridades ou os funcionarios responsables do control fronteirizo poderán autorizar o cruzamento de fronteiras, fóra dos postos habilitados ou dos días e horas sinalados, nos seguintes casos:

- a) As persoas ás cales lles fose expedida unha autorización extraordinaria para cruzar a fronteira ante unha necesidade concreta.
- b) Os beneficiarios de acordos internacionais en tal sentido con países limítrofes.

3. Os mariños que estean en posesión dun documento de identidade da xente do mar en vigor poderán circular mentres dure a escala do buque polo recinto do porto ou polas localidades próximas, nunha contorna de 10 quilómetros, sen a obriga de se presentaren no posto fronteirizo, sempre que os interesados figuren na lista de tripulantes do buque ao cal pertenzan, sometida previamente a control e verificación da identidade dos mariños polos funcionarios mencionados no número 2. Poderáselle denegar o dereito a desembarcar ao mariño que represente unha ameaza para a orde pública, a saúde pública ou a seguridade nacional, ou a aquel en que concorran circunstancias obxectivas das que poida deducirse a súa incomparecencia no buque antes da súa partida.

Artigo 2. *Habilitación de postos.*

1. De conformidade co interese nacional e o disposto nos convenios internacionais nos que España sexa parte, a habilitación dun posto en fronteira terrestre adoptarase, co previo acordo coas autoridades do país limítrofe correspondente, mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Economía e Facenda e do Interior.

2. Cando se trate da habilitación de postos en portos ou aeroportos, a orde do titular do Ministerio da Presidencia adoptarase por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Economía e Facenda e do Interior, contando co informe favorable do departamento ministerial ou órgano autonómico do que dependen o porto ou o aeroporto.

Artigo 3. *Peche de postos habilitados.*

1. O peche, con carácter temporal ou indefinido, dos postos habilitados para a entrada e a saída de España poderá ser acordado por orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta dos titulares dos ministerios competentes, cando así resulte ben das disposicións que deban rexer a consecuencia dos estados de alarma, excepción ou sitio, ben en aplicación de leis especiais, en supostos en que o requiran os intereses da defensa

nacional, a seguridade do Estado e a protección da saúde e seguridade dos cidadáns, así como en supostos de elevada presión migratoria irregular, sen prexuízo da posibilidade de desconcentrar a dita competencia.

2. Poderá procederse, a través dos trámites previstos normativamente, ao peche ou traslado dos postos habilitados en supostos distintos dos previstos no número anterior, sempre e cando a súa localización resulte innecesaria ou inconveniente.

3. O peche dos postos habilitados deberá ser comunicado a aqueles países cos cales España teña obriga de o facer como consecuencia dos compromisos internacionais subscritos con eles.

CAPÍTULO II

Entrada: requisitos e prohibicións

Artigo 4. *Requisitos.*

1. A entrada dun estranxeiro en territorio español estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Titularidade do pasaporte ou documentos de viaxe a que se refire o artigo seguinte.

b) Titularidade do correspondente visado nos termos establecidos no artigo 7.

c) Xustificación do obxecto e as condicións da entrada e estadía nos termos establecidos no artigo 8.

d) Acreditación, de ser o caso, dos medios económicos suficientes para o seu sostemento durante o período de permanencia en España, ou de estar en condicións de obtelos, así como para o traslado a outro país ou o retorno ao de procedencia, nos termos establecidos no artigo 9.

e) Presentación, de ser o caso, dos certificados sanitarios a que se refire o artigo 10.

f) Non estar suxeito a unha prohibición de entrada, nos termos do artigo 11.

g) No supor un perigo para a saúde pública, a orde pública, a seguridade nacional ou as relacións internacionais de España ou doutros Estados cos cales España teña un convenio en tal sentido.

2. A Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras poderá autorizar a entrada en España dos estranxeiros que non reúnan os requisitos establecidos no número anterior cando existan razóns excepcionais de índole humanitaria, interese público ou cumprimento de compromisos adquiridos por España. Nestes casos, procederá a facer entrega ao estranxeiro da resolución acreditativa da autorización de entrada por calquera destas causas.

Sen prexuízo da posible consideración das causas que motivaron a súa concesión no marco do procedemento relativo á residencia por circunstancias excepcionais, a autorización da entrada en España sobre a base do disposto no parágrafo anterior non suporá, por si mesma e de forma illada a outras circunstancias que puideren ser alegadas, o cumprimento dos requisitos que haberá que acreditar de cara á obtención dunha autorización de residencia por circunstancias excepcionais.

Artigo 5. *Autorización de regreso.*

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, ao estranxeiro cuxa autorización de residencia ou de estadía se encontre en período de renovación ou prórroga expediráselle unha autorización de regreso que lle permita unha saída de España e o posterior retorno ao territorio nacional, sempre que o solicitante acredite que iniciou os trámites de renovación ou prórroga do título que o habilita para permanecer en España dentro do prazo legal fixado para o efecto.

Igualmente, o titular dunha tarxeta de identidade de estranxeiro en vigor poderá solicitar unha autorización de regreso en caso de roubo, extravío, destrución ou inutilización daquela, sempre que acredite que presentou a solicitude de duplicado da tarxeta.

2. A autorización de regreso terá unha vixencia non superior a noventa días desde a caducidade da autorización de residencia ou de estadía, se se solicita con anterioridade á dita caducidade.

No caso de que se solicite nun momento posterior á caducidade da autorización de residencia ou de estadía, a autorización de regreso terá unha vixencia non superior a noventa días desde que sexa concedida.

Cando a viaxe responda a unha situación de necesidade, a autorización de regreso tramitarase con carácter preferente.

3. Cando o estranxeiro acredite que a viaxe responde a unha situación de necesidade e concorran razóns excepcionais, poderá expedirse a autorización de regreso referida no número anterior, cunha vixencia non superior a noventa días desde que se conceda a autorización de regreso, se se resolveu favorablemente a solicitude inicial de autorización de residencia ou de autorización de estadía e está en trámite a expedición da tarxeta de identidade de estranxeiro.

4. A autorización de regreso será concedida polo delegado ou subdelegado do Goberno competente, polo comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras ou polos titulares das comisarías e postos fronteirizos do Corpo Nacional de Policía.

A concesión polo delegado ou subdelegado do Goberno realizarase tras a tramitación do expediente pola oficina de estranxeiría correspondente.

Artigo 6. *Documentación para a entrada.*

1. Para acreditar a súa identidade, o estranxeiro que pretenda entrar en España deberá estar provisto dun dos seguintes documentos:

a) Pasaporte, individual, familiar ou colectivo, validamente expedido e en vigor. Os menores de 16 anos poderán figurar incluídos no pasaporte do seu pai, nai ou titor cando teñan a mesma nacionalidade do titular do pasaporte e viaxen con este.

b) Título de viaxe, validamente expedido e en vigor.

c) Documento nacional de identidade, cédula de identificación ou calquera outro documento en vigor que acredite a súa identidade, que fosen considerados válidos para a entrada en territorio español, en virtude de compromisos internacionais asumidos por España.

2. Tanto os pasaportes como os títulos de viaxe e demais documentos que se consideren válidos deberán estar expedidos polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia dos seus titulares ou polas organizacións internacionais habilitadas para iso polo dereito internacional e conter, en todo caso, datos suficientes para a determinación da identidade e a nacionalidade dos titulares. Os pasaportes deberán permitir o retorno ao país que os expediu.

3. As misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas, contando coa previa autorización expresa da Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, poderán expedir documentos de viaxe e salvocondutos a estranxeiros cuxa protección internacional fose determinada por España en aplicación da lexislación española sobre protección internacional ou para proceder á súa evacuación cara a países cos cales existan acordos de cooperación para tal efecto.

4. A admisión de pasaportes colectivos axustarase aos convenios internacionais que sobre eles existan ou sexan concertados por España. En ambos os casos será preciso contar co informe previo do Ministerio do Interior.

Artigo 7. *Exixencia de visado.*

1. Os estranxeiros que se propoñan entrar en territorio español deberán ir provistos do correspondente visado, validamente expedido e en vigor, estendido nos seus pasaportes

ou documentos de viaxe ou, de ser o caso, en documento á parte, salvo o disposto no número seguinte.

2. Para estadias de ata tres meses nun período de seis non necesitarán visado:

a) Os nacionais de países exentos do dito requisito en virtude do establecido na normativa da Unión Europea.

b) Os titulares de pasaportes diplomáticos, de servizo ou outros pasaportes oficiais expedidos por países cos cales se acordase a súa supresión, na forma e coas condicións establecidas no acordo correspondente.

c) Os titulares de salvocondutos expedidos por determinadas organizacións internacionais intergubernamentais aos seus funcionarios, cando España acordase a supresión do dito requisito.

d) Os estranxeiros que teñan a condición de refuxiados e estean documentados como tales por un país signatario do Acordo Europeo número 31, do 20 de abril de 1959, relativo á exención dos visados para refuxiados.

e) Os membros das tripulacións de barcos de pasaxeiros e comerciais estranxeiros, cando estean documentados cun documento de identidade da xente do mar en vigor e só durante a escala do barco ou cando se encontren en tránsito para embarcar cara a outro país.

f) Os membros das tripulacións de avións comerciais estranxeiros que estean documentados como tales mediante a tarxeta de membro da tripulación durante a escala da súa aeronave ou entre dúas escalas de voos regulares consecutivos da mesma compañía aérea a que pertenza a aeronave.

g) Os estranxeiros titulares dunha autorización de residencia, unha autorización provisoria de residencia, un visado de longa duración ou unha tarxeta de acreditación diplomática, expedidos polas autoridades doutro Estado co cal España subscribise un acordo internacional que prevexa esta posibilidade. Estas autorizacións deberán ter unha vixencia mínima igual ao prazo de estadia, ou da duración do tránsito, previsto no momento de solicitar a entrada.

3. Non precisarán visado para entrar en territorio español os estranxeiros titulares dunha tarxeta de identidade de estranxeiro, dunha tarxeta de acreditación diplomática, ou da autorización de regreso prevista no artigo 5, nin os titulares dunha tarxeta de identidade de estranxeiro de traballador transfronteirizo respecto á entrada no territorio español que forma fronteira co país do traballador, sempre que as autorizacións que acreditan os ditos documentos fosen expedidas polos órganos españois e estean vixentes no momento de solicitar a entrada.

Artigo 8. *Xustificación do motivo e condicións da entrada e estadia.*

1. Os estranxeiros deberán, se así se lles require, especificar o motivo da súa solicitude de entrada e estadia en España.

Os funcionarios responsables do control de entrada en función, entre outras circunstancias, do motivo e duración da viaxe poderán exixirlles a presentación de documentos que xustifiquen ou establezan a verosimilitude da razón de entrada invocada.

Os estranxeiros que soliciten a entrada, para xustificaren a verosimilitude do motivo invocado, poderán presentar calquera documento ou medio de proba que, ao seu xuízo, xustifique os motivos de entrada manifestados.

2. Para estes efectos, poderá exixirse a presentación, entre outros, dos seguintes documentos:

En relación con calquera dos motivos de solicitude de entrada e estadia previstos neste número, billete de volta ou de circuíto turístico.

a) Ademais, para as viaxes de carácter profesional, alternativamente:

1.º A invitación dunha empresa ou dunha autoridade expedida, nos termos fixados mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta conxunta dos titulares

dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Traballo e Inmigración, para participar en reunións de carácter comercial, industrial ou vinculadas á actividade.

2.º Documentos dos cales se desprenda que existen relacións comerciais ou vinculadas á actividade.

3.º Tarxetas de acceso a feiras e congresos.

b) Ademais, para as viaxes de carácter turístico ou privado, alternativamente:

1.º Documento xustificativo da existencia de lugar de hospedaxe á disposición do estranxeiro, ben emitido polo establecemento de hospedaxe ou ben consistente en carta de invitación dun particular, expedida nos termos fixados mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Traballo e Inmigración, cuxo contido deberá responder exclusivamente a que quede constancia da existencia de hospedaxe certa á disposición do estranxeiro.

En ningún caso a carta de invitación suplirá a acreditación polo estranxeiro dos demais requisitos exixidos para a entrada.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o documento xustificativo da existencia de lugar de hospedaxe á disposición do estranxeiro conterá a información relativa a se o aloxamento supón ou non a cobertura de toda ou parte da súa manutención.

2.º Confirmación da reserva dunha viaxe organizada.

c) Ademais, para as viaxes por motivos de estudos ou formación: matrícula ou a documentación acreditativa da admisión nun centro de ensino.

d) Ademais, para as viaxes por outros motivos, alternativamente:

1.º Invitacións, reservas ou programas.

2.º Certificados de participación en eventos relacionados coa viaxe, tarxetas de entrada ou recibos.

Artigo 9. *Acreditación de medios económicos.*

O estranxeiro deberá acreditar, no momento da entrada, que dispón de recursos ou medios económicos suficientes para o seu sostemento e o das persoas ao seu cargo que viaxen con el, durante o período de permanencia en España, ou que está en condicións de obter legalmente os ditos medios, así como para cubrir o traslado a outro país ou o retorno ao país de procedencia. Mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Traballo e Inmigración, determinarase a contía dos medios económicos exixibles para estes efectos, así como o modo de acreditar a súa posesión.

A dita regulación terá en consideración, en canto ás contías exixibles, as circunstancias de que da documentación do establecemento de hospedaxe ou a carta de invitación dun particular, achegada polo estranxeiro no marco do artigo 8, poida derivarse que o aloxamento comprende toda ou parte da súa manutención.

Artigo 10. *Requisitos sanitarios.*

Cando así o determine o Ministerio do Interior, de acordo cos ministerios de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Traballo e Inmigración, as persoas que pretendan entrar en territorio español deberán presentar nos postos fronteirizos un certificado sanitario expedido no país de procedencia polos servizos médicos que designe a misión diplomática ou oficina consular española, ou someterse á súa chegada, na fronteira, a un recoñecemento médico por parte dos servizos sanitarios españois competentes, para acreditar que non padecen ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005, así como

nos compromisos internacionais sobre a materia subscritos por España, sen prexuízo do que dispoña, para o efecto, a normativa da Unión Europea.

Os recoñecementos médicos realizaranse en todo caso de acordo co establecido no Regulamento sanitario internacional de 2005.

Artigo 11. *Prohibición de entrada.*

Considerarase prohibida a entrada dos estranxeiros, e impediráselles o acceso ao territorio español, aínda que reúnan os requisitos exixidos nos artigos precedentes, nos seguintes casos:

a) Cando fosen previamente expulsados de España e se encontren dentro do prazo de prohibición de entrada que se determinase na resolución de expulsión, ou cando recaese sobre eles unha resolución de expulsión, salvo caducidade do procedemento ou prescrición da infracción ou da sanción.

b) Cando fosen obxecto dunha medida de devolución e se encontren dentro do prazo de prohibición de entrada que se determinase no correspondente acordo de devolución.

c) Cando se teña coñecemento, por condutos diplomáticos, a través de Interpol ou por calquera outra vía de cooperación internacional, xudicial ou policial, de que se encontran reclamados, en relación con causas criminais derivadas de delitos comúns graves, polas autoridades xudiciais ou policiais doutros países, sempre que os feitos polos que figuran reclamados constitúan delito en España e sen prexuízo da súa detención, nos casos en que esta proceda.

d) Cando fosen obxecto de prohibición expresa de entrada, en virtude de resolución do titular do Ministerio do Interior, polas súas actividades contrarias aos intereses españois ou aos dereitos humanos ou polas súas notorias conexións con organizacións delituosas, nacionais ou internacionais, ou outras razóns xudiciais ou administrativas que xustifiquen a adopción desta medida, sen prexuízo da súa detención, nos casos en que esta proceda.

e) Cando teñan prohibida a entrada en virtude de convenios internacionais nos cales España sexa parte ou de acordo co establecido na normativa comunitaria, salvo que se considere necesario establecer unha excepción por motivos humanitarios ou de interese nacional.

Artigo 12. *Forma de efectuar a entrada.*

1. Á súa chegada ao posto habilitado para a entrada en España, os estranxeiros acreditarán con carácter prioritario ante os funcionarios responsables do control que reúnen os requisitos previstos nos artigos deste capítulo para a obrigada comprobación destes.

2. Se a documentación presentada for achada conforme e non existe ningunha prohibición ou impedimento para a entrada do titular, estamparase no pasaporte ou título de viaxe o selo, signo ou marca de control establecido, salvo que as leis internas ou os tratados internacionais en que España sexa parte prevexan a non estampación, co cal, logo da devolución da documentación, quedará franco o paso ao interior do país.

3. Se o acceso se efectúa con documento de identidade ou doutra clase nos cales non se poida estampar o selo de entrada, o interesado deberá completar o impreso previsto para deixar constancia da entrada, que deberá conservar no seu poder e presentar xunto á documentación identificativa, de lle ser requirida.

Artigo 13. *Declaración de entrada.*

1. Terán a obriga de declarar a entrada persoalmente ante as autoridades policiais españolas os estranxeiros que accedan a territorio español procedentes dun Estado co cal España asinase un acordo de supresión de controis fronteirizos.

2. De non se ter efectuado no momento da entrada, a dita declaración deberá efectuarse no prazo de tres días hábiles a partir daquela, en calquera comisaría do Corpo Nacional de Policía ou oficina de estranxeiría.

Artigo 14. *Rexistro de entrada en territorio español.*

1. As entradas realizadas en territorio español, de acordo co previsto nos artigos 12 e 13, por estranxeiros aos cales non lles sexa de aplicación o réxime comunitario de estranxeiría, poderán ser rexistradas polas autoridades competentes no Rexistro Central de Estranxeiros, para os efectos de control do seu período de permanencia legal en España, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. O sistema de rexistro de entradas en España será regulado mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia ditada por proposta dos titulares dos ministerios do Interior e de Traballo e Inmigración.

Artigo 15. *Denegación de entrada.*

1. Os funcionarios responsables do control denegaranlles a entrada no territorio español aos estranxeiros que non reúnan os requisitos establecidos neste capítulo. Tal denegación realizarase mediante resolución motivada e notificada, con información acerca dos recursos que poidan interperse contra ela, o prazo para facelo e o órgano ante o cal deban formalizarse, así como do seu dereito á asistencia letrada, que poderá ser de oficio no caso de que o interesado careza de recursos económicos suficientes e, de ser o caso, de intérprete, que comezará no momento de se efectuar o control no posto fronteirizo.

A resolución conterá, entre outros contidos, o seguinte:

- a) A determinación expresa da causa pola cal se denega a entrada.
- b) A información ao interesado de que o efecto que comporta a denegación de entrada é o regreso ao seu punto de orixe.
- c) A información ao interesado do seu dereito á asistencia xurídica, así como á asistencia de intérprete, se non comprende ou fala as linguas oficiais que se utilicen, a partir do momento en que se dite o acordo de iniciación do procedemento. Ambas as asistencias serán gratuítas no caso de que o interesado careza de recursos económicos suficientes, de acordo co previsto na normativa reguladora do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

A información, que igualmente se terá proporcionado tan pronto como se inicie o procedemento administrativo, fará expresa mención á necesidade de presentar a oportuna solicitude nos termos previstos nas normas que regulan a asistencia xurídica gratuíta para o exercicio deste no caso de que se decidise impugnar a resolución en vía xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade co artigo 22.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

De existiren acordos que regulen a readmisión das persoas en situación irregular subscritos por España, os funcionarios responsables do control, tras facilitar a información a que se refire o artigo 26.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, denegarán, nos termos previstos nos citados acordos, a entrada das persoas ás cales lles sexan de aplicación, sempre que a denegación se produza dentro do prazo previsto neles.

2. A resolución de denegación de entrada comportará os efectos previstos no artigo 60 da Lei 4/2000 e será impugnabile de acordo co disposto nas leis. Se o estranxeiro non se achar en España, poderá interpor os recursos que correspondan, tanto en vía administrativa como xurisdiccional, a través das representacións diplomáticas ou oficinas consulares correspondentes, que os remitirán ao órgano competente.

Para os efectos previstos no número 3 do artigo 22 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o estranxeiro que se achar privado de liberdade poderá manifestar a súa vontade de interpor recurso contencioso-administrativo ou de exercitar a acción correspondente contra a resolución que poña fin á vía administrativa, ante o delegado ou subdelegado do

Goberno competente ou o director do centro de internamento de estranxeiros ou o responsable do posto fronteirizo baixo cuxo control se encuentre, que o farán constar en acta que se incorporará ao expediente.

3. O regreso executarase de forma inmediata e, en todo caso, dentro do prazo de 72 horas desde que fose acordada. De non se poder executar dentro do dito prazo, a autoridade gubernativa ou, por delegación desta, o responsable do posto fronteirizo habilitado dirixirase ao xuíz de instrución para que determine, de ser o caso, o lugar onde deba ser internado o estranxeiro, ata que chegue o momento do regreso, de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

4. Ao estranxeiro a que lle sexa denegada a entrada no territorio nacional polos funcionarios responsables do control, de conformidade co disposto nos acordos internacionais subscritos por España, estamparáselle no pasaporte un selo de entrada tachado cunha cruz de tinta indeleble negra, e deberá permanecer nas instalacións destinadas para o efecto no posto fronteirizo ata que, coa maior brevidade posible, retorne ao lugar de procedencia ou continúe viaxe cara a outro país onde sexa admitido.

A permanencia do estranxeiro nestas instalacións terá como única finalidade garantir, de ser o caso, o seu regreso ao lugar de procedencia ou a continuación da súa viaxe cara a outro país onde sexa admitido. A limitación da liberdade ambulatoria do estranxeiro responderá exclusivamente a esta finalidade na súa duración e ámbito de extensión.

As instalacións estarán dotadas de servizos adecuados e, especialmente, de servizos sociais, xurídicos e sanitarios acordes coa súa cifra media de ocupación.

5. Durante o tempo en que o estranxeiro permaneza nas instalacións do posto fronteirizo ou no lugar en que se acordase o seu internamento, todos os gastos de mantemento que se ocasionen serán por conta da compañía ou transportista que o transportou, sempre que non concorra o suposto previsto no número 3 do artigo 54 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e sen prexuízo da sanción que poida chegar a imporse.

Igualmente, a compañía ou transportista farase cargo inmediatamente do estranxeiro ao cal se lle denegase a entrada e serán por conta deles todos os gastos que deriven do transporte para o seu regreso ao Estado a partir do cal foi transportado, ao que expediu o documento de viaxe con que viaxou o estranxeiro ou a calquera outro onde estea garantida a súa admisión. O anterior será de aplicación sen prexuízo de que o regreso poida ser realizado pola mesma compañía ou por outra empresa de transporte.

6. A limitación da liberdade ambulatoria dun estranxeiro para efectos de proceder ao regreso como consecuencia da denegación de entrada será comunicada á embaixada ou consulado do seu país. Non obstante, no caso de que a dita comunicación non puiden ser realizada ou de que a embaixada ou consulado do país de orixe do estranxeiro non radique en España, a dita situación será comunicada ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

7. A resolución non esgota a vía administrativa e será susceptible de recurso consonte o disposto nas leis. De o estranxeiro non se achar en España, poderá interpor os recursos que correspondan, tanto administrativos como xurisdicionais, a través das representacións diplomáticas ou consulares correspondentes, as cales os remitirán ao organismo competente.

Artigo 16. *Obrigas dos transportistas de control de documentos.*

1. A persoa ou persoas que designe a empresa de transportes deberanlles requirir aos estranxeiros que presenten os seus pasaportes, títulos de viaxe ou documentos de identidade pertinentes, así como, de ser o caso, visado, cando embarquen fóra do territorio dos países en que estea en vigor o convenio de aplicación do Acordo de Schengen, do 14 de xuño de 1985, con destino ou en tránsito ao territorio español. O requirimento terá por obxecto comprobar a validez e vixencia dos documentos.

2. Os transportistas de viaxeiros por vía terrestre deberán adoptar as medidas que consideren oportunas para que se comprobe a documentación de todos os estranxeiros que embarquen fóra do territorio dos países en que estea en vigor o Convenio de aplicación

do Acordo de Schengen, do 14 de xuño de 1985. Tales comprobacións poderán realizarse nas instalacións da estación ou parada en que se vaia producir o embarque, a bordo do vehículo antes de iniciarse a marcha ou, unha vez iniciada, sempre que sexa posible o posterior desembarque nunha estación ou parada situada fóra do territorio dos países en que estea en vigor o convenio de aplicación do Acordo de Schengen.

Cando se constate que un estranxeiro non dispón da documentación necesaria, non deberá ser admitido a bordo do vehículo e, se xa se iniciou a marcha, deberá abandonalo na parada ou lugar adecuado máis próximos no sentido da marcha fóra do territorio dos países en que estea en vigor o convenio de aplicación do Acordo de Schengen.

No caso de que o estranxeiro con documentación aparentemente deficiente decida embarcar ou non abandonar o vehículo, o condutor ou o acompañante, ao chegar á fronteira exterior, deberán comunicar aos axentes encargados do control as deficiencias detectadas co fin de que adopten a decisión que resulte procedente.

Artigo 17. *Obrigas dos transportistas de remisión de información.*

1. Nos termos establecidos no artigo 66.1 e 2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, toda compañía, empresa de transporte ou transportista deberá remitir ás autoridades españolas encargadas do control da entrada a información sobre os pasaxeiros que vaian ser trasladados, xa sexa por vía aérea, marítima ou terrestre, con independencia de que o transporte sexa en tránsito ou teña como destino final o territorio español. Así mesmo, as empresas de transporte deberán subministrar a información comprensiva do número de billetes de volta non utilizados polos pasaxeiros aos cales previamente transportasen a España.

2. Por resolución conxunta do Ministerio de Traballo e Inmigración e do Ministerio do Interior, determinaranse as rutas procedentes de fóra do Espazo Schengen respecto das cales sexa necesario remitir ás autoridades españolas encargadas do control de entrada, coa antelación suficiente, a información a que se refire o artigo 66.1 e 2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro. A resolución indicará, entre outros aspectos, o prazo e a forma en que a dita información deba remitirse.

Artigo 18. *Obrigas dos transportistas en caso de denegación de entrada.*

1. De se lle negar a entrada no territorio español a un estranxeiro por deficiencias na documentación necesaria para o cruzamento de fronteiras, o transportista que o tiver traído á fronteira por vía aérea, marítima ou terrestre estará obrigado a facerse cargo del inmediatamente. Por petición das autoridades encargadas do control de entrada, deberá levar o estranxeiro ao Estado terceiro a partir do cal o tiver transportado, ao Estado que expediu o documento de viaxe con que viaxou, ou a calquera outro Estado terceiro onde se garanta a súa admisión e un trato compatible cos dereitos humanos. Esta mesma obriga deberá asumir o transportista que trasladase un estranxeiro en tránsito ata unha fronteira do territorio español se o transportista que deba levalo ao seu país de destino se negar a embarcalo, ou se as autoridades deste último país lle denegaron a entrada e o devolveron á fronteira española pola que transitou.

Nos supostos de transporte aéreo, entenderase por suxeito responsable do transporte a compañía aérea ou explotador ou operador da aeronave. A responsabilidade será solidaria no caso de que se utilice un réxime de código compartido entre transportistas aéreos. Nos casos en que se realicen viaxes sucesivas mediante escalas, o responsable será o transportista aéreo que efectúe o último tramo de viaxe ata territorio español.

2. As obrigas dos transportistas en caso de denegación de entrada a que se refire este artigo, así como as de control de documentos e remisión de información a que se refiren os dous artigos anteriores, serán igualmente aplicables aos supostos de transporte aéreo ou marítimo que se realice desde Ceuta ou Melilla ata calquera outro punto do territorio español.

CAPÍTULO III

Saídas: requisitos e prohibicións

Artigo 19. *Requisitos.*

1. En exercicio da súa liberdade de circulación, os estranxeiros poderán efectuar libremente a súa saída do territorio español, salvo nos casos previstos no artigo 28.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, en que a saída será obrigatoria, e salvo nos supostos previstos no artigo 57.7 da dita lei orgánica, en que a saída require autorización xudicial. Excepcionalmente, a saída poderá ser prohibida polo titular do Ministerio do Interior, de conformidade co artigo 28.2 da dita lei orgánica.

2. As saídas mediante autorización xudicial poderán ser instadas polos órganos legalmente competentes, sen prexuízo do dereito dos estranxeiros afectados a instaren a saída por si mesmos.

3. Para os efectos previstos no punto anterior e agás nos casos en que o impida o carácter secreto, total ou parcial, do sumario, as unidades ou servizos de policía xudicial informarán a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e o delegado ou subdelegado do Goberno daqueles supostos en que haxa estranxeiros incurso en procesos penais por delitos cometidos en España.

Artigo 20. *Documentación e prazos.*

1. Todas as saídas voluntarias do territorio nacional deberán realizarse, calquera que sexa a fronteira que se utilice para tal fin, polos postos habilitados e exhibindo previamente o pasaporte, título de viaxe ou documento válido para a entrada no país.

2. Tamén se poderán realizar as saídas, con documentación defectuosa ou mesmo sen ela, de non existir prohibición nin impedimento ningún a xuízo dos servizos policiais de control.

3. Os estranxeiros en tránsito que entrasen en España con pasaporte ou con calquera outro documento ao cal se lle atribúan análogos efectos deberán abandonar o territorio español con tal documentación, e deberano facer dentro do prazo para o cal foi autorizado o tránsito, do establecido polos acordos internacionais ou do prazo de validez da estadía fixada no visado.

4. Os que se encontren en situación de estadía ou de prórroga de estadía deberán saír do territorio español dentro do tempo de vixencia da dita situación. A súa ulterior entrada e permanencia en España deberán ser sometidas aos trámites establecidos.

5. Aqueles que gocen dunha autorización de residencia poden saír e volver entrar en territorio español cantas veces o precisen, mentres a autorización e o pasaporte ou documento análogo se encontren en vigor.

Artigo 21. *Forma de efectuar a saída.*

1. Á súa saída do territorio español, os estranxeiros presentarán aos funcionarios responsables do control nos postos habilitados para iso a documentación sinalada para a súa obrigada comprobación.

2. De a documentación ser achada conforme e non existir ningunha prohibición ou impedimento para a saída do titular ou dos titulares, estamparase no pasaporte ou título de viaxe o selo de saída, a non ser que as leis internas ou acordos internacionais en que España sexa parte prevexan a non estampación. Logo de devolución da documentación, quedará franco o paso ao exterior do país.

3. Se a saída se fixer con documentación defectuosa, sen documentación ou con documento de identidade no cal non se poida estampar o selo de saída, o estranxeiro cubrirá, nos servizos policiais de control, o impreso previsto para deixar constancia da saída.

4. As saídas de territorio español dos estranxeiros aos cales non lles sexa de aplicación o réxime comunitario de estranxeiría poderán ser rexistradas polas autoridades

competentes no Rexistro Central de Estranxeiros, para os efectos de control do seu período de permanencia legal en España, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O sistema de rexistro de saídas de España será regulado na orde prevista no artigo 14.2 deste regulamento.

Artigo 22. *Prohibicións de saída.*

1. De conformidade co previsto no artigo 28.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o titular do Ministerio do Interior poderá acordar a prohibición de saída de estranxeiros do territorio nacional, nos casos seguintes:

a) Os de estranxeiros incurso nun procedemento xudicial pola comisión de delitos en España, salvo os supostos do artigo 57.7 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando a autoridade xudicial autorizase a súa saída ou expulsión.

b) Os de estranxeiros condenados pola comisión de delitos en España a pena de privación de liberdade e reclamados, calquera que for o grao de execución da condena, salvo os supostos do artigo 57.7 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e os de aplicación de convenios sobre cumprimento de penas no país de orixe dos que España sexa parte.

c) Os de estranxeiros reclamados e, de ser o caso, detidos para extradición polos respectivos países, ata que se dite a resolución procedente.

d) Os supostos de padecemento de enfermidade contaxiosa que, conforme a lexislación española ou os convenios internacionais, impoñan a inmovilización ou o internamento obrigatorio en establecemento adecuado.

2. As prohibicións de saída serán adoptadas con carácter individual polo titular do Ministerio do Interior, segundo os casos, por iniciativa propia, por proposta do titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, do titular da Secretaría de Estado de Seguridade, do delegado ou subdelegado do Goberno, das autoridades sanitarias ou por instancia dos cidadáns españois e dos estranxeiros residentes legais en España que puideren resultar prexudicados, nos seus dereitos e liberdades, pola saída dos estranxeiros do territorio español. As prohibicións de saída deberanlle ser notificadas formalmente ao interesado.

CAPÍTULO IV

Devolución e saídas obrigatorias

Artigo 23. *Devolucións.*

1. De conformidade co establecido no artigo 58.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, non será necesario un expediente de expulsión para a devolución, en virtude de resolución do subdelegado do Goberno, ou do delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, dos estranxeiros que se acharen nalgún dos seguintes supostos:

a) Os estranxeiros que, tendo sido expulsados, contraveñan a prohibición de entrada en España.

Para estes efectos, considerarase contravida a prohibición de entrada en España cando así conste, independentemente de se foi adoptada polas autoridades españolas ou polas dalgún dos Estados cos cales España teña suscrito convenio nese sentido.

b) Os estranxeiros que pretendan entrar irregularmente no país. Consideraranse incluídos, para estes efectos, os estranxeiros que sexan interceptados na fronteira ou nas súas inmediacións.

2. No suposto da alínea b) do número anterior, as forzas e corpos de seguridade do Estado encargadas da custodia de costas e fronteiras que interceptasen os estranxeiros

que pretenden entrar irregularmente en España conduciranos, coa maior brevidade posible, á correspondente comisaría do Corpo Nacional de Policía, para que poida procederse á súa identificación e, de ser o caso, á súa devolución.

3. En calquera dos supostos do número 1, o estranxeiro respecto do cal se sigan trámites para adoptar unha resolución de devolución terá dereito á asistencia xurídica, así como á asistencia de intérprete, se non comprende ou fala as linguas oficiais que se utilicen. Ambas as asistencias serán gratuítas no caso de que o interesado careza de recursos económicos suficientes, de acordo co previsto na normativa reguladora do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

4. Cando a devolución non se puiden executar no prazo de 72 horas, solicitarase da autoridade xudicial a medida de internamento prevista para os expedientes de expulsión.

Para os efectos previstos no número 3 do artigo 22 da Lei orgánica 4/2000, se durante a situación de privación de liberdade o estranxeiro manifestar a súa vontade de interpor recurso contencioso-administrativo ou exercer a acción correspondente contra a resolución de devolución unha vez esgotada a vía administrativa ante o delegado ou subdelegado do Goberno ou o director do centro de internamento de estranxeiros baixo cuxo control se encontre, este farao constar en acta que se incorporará ao expediente.

5. A execución da devolución comportará o novo inicio do cómputo do prazo de prohibición de entrada contravida, cando se tiver adoptado en virtude dunha resolución de expulsión ditada polas autoridades españolas.

Así mesmo, toda devolución acordada en aplicación da alínea b) do artigo 58.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, levará consigo a prohibición de entrada en territorio español por un prazo máximo de tres anos.

6. Mesmo cando se adoptase unha resolución de devolución, esta non poderá levarse a cabo e quedará en suspenso a súa execución nos seguintes casos:

a) Cando se trate de mulleres embarazadas e a medida poida supor un risco para a xestación ou para a saúde da nai; ou cando se trate de persoas enfermas e a medida poida supor un risco para a súa saúde.

b) Cando se formalice unha solicitude de protección internacional, ata que se resolva sobre a solicitude ou esta non sexa admitida conforme co disposto no artigo 19.1 da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

A admisión a trámite da solicitude de protección internacional comportará a autorización de entrada e a permanencia provisoria do solicitante.

7. O prazo de prescrición da resolución de devolución será de cinco anos se se acordou en aplicación da alínea a) do artigo 58.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro; e de dous anos se se acordou en aplicación da alínea b) do artigo 58.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro. A prescrición será aplicada de oficio polos órganos competentes.

O prazo de prescrición da resolución de devolución acordada en aplicación da alínea a) do artigo 58.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, non empezará a contar ata que transcorrese o período de prohibición de entrada reiniciado.

O prazo de prescrición da resolución de devolución acordada en aplicación da alínea b) do artigo 58.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, non empezará a contar ata que transcorrese o período de prohibición de entrada determinado na resolución de devolución.

8. Cando, no marco dun procedemento relativo a autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais, se comprobar que consta contra o solicitante unha resolución de devolución non executada, esta será revogada, sempre que da análise da solicitude derive a procedencia da concesión da autorización de residencia por circunstancias excepcionais.

No caso de que o órgano competente para resolver sobre a solicitude de autorización non for o mesmo que ditou a resolución de devolución que cómpre revogar, instará de oficio a súa revogación ao órgano competente para iso. No escrito polo cal se inste a revogación farase constar o tipo de autorización solicitada e expresa mención á procedencia

da concesión daquelas, por cumprimento dos requisitos exixibles para iso, salvo o relativo á existencia da resolución de devolución non executada.

Artigo 24. *Saídas obrigatorias.*

1. Nos supostos de falta de autorización para encontrarse en España, en especial por non cumprir ou ter deixado de cumprir os requisitos de entrada ou de estadía, ou nos de denegación administrativa de solicitudes de prórrogas de estadía, de autorizacións de residencia ou de calquera outro documento necesario para a permanencia de estranxeiros en territorio español, así como das renovacións das propias autorizacións ou documentos, a resolución administrativa ditada para o efecto conterá a advertencia ao interesado da obrigatoriedade da súa saída do país, sen prexuízo de que, igualmente, se materialice a dita advertencia mediante dilixencia no pasaporte ou documento análogo ou en documento á parte, de se encontrar en España amparado en documento de identidade no cal non se poida estampar a dita dilixencia.

Non conterán orde de saída obrigatoria as resolucións de inadmisión a trámite de solicitudes ditadas de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. A saída obrigatoria deberá realizarse dentro do prazo establecido na resolución denegatoria da solicitude formulada, ou, de ser o caso, no prazo máximo de quince días contado desde o momento en que se notifique a resolución denegatoria, salvo que concorran circunstancias excepcionais e se xustifique que se conta con medios económicos suficientes; en tal caso, poderase prorrogar o prazo ata un máximo de noventa días. Unha vez transcurrido o prazo indicado sen que se efectuase a saída, aplicarase o previsto neste regulamento para os supostos a que se refire o artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

3. De os estranxeiros a que se refire este artigo realizaren efectivamente a súa saída do territorio español conforme o disposto nos números anteriores, non serán obxecto de prohibición de entrada no país e eventualmente poderán volver a España, consonte as normas que regulan o acceso ao territorio español.

4. Exceptúanse do réxime de saídas obrigatorias os casos dos solicitantes de protección internacional que visen rexeitado o exame da súa solicitude por non corresponder a España o seu estudo a teor do disposto no Regulamento (CE) N.º 343/2003 do Consello, do 18 de febreiro de 2003, polo que se establecen os criterios e mecanismos de determinación do Estado membro responsable do exame dunha solicitude de asilo presentada nun dos Estados membros por un nacional dun país terceiro. Unha vez notificada a resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, deberase proceder ao seu traslado, escoltado por funcionarios, ao territorio do Estado responsable do exame da súa solicitude de asilo, sen necesidade de incoar expediente de expulsión, sempre e cando o dito traslado se produza dentro dos prazos en que o Estado responsable ten a obriga de proceder ao exame da dita solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 16.1.e) do citado regulamento comunitario.

TÍTULO II

Tránsito aeroportuario

Artigo 25. *Definición.*

Encóntranse en tránsito aeroportuario aqueles estranxeiros habilitados para permanecer na zona de tránsito internacional dun aeroporto español, sen acceder ao territorio nacional, durante as escalas ou enlaces de voos.

Artigo 26. *Exixencia de visado de tránsito.*

1. O réxime de exixencia de visado de tránsito aeroportuario será o establecido polo dereito da Unión Europea.

2. O visado de tránsito aeroportuario poderá permitir transitar unha, dúas ou, excepcionalmente, varias veces, e habilita o estranxeiro especificamente sometido a esta exigencia a permanecer na zona de tránsito internacional dun aeroporto español, sen acceder ao territorio nacional, durante escalas ou enlaces do voo.

Artigo 27. *Procedemento.*

1. O procedemento e condicións para a expedición do visado de tránsito aeroportuario regularase polo establecido no dereito da Unión Europea.

2. Na tramitación do procedemento, a misión diplomática ou oficina consular poderá requirir a comparecencia do solicitante e, cando o considere necesario, manter unha entrevista persoal para comprobar a súa identidade, a validez da súa documentación persoal ou da documentación achegada, o motivo, o itinerario, a duración da viaxe, a proba da súa continuidade ata o destino final, as garantías de retorno ao país de residencia ou de procedencia, así como que non ten intención de entrar no territorio dos Estados Schengen. En todo caso se, transcorridos quince días desde o requirimento, o solicitante non comparece persoalmente, será tido por desistido da súa solicitude e producirase o arquivo do procedemento.

3. Presentada en forma ou saneada a solicitude de visado e unha vez instruído o procedemento, a misión diplomática ou oficina consular ante a cal se presente a solicitude resolverá motivadamente e expedirá, de ser o caso, o visado.

4. No suposto de resolución denegatoria por incumprimento dalgúns dos requisitos de tránsito aeroportuario, incluído o de figurar como persoa non admisible, esta notificarase mediante o impreso normalizado previsto pola normativa da Unión Europea e expresará o recurso que contra ela proceda, así como o órgano ante o cal deberá promoverse e o prazo de interposición.

5. No suposto de concesión do visado, o estranxeiro deberao recoller no prazo dun mes desde a súa notificación, persoalmente ou mediante representante debidamente acreditado. De non se efectuar a recollida no prazo mencionado, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido e producirase o arquivo do expediente.

TÍTULO III

A estadía en España

CAPÍTULO I

Estadía de curta duración

Artigo 28. *Definición.*

1. Atópase en situación de estadía de curta duración o estranxeiro que non sexa titular dunha autorización de residencia e se estea autorizado para permanecer en España por un período ininterrompido ou suma de períodos sucesivos cuxa duración total non exceda os noventa días por semestre a partir da data da primeira entrada, sen prexuízo do disposto no capítulo II deste título para a admisión para efectos de estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.

Se se trata dunha estadía con fins de tránsito, a duración da estadía autorizada corresponderá ao tempo necesario para efectuar o tránsito.

2. O réxime de exigencia de visado de estadía será o establecido polo dereito da Unión Europea ou, para os titulares de pasaportes diplomáticos, oficiais ou de servizo, o que dispoñan os acordos internacionais subscritos por España.

3. Nos supostos en que a situación de estadía exixa visado, esta deberá realizarse dentro do seu período de validez.

*Sección 1.ª Requisitos e procedemento**Artigo 29. Visados de estadia de curta duración. Clases.*

Os visados de estadia de curta duración poden ser:

a) Visado uniforme: válido para o tránsito polo Espazo Schengen durante un período non superior ao tempo necesario para realizar o dito tránsito ou para a estadia no dito Espazo Schengen ata un máximo de noventa días por semestre. Poderá permitir un, dous ou múltiples tránsitos ou estadias cuxa duración total non poderá exceder os noventa días por semestre.

Unicamente nos supostos previstos no artigo 39 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o visado de estadia autorizará o titular para buscar emprego e solicitar a autorización de residencia e traballo en España durante a súa vixencia nos termos e condicións establecidos neste regulamento, que o Ministerio de Traballo e Inmigración completará mediante orde ao respecto.

b) Visado de validez territorial limitada: válido para o tránsito ou a estadia no territorio dun ou máis dos Estados que integran o Espazo Schengen, pero non para todos eles. A duración total do tránsito ou da estadia non poderá exceder os noventa días por semestre.

Artigo 30. Solicitud de visados de estadia de curta duración.

1. O procedemento e condicións para a expedición de visados uniformes e de validez territorial limitada regúlense polo establecido no dereito da Unión Europea.

2. Na tramitación do procedemento, a misión diplomática ou oficina consular poderá requirir a comparecencia do solicitante e, cando o considere necesario, manter unha entrevista persoal para comprobar a súa identidade, a validez da súa documentación persoal ou da documentación achegada, a regularidade da estadia ou residencia no país de solicitude, o motivo, itinerario, duración da viaxe e as garantías de que o solicitante ten intención de abandonar o territorio dos Estados membros antes da expiración do visado solicitado. En todo caso se, transcorridos quince días desde o requirimento, o solicitante non comparece persoalmente, será tido por desistido da súa solicitude e producirase o arquivo do procedemento.

3. Presentada en forma ou saneada a solicitude de visado e unha vez instruído o procedemento, a misión diplomática ou oficina consular ante a cal se presente a solicitude resolverá motivadamente e expedirá, de ser o caso, o visado.

4. No suposto de resolución denegatoria por incumprimento dalgúns dos requisitos, esta notificarase mediante o impreso normalizado previsto pola normativa da Unión Europea e expresará o recurso que contra ela proceda, o órgano ante o cal deberá promoverse e o prazo para a interposición.

5. No suposto de concesión do visado, o estranxeiro deberao recoller no prazo dun mes desde a súa notificación, persoalmente ou mediante representante debidamente acreditado. De non se efectuar a recollida no prazo mencionado, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido e producirase o arquivo do expediente.

Artigo 31. Visados expedidos nas fronteiras exteriores.

1. En supostos excepcionais debidamente acreditados ou por encomenda do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, os responsables dos servizos policiais do Ministerio do Interior a cargo do control de entrada de persoas en territorio español poderán expedir en fronteira visados uniformes ou de validez territorial limitada.

2. Así mesmo, poderáselle expedir un visado uniforme ou de validez territorial limitada con fins de tránsito ao mariño que pretenda embarcar ou desembarcar nun buque no que vaia traballar ou traballase como mariño.

3. Os visados mencionados nos dous puntos anteriores tramitaranse segundo o establecido no dereito da Unión Europea.

*Sección 2.^a Prórroga e extinción da estadía de curta duración.**Artigo 32. Prórroga de estadía sen visado. Procedemento.*

1. O estranxeiro que entrase en España para fins que non sexan de traballo ou residencia, salvo nos casos de ser titular dun visado para busca de emprego, e se encontre no período de estadía que sinala o artigo 30 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, poderá solicitar unha prórroga de estadía de curta duración, co límite temporal previsto no dito artigo.

2. A solicitude formalizárase nos modelos oficiais, determinados pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, e a ela xuntaráselle os seguintes documentos:

a) Pasaporte ordinario ou documento de viaxe, con vixencia superior á da prórroga de estadía que se solicite, que se anotará no expediente e se lle devolverá ao interesado.

b) Acreditación das razóns alegadas para a solicitude, que deberán ser excepcionais, no suposto de nacionais de Estados aos cales non se lles exige visado para a súa entrada en España.

c) Proba suficiente de que dispón de medios económicos adecuados para o tempo de prórroga que solicita, nos termos que establece o título I.

d) Un seguro de asistencia en viaxe coa mesma cobertura que o necesario para a solicitude do visado de estadía de curta duración, e cunha vixencia igual ou superior á prórroga solicitada.

e) As garantías de retorno ao país de procedencia ou, de ser o caso, de admisión no Estado terceiro de destino, con anterioridade á data de finalización da prórroga que se solicita. Poderá servir como medio para acreditar a dita circunstancia a achega dun billete adquirido a nome do solicitante con data de retorno pechada anterior á finalización do período de prórroga de estadía solicitada.

3. O solicitante deberá identificarse persoalmente ante a oficina de estranxeiría, xefatura superior ou comisaría de policía da localidade onde se encontre, ao facer a presentación da solicitude ou no momento da tramitación en que para tal efecto for requirido polo órgano competente.

4. A prórroga de estadía poderá ser concedida polos subdelegados do Goberno, polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, e polo comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, contando co informe previo da xefatura superior ou comisaría de policía, se concorren as seguintes circunstancias:

a) Que a documentación se adapte ao preceptuado neste artigo.

b) Que o solicitante non estea incurso en ningunha das causas:

1.^a De prohibición de entrada determinadas no título I, porque non se coñecesen no momento da súa entrada ou porque acontecesen durante a súa estadía en España.

2.^a De expulsión ou devolución.

5. A prórroga de estadía farase constar no pasaporte ou título de viaxe, ou en documento á parte se o interesado entrou en España con outro tipo de documentación, e amparará o seu titular e os familiares que, de ser o caso, figuren nos ditos documentos e se encontren en España.

6. As resolucións denegatorias sobre a prórroga de estadía terán que ser motivadas, deberán notificarse formalmente ao interesado e disporán a súa saída do mesmo do territorio nacional, que deberá realizarse antes de que finalice o período de estadía inicial ou, de ter transcorrido este, no prazo fixado na resolución denegatoria, que non poderá ser superior a setenta e dúas horas, na forma regulada neste regulamento. O prazo de saída farase constar, conforme o disposto neste regulamento, no pasaporte ou título de viaxe ou no impreso correspondente previsto para deixar constancia da saída do territorio nacional.

Artigo 33. *Extinción da prórroga de estadia.*

A vixencia da prórroga de estadia extinguirase polas seguintes causas:

- a) O transcurso do prazo para o cal foi concedida.
- b) Acharse o estranxeiro incurso nalgunha das causas de prohibición de entrada previstas no título I.

Artigo 34. *Prórroga do visado de estadia de curta duración.*

1. A prórroga dun visado expedido levarase a cabo segundo o establecido no dereito da Unión Europea.

2. Será competente para a tramitación do procedemento de prórroga do visado a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía da provincia onde vaia permanecer o estranxeiro. A prórroga concedida plasmarase nunha etiqueta de visado que se expedirá nas unidades policiais que determine a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

3. A prórroga do visado poderá ser concedida polos subdelegados do Goberno, os delegados do Goberno en comunidades autónomas uniprovinciais e polo comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

4. A Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios será competente para prorrogar os visados de estadia de curta duración expedidos aos titulares de pasaportes diplomáticos, oficiais ou de servizo por razóns de cortesía internacional.

Artigo 35. *Anulación e retirada do visado de estadia de curta duración.*

1. A anulación e retirada do visado uniforme ou de validez territorial limitada levarase a cabo segundo o establecido na normativa da Unión Europea.

2. A competencia para a anulación e retirada do visado de estadia de curta duración corresponderá aos subdelegados do Goberno, aos delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais e ao comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras.

Tramitado o correspondente procedemento pola oficina de estranxeiría da Delegación ou Subdelegación do Goberno competente, a dita unidade notificará a resolución ao interesado no impreso normalizado establecido pola normativa da Unión Europea.

Sección 3.^a Supostos excepcionais de estadia de curta duración.

Artigo 36. *Estadia en supostos de entrada ou documentación irregulares.*

Excepcionalmente, e sempre que existan motivos humanitarios, de interese público ou obrigas internacionais, o titular do Ministerio do Interior ou o titular do Ministerio de Traballo e Inmigración poderán autorizar a estadia en territorio español, por un máximo de tres meses nun período de seis, aos estranxeiros que entrasen nel con documentación defectuosa ou mesmo sen ela ou por lugares non habilitados para o efecto.

CAPÍTULO II

Autorización de estadia por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado

Artigo 37. *Definición.*

1. Será titular dunha autorización de estadia o estranxeiro que fose habilitado a permanecer en España por un período superior a noventa días co fin único ou principal de levar a cabo algunha das seguintes actividades de carácter non laboral:

- a) Realización ou ampliación de estudos nun centro de ensino autorizado en España, nun programa de tempo completo, que conduza á obtención dun título ou certificado de estudos.

b) Realización de actividades de investigación ou formación, sen prexuízo do réxime especial de investigadores.

c) Participación nun programa de mobilidade de alumnos, para seguir un programa de ensino secundario e/ou bacharelato nun centro docente ou científico oficialmente recoñecido.

d) Realización de prácticas non laborais nun organismo ou entidade pública ou privada.

e) Prestación dun servizo de voluntariado dentro dun programa que persiga obxectivos de interese xeneral.

2. O visado de estudos incorporará a autorización de estadía e habilitará o estranxeiro a permanecer en España en situación de estadía para a realización da actividade respecto á cal se concedese.

3. A duración da estadía será igual á da actividade respecto á cal se concedeu a autorización, co límite máximo dun ano, sen prexuízo do establecido no artigo 40 deste regulamento.

Artigo 38. *Requisitos para obter o visado.*

Son requisitos para a obtención do visado de estudos:

1. Con carácter xeral e para todos os supostos previstos no artigo anterior:

a) Requisitos que deberá valorar a misión diplomática ou oficina consular:

1.º Se o estranxeiro for menor de idade, e cando non veña acompañado dos seus pais ou titores e non se encontre baixo o suposto do artigo 189, estar autorizado por estes para o desprazamento a España para efectos de realizar a actividade de que se trate, con constancia do centro, organización, entidade e organismo responsable da actividade e do período de estadía previsto.

2.º Ter garantidos os medios económicos necesarios para sufragar os gastos de estadía e regreso ao seu país, e, de ser o caso, os dos seus familiares, de acordo coas seguintes contías:

Para o seu sostemento, unha cantidade que represente mensualmente o 100% do IPREM, salvo que se acredite debidamente ter aboado de antemán o aloxamento por todo o tempo que vaia durar a estadía.

No suposto de participación nun programa de mobilidade de alumnos, para seguir un programa de ensino secundario e/ou bacharelato nun centro docente ou científico oficialmente recoñecido, a acreditación da contía prevista no parágrafo anterior será substituída polo feito de que o programa de mobilidade conteña previsións que garantan que o sostemento do estranxeiro queda asegurado dentro del.

Para o sostemento dos familiares que estean ao seu cargo, durante a súa estadía en España: unha cantidade que represente mensualmente o 75% do IPREM, para o primeiro familiar, e o 50% do IPREM para cada unha das restantes persoas que vaian integrar a unidade familiar en España, salvo que se acredite debidamente ter aboado de antemán o aloxamento por todo o tempo que vaia durar a estadía.

Non se computarán, para os efectos de garantir ese sostemento, as contías utilizadas ou que se vaian utilizar para sufragar, de ser o caso, o custo dos estudos, do programa de mobilidade ou das prácticas non laborais.

3.º Ter aboado a taxa por tramitación do procedemento.

4.º Contar cun seguro público ou un seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.

5.º Cando a duración da estadía supere os seis meses, requirirase, ademais:

Non padecer ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.

Cando se trate de solicitantes maiores de idade penal, carecer de antecedentes penais nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.

b) Requisito que deberá valorar a oficina de estranxeiría: cando se trate de solicitantes maiores de idade penal e para estadias superiores a seis meses, que carecen de antecedentes penais en España, durante os últimos cinco anos.

2. Ademais dos requisitos de carácter xeral establecidos no número anterior, será necesario cumprir, para cada un dos supostos de estadia previstos, os seguintes requisitos específicos, que serán valorados pola oficina de estranxeiría:

a) Realización ou ampliación de estudos: ter sido admitido nun centro de ensino autorizado en España, para a realización dun programa de tempo completo, que conduza á obtención dun título ou certificado de estudos.

b) Realización de actividades de investigación ou formación: ter sido admitido nun centro recoñecido oficialmente en España para a realización das ditas actividades. No caso de actividades de investigación, o citado centro será unha universidade, un centro do Consello Superior de Investigacións Científicas ou outra institución pública ou privada de I+D.

c) Participación nun programa de mobilidade de alumnos, para seguir un programa de ensino secundario e/ou bacharelato nun centro docente ou científico oficialmente recoñecido:

1.º Ter sido admitido nun centro de ensino secundario e/ou bacharelato ou científico oficialmente recoñecido.

2.º Ter sido admitido como participante nun programa de mobilidade de alumnos, levado a cabo por unha organización oficialmente recoñecida para iso.

3.º Que a organización de mobilidade de alumnos se faga responsable do alumno durante a súa estadia, en particular en canto ao custo dos seus estudos, así como os gastos de estadia e regreso ao seu país.

4.º Ser acollido por unha familia ou institución durante a súa estadia, nas condicións normativamente establecidas, e que terá sido seleccionada pola organización responsable do programa de mobilidade de alumnos en que participa.

d) Realización de prácticas non laborais, no marco dun convenio asinado cun organismo ou entidade pública ou privada: ter sido admitido para a realización de prácticas non remuneradas, con base na sinatura dun convenio, nunha empresa pública ou privada ou nun centro de formación profesional recoñecido oficialmente.

e) Prestación dun servizo de voluntariado:

1.º Presentar un convenio asinado coa organización encargada do programa de voluntariado, que inclúa unha descrición das actividades e das condicións para realizalas, do horario que se vai cumprir, así como dos recursos dispoñibles para cubrir a súa viaxe, manutención e aloxamento durante a súa estadia.

2.º Que a organización subscribise un seguro de responsabilidade civil polas súas actividades.

Artigo 39. *Procedemento.*

1. A solicitude deberá presentarse persoalmente, en modelo oficial, na misión diplomática ou oficina consular española en cuxa demarcación resida o estranxeiro.

2. Á solicitude xuntaránselle os seguintes documentos:

a) Pasaporte en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima do período para o cal se solicita a estadia.

b) A documentación que acredite o cumprimento de todos os requisitos previstos no artigo anterior, en función do suposto concreto en que se fundamente a solicitude.

Sen prexuízo do anterior, a inexistencia de antecedentes penais en España será comprobada de oficio pola Administración.

3. A oficina consular requirirá, por medios electrónicos, resolución da Delegación ou Subdelegación do Goberno competente sobre a autorización de estadía.

Será competente a Delegación ou Subdelegación do Goberno na provincia en que se vaia iniciar a actividade.

Con carácter previo a ditar resolución sobre a autorización de estadía, a Delegación ou Subdelegación do Goberno requirirá informe policial, cuxo contido valorará no marco da súa decisión.

O prazo máximo para resolver sobre a autorización será de sete días desde a recepción da solicitude; transcorridos estes sen que se obtivese resposta entenderase que o seu sentido é favorable.

4. Se a resolución sobre a autorización de estadía é desfavorable, a misión diplomática ou oficina consular notificaralle ao interesado o sentido da resolución, informándolle por escrito no mesmo documento dos recursos administrativos e xudiciais que procedan contra ela, os órganos ante os cales deban interporse e os prazos previstos para iso. Igualmente, a misión diplomática ou oficina consular resolverá o arquivo do procedemento relativo ao visado.

5. Concedida, de ser o caso, a autorización de estadía, a misión diplomática ou oficina consular resolverá e expedirá, de ser o caso, o visado. A duración do visado será igual ao período de estadía autorizado, salvo nos supostos en que proceda a emisión de tarxeta de identidade de estranxeiro.

O visado será denegado:

a) Se é o caso, cando consten antecedentes penais do solicitante nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos por delitos previstos no ordenamento español.

b) Cando, para fundamentar a petición, se presentasen documentos falsos ou se formularan alegacións inexactas, e medie mala fe.

c) Cando concorra unha causa prevista legalmente de inadmisión a trámite que non fose apreciada no momento da recepción da solicitude.

6. No suposto de concesión do visado, o estranxeiro deberao recoller no prazo de dous meses desde a súa notificación. De non se efectuar no prazo mencionado a recollida, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido e producirase o arquivo do procedemento.

7. Se a estadía tiver unha duración superior a seis meses, o estranxeiro deberá solicitar a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro no prazo dun mes desde a entrada efectiva en España.

Artigo 40. *Prórroga.*

1. A autorización de estadía poderá prorrogarse anualmente cando o interesado acredite que segue a reunir os requisitos previstos no artigo 38, tanto de carácter xeral como específicos respecto á actividade para cuxa realización foi autorizado a permanecer en España.

De ser o caso, deberá acreditar igualmente que superou as probas ou requisitos pertinentes para a continuidade dos seus estudos ou que a investigación desenvolvida polo estranxeiro progresa. Este requisito poderá acreditarse a través da realización de estudos ou investigacións no territorio doutro Estado membro da Unión Europea, no marco de programas temporais promovidos pola propia Unión.

2. A prórroga deberá solicitarse, en modelo oficial, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da vixencia da súa autorización, dirixida á Delegación ou Subdelegación do Goberno na provincia de desenvolvemento da actividade. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que

a solicitude se presentase dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

A solicitude poderá presentarse nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 41. *Familiares do titular dunha autorización de estadía.*

1. Os familiares de estranxeiros que solicitasen un visado de estudos ou se encontren en España de acordo co regulado neste capítulo poderán solicitar os correspondentes visados de estadía para entrar e permanecer legalmente en España durante a vixencia da súa estadía, sen que se lle exixa un período previo de estadía ao estranxeiro titular do visado de estudos.

2. O termo familiar entenderase referido, para estes efectos, ao cónxuxe, parella de feito, e fillos menores de dezoito anos ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde.

Os requisitos que se deberán acreditar para a concesión do visado a favor do familiar serán os seguintes:

1.º Que o estranxeiro se encontre en situación de estadía en vigor de acordo co previsto neste capítulo.

2.º Que o dito estranxeiro conte con medios económicos suficientes para o sostemento da unidade familiar.

3.º Que se acredite o vínculo familiar ou de parentesco entre ambos.

3. Os familiares dotados do visado referido poderán permanecer legalmente en territorio español durante o mesmo período e con idéntica situación que o titular da autorización principal. A súa permanencia estará en todo caso vinculada á situación de estadía do titular da autorización principal.

Se a súa estadía for superior a seis meses, deberán solicitar a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro no prazo dun mes desde a súa entrada en España.

4. Os familiares non poderán obter a autorización para a realización de actividades lucrativas a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 42. *Traballo de titulares dunha autorización de estadía.*

1. Os estranxeiros que dispoñan da correspondente autorización de estadía por estudos, investigación ou formación, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado poderán ser autorizados a realizar actividades laborais en institucións públicas ou entidades privadas cando o empregador como suxeito lexitimado presente a solicitude de autorización de traballo e os requisitos previstos no artigo 64, excepto o punto 2.b) e o punto 3.a).

Así mesmo, poderán ser autorizados a realizar actividades por conta propia, sempre e cando se cumpran os requisitos previstos no artigo 105, excepto os puntos 2.b) e 3.e).

As devanditas actividades deberán ser compatibles coa realización daquelas para as cales, con carácter principal, se concedeu a autorización de estadía. Os ingresos obtidos non poderán ter o carácter de recurso necesario para o seu sustento ou estadía, nin serán considerados no marco do procedemento de prórroga de estadía.

De ser o caso, non será preciso solicitar autorización para aquelas prácticas non laborais en entidades públicas ou privadas que formen parte do plan de estudos para o que se outorgou a autorización de estadía e que se produzan no marco dos correspondentes convenios de colaboración entre as ditas entidades e o centro docente ou científico de que se trate.

2. Os contratos deberán formalizarse por escrito e axustaranse á modalidade de contrato de traballo a tempo parcial. No suposto de ser a xornada completa, ou en caso de

actividades por conta propia a xornada completa, a súa duración non poderá superar os tres meses nin coincidir cos períodos en que se realicen os estudos, a investigación, as prácticas non laborais ou o servizo de voluntariado.

3. A autorización que se conceda non terá limitacións xeográficas, salvo que a actividade lucrativa coincida con períodos en que se realicen os estudos, a investigación, as prácticas non laborais, ou o servizo de voluntariado.

Non terá tampouco limitacións xeográficas a autorización cando, malia a súa coincidencia co período de realización da actividade principal, se acredite que a forma de organización da actividade laboral permitirá a súa compatibilidade coa consecución daquela por non requirir desprazamentos continuos.

A limitación do ámbito xeográfico da autorización para traballar, de ser establecida, coincidirá con carácter xeral co ámbito territorial de estadía do seu titular.

Poderá facerse excepción en canto á coincidencia de ámbito xeográfico das autorizacións sempre que a localización do centro de traballo ou do centro en que se desenvolva a actividade por conta propia non implique desprazamentos continuos que supoñan a ruptura do requisito de compatibilidade coa finalidade principal para a cal se concedeu a autorización de estadía.

Cando a relación laboral se inicie e desenvolva no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma e a esta se lle traspasase a competencia executiva de tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta propia e allea corresponderá aos órganos competentes da comunidade autónoma a admisión, a tramitación e a resolución de solicitudes e, eventualmente, dos recursos administrativos.

4. A vixencia da autorización para traballar coincidirá coa duración do contrato de traballo ou, de ser o caso, coa proxectada para a actividade por conta propia. A dita vixencia non poderá ser en ningún caso superior á da duración da autorización de estadía. A perda de vixencia da autorización de estadía será causa de extinción da autorización para traballar.

As autorizacións para traballar prorrogaranse se subsisten as circunstancias que motivaron a concesión anterior, sempre e cando se obtivese a prórroga da autorización de estadía.

Artigo 43. *Réxime especial dos estudos de especialización no ámbito sanitario.*

Os estranxeiros que posúan un título español de licenciado ou graduado en medicina, farmacia, enfermería ou outros títulos universitarios que habiliten para participar nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, poderán realizar, se obteñen praza, as actividades laborais derivadas do previsto no Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, sen que sexa necesario que dispoñan da correspondente autorización de traballo.

O previsto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo da necesidade de comunicación desta circunstancia á oficina de estranxeiría competente.

Igual posibilidade se establece en relación cos estranxeiros que posúan un título estranxeiro debidamente recoñecido ou homologado aos previstos no parágrafo primeiro deste artigo, así como os requisitos mencionados.

A oficina consular do seu lugar de residencia poderá expedir o visado de estudos tras a verificación de que foron adxudicatarios de praza nos estudos de especialización mencionados no parágrafo primeiro.

Artigo 44. *Mobilidade dentro da Unión Europea.*

1. Todo estudante estranxeiro que fose admitido para a realización ou ampliación de estudos noutro Estado membro da Unión Europea poderá solicitar cursar ou completar parte dos seus estudos en España, sen que lle sexa exigible a obtención de visado.

O estudante estranxeiro poderá ser acompañado polos membros da súa familia nos termos establecidos no artigo 41 deste regulamento.

2. A solicitude poderá ser presentada en calquera momento anterior á entrada en territorio español e, como moi tarde, no prazo dun mes desde que se efectúe esta.

Presentarase, dirixida á oficina de estranxeiría correspondente á provincia en que estea situado o centro de ensino, ante a oficina consular española correspondente ao lugar previo de residencia na Unión Europea ou ante a propia oficina de estranxeiría.

3. Á solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da súa condición de admitido como estudante noutro Estado membro da Unión Europea.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 38, puntos 1 e 2.a).

4. A oficina de estranxeiría tramitará a solicitude e notificará a resolución no prazo máximo dun mes.

5. Concedida, de ser o caso, a autorización, o estranxeiro deberá entrar en España no prazo máximo de tres meses desde a notificación da resolución, de non encontrarse xa en territorio español.

6. No caso de autorizacións de estadía de duración superior a seis meses, o estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro, ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, no prazo dun mes desde a notificación da resolución ou, de ser o caso, da entrada en España.

TÍTULO IV

Residencia temporal

Artigo 45. *Definición e supostos de residencia temporal.*

1. Atópase na situación de residencia temporal o estranxeiro que se encontre autorizado a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos, sen prexuízo do establecido en materia de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.

2. Os estranxeiros en situación de residencia temporal serán titulares dun dos seguintes tipos de autorización:

a) Autorización de residencia temporal non lucrativa.

b) Autorización de residencia temporal por reagrupación familiar.

c) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

d) Autorización de residencia temporal e traballo para investigación.

e) Autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE.

f) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada.

g) Autorización de residencia temporal e traballo por conta propia.

h) Autorización de residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.

i) Autorización de residencia temporal con excepción da autorización de traballo.

CAPÍTULO I

Residencia temporal non lucrativaArtigo 46. *Requisitos.*

Para a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal sen realizar actividades laborais ou profesionais, así como do correspondente visado, o estranxeiro solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non atoparse irregularmente en territorio español.
- b) No caso de que o solicitante sexa maior de idade penal, carecer de antecedentes penais en España e nos países anteriores onde residise durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.
- c) Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.
- d) Contar con medios económicos suficientes para atender os seus gastos de manutención e estadía, incluíndo, de ser o caso, os da súa familia, durante o período de tempo polo que se desexe residir en España, e sen necesidade de desenvolver ningunha actividade laboral ou profesional, de conformidade co disposto nesta sección.
- e) Contar cun seguro público ou un seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.
- f) Non encontrarse, de ser o caso, dentro do prazo de compromiso de non retorno a España que o estranxeiro asumise ao retornar voluntariamente ao seu país de orixe.
- g) Non padecer ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.
- h) Ter aboado a taxa por tramitación dos procedementos.

Artigo 47. *Medios económicos que se deberán acreditar para a obtención dunha autorización de residencia temporal.*

1. Os estranxeiros que desexen residir en España sen realizar unha actividade laboral ou lucrativa deberán contar con medios económicos suficientes para o período de residencia que solicitan, ou acreditar unha fonte de percepción periódica de ingresos, para si mesmos e, de ser o caso, a súa familia, nas seguintes contías, que se establecen con carácter de mínimas e referidas ao momento de solicitude do visado ou de renovación da autorización:

- a) Para o seu sostemento, durante a súa residencia en España, unha cantidade que represente mensualmente en euros o 400% do IPREM, ou o seu equivalente legal en moeda estranxeira.
- b) Para o sostemento de cada un dos familiares ao seu cargo, durante a súa residencia en España, unha cantidade que represente mensualmente en euros o 100% do IPREM, ou o seu equivalente legal en moeda estranxeira, cantidade que se deberá acreditar de forma adicional á referida na alínea a) anterior.

2. En ambos os casos, a contía global de medios económicos deberá supor a disposición da contía mensual calculada con base no establecido no número anterior, en relación co tempo de vixencia da autorización solicitada.

3. A dispoñibilidade de medios económicos suficientes acreditarase mediante a presentación da documentación que permita verificar a percepción de ingresos periódicos e suficientes ou a tenza dun patrimonio que garanta a dita percepción de ingresos.

A dispoñibilidade poderase acreditar por calquera medio de proba admitido en dereito, incluíndo a achega de títulos de propiedade, cheques certificados ou tarxetas de crédito, que deberán ir acompañados dunha certificación bancaria que acredite a cantidade dispoñible como crédito da citada tarxeta.

Se os medios económicos proceden de accións ou participacións en empresas españolas, mixtas ou estranxeiras radicadas en España, o interesado acreditará, mediante certificación daquelas, que non exerce ningunha actividade laboral nas ditas empresas, e presentará declaración xurada en tal sentido.

Artigo 48. *Procedemento.*

1. O estranxeiro que desexe residir temporalmente en España sen realizar actividades laborais ou profesionais deberá solicitar, persoalmente, o correspondente visado, segundo o modelo oficial, na misión diplomática ou oficina consular española da súa demarcación de residencia. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, se media causa que o xustifique, poderá determinar outra misión diplomática ou oficina consular na que corresponda presentar a solicitude.

A solicitude do visado comportará a da autorización de residencia temporal non lucrativa.

2. Á solicitude deberásele xuntar:

a) Pasaporte en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima dun ano.

b) Certificado de antecedentes penais, ou documento equivalente, no caso de solicitante maior de idade penal, expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, e que acredite o cumprimento do requisito previsto na alínea b) do artigo 46.

c) Os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos previstos nas alíneas d) e e) do artigo 46.

d) Certificado médico que acredite o cumprimento do requisito previsto na alínea g) do artigo 46.

3. Presentada a solicitude, será gravada no sistema de visados da aplicación correspondente, de forma que a Delegación ou Subdelegación do Goberno en cuxa demarcación solicite a residencia o estranxeiro teña constancia da solicitude presentada, así como da documentación que a acompaña no relativo aos requisitos que lle corresponde valorar.

4. A Delegación ou Subdelegación do Goberno, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude, resolverá a concesión ou denegación da autorización de residencia, logo de valoración do cumprimento dos requisitos previstos na alínea f) do artigo 46, así como do previsto na súa alínea b) no que respecta á carencia de antecedentes penais en España.

Para os ditos efectos, obterá de oficio o informe dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil en materia de seguridade e orde pública, así como o do Rexistro Central de Penados.

A Delegación ou Subdelegación do Goberno gravará a resolución na aplicación correspondente, para o seu coñecemento polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e pola oficina consular ou misión diplomática correspondente. A eficacia da autorización quedará supeditada á expedición, de ser o caso, do visado e á efectiva entrada do estranxeiro en territorio nacional.

5. Se a resolución for desfavorable, e así se entenderá se no prazo dun mes non se comunica, a misión diplomática ou oficina consular notificaralle ao interesado a resolución. Igualmente, a misión diplomática ou oficina consular resolverá o arquivo do procedemento relativo ao visado.

6. Concedida, de ser o caso, a autorización, a misión diplomática ou oficina consular resolverá e expedirá o visado, logo de valoración do cumprimento dos requisitos previstos nas alíneas a), c), d), e) e g) do artigo 46, así como do previsto na súa alínea b) no que respecta á carencia de antecedentes penais en anteriores países de residencia do estranxeiro e o previsto na alínea h) respecto á taxas por tramitación do procedemento sobre a autorización.

O visado será denegado:

- a) Cando non se acredite o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 46 cuxa valoración corresponda á misión diplomática ou oficina consular.
- b) Cando, para fundamentar a petición de visado, se presentasen documentos falsos ou se formulasen alegacións inexactas, ou medie mala fe.
- c) Cando concorra unha causa prevista legalmente de inadmisión a trámite que non fose apreciada no momento da recepción da solicitude.

7. Notificada, de ser o caso, a concesión do visado, o solicitante deberao recoller persoalmente no prazo dun mes. No caso de non o facer así, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido, e producirase o arquivo do procedemento.

8. Así mesmo, unha vez recollido o visado, o solicitante deberá entrar no territorio español, de conformidade co establecido no título I, no prazo de vixencia do visado, que en ningún caso será superior a tres meses.

Unha vez efectuada a entrada, deberá solicitar persoalmente, no prazo dun mes, ante a oficina de estranxeiría ou comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. Esta tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización de residencia temporal e será retirada polo estranxeiro.

Artigo 49. *Efectos do visado e duración da autorización inicial de residencia.*

1. O visado que se expida incorporará a autorización inicial de residencia, e a vixencia desta comezará desde a data en que se efectúe a entrada en España, a cal se deberá facer constar obrigatoriamente no pasaporte ou título de viaxe.

2. A autorización inicial de residencia temporal terá a duración dun ano.

Artigo 50. *Visados e autorizacións de residencia de carácter extraordinario.*

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para atender circunstancias extraordinarias e en atención ao cumprimento dos fins da política exterior do Reino de España e doutras políticas públicas españolas ou da Unión Europea, en especial a política de inmigración, a política económica e a de seguridade nacional, a saúde pública ou as relacións internacionais de España, poderalle ordenar a unha misión diplomática ou oficina consular a expedición dun visado de residencia.

2. A Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios informará da dita expedición á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración e remitirá copia dos documentos mencionados nas alíneas a), b) e d) do artigo 48.2 deste regulamento, para os efectos de concesión ao interesado, precedendo informe do titular da Secretaría de Estado de Seguridade, dunha autorización extraordinaria de residencia.

Artigo 51. *Renovación da autorización de residencia temporal non lucrativa.*

1. O estranxeiro que desexe renovar a súa autorización de residencia temporal deberá solicitalo á oficina de estranxeiría competente para a súa tramitación durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da vixencia da súa autorización. A presentación da solicitude neste prazo prorroga a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

2. Para a renovación dunha autorización de residencia temporal non lucrativa, o estranxeiro solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser titular dunha autorización de residencia temporal non lucrativa en vigor ou acharse dentro do prazo dos noventa días naturais posteriores á caducidade desta.

b) Contar con medios económicos suficientes para atender os seus gastos de manutención e estadía, incluíndo, de ser o caso, os da súa familia, durante o período de tempo polo cal corresponda a renovación, sen necesidade de desenvolver ningunha actividade laboral ou profesional, nos termos establecidos no artigo 47.

c) Contar cun seguro público ou un seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.

d) Ter escolarizados os menores ao seu cargo en idade de escolarización obrigatoria durante a permanencia destes en España.

e) Ter aboado a taxa por tramitación do procedemento.

3. Coa solicitude, en modelo oficial, deberá presentar a documentación que acredite que se reúnen os requisitos sinalados no número anterior, entre outros:

a) Copia do pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España.

b) Os documentos que acrediten os recursos económicos ou os medios económicos suficientes para atender os seus gastos de manutención e estadía, así como o seguro de enfermidade, durante o período de tempo polo cal se pretenda renovar a residencia en España sen necesidade de desenvolver ningunha actividade laboral ou profesional.

c) De ser o caso, informe emitido polas autoridades autonómicas competentes que acredite a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean ao seu cargo.

4. No caso de que a partir da documentación presentada xunto á solicitude non quede acreditada a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean a cargo do solicitante, a oficina de estranxeiría porá esta circunstancia en coñecemento das autoridades educativas competentes, e advertirá expresamente e por escrito o estranxeiro solicitante de que, no caso de non se producir a escolarización e presentarse o correspondente informe no prazo de trinta días, a autorización non será renovada.

5. Para a renovación da autorización valorarase, de ser o caso, logo de solicitude de oficio dos correspondentes informes:

a) A posibilidade de renovar a autorización de residencia aos estranxeiros que fosen condenados pola comisión dun delito e cumprisen a condena, os que fosen indultados ou se acharen en situación de remisión condicional da pena ou de suspensión da pena.

b) O incumprimento das obrigas do estranxeiro en materia tributaria e de Seguridade Social.

6. Igualmente se valorará o esforzo de integración do estranxeiro acreditado mediante o informe positivo da comunidade autónoma do seu lugar de residencia.

Tal esforzo de integración poderá ser alegado polo estranxeiro como información para ser valorada no caso de non acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos previstos para a renovación da autorización.

O informe terá como contido mínimo a certificación, de ser o caso, da participación activa do estranxeiro en accións formativas destinadas ao coñecemento e respecto dos valores constitucionais de España, os valores estatutarios da comunidade autónoma en que se resida, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como a aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia. Neste sentido, a certificación fará expresa mención ao tempo de formación dedicado aos ámbitos sinalados.

O informe terá en consideración as accións formativas desenvolvidas por entidades privadas debidamente acreditadas ou por entidades públicas.

7. A autorización de residencia temporal renovada terá unha vixencia de dous anos, salvo que corresponda obter unha autorización de residencia de longa duración ou de longa duración-UE.

8. A resolución notificaráselle ao interesado. No suposto de que a administración non resolva expresamente no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, entenderase que a resolución é favorable.

9. No prazo dun mes desde a notificación da resolución pola que se renova a autorización, o seu titular deberá solicitar a renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro.

CAPÍTULO II

Residencia temporal por reagrupación familiar

Artigo 52. *Definición.*

Atópase en situación de residencia temporal por razón de reagrupación familiar o estranxeiro que fose autorizado a permanecer en España en virtude do dereito á reagrupación familiar exercido por un estranxeiro residente.

Artigo 53. *Familiares reagrupables.*

O estranxeiro poderá reagrupar con el en España os seguintes familiares:

a) O seu cónxuxe, sempre que non se encontre separado de feito ou de dereito e que o matrimonio non se celebre en fraude de lei.

En ningún caso poderá reagruparse máis dun cónxuxe, aínda que a lei persoal do estranxeiro admita esta modalidade matrimonial.

O estranxeiro residente que se encontre casado en segundas ou posteriores nupcias só poderá reagrupar con el o novo cónxuxe e os seus familiares se acredita que a disolución dos seus anteriores matrimonios tivo lugar tras un procedemento xurídico que fixe a situación do cónxuxe anterior e os seus familiares en canto á vivenda común, a pensión ao cónxuxe e os alimentos para os fillos menores ou maiores dependentes.

b) A persoa que manteña co reagrupante unha relación de afectividade análoga á conxugal. Para os efectos previstos neste capítulo, considerarase que existe relación de análoga afectividade á conxugal:

1.º Cando tal relación estea inscrita nun rexistro público establecido para eses efectos, e non se cancelase esa inscrición; ou

2.º Cando se acredite a vixencia dunha relación non rexistrada, constituída con carácter previo ao inicio da residencia do reagrupante en España. Para os ditos efectos, sen prexuízo da posible utilización de calquera medio de proba admitido en dereito, terán prevalencia os documentos emitidos por unha autoridade pública.

Resultará de aplicación a este suposto o previsto, en relación co cónxuxe, nos parágrafos segundo e terceiro da alínea a) do número anterior. Serán incompatibles para efectos do previsto neste capítulo as situacións de matrimonio e de análoga relación de afectividade.

c) Os seus fillos ou os do seu cónxuxe ou parella, incluídos os adoptados, sempre que sexan menores de dezoito anos no momento da solicitude da autorización de residencia ao seu favor ou teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde.

Cando se trate de fillos dun só dos cónxuxes ou membros da parella requirirase, ademais, que este exerza en solitario a patria potestade ou que se lle outorgase a custodia e estean efectivamente ao seu cargo.

No suposto de fillos adoptivos deberá acreditarse que a resolución pola cal se acordou a adopción reúne os elementos necesarios para producir efectos en España.

d) Os representados legalmente polo reagrupante, cando sexan menores de dezoito anos no momento da solicitude da autorización de residencia ao seu favor ou teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, cando o acto xurídico do que xorden as facultades representativas non sexa contrario aos principios do ordenamento español.

e) Os seus ascendentes en primeiro grao, ou os do seu cónxuxe ou parella, cando estean ao seu cargo, sexan maiores de sesenta e cinco anos e existan razóns que xustifiquen a necesidade de autorizar a súa residencia en España.

Excepcionalmente, cando concorran razóns de carácter humanitario, poderanse reagrupar os ascendentes menores de sesenta e cinco anos que reúnan os restantes requisitos establecidos no parágrafo anterior.

Considerarase que concorren razóns humanitarias, entre outros casos, cando o ascendente convivise co reagrupante no país de orixe no momento en que este último obtivo a súa autorización; cando o ascendente sexa incapaz e a súa tutela estea outorgada pola autoridade competente no país de orixe ao estranxeiro residente ou ao seu cónxuxe ou parella reagrupada; ou cando o ascendente non sexa obxectivamente capaz de prover ás súas propias necesidades.

Igualmente, considerarase que concorren razóns humanitarias cando o ascendente do reagrupante, ou do seu cónxuxe ou parella, sexa cónxuxe ou parella do outro ascendente, sendo este último maior de sesenta e cinco anos. Neste caso, as solicitudes de autorización de residencia por reagrupación familiar poderán ser presentadas de forma conxunta, ben que a aplicación da excepción do requisito da idade respecto ao ascendente menor de sesenta e cinco anos estará condicionada a que a autorización do outro ascendente sexa concedida.

Cando o órgano competente para resolver o procedemento tiver dúbidas sobre a concurrencia doutra razón de excepción do requisito elevará consulta previa á Dirección Xeral de Inmigración.

Entenderase que os familiares están a cargo do reagrupante cando acredite que, cando menos durante o último ano da súa residencia en España, transferiu fondos ou soportou gastos do seu familiar, que representen, cando menos, o 51% do produto interior bruto per cápita, en cómputo anual, do país de residencia deste, segundo o establecido, en materia de indicadores sobre renda e actividade económica por país e tipo de indicador, polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 54. Medios económicos que deberá acreditar un estranxeiro para a obtención dunha autorización de residencia por reagrupación a favor dos seus familiares.

1. O estranxeiro que solicite autorización de residencia para a reagrupación dos seus familiares deberá achegar, no momento de presentar a solicitude da dita autorización, a documentación que acredite que se conta con medios económicos suficientes para atender as necesidades da familia, incluíndo a asistencia sanitaria no suposto de non estar cuberta pola Seguridade Social na contía que, con carácter de mínima e referida ao momento de solicitude da autorización, se expresa a seguir, en euros, ou o seu equivalente legal en moeda estranxeira, segundo o número de persoas que solicite reagrupar, e tendo en conta ademais o número de familiares que xa conviven con el en España ao seu cargo:

a) No caso de unidades familiares que inclúan, computando o reagrupante e ao chegar a España a persoa reagrupada, dous membros: exixirase unha cantidade que represente mensualmente o 150% do IPREM.

b) No caso de unidades familiares que inclúan, ao chegar a España a persoa reagrupada, máis de dúas persoas: unha cantidade que represente mensualmente o 50% do IPREM por cada membro adicional.

2. As autorizacións non serán concedidas se se determina indubidadamente que non existe unha perspectiva de mantemento dos medios económicos durante o ano posterior á data de presentación da solicitude. Na dita determinación, a previsión de mantemento dunha fonte de ingresos durante o citado ano será valorada tendo en conta a evolución dos medios do reagrupante nos seis meses previos á data de presentación da solicitude.

No caso de que a solicitude de autorización de residencia por reagrupación familiar se presente de forma simultánea á de renovación da autorización de que sexa titular o reagrupante, a comprobación da evolución dos medios deste nos seis meses previos á data de presentación da solicitude será realizada de oficio pola oficina de estranxeiría.

3. A exigencia da dita contía poderá ser minorada cando o familiar reagrupable sexa menor de idade, cando concorran circunstancias excepcionais acreditadas que aconsellen a dita minoración sobre a base do principio do interese superior do menor, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, e se reúnan os restantes requisitos legais e regulamentarios para a concesión da autorización de residencia por reagrupación familiar.

Igualmente, a contía poderá ser minorada en relación coa reagrupación doutros familiares por razóns humanitarias apreciadas en relación con supostos individualizados e logo de informe favorable da Dirección Xeral de Inmigración.

4. Non serán computables para estes efectos os ingresos provenientes do sistema de asistencia social, pero si os achegados polo cónxuxe ou parella do estranxeiro reagrupante, así como por outro familiar en liña directa en primeiro grao, con condición de residente en España e que conviva con este.

5. Sen prexuízo da presentación de calquera documento ou medio de proba que, a xuízo do solicitante, xustifique a disposición dos medios, poderá achegar a seguinte documentación:

a) No caso de realizar actividade lucrativa por conta allea:

1.º Copia do contrato de traballo.

2.º Declaración, de ser o caso, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano anterior. Esta declaración será a correspondente ao penúltimo ano no caso de que non expirase o prazo para presentar a correspondente á última anualidade.

b) No caso de realizar actividade lucrativa por conta propia:

1.º Acreditación da actividade que desenvolve.

2.º Declaración, de ser o caso, do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano anterior. Esta declaración será a correspondente ao penúltimo ano no caso de que non expirase o prazo para presentar a correspondente á última anualidade.

c) No caso de non se realizar ningunha actividade lucrativa en España: cheques certificados, cheques de viaxe ou cartas de pagamento ou tarxetas de crédito, acompañadas dunha certificación bancaria da cantidade dispoñible como crédito da citada tarxeta ou certificación bancaria.

6. De alegarse a realización dunha actividade por conta allea ou por conta propia, a oficina de estranxeiría competente comprobará de oficio a información relativa á afiliación e alta no réxime correspondente da Seguridade Social do solicitante, e, de ser o caso, as bases de datos de cotización.

Artigo 55. Requisito sobre vivenda adecuada que deberá acreditar un estranxeiro para a obtención dunha autorización de residencia por reagrupación a favor dos seus familiares.

1. O estranxeiro que solicite autorización de residencia para a reagrupación dos seus familiares deberá achegar, no momento de presentar a solicitude, un informe expedido polos órganos competentes da comunidade autónoma do lugar de residencia do reagrupante para os efectos de acreditar que conta cunha vivenda adecuada para atender as súas necesidades e as da súa familia.

2. A comunidade autónoma deberá emitir o informe e notificalo ao interesado no prazo máximo de trinta días desde que lle sexa solicitado. Simultaneamente e por medios electrónicos, deberá dar traslado do informe á oficina de estranxeiría competente.

Para os ditos efectos poderá realizar consulta ao concello onde o estranxeiro reagrupante teña o seu domicilio habitual sobre a información que lle poida constar a tal concello en relación coa adecuación da vivenda.

3. O informe anterior poderá ser emitido pola corporación local do municipio en que o estranxeiro teña o seu lugar de residencia cando así fose establecido pola comunidade autónoma competente, sempre que isto fose previamente posto en coñecemento da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración.

De ser o caso, o informe da corporación local deberá ser emitido e notificado ao interesado no prazo de trinta días desde a data da solicitude. Simultaneamente e por medios electrónicos, deberá dar traslado do informe á oficina de estranxeiría competente.

4. No caso de que o informe non fose emitido en prazo, circunstancia que deberá ser debidamente acreditada polo interesado, poderá xustificarse este requisito por calquera medio de proba admitido en dereito.

5. En todo caso, o informe ou a documentación que se presente na súa substitución debe facer referencia, cando menos, aos seguintes aspectos: título que habilite para a ocupación da vivenda, número de cuartos, uso a que se destina cada unha das dependencias da vivenda, número de persoas que a habitan e condicións de habitabilidade e equipamento.

O título que habilite para a ocupación da vivenda entenderase referido ao estranxeiro reagrupante ou a calquera outra persoa que forme parte da unidade familiar sobre a base dun parentesco dos enunciados no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Artigo 56. Procedemento para a autorización de residencia por reagrupación familiar.

1. A solicitude de reagrupación familiar poderase presentar cando o estranxeiro reagrupante teña autorización para residir en España durante un ano, como mínimo, e solicitada a autorización para residir por, cando menos, outro ano, coas seguintes excepcións:

a) O reagrupante terá que ser titular dunha autorización de residencia de longa duración ou de longa duración-UE concedida en España para a reagrupación dos seus ascendentes ou dos ascendentes do seu cónxuxe ou parella de feito.

A solicitude poderá presentarse cando se solicítase a autorización de residencia de longa duración ou de residencia de longa duración-UE.

b) Os estranxeiros residentes en España sobre a base da súa previa condición de residentes de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea, titulares dunha tarxeta azul-UE ou beneficiarios do réxime especial de investigadores poderán presentar a solicitude de autorización a favor dos seus familiares sen estaren sometidos ao requisito de ter residido legalmente en España, con carácter previo, durante un ano.

En todo caso, non poderá concederse a autorización de residencia ao familiar reagrupable ata que, en función da situación que deba ostentar o reagrupante para o exercicio do dereito, non se producise a efectiva renovación da autorización do reagrupante, non se concedese a súa autorización de residencia de longa duración ou de residencia de longa duración-UE ou non se concedese a súa autorización inicial de residencia en España.

2. O estranxeiro que desexe exercer o dereito de reagrupación familiar deberá solicitar, persoalmente ante a oficina de estranxeiría competente para a súa tramitación, unha autorización de residencia temporal a favor dos membros da súa familia que desexe reagrupar.

A reagrupación dos familiares de estranxeiros residentes longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea, poderá ser presentada polos propios familiares, achegando proba de residencia como membro da familia do residente de longa duración-UE no primeiro Estado membro.

3. A solicitude, que deberá formalizarse en modelo oficial, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Relativos ao reagrupante:

1.º Copia do pasaporte, documento de viaxe ou cédula de inscrición do solicitante en vigor, coa previa exhibición do documento orixinal.

2.º Copia compulsada de documentación que acredite que conta con emprego e/ou recursos económicos suficientes para atender as necesidades da familia, incluíndo a asistencia sanitaria, no suposto de non estar cuberta pola Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 54 deste regulamento.

3.º Documentación orixinal que acredite a dispoñibilidade, por parte do reagrupante, dunha vivenda adecuada para atender as necesidades do reagrupante e a familia, e que deberá ser a súa vivenda habitual, de acordo co establecido no artigo 55 deste regulamento.

4.º Nos casos de reagrupación de cónxuxe ou parella, declaración xurada do reagrupante de que non reside con el en España outro cónxuxe ou parella.

b) Relativos ao familiar que se pretende reagrupar:

1.º Copia completa do pasaporte ou título de viaxe, en vigor.

2.º Copia da documentación acreditativa dos vínculos familiares ou de parentesco ou da existencia da unión de feito e, de ser o caso, da dependencia legal e económica.

4. Presentada a solicitude en forma ou saneados os defectos, o órgano competente tramitará e resolverá o que proceda. Para os ditos efectos, obterá de oficio o informe dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil en materia de seguridade e orde pública, así como o do Rexistro Central de Penados.

5. No suposto de que se cumpra cos requisitos establecidos para a reagrupación familiar, o órgano competente resolverá a concesión da autorización de residencia por reagrupación, e suspenderase a eficacia da autorización ata:

a) Con carácter xeral, a expedición do visado, e a efectiva entrada do estranxeiro en territorio nacional durante o tempo de vixencia deste. Neste caso, a resolución de concesión fará mención expresa a que a autorización non despregará os seus efectos ata que non se produza a obtención do visado e a posterior entrada en España do seu titular.

b) No suposto de familiares de residentes de longa duración-UE, titulares dunha tarxeta azul-UE ou beneficiarios do réxime especial de investigadores noutro Estado membro da Unión Europea en que a familia xa estea constituída, a eficacia da autorización estará condicionada á efectiva entrada do familiar en territorio nacional, se a dita entrada se produciu tras a concesión da autorización. Neste caso, a entrada deberá producirse no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da autorización, o que terá que constar na resolución.

6. A resolución gravarase na aplicación correspondente, de forma que teña acceso a ela a misión diplomática ou oficina consular en cuxa demarcación resida o estranxeiro.

7. Os procedementos regulados neste artigo, así como os relativos ao correspondente visado e á renovación de autorizacións de residencia por reagrupación familiar serán obxecto de tramitación preferente.

8. A Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración remitirá información estatística sobre as solicitudes e concesións de autorizacións iniciais de residencia por reagrupación familiar aos órganos competentes na correspondente comunidade autónoma, así como á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos do seu traslado aos concellos correspondentes. A información será remitida con periodicidade trimestral e detallada por nacionalidade, sexo e idade do reagrupado, e municipio en que o reagrupante declárase ter a súa vivenda habitual.

Artigo 57. Tramitación do visado no procedemento de reagrupación familiar.

1. No prazo de dous meses desde a notificación ao reagrupante da concesión da autorización, o familiar que vaia ser reagrupado deberá, de ser o caso, solicitar persoalmente o visado na misión diplomática ou oficina consular en cuxa demarcación resida. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, se media causa que o xustifique, poderá

determinar a misión diplomática ou oficina consular diferente á anterior en que corresponda presentar a solicitude de visado.

Excepcionalmente, en aplicación do disposto no primeiro parágrafo do número 2 da disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, a misión diplomática ou oficina consular aceptará a presentación por representante legalmente acreditado cando existan motivos fundados que obstaculicen o desprazamento do solicitante, como o afastamento da misión ou oficina, dificultades de transporte que fagan a viaxe especialmente gravosa ou razóns acreditadas de enfermidade ou condición física que dificulten sensiblemente a súa mobilidade. No caso de se tratar dun menor poderá solicitalo un representante debidamente acreditado. Constituirá causa de inadmisión a trámite da solicitude de visado e, de ser o caso, de denegación, o feito de que o estranxeiro se achar en España en situación irregular, evidenciado polo poder de representación ou por datos que consten na Administración.

2. Sen prexuízo de que o interesado engada outros documentos que considere oportunos, a solicitude de visado deberá ir acompañada de:

a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.

b) Certificado de antecedentes penais ou documento equivalente, no caso de solicitante maior de idade penal, que debe ser expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos e no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

c) Documentación orixinal que acredite os vínculos familiares ou de parentesco ou da existencia da unión de feito e, de ser o caso, a idade e a dependencia legal.

d) Certificado médico co fin de acreditar que non padece ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.

3. A misión diplomática ou oficina consular denegará o visado nos seguintes supostos:

a) Cando non se acredite o cumprimento dos requisitos previstos para a súa obtención, tras a valoración da documentación acreditativa destes, prevista no número anterior.

b) Cando, para fundamentar a petición, se presentasen documentos falsos ou se formularan alegacións inexactas, ou medie mala fe.

c) Cando concorra unha causa prevista legalmente de inadmisión a trámite que non fose apreciada no momento da recepción da solicitude.

4. A misión diplomática ou oficina consular, en atención ao cumprimento dos requisitos exixidos, notificará a concesión do visado, de ser o caso, no prazo máximo de dous meses. Este deberá ser recollido polo solicitante, persoalmente, salvo no caso de menores, en que poderá ser recollido polo seu representante. De non se efectuar no prazo mencionado a recollida, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido, e producirase o arquivo do procedemento.

Artigo 58. *Entrada en territorio español.*

1. Recollido o visado, o solicitante deberá entrar no territorio español durante o prazo de vixencia daquel, que en ningún caso será superior a tres meses, de conformidade co establecido no título I deste regulamento.

2. No prazo dun mes desde a entrada en España ou, de ser o caso, desde a notificación da concesión da autorización, o estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro, salvo no caso de menores, en que será solicitada polo seu representante.

3. Cando o reagrupante sexa titular dunha autorización de residencia temporal, a vixencia da autorización de residencia dos familiares reagrupados estenderase ata a

mesma data que a autorización de que sexa titular o reagrupante no momento da entrada do familiar en España.

Cando o reagrupante teña a condición de residente de longa duración ou de residencia de longa duración-UE en España, a vixencia da primeira autorización de residencia dos familiares reagrupados estenderase ata a data de validez da tarxeta de identidade de estranxeiro de que sexa titular o reagrupante no momento da entrada do familiar en España. A posterior autorización de residencia do reagrupado será de longa duración.

4. A autorización de residencia por reagrupación familiar do cónxuxe, a parella de feito ou o fillo reagrupado habilitará o seu titular a traballar, sempre que sexa maior de idade laboral, sen necesidade de realizar ningún trámite administrativo. Tal autorización habilitaos para traballar por conta allea ou por conta propia, en calquera parte do territorio español, ocupación ou sector de actividade.

Artigo 59. *Residencia dos familiares reagrupados, independente da do reagrupante.*

1. O cónxuxe ou parella reagrupado poderá obter unha autorización de residencia e traballo independente, cando reúna algún dos seguintes requisitos e non teña débedas coa Administración tributaria ou de Seguridade Social:

a) Contar con medios económicos suficientes para a concesión dunha autorización de residencia temporal de carácter non lucrativo.

b) Contar con un ou varios contratos de traballo, de duración mínima, desde o momento da solicitude, dun ano, e dos que derive unha retribución non inferior ao salario mínimo interprofesional mensual, a tempo completo, por catorce pagas.

c) Cumprir os requisitos exixibles de cara á concesión dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta propia.

Nos supostos das alíneas b) e c) anteriores, a eficacia da autorización de residencia e traballo independente estará condicionada a que se produza, no caso de que non se producise con anterioridade, a alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social, no prazo dun mes desde a data de notificación da resolución pola cal se concede aquela. Cumprida a condición, a vixencia da autorización retrotraerase ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior.

2. Así mesmo, o cónxuxe ou parella reagrupados poderán obter unha autorización de residencia e traballo independente, cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando rompa o vínculo conxugal que deu orixe á situación de residencia, por separación de dereito, divorcio ou por cancelación da inscrición, ou finalización da vida en parella, sempre e cando acredite a convivencia en España co cónxuxe ou parella reagrupante durante, cando menos, dous anos.

b) Cando for vítima de violencia de xénero, unha vez ditada ao seu favor unha orde xudicial de protección ou, na súa falta, exista un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero. Este suposto será igualmente de aplicación cando for vítima dun delito por condutas violentas exercidas no ámbito familiar, unha vez que exista unha orde xudicial de protección a favor da vítima ou, na súa falta, un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de conduta violenta exercida no ámbito familiar.

A tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro deste punto terá carácter preferente e a duración da autorización de residencia e traballo independente será de cinco anos.

c) Por causa de morte do reagrupante.

3. Nos casos previstos no número anterior, cando, ademais do cónxuxe ou parella, se reagrupasen outros familiares, estes conservarán a autorización de residencia concedida e dependerán, para efectos da renovación da autorización de residencia por reagrupación familiar, do membro da familia co que convivan.

4. Os fillos e menores sobre os cales o reagrupante exerza a representación legal obterán unha autorización de residencia independente cando alcancen a maioría de idade

e acrediten encontrarse nalgunha das situacións descritas no número 1 deste artigo, ou ben cando alcanzasen a maioría de idade e residisen en España durante cinco anos.

5. Os ascendentes reagrupados poderán obter unha autorización de residencia independente do reagrupante cando obtivesen unha autorización para traballar, sen prexuízo de que os efectos da dita autorización de residencia independente, para o exercicio da reagrupación familiar, queden supeditados ao disposto no artigo 17.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

6. A autorización independente terá a duración que corresponda, en función do tempo previo de vixencia da situación de residencia por reagrupación familiar. En todo caso, a autorización independente terá unha vixencia mínima dun ano.

Artigo 60. *Reagrupación familiar por residentes reagrupados.*

1. Os estranxeiros que adquirisen a residencia temporal en virtude dunha previa reagrupación familiar poderán, pola súa vez, exercer o dereito de reagrupación respecto dos seus propios familiares, sempre que contén cunha autorización de residencia e traballo obtidos independentemente da autorización do reagrupante e reúnan os requisitos establecidos para o exercicio do dereito á reagrupación familiar.

2. No suposto dos ascendentes, estes só poderán exercitar, pola súa vez, o dereito de reagrupación familiar tras teren obtido a condición de residente de longa duración e acrediten solvencia económica para atender as necesidades dos membros da súa familia que pretendan reagrupar.

3. Excepcionalmente, o ascendente reagrupado que teña ao seu cargo un ou máis fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, poderá exercer o dereito de reagrupación nos termos dispostos no número 1 deste artigo.

Artigo 61. *Renovación das autorizacións de residencia en virtude de reagrupación familiar.*

1. A renovación das autorizacións de residencia por reagrupación deberá solicitarse en modelo oficial no prazo de sesenta días naturais antes da súa expiración. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

2. A renovación da autorización de residencia por reagrupación familiar de descendentes, menores tutelados ou ascendentes poderá ser solicitada polo cónxuxe ou parella do reagrupante, sempre que o dito cónxuxe ou parella sexan residentes en España, formen parte da mesma unidade familiar, e o reagrupante orixinal non reúna os requisitos exixibles para a renovación da autorización por reagrupación familiar.

Isto será igualmente de aplicación, no caso de descendentes ou menores tutelados, respecto ao seu outro proxenitor ou titor, sempre que este teña a condición de residente en España e sen prexuízo de que forme parte ou non da unidade familiar.

Neste caso, a natureza e duración da autorización renovada vincularase á do cónxuxe ou parella, que asumirán a condición de reagrupante.

3. Para a renovación dunha autorización de residencia por reagrupación familiar deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Relativos ao reagrupado:

1.º Que sexa titular dunha autorización de residencia por reagrupación familiar en vigor ou estea dentro do prazo dos noventa días naturais posteriores á caducidade desta.

2.º Que se manteña o vínculo familiar ou de parentesco ou a existencia da unión de feito en que se fundamentou a concesión da autorización que se pretende renovar.

3.º Ter escolarizados os menores ao seu cargo en idade de escolarización obrigatoria durante a permanencia destes en España.

4.º Ter aboado a taxa por tramitación do procedemento.

b) Relativos ao reagrupante:

1.º Que sexa titular dunha autorización de residencia en vigor ou estea dentro do prazo dos noventa días naturais posteriores á caducidade desta.

2.º Que conte con emprego e/ou recursos económicos suficientes para atender as necesidades da familia, incluíndo a asistencia sanitaria, de non estar cuberta pola Seguridade Social, nunha cantidade que represente mensualmente o 100% do IPREM.

Para os ditos efectos, serán computables os ingresos provenientes do sistema de asistencia social e resultará de aplicación o previsto no artigo 54.3 deste regulamento.

3.º Que dispoña dunha vivenda adecuada para atender as súas necesidades e as da súa familia, e que deberá ser a súa vivenda habitual.

Esta circunstancia será acreditada: de non existir cambio de domicilio en relación co acreditado para a obtención da autorización inicial de residencia temporal por reagrupación familiar, coa presentación de documento que acredite a vixencia do título de ocupación; no caso de existir cambio de domicilio, de acordo co establecido no artigo 55 deste regulamento.

En ambos os casos, o título que habilite para a ocupación da vivenda entenderase referido ao estranxeiro reagrupante ou a calquera outra persoa que forme parte da unidade familiar con base nun parentesco dos enunciados no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

4. A solicitude, en modelo oficial, deberá ir acompañada da documentación que acredite que se reúnen os requisitos sinalados no número anterior, entre outros:

a) Copia do pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, do reagrupado e do reagrupante.

b) De ser o caso, documentación acreditativa da vixencia do matrimonio ou da relación de análoga afectividade á conxugal.

c) Os documentos que acrediten que o reagrupante cumpre os requisitos establecidos nos puntos 2.º e 3.º do anterior número 3.b).

d) De ser o caso, informe emitido polas autoridades autonómicas competentes que acredite a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean ao seu cargo.

5. No caso de que a partir da documentación presentada xunto á solicitude non quede acreditada a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean a cargo do solicitante, a oficina de estranxeiría porá esta circunstancia en coñecemento das autoridades educativas competentes, e advertirá expresamente e por escrito o estranxeiro solicitante de que, no caso de non producirse a escolarización e presentarse o correspondente informe no prazo de trinta días, a autorización non será renovada.

6. Para a renovación da autorización, valorarase, de ser o caso, logo de solicitude de oficio dos correspondentes informes:

a) A posibilidade de renovar a autorización de residencia aos estranxeiros que fosen condenados pola comisión dun delito e cumprisen a condena, os que fosen indultados ou estean en situación de remisión condicional da pena ou de suspensión da pena

b) O incumprimento das obrigas do solicitante en materia tributaria e de Seguridade Social.

7. Igualmente se valorará o esforzo de integración do estranxeiro acreditado mediante o informe positivo da comunidade autónoma do seu lugar de residencia.

Tal esforzo de integración poderá ser alegado polo estranxeiro como información para ser valorada no caso de non acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos previstos para a renovación da autorización.

O informe terá como contido mínimo a certificación, de ser o caso, da participación activa do estranxeiro en accións formativas destinadas ao coñecemento e respecto dos valores constitucionais de España, os valores estatutarios da comunidade autónoma en que se resida, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como a aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia. Neste sentido, a certificación fará expresa mención ao tempo de formación dedicado aos ámbitos sinalados.

O informe terá en consideración as accións formativas desenvolvidas por entidades privadas debidamente acreditadas ou por entidades públicas.

8. As solicitudes de renovación dos familiares reagrupados presentaranse e tramitaranse conxuntamente coa do reagrupante, salvo causa que o xustifique.

9. Entenderase que a resolución é favorable no suposto de que a Administración non resolva expresamente no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude.

10. A resolución favorable seralle notificada ao interesado.

11. A autorización de residencia por reagrupación familiar renovada expedirase ata a mesma data que a autorización de que sexa titular o reagrupante no momento da renovación.

CAPÍTULO III

Residencia temporal e traballo por conta allea

Artigo 62. Definición.

Atópase en situación de residencia temporal e traballo por conta allea o estranxeiro maior de 16 anos autorizado a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos, e a exercer unha actividade laboral por conta allea.

Artigo 63. Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.

1. A autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea habilitará os estranxeiros que residen fóra de España, sempre que obtivesen o correspondente visado e fosen dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social dentro do prazo de tres meses desde a súa entrada legal en España, a residir e traballar por conta allea en España.

Salvo nos casos en que non resulte aplicable o requisito de que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador, a autorización inicial limitarase a un ámbito xeográfico provincial e a unha ocupación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, no caso de non aplicación do requisito de que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador con base nas alíneas a), b) e d) do artigo 40.2 da Lei orgánica 4/2000, a autorización inicial limitarase ao tipo de relación laboral para a cal se concedeu.

2. Nos supostos previstos no título XII deste regulamento non será exixible o visado para a obtención deste tipo de autorizacións.

3. O acceso á autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea daqueles que sexan titulares dun visado de busca de emprego rexerese polas disposicións específicas deste regulamento e pola Orde ministerial de xestión colectiva de contratacións en orixe.

4. Os estranxeiros que obteñan unha autorización deberán solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro correspondente no prazo dun mes desde a súa alta no réxime correspondente da Seguridade Social, de acordo co previsto no presente capítulo.

5. A autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea terá unha duración dun ano e limitarase, no relativo ao exercicio da actividade laboral e salvo nos

casos previstos pola lei e os convenios internacionais asinados por España, a un ámbito xeográfico e a unha ocupación determinada.

Cando a comunidade autónoma tiver recoñecidas competencias en materia de autorización inicial de traballo poderá fixar o ámbito xeográfico da autorización dentro do seu territorio.

Artigo 64. *Requisitos.*

1. Para a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea será necesario cumprir os requisitos que se establecen neste artigo relativos á residencia e ao traballo, respectivamente.

2. En relación coa residencia dos estranxeiros que se pretende contratar, será necesario:

- a) Que non se encontren irregularmente en territorio español.
- b) Que carezan de antecedentes penais, tanto en España como nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.
- c) Que non figuren como rexeitables no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.
- d) Que tanscorrese o prazo de compromiso de non regreso a España do estranxeiro, asumido por este no marco do seu retorno voluntario ao país de orixe.
- e) Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de residencia temporal.

3. En relación coa actividade laboral que se pretende que desenvolvan os estranxeiros que se pretende contratar, será necesario:

- a) Que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador estranxeiro nos termos previstos no artigo 65 deste regulamento.
- b) Que o empregador presente un contrato de traballo asinado polo traballador e por el mesmo e que lle garanta ao traballador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.

A data de comezo do contrato deberá estar condicionada ao momento de eficacia da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

c) Que as condicións fixadas no contrato de traballo se axusten ás establecidas pola normativa vixente e o convenio colectivo aplicable para a mesma actividade, categoría profesional e localidade.

No caso de que a contratación for a tempo parcial, a retribución deberá ser igual ou superior ao salario mínimo interprofesional para xornada completa e en cómputo anual.

d) Que o empregador solicitante formalizase a súa inscrición no correspondente réxime do sistema de Seguridade Social e estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

e) Que o empregador conte con medios económicos, materiais ou persoais, suficientes para o seu proxecto empresarial e para facer fronte ás obrigas asumidas no contrato fronte ao traballador nos termos establecidos no artigo 66 deste regulamento.

f) Que o traballador teña a capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.

g) Que se aboase a taxa relativa á autorización de traballo por conta allea.

4. Sen prexuízo do previsto no número anterior, non se terá en conta a situación nacional de emprego nos supostos establecidos no artigo 40 da Lei orgánica 4/2000 ou por convenio internacional.

Igualmente, serán autorizados a traballar sen atender á situación nacional de emprego os nacionais de Estados cos cales se subscribisen convenios internacionais para tal efecto, así como os nacionais de Estados non pertencentes á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo enrolados en buques españois en virtude de acordos internacionais de pesca marítima. Neste caso, concederáselle validez de autorización para traballar ao

duplicado da notificación de embarque ou renovación do contrato de tripulantes estranxeiros en buques españois.

Artigo 65. *Determinación da situación nacional de emprego.*

1. Para os efectos de determinar a dita situación nacional de emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal elaborará, con periodicidade trimestral, de acordo coa información subministrada polos servizos públicos de emprego autonómicos e logo de consulta á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, un catálogo de ocupacións de difícil cobertura para cada provincia ou demarcación territorial que, de ser o caso, estableza a correspondente Administración autonómica, así como para Ceuta e Melilla. Nas provincias insulares, o catálogo poderá establecerse para cada illa ou agrupación delas.

O procedemento de elaboración do catálogo de ocupacións de difícil cobertura será establecido polo Ministerio de Traballo e Inmigración, contando con informe previo da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración.

Este catálogo estará baseado na información dispoñible sobre a xestión das ofertas presentadas polos empregadores nos servizos públicos de emprego. Tamén terá en consideración as estatísticas elaboradas polas administracións públicas e, especialmente, a relativa a persoas inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.

Consideraranse como ocupacións as consignadas na Clasificación Nacional de Ocupacións que estea en vigor.

A concreción do detalle con que unha ocupación se debe incluír no catálogo de ocupacións de difícil cobertura realizarase tendo en conta o grao de especialización requirido para o desempeño da actividade.

Poderán non ser incluídas en catálogo aquelas ocupacións que pola súa natureza poderían ser cubertas por persoas inscritas como demandantes de emprego tras a súa participación en actuacións formativas programadas polos servizos públicos de emprego.

A cualificación dunha ocupación como de difícil cobertura implica a posibilidade de tramitar a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea dirixida ao estranxeiro.

2. Así mesmo, considerarase que a situación nacional de emprego permite a contratación nas ocupacións non cualificadas como de difícil cobertura cando o empregador acredite a dificultade de cubrir os postos de traballo vacantes con traballadores xa incorporados no mercado laboral interno.

Para iso, deberá presentar unha oferta de emprego nos servizos públicos de emprego, que estará formulada de forma precisa e axustada aos requirimentos do posto de traballo, sen conter requisitos que non teñan relación directa co seu desempeño.

O servizo público de emprego en que se presentase a oferta de emprego, no marco das súas competencias en materia de intermediación laboral, xestionará promovendo o contacto entre o empregador e os demandantes de emprego que se adecuen aos requirimentos dela. Así mesmo, durante un período de tempo de cando menos quince días, dará publicidade á oferta de emprego en calquera dos espazos públicos destinados á difusión de ofertas de que dispoña o servizo público de emprego, co fin de que os traballadores que residen en calquera parte do territorio español poidan concorrer á súa cobertura.

Transcorridos vinte e cinco días desde a presentación da oferta polo empregador, este deberá comunicar ao servizo público de emprego o resultado da selección de candidatos que se presentaron para cubrir os postos de traballo vacantes.

O servizo público de emprego emitirá, se procede, a certificación de insuficiencia de demandantes nun prazo máximo de cinco días contados a partir da comunicación por parte do empregador do resultado da selección.

O certificado emitido polo servizo público de emprego competente deberá conter información que identifique o empregador e a oferta e sobre o número de postos de traballo ofertados e de traballadores postos á disposición do empregador. Incluírá igualmente a cifra de persoas inscritas na provincia como demandantes de emprego para a ocupación

de que se trate. Incluirá tamén unha valoración sobre se se trata dunha ocupación que podería ser cuberta por persoas inscritas como demandantes de emprego tras a súa participación en actuacións formativas programadas polos servizos públicos de emprego.

A Comisión Laboral Tripartita de Inmigración emitirá informe sobre a normativa de desenvolvemento do disposto neste regulamento sobre o contido mínimo dos certificados dos servizos públicos de emprego.

Na valoración do certificado, a oficina de estranxeiría competente para a tramitación da solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea terá en consideración, especialmente, a relación entre o número de traballadores postos á disposición do empregador e o de postos de traballo ofertados por este, así como a valoración de se o posto podería ser cuberto tras unha actividade formativa programada polo servizo público de emprego.

Artigo 66. Medios económicos, materiais e persoais que deberá acreditar o empregador para facer fronte ás obrigas dimanantes do contrato de traballo.

1. O empregador deberá acreditar que conta con medios en contía suficiente para facer fronte ao seu proxecto empresarial e ás obrigas derivadas do contrato asinado co traballador estranxeiro. A dita contía deberá incluír o pagamento do salario reflectido no contrato que figure no procedemento.

2. Cando o empregador requirido sexa unha persoa física, deberá ademais acreditar que conta con medios económicos suficientes para atender as súas necesidades e as da súa familia. A contía mínima exixible basearase en porcentaxes do IPREM segundo o número de persoas ao seu cargo, descontado o pagamento do salario reflectido no contrato de traballo que figure no procedemento:

a) No caso de non existir familiares a cargo do empregador: unha cantidade que represente mensualmente o 100% do IPREM.

b) No caso de unidades familiares que inclúan dous membros, contando o empregador solicitante: unha cantidade que represente mensualmente o 200% do IPREM.

c) No caso de unidades familiares que inclúan máis de dúas persoas, contando o empregador solicitante: unha cantidade que represente mensualmente o 50% do IPREM por cada membro adicional.

Nos casos de unidades familiares que inclúan dous ou máis membros, os medios económicos que se deberán acreditar resultarán da suma daqueles con que conte cada unha das persoas que integren a unidade familiar.

Artigo 67. Procedemento.

1. O empregador deberá presentar persoalmente, ou a través de quen validamente teña atribuída a representación legal empresarial, a correspondente solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea ante o órgano competente para a súa tramitación, da provincia onde se vaia exercer a actividade laboral.

2. Coa solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea en modelo oficial deberá achegarse a seguinte documentación:

a) O NIF e, no caso de que a empresa estea constituída como persoa xurídica, documento público que outorgue a súa representación legal en favor da persoa física que formule a solicitude.

Se o empregador for persoa física, non se lle exixirá a presentación do NIF se accede á verificación dos seus datos a través do sistema de verificación de datos de identidade.

b) Orixinal e copia do contrato de traballo, no modelo oficial establecido.

A oficina de estranxeiría selará a copia do contrato para os efectos da súa posterior presentación polo estranxeiro xunto á correspondente solicitude de visado de residencia e traballo.

c) De ser o caso, certificado do servizo público de emprego competente sobre a insuficiencia de demandantes de emprego para cubrir o posto de traballo.

d) Os documentos acreditativos dos medios económicos, materiais ou persoais de que dispón para o seu proxecto empresarial e para facer fronte ás ditas obrigas, de acordo co establecido no artigo 66.

A dispoñibilidade de medios non poderá acreditarse mediante a referencia a ingresos procedentes de subvencións, subsidios e axudas de carácter non contributivo ou asistencial outorgadas por administracións públicas españolas, salvo no ámbito da asistencia domiciliaria e o coidado de menores.

Cando o empregador teña a condición de empresa, poderá acreditar o cumprimento deste requisito a través de, entre outros medios de proba admitidos en dereito, a presentación ou a comprobación da información relativa á súa cifra de negocios, co límite dos últimos tres anos, e á media anual de persoal contratado, tendo en consideración as contratacións realizadas, así como os despedimentos ou baixas que se producen. Tamén poderá presentar, sen prexuízo da utilización doutros medios de proba admitidos en dereito, unha declaración relativa aos servizos ou traballos realizados anteriormente, co límite dos tres últimos anos e/ou un extracto das contas anuais referido a balance.

e) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do traballador estranxeiro.

f) A acreditativa de que se ten a capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.

g) Aqueles documentos que acrediten, de ser alegada polo interesado, a concorrencia dun suposto específico de non consideración da situación nacional de emprego, establecido no artigo 40 da Lei orgánica 4/2000 ou por convenio internacional.

3. Recibida a solicitude, o órgano competente rexistraraa, deixando constancia inmediata da súa presentación, e gravaraa na aplicación informática correspondente, de tal maneira que permita que os órganos competentes para resolver poidan ter coñecemento da solicitude en tempo real.

4. O órgano competente para resolver comprobará se concorre ou non algunha das causas de inadmisión a trámite que se recollen na Lei orgánica 4/2000 e, de apreciar a súa concorrencia, resolverá de forma motivada declarando a inadmisión a trámite da solicitude.

5. Admitida a trámite a solicitude, procederáse á instrución do procedemento e á súa inmediata tramitación e comprobarase de oficio a información da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social respecto ao cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social, así como os informes dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil e do Rexistro Central de Penados. No caso de que sexa necesario solicitar informes no marco do establecido neste punto, estes serán emitidos no prazo máximo de dez días.

Así mesmo, o órgano competente para resolver comprobará se coa solicitude se achega a documentación exixida e, se estiver incompleta, formularalle ao solicitante o oportuno requirimento co fin de que se saneen os defectos observados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non seren saneados no indicado prazo, será tido por desistido da súa solicitude e se procederá ao arquivo do seu expediente, ditándose para o efecto a oportuna resolución.

A solicitude e emisión dos informes a que se refire este punto realizaranse por medios electrónicos.

6. O órgano competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá de forma motivada no prazo máximo de tres meses, atendendo aos requisitos previstos nesta sección, sobre a autorización solicitada.

O órgano competente gravará de inmediato a resolución na aplicación informática correspondente, de maneira que as autoridades dos organismos afectados, incluído o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a misión diplomática ou oficina consular española correspondente ao lugar de residencia do traballador teñan coñecemento dela en tempo real.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para o acceso en tempo real á resolución mencionada no parágrafo anterior, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación daránlle traslado dela no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción.

7. Concedida a autorización, a súa eficacia quedará suspendida ata a obtención do visado e posterior alta do traballador no réxime correspondente de Seguridade Social, no prazo de tres meses desde a súa entrada legal en España e polo empregador que solicitou a autorización. Estas circunstancias constarán na resolución pola cal se conceda a autorización.

8. No caso de falecemento do empregador ou de desaparición do empregador que teña a condición de empresa, o traballador poderá ser dado de alta por outro empregador, logo da realización das actuacións previstas neste número e sempre que esta se produza dentro dos tres meses desde a súa entrada legal en España.

Para os ditos efectos, o novo empregador deberá acreditar que cumpre os requisitos previstos nas alíneas b), c), d) e e) do artigo 64.3 deste regulamento. A alta no réxime correspondente da Seguridade Social deberá realizarse no ámbito territorial e na ocupación a que estea limitada, de ser o caso, a autorización. De non estar limitada a autorización e producirse un cambio de ocupación, o novo empregador deberá acreditar, ademais, que se cumpre o requisito previsto na alínea f) do dito precepto.

O traballador estranxeiro comunicará á oficina de estranxeiría competente o falecemento ou desaparición do empregador, para os efectos de que o citado órgano administrativo comprobe tal circunstancia e emita un documento para constancia dela e da titularidade da autorización polo traballador e o ámbito de limitación desta. O dito documento será entregado, no prazo máximo de cinco días, ao traballador estranxeiro para os efectos de que este poida dirixirse ao servizo público de emprego competente e solicitar os seus servizos de intermediación laboral.

A solicitude de autorización da alta por un segundo empregador deberá ser presentada por este ante a oficina de estranxeiría competente dentro do prazo de sesenta días desde a data de entrada do traballador en territorio español.

O procedemento relativo á solicitude do segundo empregador será resolto no prazo máximo de quince días; deberá entenderse que a solicitude é desestimada se non se dita resolución expresa en prazo.

9. No caso de que o empregador que solicitou a autorización inicial comunique á oficina de estranxeiría, no prazo de quince días desde que o estranxeiro entrou en territorio español, a non posibilidade de inicio da relación laboral, a dita comunicación suporá a apertura dun prazo de corenta e cinco días no cal un segundo empregador interesado en iniciar unha relación laboral co traballador estranxeiro poderá dirixirse á dita oficina de estranxeiría.

Para os ditos efectos, o novo empregador deberá acreditar que cumpre os requisitos previstos nas alíneas b), c), d) e e) do artigo 64.3 deste regulamento.

Igualmente, unha vez que o empregador que solicitou a autorización inicial comunicase a non posibilidade de inicio da relación laboral, o traballador estranxeiro poderá dirixirse á oficina de estranxeiría para os efectos de solicitar a emisión dun documento para constancia da dita comunicación e da súa titularidade da autorización e o ámbito de limitación desta. Este documento será entregado, no prazo máximo de cinco días, ao traballador estranxeiro para os efectos de que este poida dirixirse ao servizo público de emprego competente e solicitar os seus servizos de intermediación laboral.

O procedemento relativo á solicitude do segundo empregador será resolto no prazo máximo de quince días; deberá entenderse que a solicitude é desestimada se non se dita resolución expresa en prazo.

A alta no réxime correspondente da Seguridade Social deberá realizarse no ámbito territorial e na ocupación a que estea limitada, de ser o caso, a autorización. De non estar limitada a autorización e producirse un cambio de ocupación, o novo empregador deberá acreditar, ademais, que se cumpre o requisito previsto na alínea f) do dito precepto.

O previsto neste punto entenderase sen prexuízo do establecido no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, en relación co primeiro empregador.

Artigo 68. *Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta allea a comunidades autónomas.*

1. Todo procedemento relativo a unha autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea suporá a presentación dunha única solicitude e finalizará cunha única resolución administrativa.

2. No caso de que á comunidade autónoma onde se vaia desenvolver a actividade laboral se lle tivesen traspasado competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta allea para estranxeiros, a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea presentárase ante o órgano autonómico que sexa competente de acordo coa normativa autonómica.

3. O órgano autonómico ante o cal se deba presentar a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea será competente para resolver a inadmisión a trámite ou para declarar a desistencia e o arquivo das actuacións.

Deberá resolver, en todo caso, de acordo co informe preceptivo e vinculante da Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das indicadas causas de inadmisión a trámite, cando afecten a residencia.

As resolucións que dite o órgano autonómico con base no parágrafo anterior serán notificadas por este ao interesado e introduciranse na aplicación informática correspondente, de tal maneira que permita o coñecemento delas por parte da Administración xeral do Estado en tempo real.

Os recursos que se poden interpor contra as resolucións que dite o órgano autonómico sobre inadmisión a trámite e desistencia e arquivo de actuacións serán resoltos por este, de acordo co informe preceptivo e vinculante emitido pola Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das causas de inadmisión cando afecten a residencia. En todo caso, o citado órgano deberá introducir os recursos e as resolucións adoptadas na aplicación informática correspondente.

4. Será o órgano autonómico competente o que comprobará o aboamento das taxas correspondentes, e obterá os informes da Administración Tributaria, incluída, de ser o caso, o da propia comunidade autónoma, e o da Seguridade Social, co fin de comprobar que o empregador está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

O órgano competente da Administración xeral do Estado solicitará, simultaneamente, os informes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e do Rexistro Central de Penados.

5. Á vista da documentación achegada e dos informes obtidos, os órganos competentes da Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma correspondente deberán ditar, de maneira coordinada e concordante, unha resolución conxunta en que deneguen ou concedan a correspondente autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea, que será asinada polos titulares dos órganos competentes de cada unha das administracións e expedida e notificada aos interesados polo órgano autonómico.

En todo caso, a resolución conxunta será desfavorable se concorre algunha causa de denegación referida ben aos aspectos laborais, ben aos de residencia, e nela deberán recollerse todas as causas específicas de denegación, así como os órganos que, de ser o caso, deban coñecer dun eventual recurso administrativo ou xudicial contra a resolución.

6. A resolución conxunta a que se fai referencia anteriormente poderá ser impugnada ante calquera dos órganos que a asinen, aínda que será resolta de forma conxunta e concordante polos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e será notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma.

Artigo 69. *Denegación das autorizacións iniciais de residencia temporal e traballo por conta allea.*

1. O órgano ou órganos competentes denegarán as autorizacións iniciais de residencia temporal e traballo por conta allea nos supostos seguintes:

- a) Cando non se acredite cumprir algún dos requisitos establecidos no artigo 64.
- b) Cando nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de solicitude o empregador amortizase os postos de traballo que pretende cubrir por despedimento improcedente ou nulo, declarado por sentenza ou recoñecido como tal en acto de conciliación, ou polas causas previstas nos artigos 50, 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores, agás nos supostos de forza maior.
- c) Cando o empregador solicitante tivese sido sancionado mediante resolución firme nos últimos 12 meses por infraccións cualificadas como graves ou moi graves na Lei orgánica 4/2000, ou por infraccións en materia de estranxeiría cualificadas como graves ou moi graves no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto lexislativo 5/2000.
- d) Cando, para fundamentar a petición, se presentasen documentos falsos ou se formulasen alegacións inexactas, ou medie mala fe.
- e) De así valoralo o órgano competente para resolver, cando conste un informe policial desfavorable.
- f) Cando concorra unha causa prevista legalmente de inadmisión a trámite que non fose apreciada no momento da recepción da solicitude.
- g) Cando o empregador solicitante teña sido condenado mediante sentenza firme por delitos contra os dereitos dos traballadores ou contra os estranxeiros, así como contra a Facenda pública ou a Seguridade Social, salvo que os antecedentes penais fosen cancelados.
- h) De así entendela oportuno o órgano competente para a resolución do procedemento á vista das circunstancias concorrentes, cando nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude o empregador solicitante decidise a extinción do contrato que motivou a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea con carácter previo á finalización da vixencia da autorización.
De así entendela oportuno o órgano competente para a resolución do procedemento, será igualmente causa de denegación dunha autorización que nos tres anos inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude o empregador solicitante fose sancionado por comisión da infracción prevista no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.
- i) Cando na data de solicitude da autorización o empregador manteña vixentes medidas de suspensión de contratos, de acordo co previsto no artigo 47 do Estatuto dos traballadores, en relación cos postos de traballo que pretende cubrir.

2. A denegación terá que ser motivada e expresará os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o cal terán que os presentar e o prazo para interpoles.

Artigo 70. *Visado de residencia e traballo e entrada en España.*

1. Serán requisitos para a concesión do visado:
 - a) Que o estranxeiro sexa titular dunha autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.
 - b) No caso de que o solicitante sexa maior de idade penal, que careza de antecedentes penais no seu país de orixe ou nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.
 - c) Que o estranxeiro non padeza ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.
 - d) Que o estranxeiro aboase a taxa por tramitación do procedemento.

2. No prazo dun mes desde a notificación da concesión da autorización ao empregador interesado, o traballador deberá solicitar persoalmente o visado na misión diplomática ou oficina consular en cuxa demarcación reside. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, se media causa que o xustifique, poderá determinar a misión diplomática ou oficina consular diferente á anterior na que corresponda presentar a solicitude de visado.

De acordo co previsto pola disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2000, poderá realizar a presentación un representante legalmente acreditado cando existan motivos fundados que obstaculicen o desprazamento do solicitante, como o afastamento da misión ou oficina, dificultades de transporte que fagan a viaxe especialmente gravosa ou razóns acreditadas de enfermidade ou condición física que dificulten sensiblemente a súa mobilidade, ou cando se trate dun menor.

Sen prexuízo do anterior, cando a través do poder de representación, doutros documentos achegados na solicitude ou de datos que consten na Administración, se evidencie que o estranxeiro para o cal se solicita o visado se encontraba en España en situación irregular na data en que se presentou ao seu favor a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea, non se admitirá a trámite ou, se tal circunstancia se advirte nun momento posterior, denegarase a solicitude de visado.

3. A solicitude de visado deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.

b) Certificado de antecedentes penais, que debe ser expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

c) Certificado médico co fin de acreditar que non padece ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.

d) Copia do contrato en relación co cal se concedeu a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea, selada pola oficina de estranxeiría.

De oficio, a misión diplomática ou oficina consular verificará, na aplicación informática correspondente, que se concedeu a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea condicionada.

4. A misión diplomática ou oficina consular denegará o visado nos seguintes supostos:

a) Cando o estranxeiro se encontrase en situación irregular en España na data en que se presentou ao seu favor a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.

b) Cando non se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste artigo.

c) Cando, para fundamentar a petición de visado, se presentasen documentos falsos ou se formularsen alegacións inexactas, ou medie mala fe.

e) Cando concorra unha causa prevista legalmente de inadmisión a trámite que non fose apreciada no momento da recepción da solicitude.

f) Cando a copia do contrato presentada non coincida coa información proporcionada pola oficina de estranxeiría ou polo órgano autonómico competente sobre o contrato orixinal.

5. A misión diplomática ou oficina consular resolverá sobre a solicitude e expedirá, de ser o caso, o visado de residencia e traballo no prazo máximo dun mes.

Notificada a concesión do visado, o traballador deberao recoller persoalmente no prazo dun mes desde a data de notificación. De non se efectuar a recollida no prazo mencionado, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido, e producirase o arquivo do expediente.

6. Unha vez recollido o visado, o traballador deberá entrar no territorio español, de conformidade co establecido no título I, durante a vixencia deste, que será de tres meses. O visado habilitarao para a entrada e a permanencia en situación de estadía en España.

7. No prazo de tres meses desde a entrada do traballador estranxeiro en territorio español, deberá producirse a súa afiliación, alta e posterior cotización, nos termos establecidos pola normativa sobre o réxime de Seguridade Social que resulte de aplicación; o traballador poderá comezar a súa actividade laboral; e o empregador quedará obrigado a comunicar o contido do contrato de traballo aos servizos públicos de emprego. A alta no réxime correspondente da Seguridade Social dotará de eficacia a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.

8. No prazo dun mes desde a alta do traballador na Seguridade Social, este deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou comisaría de policía correspondentes. A dita tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro.

9. Se, finalizada a vixencia da autorización de estadia, non existir constancia de que o traballador foi dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, este quedará obrigado a saír do territorio nacional; en caso contrario incorrerá en infracción grave por encontrarse irregularmente en España.

Así mesmo, o órgano competente requirirá o empregador que solicitou a autorización para que alegue as razóns polas cales non se iniciou a relación laboral e polas cales non se cumpriu a obriga de comunicación sobre a dita incidencia ás autoridades competentes, prevista no artigo 38.4 da Lei orgánica 4/2000.

No dito requirimento farase constar que, de non recibirse contestación a el no prazo de dez días ou de considerarse insuficientes as razóns alegadas polo empregador, o órgano competente dará traslado do expediente á Inspección de Traballo e Seguridade Social, por posible concorrencia dunha infracción grave das previstas no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.

Igualmente, advertiralle que, de finalizar o posible procedemento sancionador con determinación da concorrencia da infracción sinalada no parágrafo anterior, poderán denegarse posteriores solicitudes de autorización que presente por considerar que non se garante a actividade continuada dos traballadores.

Artigo 71. *Renovación das autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea.*

1. A renovación das autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea deberá solicitarse, en modelo oficial, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da vixencia da súa autorización. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

2. A autorización de residencia e traballo por conta allea renovarase á súa expiración nos seguintes supostos:

a) Cando se acredite a continuidade na relación laboral que deu lugar á concesión da autorización cuxa renovación se pretende.

b) Cando se acredite a realización habitual da actividade laboral para a cal se concedeu a autorización durante un mínimo de seis meses por ano e o traballador se encontre nalgunha das seguintes situacións:

1.º Que subscribise un contrato de traballo cun novo empregador acorde coas características da súa autorización para traballar, e figure en situación de alta ou asimilada á alta no momento de solicitar a renovación.

2.º Que dispoña dun novo contrato que reúna os requisitos establecidos no artigo 64 e con inicio de vixencia condicionado á concesión da renovación.

c) Cando o traballador tivese un período de actividade laboral de, cando menos, tres meses por ano, sempre e cando acredite, acumulativamente:

1.º Que a relación laboral que deu lugar á autorización cuxa renovación se pretende se interrompeu por causas alleas á súa vontade.

2.º Que buscou activamente emprego, mediante a súa inscrición no servizo público de emprego competente como demandante de emprego.

3.º Que no momento de solicitude da renovación ten un contrato de traballo en vigor.

d) Cando o traballador se encontre nalgunha das situacións previstas no artigo 38.6 b) e c) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

e) De acordo co artigo 38.6.d) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, nos supostos de extinción do contrato de traballo ou suspensión da relación laboral como consecuencia de que a traballadora sexa vítima de violencia de xénero.

f) Igualmente, en desenvolvemento do artigo 38.6.d) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando:

1.º O traballador acredite que estivo traballando e en alta no réxime correspondente da Seguridade Social durante un mínimo de nove meses nun período de doce, ou de dezaioito meses nun período de vinte e catro, sempre que a súa última relación laboral se interrompese por causas alleas á súa vontade, e buscase activamente emprego.

2.º O cónxuxe cumpra cos requisitos económicos para reagrupar o traballador. Procederáse igualmente á renovación cando o requisito sexa cumprido pola persoa coa cal o estranxeiro manteña unha relación de análoga afectividade á conxugal nos termos previstos en materia de reagrupación familiar.

3. Xunto coa solicitude de renovación deberán presentarse os documentos acreditativos de que se reúnen as condicións para a súa concesión, de acordo co establecido no número anterior, así como informe emitido polas autoridades autonómicas competentes que acredite a escolarización dos menores ao seu cargo en idade de escolarización obrigatoria.

4. No caso de que a partir da documentación presentada xunto á solicitude non quede acreditada a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean a cargo do solicitante, a oficina de estranxeiría porá esta circunstancia en coñecemento das autoridades educativas competentes, e advertirá expresamente e por escrito o estranxeiro solicitante de que, no caso de non producirse a escolarización e presentarse o correspondente informe no prazo de trinta días, a autorización non será renovada.

5. Para a renovación da autorización valorarase, de ser o caso, logo de solicitude de oficio dos respectivos informes:

a) Que o estranxeiro cumprise a condena, fose indultado ou estea en situación de remisión condicional da pena ou de suspensión da pena.

b) Que o estranxeiro incumprise as súas obrigas en materia tributaria e de seguridade social.

6. Igualmente se valorará o esforzo de integración do estranxeiro acreditado mediante o informe positivo da comunidade autónoma do seu lugar de residencia.

O dito esforzo de integración poderá ser alegado polo estranxeiro como información para ser valorada no caso de non acreditar o cumprimento dalgúns dos requisitos previstos para a renovación da autorización.

O informe terá como contido mínimo a certificación, de ser o caso, da participación activa do estranxeiro en accións formativas destinadas ao coñecemento e respecto dos valores constitucionais de España, os valores estatutarios da comunidade autónoma en que se resida, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como a aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia. Neste sentido, a certificación fará expresa mención ao tempo de formación dedicado aos ámbitos sinalados.

O informe terá en consideración as accións formativas desenvolvidas por entidades privadas debidamente acreditadas ou por entidades públicas.

7. Os descubertos na cotización á Seguridade Social non impedirán a renovación da autorización, sempre que se acredite a realización habitual da actividade. O órgano competente porá en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social a situación de descuberto de cotización, para os efectos de que se leven a cabo as actuacións que procedan.

8. Será causa de denegación das solicitudes de renovación, ademais do incumprimento dalgúns dos requisitos previstos neste artigo, a concorrencia dalgún dos supostos de denegación previstos no artigo 69 deste regulamento, excepto o relativo a que a situación nacional de emprego permita a contratación.

9. Transcorrido o prazo de tres meses para resolver sobre unha solicitude de renovación de autorización de residencia e traballo por conta allea, esta entenderase estimada. O órgano competente para conceder a autorización ficará obrigado, logo de solicitude por parte do interesado, a expedir o certificado que acredite a renovación por este motivo e, no prazo dun mes desde a notificación del, o seu titular deberá solicitar a expedición da tarxeta de identidade de estranxeiro.

Artigo 72. Efectos da renovación da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

1. A renovación da autorización de residencia e traballo por conta allea farase por un período de dous anos, salvo que corresponda unha autorización de residencia de longa duración, e permitirá o exercicio de calquera actividade en calquera parte do territorio nacional. Os efectos da autorización renovada retrotraeranse ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior.

2. Notificada a resolución favorable, o estranxeiro deberá solicitar no prazo dun mes a tarxeta de identidade de estranxeiro.

CAPÍTULO IV

Residencia temporal e traballo para investigación

Artigo 73. Definición.

1. Atópase en situación de residencia temporal e traballo para investigación o investigador estranxeiro cuxa permanencia en España ten como fin único ou principal realizar proxectos de investigación, no marco dun convenio de acollida asinado cun organismo de investigación.

2. Para efectos deste regulamento entenderase por organismo de investigación calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, con establecemento principal ou secundario radicado en España, que realice actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e fose autorizada para subscribir convenios de acollida.

3. O contido deste capítulo entenderase sen prexuízo do establecido sobre as situacións de residencia temporal con excepción da autorización de traballo e de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado.

Artigo 74. Autorización de residencia temporal e traballo para investigación.

1. A autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación habilita os estranxeiros que residen fóra de España e que obtiveron o correspondente visado de investigación a realizar un proxecto de investigación dentro do marco dun convenio de acollida asinado cun organismo de investigación que fose autorizado para os ditos efectos.

Non será requirible a obtención de visado de investigación en casos de exercicio do dereito á mobilidade por un investigador estranxeiro tras ter iniciado a súa investigación noutro Estado membro da Unión Europea.

2. Aduración da autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación será sempre superior a tres meses e, como máximo, de cinco anos. A súa vixencia será coincidente coa duración do proxecto de investigación en relación co cal se conceda. Limitarase ao exercicio da actividade investigadora para a cal foi concedida.

Artigo 75. Convenio de acollida.

1. Para a sinatura do convenio de acollida será necesario cumprir as seguintes condicións:

a) Que o proxecto de investigación fose aceptado polos órganos competentes do organismo e que estea adecuadamente determinado o seu obxecto e duración, así como que exista dispoñibilidade de medios materiais e financeiros necesarios para a realización do proxecto.

b) Que o investigador estranxeiro acredite estar en posesión dunha titulación superior que lle permita o acceso a programas de doutoramento, relacionada co proxecto de investigación para cuxo desenvolvemento se solicita a autorización de residencia temporal e traballo.

2. O convenio de acollida incorporará o contrato de traballo asinado polo organismo e o investigador estranxeiro, con data de inicio de vixencia condicionada á concesión da autorización.

3. Serán causas de resolución do convenio de acollida a denegación da autorización de residencia e traballo para investigación, así como a resolución do contrato. O investigador estranxeiro cuxo convenio de acollida fose resolto por causas que non lle son imputables ou que sexa suxeito dun convenio de acollida cuxa vixencia finalizase poderá modificar a súa situación nos termos establecidos no título XII deste regulamento.

Artigo 76. Requisitos para a concesión da autorización de residencia temporal e traballo para investigación.

Para a concesión dunha autorización de residencia temporal e traballo para investigación será necesario acreditar o cumprimento das seguintes condicións:

1. En relación coa residencia dos estranxeiros que se pretende contratar será necesario:

a) Que non se encontren irregularmente en territorio español.

b) Que carezan de antecedentes penais, tanto en España coma nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.

c) Que non figuren como rexeitables no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.

d) Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de residencia temporal.

2. En relación coa actividade que se vaia desenvolver será necesario:

a) Que o organismo de investigación estea autorizado para a sinatura de convenios de acollida para os efectos previstos neste capítulo. Para os citados efectos, o Ministerio de Ciencia e Innovación manterá actualizada unha listaxe dos organismos autorizados para acoller investigadores estranxeiros, ben fosen autorizados pola Administración xeral do Estado ben polas comunidades autónomas con competencia sobre a materia.

Para os ditos efectos, as comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Ciencia e Innovación os organismos de investigación que fosen autorizados para a sinatura de convenios de acollida polas autoridades autonómicas competentes.

b) Que o organismo de investigación formalizase a súa inscrición no correspondente réxime do sistema de Seguridade Social e se encuentre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

c) Que o organismo de investigación asinase co investigador estranxeiro un convenio de acollida que lle garanta ao investigador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización, que incluíra o correspondente contrato de traballo.

d) Que o investigador teña a capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.

e) Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de traballo.

3. Por orde do Ministerio de Ciencia e Innovación, contando co informe previo da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, establecerase o procedemento para a elaboración e publicación da listaxe de organismos de investigación autorizados para acoller investigadores estranxeiros.

A dita orde ministerial, logo de consulta ás comunidades autónomas a través dos mecanismos de colaboración e cooperación existentes en materia de investigación, establecerá os requisitos xerais para que as administracións competentes autoricen os organismos de investigación para a subscripción de convenios de acollida con investigadores estranxeiros.

Artigo 77. *Procedemento.*

1. O organismo de investigación que asinase un convenio de acollida cun estranxeiro non residente en España deberá presentar, no modelo oficial establecido para o efecto, e a través de quen validamente teña atribuída a representación legal, a correspondente solicitude de autorización inicial de residencia e traballo para investigación, ante o órgano competente para a súa tramitación da provincia onde se vaia iniciar o proxecto de investigación.

2. Coa solicitude de autorización, deberá achegarse a seguinte documentación:

a) O NIF, e o documento público que outorgue a representación legal do organismo de investigación en favor da persoa física que formule a solicitude.

A inscrición do organismo de investigación na Seguridade Social será comprobada de oficio por parte do órgano administrativo ante o cal se presente a solicitude.

b) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do investigador estranxeiro, recoñecido como válido en España.

c) O convenio de acollida asinado entre o investigador estranxeiro e o organismo de investigación, que comprenderá unha memoria descritiva do proxecto de investigación e mais o contrato de traballo entre ambos.

d) A acreditativa da cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.

Igualmente, o órgano competente para a tramitación verificará, de oficio, que o organismo está incluído na listaxe de organismos autorizados para a sinatura de convenios de acollida.

3. Recibida a solicitude, o órgano competente rexistraraa, deixando constancia inmediata da súa presentación, e introduciraa na correspondente aplicación informática, de tal maneira que permita que os órganos competentes para resolver poidan ter coñecemento da solicitude en tempo real.

4. Admitida a trámite a solicitude, procederase á instrución do procedemento e á súa inmediata tramitación e comprobarase de oficio a información respecto ao cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social, e tamén se solicitarán os informes dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil e do Rexistro Central de Penados. Estes informes serán emitidos no prazo máximo de dez días.

A solicitude e emisión dos informes a que se refire este número realizaranse por medios electrónicos.

5. O órgano competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá de forma motivada no prazo de corenta e cinco días desde a presentación da solicitude, atendendo aos requisitos previstos neste capítulo, sobre a autorización inicial de residencia e traballo para investigación solicitada.

O órgano competente gravará de inmediato a resolución na aplicación informática correspondente, de maneira que as autoridades dos organismos afectados, incluído o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a misión diplomática ou oficina consular española correspondente ao lugar de residencia do investigador teñan coñecemento dela en tempo real.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para o acceso en tempo real á resolución mencionada no parágrafo anterior, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación daránlle traslado dela no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción.

Se a resolución é favorable suspenderase a súa eficacia ata a obtención do visado e ata a efectiva entrada do estranxeiro en España, e así se fará constar na propia resolución.

Artigo 78. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo para investigación a comunidades autónomas.

1. Todo procedemento relativo a unha autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación suporá a presentación dunha única solicitude e finalizará cunha única resolución administrativa.

2. No caso de que á comunidade autónoma onde se vaia desenvolver a actividade laboral se lle tivesen traspasado competencias en materia de autorización inicial de traballo para estranxeiros, a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación presentárase ante o órgano autonómico que sexa competente de acordo coa normativa autonómica.

3. O órgano autonómico ante o cal se deba presentar a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación será competente para resolver a inadmisión a trámite ou para declarar a desistencia e o arquivo das actuacións.

Deberá resolver, en todo caso, de acordo co informe preceptivo e vinculante da Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das indicadas causas de inadmisión a trámite, cando afecten a residencia.

As resolucións que dite o órgano autonómico con base no parágrafo anterior serán notificadas por este ao interesado e introducidas na aplicación informática correspondente, de tal maneira que permita o coñecemento delas por parte da Administración xeral do Estado en tempo real.

Os recursos que se poden interpor contra as resolucións que dite o órgano autonómico sobre inadmisión a trámite e desistencia e arquivo de actuacións serán resoltos por este, de acordo co informe preceptivo e vinculante emitido pola Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das causas de inadmisión cando afecten a residencia. En todo caso, o citado órgano deberá introducir os recursos e as resolucións adoptadas na aplicación informática correspondente.

4. Será o órgano autonómico competente o que comprobará o aboamento das taxas correspondentes, e solicitará os informes da Administración Tributaria, incluído, de ser o caso, o da propia comunidade autónoma, e o da Seguridade Social, co fin de comprobar que o empregador está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

O órgano competente da Administración xeral do Estado solicitará, simultaneamente, os informes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e do Rexistro Central de Penados.

5. Á vista da documentación achegada e dos informes obtidos, os órganos competentes da Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma correspondente deberán ditar, de maneira coordinada e concordante, unha resolución conxunta en que deneguen ou concedan a correspondente autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación, que será asinada polos titulares dos órganos competentes de cada unha das administracións e expedida e notificada aos interesados polo órgano autonómico.

En todo caso, a resolución conxunta será desfavorable se concorre algunha causa de denegación referida aos aspectos laborais ou aos de residencia; nela deberán recollerse todas as causas específicas de denegación, así como os órganos que, de ser o caso, deban coñecer dun eventual recurso administrativo ou xudicial contra a resolución.

6. A resolución conxunta a que se fai referencia anteriormente poderá ser impugnada ante calquera dos órganos que a asinen, aínda que se resolverá de forma conxunta e concordante por parte dos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e será notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma.

7. Este artigo será aplicable en relación co investigador estranxeiro que fose admitido como tal nun Estado da Unión Europea e desexe permanecer en territorio español para continuar o proxecto de investigación iniciado nel durante máis de tres meses, de acordo co previsto no artigo 84.2 deste regulamento. Nestes casos, corresponderá á oficina de estranxeiría correspondente a valoración do cumprimento dos requisitos xeralmente exixidos para a concesión do visado de investigación.

Artigo 79. Denegación das autorizacións de residencia temporal e traballo para investigación.

Será causa de denegación desta autorización o incumprimento dalgún dos requisitos previstos neste capítulo para a súa concesión, así como a concorrencia dalgunha circunstancia prevista no artigo 69.1, excepto a alínea b).

Artigo 80. Requisitos para a obtención do visado de investigación.

1. O visado de investigación incorporará a autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación. A vixencia desta comezará desde a data en que se efectúe a entrada en España, a cal se deberá facer constar obrigatoriamente no pasaporte ou título de viaxe.

2. Os requisitos e o procedemento relativos ao visado serán os previstos no artigo 70 respecto ao visado de residencia temporal e traballo por conta allea.

Artigo 81. Efectos do visado de investigación.

1. Unha vez recollido o visado, o investigador deberá entrar no territorio español, de conformidade co establecido no título I, no prazo de vixencia do visado, que non será superior a seis meses e cuxa vixencia abarcará a duración da autorización nos casos en que non proceda a obtención de tarxeta de identidade de estranxeiro.

2. A partir da entrada legal en España do investigador, este poderá comezar a súa actividade e producirase a súa alta e posterior cotización nos termos establecidos pola normativa de Seguridade Social que resulte de aplicación.

3. Se a duración da autorización inicial é superior a seis meses, o investigador deberá solicitar, no prazo dun mes desde a súa entrada en España, a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes. A dita tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro.

4. Se no momento da solicitude da tarxeta de identidade de estranxeiro, ou transcorrido un mes desde a súa entrada en España, non existir constancia de que o investigador autorizado inicialmente a residir e traballar foi afiliado e/ou dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, o órgano competente poderá resolver a extinción da autorización.

Así mesmo, dará traslado ao órgano que autorizase ao organismo de investigación para a sinatura de convenios de acollida, para debida constancia e determinación, de ser o caso, dos posibles efectos no dito ámbito, en caso de sinatura fraudulenta ou negligente de convenios de acollida.

Artigo 82. *Renovación da autorización de residencia temporal e traballo para investigación.*

1. A autorización de residencia e traballo para investigación poderá renovarse á súa expiración por períodos anuais, salvo que corresponda unha autorización de residencia de longa duración, cando o investigador estranxeiro acredite cumprir os requisitos exixibles de cara á concesión dunha autorización inicial, salvo o relativo ao visado.

2. Xunto coa solicitude de renovación, en modelo oficial, deberán presentarse os documentos acreditativos de que se reúnen as condicións exixibles para a concesión dunha autorización inicial.

3. A renovación das autorizacións de residencia temporal e traballo para investigación deberá solicitarse, en modelo oficial, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da vixencia da súa autorización. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que a solicitude se presentase dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizou a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

4. Os efectos da autorización renovada retrotraeranse ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior.

5. Transcorrido o prazo de tres meses para resolver sobre unha solicitude de renovación de autorización de residencia temporal e traballo para investigación, esta entenderase estimada. O órgano competente para conceder a autorización ficará obrigado, logo de solicitude por parte do interesado, a expedir o certificado que acredite a renovación por este motivo e, no prazo dun mes desde a súa notificación del, o seu titular deberá solicitar a renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro.

Artigo 83. *Familiares dos investigadores estranxeiros.*

1. Poderase solicitar, simultaneamente á presentación da solicitude de autorización de residencia temporal e traballo para investigación, unha autorización de residencia temporal a favor dos membros da súa familia que desexe reagrupar.

No caso de que á comunidade autónoma onde se vaia desenvolver a actividade laboral se lle tivesen traspasado competencias en materia de autorización inicial de traballo para estranxeiros e as solicitudes sexan presentadas simultaneamente, todas elas poderán ser presentadas ante o órgano autonómico que sexa competente en relación coa autorización inicial de traballo, que remitirá as de autorización de residencia temporal por reagrupación familiar á oficina de estranxeiría competente para a súa tramitación.

2. A autorización será concedida no caso de acreditación de que se cumpren os requisitos regulamentariamente previstos en relación coa reagrupación familiar e a situación do familiar en España será a de residencia por reagrupación familiar.

3. A solicitude a favor dos familiares poderá ser presentada tanto polo organismo de investigación solicitante da autorización principal como polo propio investigador estranxeiro.

Artigo 84. *Mobilidade dos estranxeiros admitidos como investigadores en Estados membros da Unión Europea.*

1. Todo investigador estranxeiro que fose admitido como tal nun Estado membro da Unión Europea poderá continuar, en España, o desenvolvemento do proxecto de investigación iniciado naquel, por un período de ata tres meses.

2. No caso de que o investigador estranxeiro que fose admitido como tal nun Estado da Unión Europea desexe permanecer en territorio español, para continuar o proxecto de investigación iniciado naquel, durante máis de tres meses, terá que ser autorizado para os ditos efectos polo órgano competente, nos termos establecidos neste capítulo para a concesión dunha autorización inicial, salvo a necesidade de presentar unha solicitude de visado de investigación.

No devandito suposto, o cumprimento dos requisitos xeralmente exixidos de cara á concesión do visado deberá ser acreditado no marco do procedemento de solicitude da autorización inicial de residencia temporal e traballo para investigación.

3. O prazo dun mes para a alta do investigador estranxeiro en Seguridade Social e posterior solicitude da tarxeta de identidade de estranxeiro será computado a partir da data de notificación da resolución pola que lle sexa concedida a autorización de residencia temporal e traballo para investigación.

CAPÍTULO V

Residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE

Artigo 85. Definición.

1. Atópase en situación de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados aquel traballador estranxeiro autorizado a desempeñar unha actividade laboral para a cal se requira contar con cualificación de ensino superior ou, excepcionalmente, acredite un mínimo de cinco anos de experiencia profesional que poida considerarse equiparable á dita cualificación, relacionada coa actividade para cuxo desempeño se conceda a autorización.

2. Para os efectos do presente capítulo, entenderase por cualificación de ensino superior aquela derivada dunha formación de ensino superior, de duración mínima de tres anos e que proporcione o nivel de cualificación necesario para exercer unha profesión que exixa un alto nivel de capacitación ou para ingresar nun programa de investigación avanzada.

Artigo 86. Autorización de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE.

1. A autorización inicial de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados habilita os estranxeiros que residen fóra de España e obtiveron o correspondente visado de residencia e traballo a iniciar, unha vez que se produza a eficacia da autorización, a relación laboral para a cal foron autorizados.

Non será requirible a obtención de visado de residencia e traballo previo en casos de exercicio do dereito á mobilidade, tras ter sido titular dunha das ditas autorizacións noutro Estado membro da Unión Europea.

2. A autorización inicial de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados terá unha duración dun ano.

Artigo 87. Requisitos.

Para a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1. En relación coa residencia dos estranxeiros que se pretende contratar será necesario:

- a) Que non se encontren irregularmente en territorio español.
- b) Que carezan de antecedentes penais, tanto en España como nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.
- c) Que non figuren como rexeitables no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.
- d) Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de residencia temporal.

2. En relación coa actividade que se vai desenvolver será necesario:

a) Que o empregador presente un contrato de traballo que lle garanta ao traballador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización de residencia temporal e traballo.

b) Que as condicións fixadas no contrato de traballo se axusten ás establecidas pola normativa vixente e o convenio colectivo aplicable para a mesma actividade, categoría profesional e localidade, así como que o salario bruto anual especificado no contrato de traballo sexa, cando menos, 1,5 veces o salario bruto anual medio.

Non obstante, sempre que o contrato se axuste á normativa vixente e ao convenio colectivo aplicable, o limiar salarial poderá ser 1,2 veces o salario bruto anual medio establecido para aquelas profesións en que haxa unha necesidade particular de traballadores nacionais de países terceiros e que pertencen a grupos 1 e 2 da Clasificación Internacional Uniforme de Ocupacións, CIUO.

A Dirección Xeral de Inmigración informará anualmente a Comisión Laboral Tripartita de Inmigración sobre a evolución das profesións a que resulte de aplicación o parágrafo anterior.

c) Que o empregador formalizase a súa inscrición no correspondente réxime do sistema de Seguridade Social e se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

d) Que o empregador conte con medios económicos, materiais ou persoais, suficientes para o seu proxecto empresarial e para facer fronte ás obrigas asumidas no contrato fronte ao traballador.

e) Que o estranxeiro teña a capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión

f) Que se aboase a taxa relativa á autorización de traballo.

g) Que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador estranxeiro nos termos previstos no artigo 65 deste regulamento.

Artigo 88. *Procedemento.*

1. O empregador que pretenda contratar un traballador estranxeiro non residente en España deberá presentar persoalmente, ou a través de quen validamente teña atribuída a representación legal empresarial, a correspondente solicitude de autorización inicial de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados, ante o órgano competente para a súa tramitación, da provincia onde se vaia exercer a actividade laboral.

2. Coa solicitude de autorización de residencia e traballo, en modelo oficial, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) O NIF e, no caso de que a empresa estea constituída como persoa xurídica, documento público que outorgue a súa representación legal en favor da persoa física que formule a solicitude.

Se o empregador é persoa física non se lle exixirá a presentación do NIF se accede á verificación dos seus datos a través do sistema de verificación de datos de identidade.

b) O contrato de traballo, no modelo oficial establecido.

c) Os documentos acreditativos dos medios económicos, materiais ou persoais dos que dispón para o seu proxecto empresarial e para facer fronte ás ditas obrigas, de acordo co establecido no artigo 66.

d) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do traballador estranxeiro.

e) A acreditativa da capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión

f) De ser o caso, certificado do servizo público de emprego competente sobre a insuficiencia de demandantes de emprego para cubrir o posto de traballo.

3. Recibida a solicitude, o órgano competente rexistraraa, deixando constancia inmediata da súa presentación, e gravaraa na aplicación correspondente, de tal maneira

que permita en todo caso que os órganos competentes para resolver poidan ter coñecemento da solicitude en tempo real.

4. Admitida a trámite a solicitude, procederase á instrución do procedemento e á súa inmediata tramitación e comprobarase de oficio a información respecto ao cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social, e tamén se solicitarán os informes dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil, e do Rexistro Central de Penados. Estes informes serán emitidos no prazo máximo de dez días.

A solicitude e emisión dos informes a que se refire este número realizaranse por medios electrónicos.

5. O órgano competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá de forma motivada no prazo de corenta e cinco días desde a presentación da solicitude, atendendo aos requisitos previstos neste capítulo, sobre a autorización solicitada.

O órgano competente gravará de inmediato a resolución na aplicación correspondente, de maneira que as autoridades dos organismos afectados, incluído o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a misión diplomática ou oficina consular española correspondente ao lugar de residencia do traballador, teñan coñecemento dela en tempo real.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para o acceso en tempo real á resolución mencionada no parágrafo anterior, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación daránlle traslado dela no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción.

A resolución será debidamente notificada ao empregador, suxeito lexitimado no procedemento e para, de ser o caso, a presentación dos recursos administrativos ou xudiciais que legalmente procedan. Igualmente, será comunicada ao traballador estranxeiro a favor do cal se solicitou a autorización. Os prazos para a interposición dos recursos que procedan serán computados a partir da data de notificación ao empregador ou empresario.

Se a resolución é favorable, suspenderase a súa eficacia ata a obtención do visado e posterior alta do traballador polo empregador que solicitou a autorización no réxime correspondente da Seguridade Social, durante os tres meses posteriores á entrada legal daquel en España, e así se fará constar na propia resolución.

Artigo 89. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo de profesionais altamente cualificados a comunidades autónomas.

1. Todo procedemento relativo a unha autorización inicial de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados suporá a presentación dunha única solicitude e finalizará cunha única resolución administrativa.

2. No caso de que á comunidade autónoma onde se vaia desenvolver a actividade laboral se lle tivesen traspasado competencias en materia de autorización inicial de traballo para estranxeiros, a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados presentárase ante o órgano autonómico que sexa competente de acordo coa normativa autonómica.

3. O órgano autonómico ante o cal se deba presentar a solicitude de autorización inicial de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados será competente para resolver a inadmisión a trámite ou para declarar a desistencia e o arquivo das actuacións.

Deberá resolver, en todo caso, de acordo co informe preceptivo e vinculante da Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das indicadas causas de inadmisión a trámite, cando afecten a residencia.

As resolucións que dite o órgano autonómico con base no parágrafo anterior serán notificadas por este ao interesado e introducidas na aplicación informática correspondente,

de tal maneira que permita o coñecemento delas por parte da Administración xeral do Estado en tempo real.

Os recursos que se poden interpor contra as resolucións que dite o órgano autonómico sobre inadmisión a trámite e desistencia e arquivo de actuacións serán resoltos por este, de acordo co informe preceptivo e vinculante emitido pola Administración xeral do Estado sobre a concorrencia ou non das causas de inadmisión cando afecten a residencia. En todo caso, o citado órgano deberá introducir os recursos e as resolucións adoptadas na aplicación informática correspondente.

4. Será o órgano autonómico competente o que comprobará o aboamento das taxas correspondentes, e solicitará os informes da Administración Tributaria, incluída, de ser o caso, o da propia comunidade autónoma, e o da Seguridade Social, co fin de comprobar que o empregador está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e de seguridade social.

O órgano competente da Administración xeral do Estado solicitará, simultaneamente, os informes da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e do Rexistro Central de Penados.

5. Á vista da documentación achegada e dos informes obtidos, os órganos competentes da Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma correspondente deberán ditar, de maneira coordinada e concordante, unha resolución conxunta en que deneguen ou concedan a correspondente autorización inicial de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados, que será asinada polos titulares dos órganos competentes de cada unha das administracións e expedida e notificada aos interesados polo órgano autonómico.

En todo caso, a resolución conxunta será desfavorable se concorre algunha causa de denegación referida aos aspectos laborais ou aos de residencia; nela deberán recollese todas as causas específicas de denegación, así como os órganos que, de ser o caso, deban coñecer dun eventual recurso administrativo ou xudicial contra a resolución.

6. A resolución conxunta a que se fai referencia anteriormente poderá ser impugnada ante calquera dos órganos que a asinen, aínda que se resolverá de forma conxunta e concordante por parte dos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e será notificada aos interesados polo órgano competente da comunidade autónoma.

7. Este artigo será aplicable en relación co traballador estranxeiro altamente cualificado que fose admitido como tal nun Estado da Unión Europea e desexe obter en España unha autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados de acordo co previsto no artigo 95.2 deste regulamento. Nestes casos, corresponderá á oficina de estranxeiría correspondente a valoración do cumprimento dos requisitos xeralmente exixidos para a concesión do visado.

Artigo 90. Denegación das autorizacións de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados.

1. O órgano competente denegará a concesión da autorización nos supostos seguintes:

a) Cando se incumpra algún dos requisitos previstos neste capítulo para a súa concesión.

b) Cando, para fundamentar a petición, se presentasen documentos falsos ou se formulasen alegacións inexactas, medie mala fe ou os documentos presentados fosen obtidos fraudulentamente.

c) Cando o empregador solicitante fose sancionado mediante resolución firme nos últimos 12 meses por infraccións cualificadas como graves ou moi graves na Lei orgánica 4/2000, salvo a prevista no seu artigo 53.1.d), ou por infraccións en materia de estranxeiría cualificadas como graves ou moi graves no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto legislativo 5/2000.

d) Cando o empresario solicitante fose condenado mediante sentenza firme por delitos contra os dereitos dos traballadores ou contra os estranxeiros, así como contra a

Facenda pública ou a Seguridade Social, salvo que os antecedentes penais fosen cancelados.

e) De así valoralo o órgano competente para resolver, cando conste un informe policial desfavorable.

f) Cando a contratación afecte os sectores que no país de orixe do traballador sofren escaseza de man de obra de acordo co establecido nun acordo internacional sobre a materia.

2. A denegación terá que ser motivada e expresará os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o que terán que presentalo e o prazo para os interpor.

Artigo 91. *Visado de residencia e traballo.*

1. No prazo dun mes desde a notificación ao empregador ou empresa solicitante, o traballador deberá solicitar persoalmente o visado de residencia e traballo na misión diplomática ou oficina consular en cuxa demarcación resida. O procedemento e os requisitos relativos ao visado serán os previstos no artigo 70 sobre a materia.

2. Notificada a concesión do visado no prazo máximo de quince días desde a presentación da solicitude, o traballador deberao recoller persoalmente no prazo dun mes desde a data de notificación. De non se efectuar a recollida no prazo mencionado, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido, e producirase o arquivo do expediente.

3. Será de aplicación á entrada en España e comezo da vixencia da autorización de residencia e traballo o establecido sobre a materia no artigo 70 respecto ao visado.

Artigo 92. *Tarxeta de identidade de estranxeiro.*

No prazo dun mes desde a alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social, este deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes. A dita tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro.

Na tarxeta de identidade de estranxeiro farase constar a lenda «tarxeta azul-UE».

Artigo 93. *Renovación das autorizacións de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados.*

1. A renovación das autorizacións deberá solicitarse, en modelo oficial, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da vixencia da súa autorización. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizou a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

Os efectos da autorización renovada retrotraeranse ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior.

2. A autorización renovarase por períodos bianuais, salvo que corresponda unha autorización de residencia de longa duración, cando o traballador estranxeiro acredite o cumprimento dos requisitos exixibles para a concesión dunha autorización inicial, salvo o relativo a que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador.

3. Notificada a resolución favorable, o estranxeiro deberá solicitar no prazo dun mes a tarxeta de identidade de estranxeiro, na cal se fará constar a lenda «tarxeta azul-UE».

4. Será causa de denegación das solicitudes de renovación, ademais do incumprimento dalgúns dos requisitos exixibles para a concesión dunha autorización inicial, a concorrencia dalgún dos seguintes supostos:

a) Cando, para fundamentar a petición, se presentasen documentos falsos ou se formularan alegacións inexactas, medie mala fe ou os documentos presentados fosen obtidos fraudulentamente.

b) Cando o titular deixase de cumprir as condicións de entrada e residencia no territorio español como profesional altamente cualificado.

c) Cando o titular resida para fins distintos a aqueles para os cales foi inicialmente autorizado a residir.

5. Transcorrido o prazo de tres meses para resolver sobre unha solicitude de renovación de autorización de residencia temporal e traballo, esta entenderase estimada. O órgano competente para conceder a autorización ficará obrigado, logo de solicitude por parte do interesado, a expedir o certificado que acredite a renovación por este motivo e, no prazo dun mes desde a notificación del, o seu titular deberá solicitar a renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro, na cal deberá constar a mención a tarxeta azul-UE.

Artigo 94. *Familiares de profesionais altamente cualificados.*

1. Poderase solicitar, simultaneamente á presentación da solicitude de autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados, unha autorización de residencia temporal a favor dos membros da súa familia que desexe reagrupar.

2. No caso de que á comunidade autónoma onde se vaia desenvolver a actividade laboral se lle tivesen traspasado competencias en materia de autorización inicial de traballo para estranxeiros e as solicitudes sexan presentadas simultaneamente, todas elas poderán ser presentadas ante o órgano autonómico que sexa competente en relación coa autorización inicial de traballo, que remitirá as de autorización de residencia temporal por reagrupación familiar á oficina de estranxeiría competente para a súa tramitación.

O disposto neste número será aplicable aos procedementos regulados no artigo 96 deste regulamento.

3. A autorización será concedida en caso de acreditación de que se cumpren os requisitos regulamentariamente previstos en relación coa reagrupación familiar e a situación do familiar en España será a de residencia por reagrupación familiar.

4. A solicitude a favor dos familiares poderá ser presentada tanto polo empregador solicitante da autorización principal como polo propio traballador estranxeiro altamente cualificado.

Artigo 95. *Mobildade dos traballadores estranxeiros titulares dunha tarxeta azul-UE expedida noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Transcorridos dezaioito meses de titularidade dunha tarxeta azul-UE expedida por outro Estado membro da Unión Europea, o traballador estranxeiro titular dela terá dereito a trasladarse a España co fin de exercer un emprego altamente cualificado, de acordo co establecido neste artigo.

2. En calquera momento anterior á entrada en territorio español e, como máis tarde, no prazo dun mes desde que se efectúe esta, o empregador que desexe contratar un traballador estranxeiro titular dunha tarxeta azul-UE noutro Estado membro ou, de ser o caso, este mesmo, deberá presentar unha solicitude de autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados.

No procedemento relativo á dita solicitude, deberá acreditar o cumprimento dos requisitos e presentar a documentación requirida, de acordo co previsto neste capítulo, para a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal e traballo para profesionais altamente cualificados ao traballador estranxeiro que non ostente previamente a condición establecida no número 1 deste artigo, e salvo a relativa á obtención do visado.

Ao non requirirse a obtención de visado, o cumprimento dos requisitos xeralmente exixidos de cara á concesión deste deberá ser acreditado no marco do procedemento de solicitude da autorización inicial de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados.

3. No caso en que durante a resolución do procedemento se extingue a vixencia da tarxeta azul-UE concedida polo Estado membro primeiro, concederáselle unha autorización de estadía, cuxa vixencia se estenderá ata o momento da terminación do procedemento

relativo á solicitude de autorización de residencia temporal e traballo por resolución expresa debidamente notificada.

4. Se a resolución é favorable, suspenderase a súa eficacia ata a posterior alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social, no prazo dun mes desde a notificación ao suxeito lexitimado que iniciou o procedemento e polo empregador asinante do contrato que figure no procedemento.

No prazo dun mes desde a alta do traballador na Seguridade Social, este deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes. Esta tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro. A tarxeta deberá conter a mención tarxeta azul-UE.

5. Se, transcorrido o prazo establecido no número anterior, en función do suposto concreto que se dea, para que se proceda á alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social non existir constancia de que esta se produciu, este quedará obrigado a saír do territorio nacional; en caso contrario incorrerá en infracción grave por encontrarse irregularmente en España.

Así mesmo, o órgano competente requirirá o empregador que solicitou a autorización para que alegue as razóns polas cales non se iniciou a relación laboral, e polas que non se cumpriu a obriga de comunicación sobre a dita incidencia aos órganos competentes, prevista no artigo 38.4 da Lei orgánica 4/2000.

No citado requirimento farase constar que, de non se recibir contestación a el no prazo de dez días ou de se considerar insuficientes as razóns alegadas polo empregador, o órgano competente dará traslado do expediente á Inspección de Traballo e Seguridade Social, por posible concorrencia dunha infracción grave das previstas no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.

Igualmente, será advertido de que, de finalizar o posible procedemento sancionador con determinación da concorrencia da infracción sinalada no parágrafo anterior, poderán denegarse posteriores solicitudes de autorización que presente por considerar que non se garante a actividade continuada dos traballadores.

Artigo 96. Mobilidade dos familiares dos traballadores estranxeiros titulares dunha tarxeta azul-UE expedida noutro Estado membro da Unión Europea.

1. O empregador que presentase unha solicitude de autorización de residencia temporal e traballo para profesionais cualificados, a favor do titular dunha tarxeta azul-UE noutro Estado membro ou, de ser o caso, este mesmo, poderá solicitar, simultaneamente, unha autorización de residencia a favor dos membros da súa familia que xa se encontrase constituída no anterior Estado membro de residencia, cando se cumpran os requisitos establecidos no presente artigo.

2. A solicitude deberá ser presentada en calquera momento anterior á entrada no territorio español e, como máis tarde, no prazo dun mes desde que se efectúe esta, acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, de cada un dos membros da familia, recoñecido como válido en España.
- b) Copia do permiso de residencia no anterior Estado membro e proba de ter residido como membros da familia do titular da tarxeta azul-UE nel.
- c) Proba de que o titular da tarxeta azul-UE dispón dun aloxamento adecuado para os membros da familia, así como de recursos suficientes para o seu sostemento, nos termos regulamentariamente establecidos respecto á reagrupación familiar.

3. Para a tramitación do procedemento observarase o disposto no artigo anterior respecto á mobilidade do traballador estranxeiro titular dunha tarxeta azul-UE noutro Estado membro da Unión Europea, salvo no relacionado cos aspectos laborais da autorización de residencia temporal e traballo. De concederse, de ser o caso, a autorización a favor dos mencionados familiares, a súa situación en España será a de residencia por reagrupación familiar.

4. No caso de que o titular da tarxeta azul-UE quixer reagrupar membros da súa familia que non formasen parte da familia xa constituída no anterior Estado membro de residencia resultará de aplicación o previsto no artigo 94 deste regulamento.

CAPÍTULO VI

Residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada

Artigo 97. *Definición.*

Atópase en situación de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada o estranxeiro maior de 16 anos autorizado a permanecer en España e a exercer actividades laborais por conta allea en actividades de campaña ou temporada, obras ou servizos, ou formación e prácticas profesionais.

Artigo 98. *Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada.*

1. A autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada tramitárase de acordo co procedemento e os requisitos previstos para as autorizacións de residencia e traballo por conta allea coas especialidades previstas neste capítulo.

2. Esta autorización permite o desenvolvemento das seguintes actividades:

- a) De temporada ou campaña.
- b) De obras ou servizos para:

1.º A montaxe de plantas industriais ou eléctricas.

2.º A construción de infraestruturas, edificacións ou redes de subministración eléctrica, telefónica, de gas ou de ferrocarrís.

3.º A instalación e mantemento de equipos produtivos, así como a súa posta en marcha e reparacións.

c) De carácter temporal realizadas por persoal de alta dirección, deportistas profesionais, artistas, así como outros colectivos que se determinen mediante orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración para os exclusivos efectos de posibilitar a concesión deste tipo de autorización. A dita norma será aprobada tras informe previo da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración.

d) De formación e realización de prácticas profesionais.

3. A duración da autorización coincidirá:

a) No caso de actividades de campaña ou temporada, coa duración do contrato ou contratos de traballo, co límite máximo de nove meses, dentro dun período de doce meses consecutivos.

b) Nos restantes supostos, coa duración do contrato de traballo ou, en caso de que neste, pola súa natureza, non se estableza unha vixencia, coa duración prevista da actividade, debidamente acreditada. En calquera caso, a duración da autorización terá o límite máximo de doce meses, a partir do cal non será susceptible de prórroga, sen prexuízo da posibilidade excepcional desta cando o empregador acredite circunstancias sobrevidas que determinen a necesidade de continuidade da relación laboral e sempre que a prórroga non sexa contraria á normativa laboral que resulte de aplicación.

4. Nos supostos dos números 2.a) e 2.b), a solicitude poderase formular a través do procedemento establecido na Orde de xestión colectiva de contratacións en orixe cando se pretenda a contratación de dez ou máis traballadores para unha mesma actividade.

Artigo 99. *Requisitos.*

1. Para obter a autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada, é necesario cumprir os requisitos establecidos no artigo 64 deste regulamento.

En todo caso, os contratos de traballo deberán conter, polo menos, os aspectos previstos no artigo 2.2 do Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o artigo 8, número 5, da Lei do Estatuto dos traballadores en materia de información ao traballador sobre os elementos esenciais do contrato de traballo, así como unha previsión do salario neto que percibirá o traballador.

2. Igualmente, será requisito que se deberá cumprir en todos os supostos que o traballador estranxeiro se comprometa a retornar ao país de orixe unha vez concluída a relación laboral.

O incumprimento desta obriga por parte do traballador poderá ser causa de denegación de ulteriores solicitudes de autorizacións para traballar, durante os tres anos seguintes ao termo da autorización concedida.

Para os efectos de que se verifique o retorno do traballador, este deberase presentar na misión diplomática ou na oficina consular que lle expediu o visado no prazo dun mes desde o termo da súa autorización en España. A misión ou oficina deberalle entregar ao estranxeiro un documento acreditativo da súa comparecencia e gravará esta circunstancia na correspondente aplicación informática e dará traslado desta información ao Ministerio do Interior para os efectos da súa anotación no Rexistro Central de Estranxeiros. Nestes casos, o cumprimento por parte do traballador das súas obrigas, así como a acreditación do seu regreso ante a autoridade diplomática ou consular competente, facultarao para cubrir outras posibles ofertas de emprego que se xeren na mesma actividade.

3. Ademais, para os supostos previstos nas alíneas a) e b) do artigo 98.2, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que o empregador poña á disposición do traballador un aloxamento adecuado que reúna as condicións previstas na normativa en vigor e sempre que quede garantida, en todo caso, a dignidade e hixiene adecuadas do aloxamento.

Para efectos do control da previsión anterior, impulsárase o establecemento de instrumentos de colaboración coas administracións públicas competentes na materia e, de ser o caso, con entidades privadas.

Excepcionalmente, e salvo no suposto previsto no artigo 98.2.a), a obriga de proporcionar aloxamento poderase exceptuar en virtude das condicións en que se desenvolva a actividade laboral.

b) Que o empregador organice as viaxes de chegada a España e de regreso ao país de orixe e asuma, como mínimo, o custo da primeira de tales viaxes e os gastos de traslado de ida e volta entre o posto de entrada a España e o lugar do aloxamento, así como que actuase dilixentemente de cara a garantir o regreso dos traballadores ao seu país de orixe en anteriores ocasións.

Non se terá en conta a situación nacional de emprego nos supostos previstos no artigo 40.1, alíneas c) e k) da Lei orgánica 4/2000.

4. No caso do suposto recollido no artigo 98.2.c), é necesario, ademais de cumprir o previsto no número 1 deste artigo, posuír as licenzas administrativas que, de ser o caso, se exixan para o desenvolvemento da actividade profesional.

5. No caso do suposto recollido no artigo 98.2.d), é necesario, ademais, que se formalicen contratos de traballo en prácticas ou para a formación nos termos establecidos na normativa española que regula estas modalidades contractuais.

Artigo 100. *Procedemento.*

1. A solicitude tramitárase polo procedemento previsto no artigo 67 deste regulamento para as autorizacións iniciais de residencia temporal e traballo por conta allea.

2. Sen prexuízo disto, o procedemento relativo aos supostos establecidos no artigo 98.2.a) e b) terá as seguintes especialidades:

a) En relación co suposto previsto no artigo 98.2.a), as ofertas de emprego serán postas á disposición do Servizo Público de Emprego Estatal e dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas para que lles dean publicidade durante vinte e cinco días en calquera dos espazos públicos destinados á difusión de ofertas de que dispoñan os citados servizos públicos de emprego, para os efectos de que os traballadores que residan en calquera parte do territorio nacional poidan concorrer á súa cobertura, previamente a que sexan tramitadas para a súa cobertura por traballadores que se atopen no estranxeiro.

En relación cos restantes supostos previstos no artigo 98.2, a acreditación de que a situación nacional de emprego permite a contratación do traballador realizárase baseándose no previsto no artigo 65.2 deste regulamento.

b) As solicitudes para cubrir os postos para os cales non concorren traballadores residentes serán presentadas polas empresas ou polas organizacións empresariais, que para estes supostos serán atribuída a representación legal empresarial, cunha antelación mínima de tres meses ao inicio da actividade laboral.

c) O órgano competente comprobará que as solicitudes presentadas cumpren os requisitos exixidos para a contratación previstos neste regulamento. Das resolucións adoptadas darase traslado ás organizacións sindicais máis representativas e empresariais de ámbito provincial, as cales poderán transmitirle ao órgano competente as eventuais consideracións en relación con elas.

Igualmente, a Delegación ou Subdelegación do Goberno competente remitiralle con periodicidade mensual información estatística sobre resolucións favorables á comunidade autónoma e ao concello do municipio no ámbito territorial do cal se vaia desenvolver a actividade laboral, así como ás comisións provinciais tripartitas.

3. Cando a resolución for favorable, notificaráselle ao empregador a autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada, cuxa eficacia quedará suspendida ata:

a) No caso de actividades de temporada ou campaña: a expedición, de ser o caso, do visado e a efectiva entrada do estranxeiro en territorio nacional.

b) Nos supostos do artigo 98.2 b), c) e d), a obtención do visado e posterior alta do traballador, no prazo de tres meses desde a súa entrada legal en España e polo empregador que solicitou a autorización, no réxime correspondente da Seguridade Social.

4. No momento en que a autoridade competente dispoña dos contratos asinados polos empresarios, procederá a facer constar neles a dilixencia aprobatoria da autorización, e indicará a ocupación, o ámbito territorial e a duración autorizados. Os exemplares dos contratos seranlles remitidos de novo aos empresarios para que poidan ser asinados polo traballador no país de orixe, ante a oficina consular competente para a expedición do visado.

Artigo 101. *Visado.*

1. O visado de residencia e traballo para actividades de duración determinada tramitarase polo procedemento establecido no capítulo III deste título; serán exixibles os requisitos e documentos que cómpre presentar previstos en relación co visado de residencia e traballo por conta allea.

Igualmente, deberase achegar un documento asinado polo traballador en que se comprometa a retornar ao país de orixe unha vez concluída a relación laboral. A non presentación do dito documento será causa de denegación do visado.

No caso dos visados concedidos para a realización de traballos de temporada ou campaña, estes incorporarán a autorización de residencia e traballo, facendo constar a súa natureza temporal. A vixencia da autorización comezará desde a data en que se

efectúe a entrada do traballador en España, a cal constará obrigatoriamente no pasaporte ou título de viaxe. A duración do visado de residencia e traballo de temporada dará cobertura á totalidade do período autorizado para residir e traballar.

2. No suposto regulado no artigo 98.2.a), cando no prazo dun mes desde a súa entrada en España non exista constancia de que o traballador foi dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, o órgano competente poderá resolver a extinción da autorización.

Así mesmo, o órgano competente requirirá o empregador para que alegue as razóns polas cales non se iniciou a relación laboral, coa advertencia de que, de non alegar ningunha xustificación ou de as razóns aducidas se consideraren insuficientes, se lle poderán denegar ulteriores solicitudes de autorización que presente por considerar que non se garante a actividade continuada dos traballadores, así como da posible concorrencia dunha infracción grave das previstas no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.

3. Nos supostos regulados no artigo 98.2 b), c) e d), se, finalizado o prazo de tres meses desde a súa entrada legal en España, non existise constancia de que o traballador foi dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, este quedará obrigado a saír do territorio nacional; en caso contrario, incorrerá en infracción grave por se atopar irregularmente en España.

Así mesmo, o órgano competente requirirá o empregador que solicitou a autorización para que alegue as razóns polas cales non se iniciou a relación laboral, e polas cales non se cumpriu a obriga de comunicación sobre a dita incidencia aos órganos competentes, prevista no artigo 38.4 da Lei orgánica 4/2000.

No dito requirimento farase constar que, de non se recibir contestación a este no prazo de dez días ou de se consideraren insuficientes as razóns alegadas polo empregador, o órgano competente dará traslado do expediente á Inspección de Traballo e Seguridade Social, por posible concorrencia dunha infracción grave das previstas no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.

Igualmente, advertiralle que, de finalizar o posible procedemento sancionador coa determinación da concorrencia da infracción sinalada no parágrafo anterior, se lle poderán denegar ulteriores solicitudes de autorización que presente por considerar que non se garante a actividade continuada dos traballadores.

4. Para os supostos recollidos nas alíneas b) c) e d) do artigo 98.2, non será precisa a obtención da tarxeta de identidade de estranxeiro cando a contratación dos traballadores sexa para un período inferior ou igual a seis meses.

Artigo 102. *Prórroga das autorizacións.*

1. As autorizacións de temporada ou campaña poderanse prorrogar ata nove meses en función do período de contratación inicial.

2. Nos restantes supostos:

a) No caso de que a prórroga non exceda o período de doce meses desde a data de comezo da vixencia da autorización, o empregador deberá acreditar que esta se solicita para continuar coa realización da mesma obra, servizo ou actividade especificados no contrato. A duración da prórroga coincidirá coa finalización da obra, servizo ou actividade, co límite do período de doce meses desde a data de comezo da vixencia da autorización.

b) No caso de que se supere o período de doce meses desde a data de comezo da vixencia da autorización, a prórroga terá carácter excepcional. O empregador deberá acreditar que esta se solicita para continuar coa realización da mesma obra, servizo ou actividade especificados no contrato, así como o carácter sobrevido da necesidade de que a relación laboral continúe.

CAPÍTULO VII

Residencia temporal e traballo por conta propia

Artigo 103. *Definición, duración e ámbito.*

Atópase en situación de residencia temporal e traballo por conta propia o estranxeiro maior de 18 anos autorizado a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos, e a exercer unha actividade lucrativa por conta propia.

Artigo 104. *Autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia.*

A autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia terá unha duración dun ano e limitarase a un ámbito xeográfico autonómico e a un sector de actividade.

Cando a comunidade autónoma teña recoñecidas competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta propia, poderá fixar o ámbito xeográfico da autorización dentro do seu territorio.

Artigo 105. *Requisitos.*

1. Para a concesión dunha autorización inicial de residencia temporal e de traballo por conta propia, será necesario acreditar, en cada caso, os requisitos que se establecen neste artigo relativos ao ámbito da residencia e laboral, respectivamente.

2. Será necesario cumprir as seguintes condicións, en materia de residencia:

- a) Que o traballador non se atope irregularmente en territorio español.
- b) Que o traballador careza de antecedentes penais, tanto en España como nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.
- c) Que o traballador non figure como rexeitable no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.
- d) Que transcorrese o prazo de compromiso de non regreso a España do estranxeiro, asumido por este no marco do seu retorno voluntario ao país de orixe.
- e) Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de residencia temporal.

3. Por outra parte, será necesario cumprir as seguintes condicións en materia de traballo:

- a) Cumprir os requisitos que a lexislación vixente lles exige aos nacionais para a apertura e funcionamento da actividade proxectada.
- b) Posuír a cualificación profesional legalmente exixida ou experiencia acreditada suficiente no exercicio da actividade profesional, así como, de ser o caso, a colexiación cando así se requira.
- c) Acreditar que o investimento previsto para a implantación do proxecto sexa suficiente e a incidencia, de ser o caso, na creación de emprego.
- d) Que o estranxeiro conte con recursos económicos suficientes para a súa manutención e aloxamento. No caso de que os recursos acreditados deriven do exercicio da actividade por conta propia, a súa valoración realizarase unha vez deducidos os necesarios para o mantemento da actividade.

As contías que cumprirá acreditar serán aquelas previstas en relación con solicitudes de autorización de residencia temporal por reagrupación familiar, en función das persoas que o interesado teña ao seu cargo.

- e) Ter aboado a taxa relativa á autorización de traballo por conta propia.

Artigo 106. *Procedemento.*

1. O traballador estranxeiro non residente que pretenda traballar por conta propia en España deberá presentar, persoalmente, en modelo oficial, a solicitude de autorización de residencia temporal e traballo por conta propia ante a oficina consular española correspondente ao seu lugar de residencia.

2. A solicitude de autorización de residencia temporal e traballo por conta propia deberá ir acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previstos no artigo anterior, e en particular de:

- a) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do solicitante.
- b) Relación das autorizacións ou licenzas que se exixan para a instalación, apertura ou funcionamento da actividade proxectada ou para o exercicio profesional, que indique a situación en que se atopen os trámites para a súa consecución, incluíndo, de ser o caso, as certificacións de solicitude ante os organismos correspondentes.
- c) A acreditativa da capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.
- d) Proxecto de establecemento ou actividade que se pretende realizar, con indicación do investimento previsto, a súa rendibilidade esperada e, de ser o caso, postos de traballo cuxa creación se prevexa, así como documentación acreditativa de que conta co investimento económico necesario para a implantación do proxecto, ou ben con compromiso de apoio suficiente por parte de institucións financeiras ou outras.

3. A misión diplomática ou oficina consular rexistrará a solicitude e entregáralle ao interesado a comunicación de inicio de procedemento tras verificación previa do aboamento das taxas por tramitación do procedemento, ou, de ser o caso, resolverá a inadmisión a trámite.

No suposto de que non se presenten os documentos recollidos no número 2 deste artigo, a misión diplomática ou oficina consular requirirá o interesado e advertíralle expresamente que, de non os achegar no prazo de dez días ou non proceder ao pagamento das taxas por tramitación do procedemento, se considerará que desiste da petición e se procederá ao arquivo do expediente.

4. Presentada na forma procedente ou saneada a solicitude de autorización de residencia temporal e traballo por conta propia, a misión diplomática ou oficina consular, ou, cando esta non dispoña dos medios técnicos necesarios, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, gravarán a solicitude no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción na aplicación informática correspondente, de maneira que os órganos da Administración ou administracións competentes teñan coñecemento desta en tempo real e poidan impulsar a súa tramitación.

No caso de que o traslado da solicitude e da documentación correspondente non se puiden realizar por medios electrónicos, a misión diplomática ou oficina consular dará traslado físico desta, a través da Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios, ao órgano competente da Administración xeral do Estado ou ao da comunidade autónoma no territorio da cal solicite a residencia o estranxeiro, de a esta se lle teren traspasado competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia.

5. O órgano competente da Administración xeral do Estado resolverá a concesión ou denegación da autorización. Para os ditos efectos, solicitará de oficio o informe dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil en materia de seguridade e orde pública, así como o do Rexistro Central de Penados. Estes informes serán emitidos no prazo de sete días.

A autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia será denegada cando non se cumpran os requisitos establecidos para a súa concesión nos números 2 e 3 do artigo 105, salvo o previsto no artigo 105.2.b) no que respecta á carencia de antecedentes penais fóra de España, que será valorado pola oficina consular en relación co visado de residencia e traballo.

A autorización será igualmente denegada en caso de concorrencia dalgún suposto dos previstos no artigo 69.1, alíneas d), e) ou f).

6. Ao resolver sobre a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia, o órgano competente, que será o autonómico cando teña competencias en materia de autorización inicial de traballo por conta propia, deberá gravar de inmediato a resolución favorable na aplicación informática correspondente, de maneira que os órganos da administración ou administracións afectadas teñan coñecemento en tempo real desta, e condicionará a súa vixencia á solicitude e, de ser o caso, á expedición do visado, e posterior alta do traballador, durante os tres meses posteriores á súa entrada legal en España, no réxime correspondente da Seguridade Social.

Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para o acceso en tempo real á resolución mencionada no parágrafo anterior, os servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación darán traslado electrónico dela no prazo de vinte e catro horas desde a súa recepción.

A misión diplomática ou oficina consular notificaralle ao interesado a resolución sobre a solicitude de autorización de residencia temporal e traballo por conta propia.

Artigo 107. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia a comunidades autónomas.

Todo procedemento relativo a unha autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia suporá a presentación dunha única solicitude e finalizará cunha única resolución administrativa.

Cando á comunidade autónoma respecto á cal se solicite a autorización inicial de residencia temporal e traballo se lle tivesen traspasado competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta propia, corresponderalle ao órgano autonómico competente verificar o cumprimento dos requisitos en materia de traballo e, simultaneamente, ao competente da Administración xeral do Estado os requisitos en materia de residencia.

Os órganos competentes daquela e da Administración xeral do Estado, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, ditarán de maneira coordinada e concordante resolución conxunta pola que se denegue ou conceda a correspondente autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia, que será asinada polos titulares dos indicados órganos competentes.

En todo caso, a resolución conxunta será desfavorable se concorre algunha causa de denegación en materia de traballo ou ben en materia de residencia, e nela deberanse recoller as causas específicas de denegación, así como o órgano que, de ser o caso, deba coñecer dun eventual recurso administrativo contra a resolución.

A resolución conxunta poderá ser impugnada ante calquera dos órganos que a asinen, ben que será resolta de forma conxunta e concordante polos titulares dos órganos competentes de ambas as administracións e seralles notificada aos interesados pola misión diplomática ou oficina consular.

Artigo 108. Visado de residencia e traballo e entrada en España.

1. O interesado presentará, persoalmente, a solicitude de visado en modelo oficial, no prazo dun mes desde a data da notificación da concesión da autorización de residencia temporal e traballo por conta propia ante a misión diplomática ou oficina consular española correspondente ao seu lugar de residencia.

Xunto á solicitude de visado, o estranxeiro deberá presentar a seguinte documentación:

a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.

b) Certificado de antecedentes penais, que debe ser expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

c) Certificado médico co fin de acreditar que non padece ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.

De oficio, a misión diplomática ou oficina consular comprobará que foron aboadas as taxas por tramitación do procedemento e verificará, na aplicación informática correspondente, que se concedeu a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia condicionada.

2. A misión diplomática ou oficina consular, en atención ao cumprimento dos requisitos acreditados ou verificados de acordo co número anterior, resolverá sobre a solicitude e expedirá, de ser o caso, o visado de residencia e traballo, no prazo máximo dun mes.

3. Notificada, de ser o caso, a concesión do visado, o solicitante deberao recoller persoalmente no prazo dun mes desde a notificación. De non se efectuar a recollida no prazo mencionado, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido, e producirase o arquivo do expediente.

4. Unha vez recollido o visado, o traballador deberá entrar no territorio español, de conformidade co establecido no título I, durante a vixencia deste, que será de tres meses. O visado habilitarao para a entrada e a permanencia en situación de estadía en España.

5. No prazo dos tres meses posteriores á entrada legal do traballador en España, deberase producir a súa afiliación, alta e posterior cotización, nos termos establecidos pola normativa de Seguridade Social que resulte de aplicación. A alta no réxime correspondente da Seguridade Social no mencionado prazo dotará de eficacia a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta propia.

6. No prazo dun mes desde a alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social, este deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes. A dita tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro.

7. Se, finalizado o prazo de tres meses de estadía, non existir constancia de que o traballador se deu de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, este quedará obrigado a saír do territorio nacional; en caso contrario incorrerá en infracción grave por se encontrar irregularmente en España.

Artigo 109. *Renovación da autorización de residencia e traballo por conta propia.*

1. A autorización de residencia e traballo por conta propia poderá ser renovada, no momento da súa expiración:

a) Cando se acredite a continuidade na actividade que deu lugar á autorización que se renova, comprobando previamente de oficio o cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Os descubertos na cotización á Seguridade Social non impedirán a renovación da autorización, sempre que se acredite a realización habitual da actividade. O órgano competente porá en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social a situación de descuberto de cotización, para os efectos de que se leven a cabo as actuacións que procedan.

b) Cando o cónxuxe cumpra cos requisitos económicos para reagrupar o traballador. Procederase igualmente á renovación cando o requisito sexa cumprido pola persoa con que o estranxeiro mantéña unha relación de análoga afectividade á conxugal nos termos previstos en materia de reagrupación familiar.

c) Cando o órgano xestor competente, conforme a normativa sobre a materia, lle recoñecese ao estranxeiro traballador autónomo a protección por cesamento de actividade.

2. O estranxeiro que desexe renovar a súa autorización de residencia e traballo por conta propia deberá dirixir a súa solicitude ao órgano competente para a súa tramitación, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da vixencia da súa autorización. A presentación da solicitude neste prazo prorroga a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto de que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

3. Á solicitude, en modelo oficial, deberáselle xuntar a documentación que acredite que segue a cumprir os requisitos que se exixen para a concesión inicial ou, de ser o caso, de que concorre algún dos supostos previstos nas alíneas b) e c) do número 1 deste artigo. En todo caso, a solicitude irá acompañada de informe emitido polas autoridades autonómicas competentes que acredite a escolarización dos menores ao seu cargo en idade de escolarización obrigatoria.

4. No caso de que a partir da documentación presentada xunto á solicitude non quede acreditada a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean a cargo do solicitante, a oficina de estranxeiría porá esta circunstancia en coñecemento das autoridades educativas competentes, e advertirlle expresamente e por escrito ao estranxeiro solicitante que, en caso de non se producir a escolarización e presentarse o correspondente informe no prazo de trinta días, a autorización non será renovada.

5. A oficina competente para a tramitación do procedemento comprobará de oficio a información sobre que o interesado está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, e tamén solicitará o certificado de antecedentes penais e resolverá.

Valorarase, en función das circunstancias de cada suposto, a posibilidade de lles renovar a autorización de residencia e traballo aos estranxeiros que fosen condenados pola comisión dun delito e cumprisen a condena, os que foron indultados ou que se atopen na situación de remisión condicional da pena.

6. Igualmente, valorarase o esforzo de integración do estranxeiro acreditado mediante o informe positivo da comunidade autónoma do seu lugar de residencia.

O dito esforzo de integración poderá ser alegado polo estranxeiro como información para ser valorada no caso de non acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos previstos para a renovación da autorización.

O informe terá como contido mínimo a certificación, de ser o caso, da participación activa do estranxeiro en accións formativas destinadas ao coñecemento e respecto dos valores constitucionais de España, os valores estatutarios da comunidade autónoma en que se resida, os valores da Unión Europea, os dereitos humanos, as liberdades públicas, a democracia, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes, así como a aprendizaxe das linguas oficiais do lugar de residencia. Neste sentido, a certificación fará expresa mención ao tempo de formación dedicado aos ámbitos sinalados.

O informe terá en consideración as accións formativas desenvolvidas por entidades privadas debidamente acreditadas ou por entidades públicas.

7. A autorización de residencia e traballo por conta propia renovada terá unha vixencia de dous anos, salvo que corresponda unha autorización de residencia de longa duración. Os efectos da autorización renovada retrotraeranse ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior.

8. Entenderase que a resolución é favorable no suposto de que a Administración non resolva expresamente no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude. O órgano competente para conceder a autorización ficará obrigado a expedir o certificado que acredite a renovación por este motivo e, no prazo dun mes desde a súa notificación, o seu titular deberá solicitar a renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro.

CAPÍTULO VIII

Residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizosArtigo 110. *Definición.*

1. Atópase en situación de residencia temporal e traballo no marco dunha prestación transnacional de servizos o traballador estranxeiro que se desprace a un centro de traballo en España e dependa, mediante expresa relación laboral, dunha empresa establecida nun Estado non pertencente á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo, nos seguintes supostos:

a) Cando o dito desprazamento temporal se produza por conta e baixo a dirección da empresa estranxeira en execución dun contrato asinado entre esta e o destinatario da prestación de servizos que estea establecido ou que exerza a súa actividade en España, no suposto establecido na disposición adicional cuarta da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.

b) Cando o dito desprazamento temporal se produza a centros de traballo en España da mesma empresa ou doutra empresa do grupo de que esta forme parte.

c) Cando o dito desprazamento temporal afecte traballadores altamente cualificados e teña por obxecto a supervisión ou asesoramento de obras ou servizos que empresas radicadas en España vaian realizar no exterior.

2. Quedan expresamente excluídos deste tipo de autorización os desprazamentos realizados con motivo do desenvolvemento de actividades formativas nos supostos previstos nas alíneas a) e c) do número anterior e do persoal navegante respecto das empresas da mariña mercante.

3. Esta autorización de residencia e traballo limitarase a unha ocupación e ámbito territorial concretos. A súa duración coincidirá co tempo do desprazamento do traballador co límite dun ano.

Artigo 111. *Requisitos.*

1. Para a concesión desta autorización, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) En relación coa residencia dos estranxeiros que se pretenden desprazar, será necesario:

1.º Que non se atopen irregularmente en territorio español.

2.º Que carezan de antecedentes penais, tanto en España como nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.

3.º Que non figuren como rexeitables no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.

4.º Que transcorrese o prazo de compromiso de non regreso a España do estranxeiro, asumido por este no marco do seu retorno voluntario ao país de orixe.

5.º Que a residencia do traballador estranxeiro no país ou países onde está establecida a empresa que o despraza é estable e regular.

6.º Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de residencia temporal.

b) En relación coa actividade laboral que desenvolverán os estranxeiros que se pretenden desprazar, será necesario:

1.º Que a situación nacional de emprego permita o desprazamento.

No caso de que o empregador acredite que a actividade que vai desempeñar o traballador require un coñecemento directo e fidedigno da empresa non resultará de

aplicación este requisito aos supostos que se encadren no artigo 110.1.b), de conformidade co artigo 40.2.c) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2.º Que a actividade profesional do traballador estranxeiro no país ou países en que está establecida a empresa que o despraza teña carácter habitual, e que se dedique á dita actividade como mínimo durante un ano e estivese ao servizo de tal empresa, polo menos, nove meses.

3.º Que a empresa á que se despraza se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

4.º Que a empresa que o despraza lles garanta aos seus traballadores desprazados temporalmente a España os requisitos e condicións de traballo aplicables, de acordo co establecido na Lei 45/1999, do 29 de novembro.

5.º Que se aboase a taxa por tramitación da autorización de traballo.

Artigo 112. *Procedemento.*

O procedemento de tramitación da autorización de residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos será o establecido no capítulo III deste título, coas seguintes especialidades:

1. O empregador que pretenda desprazar un traballador estranxeiro a España deberá presentar, persoalmente ou a través de quen validamente teña atribuída a representación legal empresarial, a correspondente solicitude de autorización de residencia e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos ante:

- a) A oficina de estranxeiría do lugar onde se vaian prestar os servizos; ou
- b) Ante a misión diplomática ou oficina consular correspondente ao seu lugar de residencia, suposto no cal serán de aplicación as regras de ordenación do procedemento establecidas para as autorizacións iniciais de residencia temporal e traballo por conta propia.

2. Á solicitude de autorización de residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Copia do pasaporte completo ou documento de viaxe en vigor do traballador estranxeiro.
- b) Os documentos necesarios para acreditar que concorre un dos supostos previstos no artigo 110 deste regulamento. Isto incluirá en todo caso:
 - No suposto previsto no artigo 110.1.a), copia do contrato de prestación de servizos.
 - No suposto previsto no artigo 110.1.b), escritura ou documento público que acredite que as empresas pertencen ao mesmo grupo.
- c) Os documentos que acrediten que a residencia do traballador estranxeiro no país ou países onde está establecida a empresa que o despraza é estable e regular.
- d) De ser o caso, certificado do servizo público de emprego competente sobre a insuficiencia de demandantes de emprego para cubrir o posto de traballo.
- e) Aqueles documentos que xustifiquen a concorrencia, de seren alegados polo interesado, dalgún ou algúns dos supostos específicos de non consideración da situación nacional de emprego establecidos no artigo 40 da Lei orgánica 4/2000 ou por convenio internacional.
- f) A documentación acreditativa que identifica a empresa que despraza o traballador estranxeiro e o seu domicilio fiscal.
- g) A acreditativa da capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.
- h) O contrato de traballo do traballador estranxeiro coa empresa que o despraza e unha memoria das actividades que o traballador vai desenvolver no marco do seu desprazamento.

i) O certificado de desprazamento da autoridade ou institución competente do país de orixe que acredite que o traballador continúa suxeito á súa lexislación en materia de seguridade social, de existir instrumento internacional de seguridade social aplicable.

No caso de inexistencia de instrumento internacional de seguridade social aplicable ao respecto, un documento público sobre nomeamento de representante legal da empresa que despraza o traballador, para os efectos do cumprimento das obrigas de seguridade social.

Artigo 113. *Denegación das autorizacións de residencia e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.*

Será causa de denegación desta autorización, ademais do incumprimento dalgún dos requisitos previstos neste capítulo, a concorrencia dalgunha circunstancia prevista no artigo 69.1.

Artigo 114. *Visado de residencia e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos e entrada en España.*

1. O visado de residencia e traballo que se expida nos supostos a que se refire este capítulo habilita para a entrada e estadía por un período máximo de tres meses e para o comezo, durante os tres meses posteriores á data de entrada legal en España, da actividade laboral en relación coa cal fose autorizado o estranxeiro.

Durante o dito prazo de tres meses, deberase producir a alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social, que dotará de eficacia a autorización de residencia e traballo.

2. No caso de que, baseándose nun instrumento internacional de seguridade social aplicable, o traballador continúe suxeito á lexislación do seu país de orixe sobre a materia, a eficacia da autorización de residencia temporal e traballo no marco dunha prestación transnacional de servizos producirase no momento da entrada legal do traballador en España durante a vixencia do visado.

3. No prazo dun mes desde a data de eficacia da autorización, o traballador cuxa autorización teña unha vixencia superior a seis meses deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes. A dita tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro.

Artigo 115. *Prórroga da autorización de residencia temporal e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.*

1. As autorizacións reguladas neste capítulo serán prorrogables polo período previsto de continuidade da actividade que motivou o desprazamento temporal, co límite máximo dun ano ou o previsto en convenios internacionais asinados por España, de se acreditaren idénticas condicións ás exixidas para a concesión da autorización inicial.

2. A prórroga da autorización deberase solicitar, en modelo oficial, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da súa vixencia. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento.

Artigo 116. *Autorización para traballos de temporada ou campaña no marco de prestacións transnacionais de servizos.*

Aos traballadores de temporada ou campaña seralles de aplicación o disposto no capítulo VI deste título en relación con desprazamentos daqueles que estean no cadro de persoal dunha empresa que desenvolva a súa actividade nun Estado non pertencente á Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo, de cara a traballaren temporalmente en España para a mesma empresa ou grupo, sempre que se reúnan as seguintes condicións:

a) Que a residencia do traballador estranxeiro no país onde radica a empresa que o despraza é estable e regular.

b) Que a actividade profesional do traballador estranxeiro no país en que radica a empresa que o despraza ten carácter habitual, e que se dedicou á dita actividade como mínimo durante un ano e estivo ao servizo de tal empresa, polo menos, nove meses.

c) Que a empresa que o despraza lles garante aos seus traballadores desprazados temporalmente a España os requisitos e condicións de traballo aplicables, de acordo co establecido na Lei 45/1999, do 29 de novembro.

d) Que a situación nacional de emprego permite a contratación, salvo no suposto de que o empregador acredite que a actividade que vai desempeñar o traballador require un coñecemento directo e fidedigno da empresa.

CAPÍTULO IX

Residencia temporal con excepción da autorización de traballo

Artigo 117. *Excepcións á autorización de traballo.*

Están exceptuados da obriga de obteren autorización de traballo para o exercicio dunha actividade lucrativa, laboral ou profesional os estranxeiros que estean incluídos no artigo 41 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e cumpran as seguintes condicións:

a) Técnicos, investigadores e científicos invitados ou contratados pola Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as universidades, os entes locais ou os organismos que teñan por obxecto a promoción e o desenvolvemento da investigación promovidos ou participados maioritariamente polas anteriores.

Terán esta consideración os profesionais que, polos seus coñecementos, especialización, experiencia ou prácticas científicas, sexan invitados ou contratados por unha das administracións citadas para o desenvolvemento dunha actividade ou programa técnico, científico ou de interese xeral.

Esta circunstancia quedará acreditada coa presentación da invitación ou contrato de traballo, subscritos por quen teña atribuída a representación legal do órgano correspondente, onde conste a descrición do proxecto e o perfil profesional que se require para o seu desenvolvemento.

b) Profesores, técnicos, investigadores e científicos invitados ou contratados por unha universidade española. Considéranse como tales os docentes que sexan invitados ou contratados por unha universidade española para desenvolver tarefas docentes, de investigación ou académicas.

Esta circunstancia quedará acreditada coa presentación da invitación ou contrato de traballo para o exercicio da ditas actividades, subscritos por quen teña atribuída a representación legal da universidade española correspondente.

c) Persoal directivo ou profesorado de institucións culturais ou docentes dependentes doutros Estados, ou privadas, de acreditado prestixio, oficialmente recoñecidas por España, que desenvolvan no noso país programas culturais e docentes dos seus países respectivos, mentres limiten a súa actividade á execución de tales programas. Poderanse beneficiar da excepción os estranxeiros en que concorran as circunstancias seguintes:

1.^a Ocupar postos de dirección, de docencia ou de investigación e limitar a súa ocupación ao exercicio da indicada actividade en institucións culturais ou docentes estranxeiras radicadas en España.

2.^a Cando se trate de institucións culturais ou docentes dependentes doutros Estados, deberán desenvolver en España a súa actividade de forma que os estudos cursados, os programas desenvolvidos e os títulos ou diplomas expedidos teñan validez e sexan recoñecidos polos países de que dependan.

3.^a De se tratar de institucións privadas estranxeiras, considerarase acreditado o prestixio cando a entidade e as actividades realizadas fosen oficialmente recoñecidas e autorizadas polas autoridades competentes, e os títulos ou diplomas que expidan teñan validez e recoñecemento polos países de que dependan.

Estas circunstancias quedarán acreditadas coa presentación da documentación que xustifique a validez no país de orixe dos títulos ou diplomas expedidos en España, do contrato de traballo, ou designación para o exercicio de actividades de dirección ou docencia. E, no caso das entidades privadas, tamén da documentación que xustifique o seu recoñecemento oficial en España.

d) Os funcionarios civís ou militares das administracións estatais estranxeiras que veñan a España para desenvolver actividades en virtude de acordos de cooperación cunha Administración española.

Esta situación quedará acreditada coa presentación do certificado emitido pola Administración estatal estranxeira competente e a xustificación de tales aspectos.

e) Correspondentes de medios de comunicación estranxeiros. Terán esta consideración os profesionais da información ao servizo de medios de comunicación estranxeiros que desenvolvan a súa actividade informativa en España, debidamente acreditados polas autoridades españolas como correspondentes ou como enviados especiais.

f) Membros de misións científicas internacionais que realicen traballos e investigacións en España, autorizados pola Administración, estatal ou autonómica, competente.

Terán esta consideración os estranxeiros que formen parte dunha misión científica internacional que se desprace a España para realizar actividades de estudo ou investigación programadas por un organismo ou axencia internacional, e autorizadas polas autoridades competentes.

g) Os artistas que veñan a España realizar actuacións concretas que non supoñan unha actividade continuada. Estarán incluídas neste suposto as persoas que, de forma individual ou colectiva, se despracen a España para realizar unha actividade artística, directamente ante o público ou destinada á gravación de calquera tipo para a súa difusión, en calquera medio ou local destinado habitual ou accidentalmente a espectáculos públicos ou actuacións de tipo artístico. As actividades que se realicen non poderán superar cinco días continuados de actuación ou vinte días de actuación nun período inferior a seis meses.

Esta situación quedará acreditada coa presentación do contrato para o desenvolvemento das actividades artísticas e dunha relación das autorizacións ou licenzas que se exixan para o desenvolvemento destas que indique a situación en que se encontran os trámites para a súa consecución, incluíndo, de ser o caso, as certificacións de solicitude ante os organismos correspondentes.

h) Ministros relixiosos e membros da xerarquía das diferentes igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como relixiosos profesos de ordes relixiosas. Terán esta consideración as persoas en que concorran os seguintes requisitos:

1.º Que pertencen a unha igrexa, confesión, comunidade relixiosa ou orde relixiosa que figure inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza.

2.º Que teñan, efectiva e actualmente, a condición de ministro de culto, membro da xerarquía ou relixioso profesos por cumprir os requisitos establecidos nas súas normas estatutarias.

3.º Que as actividades que vaian desenvolver en España sexan estritamente relixiosas ou, no caso de relixiosos profesos, sexan meramente contemplativas ou respondan aos fins estatutarios propios da orde; quedan expresamente excluídas as actividades laborais que non se realicen neste ámbito.

4.º Que a entidade da cal dependan se comprometa a facerse cargo dos gastos ocasionados pola súa manutención e aloxamento, así como a cumprir os requisitos exixibles de acordo coa normativa sobre seguridade social.

A condición indicada no parágrafo 1.º acreditarase mediante certificación do Ministerio de Xustiza; as expresadas nos parágrafos 2.º a 4.º acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade, coa conformidade do Ministerio de Xustiza e a presentación de copia dos estatutos da orde.

Quedan expresamente excluídos deste artigo os seminaristas e persoas en preparación para o ministerio relixioso, aínda que temporalmente realicen actividades de carácter pastoral, así como as persoas vinculadas cunha orde relixiosa na cal aínda non profesasen, malia realizaren unha actividade temporal en cumprimento dos seus estatutos relixiosos.

i) Os estranxeiros que formen parte dos órganos de representación, goberno e administración dos sindicatos e organizacións empresariais recoñecidos internacionalmente, sempre que a súa actividade se limite estritamente ao desempeño das funcións inherentes á dita condición.

j) Os menores estranxeiros en idade laboral tutelados por un servizo de protección de menores competente, para aquelas actividades que, por proposta da mencionada entidade, mentres permanezan nesa situación, favorezan a súa integración social.

Esta situación quedará probada coa acreditación de que o servizo citado exerce a tutela do menor e a presentación por parte desta da proposta de actividade que favoreza a integración social do menor.

Artigo 118. *Procedemento.*

1. No caso de que non sexa residente en España e sempre que a duración prevista da actividade sexa superior a noventa días, o estranxeiro deberá solicitar o correspondente visado de residencia ante a oficina consular española correspondente ao seu lugar de residencia, xuntando á solicitud a documentación que proceda para cada un dos supostos de excepción á autorización de traballo previstos no artigo 117.

A oficina consular verificará a excepción e tramitará o visado de residencia conforme o disposto no artigo 48, ben que se reducirá o prazo previsto no número 4 do dito artigo a sete días. A ausencia de resposta deberase considerar como resolución favorable.

Cando o estranxeiro non sexa residente en España e a duración prevista da actividade non sexa superior a noventa días, deberá solicitar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o correspondente visado de estadia ante a misión diplomática ou oficina consular española na demarcación da cal resida. Nestes casos, o procedemento aplicable á solicitud de visado será o previsto para a tramitación de visados de estadia de curta duración, debendo acreditar o estranxeiro que reúne as condicións para a súa inclusión nun dos supostos descritos no artigo anterior.

A expedición do visado de estadia previsto no parágrafo anterior será comunicada, a través da aplicación informática correspondente, á oficina de estranxeiría da provincia onde se vaia desenvolver a actividade. As solicitudes de prórroga de estadia rexeranse polo previsto no artigo 34 deste regulamento. A duración total da estadia e as súas posibles prórrogas non poderá ser en ningún caso superior a noventa días.

2. No caso de que sexa residente en España, o estranxeiro deberá solicitar o recoñecemento da excepción, e alegar que reúne estas condicións, ante a oficina de estranxeiría correspondente á provincia onde se inicie a actividade, achegando a documentación que o xustifique.

Esta solicitud entenderase denegada se no prazo de tres meses a Subdelegación ou Delegación do Goberno non se pronuncia sobre ela. A oficina de estranxeiría poderá solicitar a presentación da documentación adicional que se considere pertinente para acreditar que o estranxeiro se atopa nalgún dos supostos previstos no artigo 117, así como os informes que sexan precisos a outros órganos administrativos.

3. A vixencia do recoñecemento da excepción adaptarase á duración da actividade ou programa que se desenvolva, co límite máximo dun ano no recoñecemento inicial, de dous na primeira prórroga e doutros dous anos na seguinte prórroga, de subsistiren as circunstancias que motivaron a excepción.

4. O feito de ter sido titular dunha excepción de autorización de traballo non xerará dereitos para a obtención dunha autorización de traballo por conta propia ou allea.

Artigo 119. *Efectos do visado.*

1. Unha vez recollido, de ser o caso, o visado, o traballador deberá entrar no territorio español, de conformidade co establecido no título I, durante a vixencia deste, non superior a tres meses.

2. O visado incorporará a autorización inicial de residencia coa excepción á autorización de traballo, cuxa vixencia comezará desde a data en que se efectúe a entrada, e así se faga constar no visado, pasaporte ou título de viaxe.

No caso de que o estranxeiro xa tiver a condición de residente en España, a vixencia da excepción de autorización de traballo comezará na data da resolución pola que fose concedida.

3. No caso de concesión de autorizacións de vixencia superior a seis meses, o traballador deberá solicitar persoalmente, no prazo dun mes desde a súa entrada legal en territorio español ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. No caso de que o estranxeiro xa tiver a condición de residente en España, o dito prazo será computado desde a data de notificación da resolución de concesión da excepción da autorización de traballo.

CAPÍTULO X

Residencia temporal do estranxeiro que retornou voluntariamente ao seu país

Artigo 120. *Ámbito de aplicación.*

1. O previsto neste capítulo será de aplicación ao estranxeiro que, sendo titular dunha autorización de residencia temporal:

- a) Se acolla a un programa de retorno voluntario impulsado, financiado ou recoñecido pola Administración xeral do Estado; ou
- b) Retorne voluntariamente ao seu país de orixe á marxe dalgún programa.

2. En calquera caso, o previsto neste capítulo entenderase sen prexuízo do dereito dos estranxeiros residentes en España a saíren de territorio español e regresaren a este durante a vixencia da súa autorización de residencia, sen máis limitacións que as establecidas de conformidade co artigo 28 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e as derivadas da posible extinción da súa autorización tras un determinado período de ausencia de territorio español, de acordo co previsto neste regulamento.

Artigo 121. *Compromiso de non regreso a territorio español.*

1. Finalizada a vixencia do seu compromiso de non regreso a territorio español, o estranxeiro poderá solicitar, ou poderase solicitar ao seu favor, unha autorización de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo, de acordo co previsto neste regulamento en función do tipo autorización que desexe obter.

No caso de que o programa de retorno voluntario non estableza un período de compromiso de non regreso a España ou se o estranxeiro retorna ao seu país de orixe á marxe dalgún programa, a solicitude de autorización de residencia temporal ou residencia temporal e traballo de acordo co establecido neste capítulo poderá ser presentada transcorridos tres anos desde a data do retorno ao seu país de orixe. Este prazo poderá ser modificado por orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración.

2. Para efectos de control da data do retorno, o estranxeiro, calquera que sexa o programa de retorno voluntario a que se acollese ou de non se ter acollido a ningún, deberá comparecer persoalmente na representación diplomática ou consular española no país de orixe, e entregar a súa tarxeta de identidade de estranxeiro en vigor.

3. No caso de que regresase ao seu país de orixe baseándose nun programa de retorno voluntario que non implique a súa renuncia á situación de residencia de que fose titular, ou de non se ter acollido a ningún programa, o estranxeiro, para efectos de que lle

resulte de aplicación o previsto neste capítulo, deberá renunciar expresamente e por escrito á súa autorización de residencia, no momento en que compareza na representación diplomática ou consular española no seu país de orixe para acreditar o seu retorno.

4. A representación diplomática ou consular española ante a cal o estranxeiro entregue a súa tarxeta e renuncie á súa autorización de residencia entregaralle a este un documento en que consten ambas as actuacións e a data en que se produciron.

Artigo 122. *Autorizacións de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo.*

1. Non resultará de aplicación o requisito relativo á consideración da situación nacional de emprego nos procedementos sobre autorizacións nos cales este fose xeralmente exixible cando o estranxeiro a favor do cal se soliciten estas estea incluído no suposto previsto no artigo 120.1.a).

2. No marco da xestión colectiva de traballadores en orixe, poderán ser presentadas ofertas de carácter nominativo a favor dos estranxeiros que se acollesen ao programa de retorno voluntario ou regresasen ao seu país á marxe dun programa nos termos previstos neste capítulo, sempre que con iso renunciasesen á titularidade dunha autorización de residencia temporal e traballo.

Igualmente, os órganos españois competentes realizarán as actuacións necesarias para que os ditos estranxeiros sexan preseleccionados nos procedementos desenvolvidos no seu país de orixe aos que concorran, sempre que reúnan os requisitos de capacitación e, de ser o caso, cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.

3. Os procedementos de solicitude dunha autorización de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo derivados do previsto neste capítulo serán obxecto de tramitación preferente. O prazo máximo para a resolución e notificación será de corenta e cinco días desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa resolución.

4. A situación de residencia temporal do estranxeiro entenderase continuada, para os efectos de acceso á situación de residencia de longa duración, ben que o dito cómputo non incluíra o tempo transcorrido desde o retorno voluntario do estranxeiro ao seu país de orixe ou país de anterior residencia, ata a concesión da nova autorización de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo.

5. O previsto neste artigo resultará de aplicación unha vez transcorrido o prazo de compromiso de non regreso a España, asumido polo estranxeiro ao retornar voluntariamente ao seu país de orixe.

TÍTULO V

Residencia temporal por circunstancias excepcionais

CAPÍTULO I

Residencia temporal por circunstancias excepcionais por arraigamento, protección internacional, razóns humanitarias, colaboración con autoridades, seguridade nacional ou interese público

Artigo 123. *Autorizacións de residencia temporal por circunstancias excepcionais.*

1. De conformidade co artigo 31.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, en atención ás circunstancias excepcionais que concorran, poderáselles conceder unha autorización de residencia temporal aos estranxeiros que se atopen en España nos supostos de arraigamento, protección internacional, razóns humanitarias, colaboración con autoridades públicas ou razóns de seguridade nacional ou interese público, previstos nos artigos seguintes.

2. O contido deste capítulo debe ser interpretado sen prexuízo da posible concesión de autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais baseándose no previsto nos artigos 31bis, 59 e 59bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro. Igualmente, poderanse conceder outras autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais nos termos establecidos na disposición adicional primeira.4 deste regulamento.

Artigo 124. *Autorización de residencia temporal por razóns de arraigamento.*

Poderase conceder unha autorización de residencia por razóns de arraigamento laboral, social ou familiar cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Por arraigamento laboral, poderán obter unha autorización os estranxeiros que acrediten a permanencia continuada en España durante un período mínimo de dous anos, sempre que carezan de antecedentes penais en España e no seu país de orixe ou no país ou países en que residisen durante os últimos cinco anos, e que demostren a existencia de relacións laborais cuxa duración non sexa inferior a seis meses.

Para os efectos de acreditar a relación laboral e a súa duración, o interesado deberá presentar unha resolución xudicial que a recoñeza ou a resolución administrativa confirmatoria da acta de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social que a acredite.

2. Por arraigamento social, poderán obter unha autorización os estranxeiros que acrediten a permanencia continuada en España durante un período mínimo de tres anos.

Ademais, deberán cumprir, de forma acumulativa, os seguintes requisitos:

a) Carecer de antecedentes penais en España e no seu país de orixe ou no país ou países en que residisen durante os últimos cinco anos.

b) Contar cun contrato de traballo asinado polo traballador e o empresario no momento da solicitude para un período que non sexa inferior a un ano. A dita contratación deberá estar baseada na existencia dun só contrato, agás nos seguintes supostos:

1.º No caso do sector agrario, caberá a presentación de dous contratos, con distintos empregadores e concatenados, cada un deles de duración mínima de seis meses.

2.º No caso de desenvolvemento de actividades nunha mesma ocupación, traballando parcialmente e de maneira simultánea para máis dun empregador, admitirase a presentación de varios contratos, todos eles de duración mínima dun ano, e cuxa suma debe representar unha xornada semanal non inferior a trinta horas no cómputo global.

c) Ter vínculos familiares con outros estranxeiros residentes ou presentar un informe de arraigamento que acredite a súa integración social, emitido pola comunidade autónoma no territorio da cal teñan o seu domicilio habitual.

Para estes efectos, os vínculos familiares entenderanse referidos exclusivamente aos cónxuxes ou parellas de feito rexistradas, ascendentes e descendentes en primeiro grao e liña directa.

Nos supostos de arraigamento social acreditado mediante informe, que deberá ser emitido e notificado ao interesado no prazo máximo de trinta días desde a súa solicitude, neste deberá constar, entre outros factores de arraigamento que poidan ser acreditados polas diferentes administracións competentes, o tempo de permanencia do interesado no seu domicilio habitual, no cal deberá estar empadroadado, os medios económicos con que conte, os vínculos con familiares residentes en España, e os esforzos de integración a través do seguimento de programas de inserción sociolaborais e culturais. Simultaneamente e por medios electrónicos, a comunidade autónoma deberá dar traslado do informe á oficina de estranxeiría competente.

Para os ditos efectos, o órgano autonómico competente poderá realizar consulta ao concello onde o estranxeiro teña o seu domicilio habitual sobre a información que a este lle poida constar.

O informe de arraigamento referido anteriormente poderá ser emitido pola corporación local en que o estranxeiro teña o seu domicilio habitual, cando así fose establecido pola

comunidade autónoma competente, sempre que isto fose previamente posto en coñecemento da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración.

O informe da corporación local deberá ser emitido e notificado ao interesado no prazo de trinta días desde a data da solicitude. Simultaneamente e por medios electrónicos, a corporación local deberá dar traslado do informe á oficina de estranxeiría competente.

O órgano que emita o informe poderá recomendar que se exima o estranxeiro da necesidade de contar cun contrato de traballo, sempre e cando acredite que conta con medios económicos suficientes. No caso de se cumpriren os requisitos previstos no artigo 105.3 deste regulamento, poderase alegar que os medios económicos derivan dunha actividade que se vai desenvolver por conta propia.

No caso de que o informe non fose emitido en prazo, circunstancia que deberá ser debidamente acreditada polo interesado, poderase xustificar este requisito por calquera medio de proba admitido en dereito.

3. Por arraigamento familiar:

a) Cando se trate de pai ou nai dun menor de nacionalidade española, sempre que o proxenitor solicitante teña a cargo o menor e conviva con este ou estea ao día nas obrigas paternofiliais respecto a el.

b) Cando se trate de fillos de pai ou nai que fosen orixinariamente españois.

4. Por orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta dos titulares dos ministerios do Interior e de Traballo e Inmigración e tras informe previo da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, poderase determinar a aplicación da situación nacional de emprego ás solicitudes de autorización de residencia temporal por razóns de arraigamento social.

Artigo 125. Autorización de residencia temporal por razóns de protección internacional.

Poderáselles conceder unha autorización por razóns de protección internacional ás persoas ás cales o ministro do Interior, por proposta da Comisión Interministerial de Asilo e Refuxio, autorízase a permanencia en España conforme o previsto nos artigos 37.b) e 46.3 da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección internacional, así como aos estranxeiros desprazados no sentido regulado na normativa sobre protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas.

Así mesmo, poderase conceder unha autorización de residencia temporal nos casos que preveña a norma de desenvolvemento da Lei 12/2009, do 30 de outubro.

Artigo 126. Autorización de residencia temporal por razóns humanitarias.

Poderase conceder unha autorización por razóns humanitarias nos seguintes supostos:

1. Aos estranxeiros vítimas dos delitos tipificados nos artigos 311 a 315, 511.1 e 512 do Código penal, de delitos en que concorrese a circunstancia agravante de comisión por motivos racistas, antisemitas ou doutra clase de discriminación tipificada no artigo 22.4.^a do Código penal, ou de delitos por condutas violentas exercidas no ámbito familiar, sempre que se ditase resolución xudicial finalizadora do procedemento xudicial en que se estableza a condición de vítima de tales delitos.

2. Aos estranxeiros que acrediten sufrir unha enfermidade sobrevida de carácter grave que requira asistencia sanitaria especializada, non accesible no seu país de orixe, e que o feito de ser interrompida ou de non recibila supoña un grave risco para a saúde ou a vida. Para os efectos de acreditar a necesidade, será preciso un informe clínico expedido pola autoridade sanitaria correspondente.

Excepcionalmente, non se requirirá que a enfermidade sexa sobrevida no caso de necesidade de prolongar a permanencia dun menor estranxeiro que se desprazase temporalmente a España para efectos de tratamento médico baseándose no previsto no artigo 187 deste regulamento, unha vez esgotada a posibilidade de prorrogar a situación

de estadía e sempre que a dita permanencia sexa imprescindible para a continuación do tratamento. A renovación deste tipo de autorizacións vincularase ao tempo mínimo necesario para completar o tratamento.

3. Aos estranxeiros que acrediten que o seu traslado ao país do que son orixinarios ou proceden, para efectos de solicitar o visado que corresponda, implica un perigo para a súa seguridade ou a da súa familia, e que reúnen os demais requisitos para obter unha autorización temporal de residencia ou de residencia e traballo.

Artigo 127. Autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais de colaboración con autoridades públicas, razóns de seguridade nacional ou interese público.

Poderáselles conceder unha autorización ás persoas que colaboren coas autoridades administrativas, policiais, fiscais ou xudiciais en cuestións alleas á loita contra redes organizadas, ou cando concorran razóns de interese público ou seguridade nacional que xustifiquen a necesidade de autorizar a súa residencia en España. Para estes efectos, as ditas autoridades poderán instar dos órganos competentes a concesión da autorización de residencia á persoa que se atope nalgún destes supostos.

Artigo 128. Procedemento.

1. A autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais, que non requirirá visado, deberá ser solicitada persoalmente polo estranxeiro ante o órgano competente para a súa tramitación, salvo no caso de menores ou incapaces, en que poderá presentar a solicitud o seu representante legal, acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses, tras exhibición previa do documento orixinal. Nos termos fixados na resolución do Ministro do Interior pola que se autorice a permanencia do interesado en España nos casos previstos nos artigos 37.b) e 46.3 da Lei 12/2009, do 30 de outubro, poderase eximir deste requisito.

b) Nos casos en que se exixa, contrato de traballo asinado polo traballador e o empresario, cuxos efectos estarán condicionados á entrada en vigor da autorización solicitada.

c) Documentación acreditativa de se atopar nalgunha das situacións a que se refiren os artigos anteriores.

2. En particular, para acreditar que se reúnen as condicións establecidas para os supostos de arraigamento, a documentación achegada deberase axustar ás seguintes exixencias:

a) No caso de que o interesado for maior de idade penal, deberá achegar certificado de antecedentes penais ou documento equivalente expedido polas autoridades do país ou países en que residise durante os cinco anos anteriores á súa entrada en España, no cal non deberán constar condenas por delitos existentes no ordenamento español.

b) Nos supostos de arraigamento social, deberase presentar documentación acreditativa do grao de parentesco alegado ou, de ser o caso, o correspondente informe de arraigamento. Igualmente, no caso de se solicitar a exención da necesidade de contar cun contrato de traballo, deberase presentar documentación acreditativa de contar con medios económicos suficientes ou, de ser o caso, do cumprimento dos requisitos previstos en relación coa actividade por conta propia.

3. O órgano competente para resolver comprobará se coa solicitud se xunta a documentación exixida e, de estar incompleta, formularalle ao solicitante o oportuno requirimento co fin de que se saneen os defectos observados no prazo que se sinale na notificación, que non poderá ser superior a un mes, advertíndolle que, de non se emendaren

estes no prazo indicado, se considerará que desiste da súa solicitude e se procederá ao arquivo do seu expediente, para o cal se ditará a oportuna resolución.

4. Así mesmo, o órgano competente poderá requirir a comparecencia do solicitante e manter con el unha entrevista persoal. Cando se determine a celebración da entrevista, nela deberán estar presentes, polo menos, dous representantes da Administración, ademais do intérprete, en caso necesario, e quedará constancia do seu contido mediante unha acta asinada polos presentes, da que se lle entregará copia ao interesado.

De os representantes da Administración chegaren ao convencemento de que existen indicios suficientes para dúbida da identidade das persoas, da validez dos documentos ou da veracidade doutras circunstancias en que se baseou a solicitude, recomendarase a denegación da autorización e remitiráselle copia da acta ao órgano competente para resolver. No caso de xurdiren dúbidas sobre o criterio que se deberá seguir, o órgano competente deberá elevar a consulta correspondente á Dirección Xeral de Inmigración.

5. Nos supostos a que se refire o artigo 127, a competencia para a súa resolución corresponderá:

a) Ao titular da Secretaría de Estado de Seguridade cando a autorización estea baseada na colaboración coas autoridades policiais, fiscais e xudiciais e nos casos de seguridade nacional. Á solicitude baseada nestes supostos xuntaráselle o informe desde a xefatura correspondente das forzas e corpos de seguridade, xa sexan do Estado, xa sexan da comunidade autónoma, así como, de ser o caso, o da autoridade fiscal ou xudicial, para acreditar as razóns que a sustentan.

b) Ao titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración nos casos de colaboración coas demais autoridades administrativas e por razóns de interese público.

6. A eficacia da autorización concedida no suposto de arraigamento do artigo 124.2 deste regulamento estará condicionada á posterior afiliación e alta do traballador na Seguridade Social no prazo dun mes desde a notificación realizada ao solicitante, salvo no caso de que se eximise o interesado da presentación de contrato de traballo e sempre que os medios económicos non deriven da realización dunha actividade por conta propia. Cumprida a condición, a autorización comezará o seu período de vixencia.

7. No prazo dun mes desde a notificación da concesión da autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais ou, de ser o caso, desde a súa entrada en vigor, o estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes.

Artigo 129. Autorización de traballo do titular dunha autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais.

1. A concesión da autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns de arraigamento levará consigo unha autorización de traballo en España durante a vixencia daquela, con excepción da que se lles conceda aos menores de idade laboral, ou en casos de exención do requisito de contar con contrato por ter medios económicos que non deriven da realización dunha actividade por conta propia.

Na mesma situación se atoparán as persoas a que se refire o artigo 125 deste regulamento.

2. Nos demais supostos, o estranxeiro poderá solicitar, persoalmente, a correspondente autorización de traballo ante o órgano competente para a súa tramitación. A dita solicitude poderase presentar de maneira simultánea coa solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais ou ben durante o período de vixencia daquela, e para a súa concesión será preciso cumprir:

a) De se solicitar unha autorización de traballo por conta allea, os requisitos establecidos nas alíneas b), c), d), e) e f) do artigo 64.3.

b) De se solicitar unha autorización de traballo por conta propia, os requisitos previstos no artigo 105.3.

Artigo 130. *Prórroga e cesamento da situación de residencia temporal por circunstancias excepcionais.*

1. En virtude do seu carácter excepcional, as autorizacións concedidas con base nos artigos precedentes, así como as súas prórrogas, terán unha vixencia dun ano, sen prexuízo do establecido neste artigo e na normativa sobre protección internacional.

2. Os titulares dunha autorización concedida polo titular da Secretaría de Estado de Seguridade, ou autoridade en quen delegue, poderán prorrogar a autorización sempre que as autoridades competentes aprecien que persisten as razóns que motivaron a súa concesión. Soamente no caso de que as autoridades concluíren que cesaron as razóns que motivaron a súa concesión, poderán solicitar unha autorización de residencia ou unha autorización de residencia e traballo de acordo co previsto no artigo 202 deste regulamento.

3. Os supostos de autorizacións por circunstancias excepcionais concedidas polos motivos recollidos no artigo 125 rexeranse para a súa renovación pola normativa sobre protección internacional aplicable.

4. Nas autorizacións concedidas polos demais supostos, de conformidade co disposto polo artigo 202, os titulares da autorización poderán solicitar unha autorización de residencia ou unha autorización de residencia e traballo, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos para a súa obtención, incluída a titularidade das licenzas ou permisos administrativos imprescindibles para o posto que se pretende ocupar.

5. Os estranxeiros poderán solicitar a autorización de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo ou, cando se previse, a prórroga da autorización por circunstancias excepcionais, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da súa autorización. A presentación da solicitude neste prazo prorroga a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto de que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que tería finalizado a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incurso.

CAPÍTULO II

Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero

Artigo 131. *Denuncia a favor dunha muller estranxeira vítima de violencia de xénero.*

Se ao denunciarse unha situación de violencia de xénero contra unha muller estranxeira se puxer de manifesto a súa situación irregular, o expediente administrativo sancionador incoado por infracción do artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, será inmediatamente suspendido polo instrutor ata a finalización do proceso penal. No caso de que o expediente sancionador non estiver iniciado no momento de presentación da denuncia, a decisión sobre a súa incoación será posposta ata a finalización do proceso penal.

A autoridade ante a que se presentase a denuncia informará inmediatamente a muller estranxeira das posibilidades que a asisten no marco deste artigo, así como dos dereitos que a asisten ao abeiro da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 132. *Inicio do procedemento relativo á residencia temporal e traballo da muller estranxeira vítima de violencia de xénero.*

1. A muller estranxeira que se atope na situación descrita no artigo anterior poderá solicitar, ante a oficina de estranxeiría correspondente, unha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, por si mesma ou a través de representante, desde o momento en que se ditase unha orde de protección ao seu favor ou se emitise

informe do Ministerio Fiscal no que se aprecie a existencia de indicios de violencia de xénero.

2. No momento de presentación da solicitude, ou en calquera outro posterior ao longo do proceso penal, a muller estranxeira, por si mesma ou a través de representante, poderá solicitar unha autorización de residencia por circunstancias excepcionais a favor dos seus fillos menores de idade, ou de residencia e traballo por circunstancias excepcionais en caso de maiores de dezaseis anos, que se atopen en España no momento da denuncia.

3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, da muller estranxeira e/ou, de ser o caso, dos seus fillos menores de idade. De ser o caso, este documento será substituído por cédula de inscrición, en vigor.

b) De ser o caso, documento polo que se outorgue a representación legal en favor da persoa física que formule a solicitude.

c) Copia da orde de protección ou do informe do Ministerio Fiscal.

A tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro deste artigo terá carácter preferente.

Artigo 133. Autorización provisoria de residencia temporal e traballo da muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

1. Presentada a solicitude de autorización de residencia temporal e traballo da muller vítima de violencia de xénero, o delegado ou subdelegado do Goberno competente concederá de oficio unha autorización provisoria de residencia e traballo a favor da muller estranxeira e, de ser o caso, autorizacións de residencia ou de residencia e traballo provisorias a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades, sempre que exista unha orde de protección a favor da muller estranxeira ou un informe do Ministerio Fiscal que aprecie a existencia de indicios de violencia de xénero.

2. Concedida a autorización provisoria a favor da muller estranxeira, esta implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial. A autorización provisoria a favor de fillos maiores de dezaseis anos terá o mesmo alcance.

3. A autorización provisoria terá eficacia desde o momento da súa concesión. A súa vixencia estará condicionada á concesión ou denegación da autorización definitiva.

4. No prazo dun mes desde a súa concesión, a titular da autorización deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta, que terá vixencia anual, fará constar que a súa titular está autorizada a residir e traballar en España, pero non o seu carácter provisorio nin a súa condición de vítima de violencia de xénero.

As disposicións previstas neste número serán de aplicación, de ser o caso, ás autorizacións concedidas a favor dos fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades.

5. A Delegación ou Subdelegación do Goberno que concedese as autorizacións provisorias informará desta circunstancia a autoridade xudicial que estea coñecendo do proceso penal.

Artigo 134. Finalización do procedemento relativo á residencia temporal e traballo da muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

Concluído o proceso penal, o Ministerio Fiscal porao en coñecemento da oficina de estranxeiría e da comisaría de policía correspondentes, para os seguintes efectos:

1. De ter concluído con sentenza condenatoria ou resolución xudicial da que se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, para os efectos de:

a) Se se solicitou a autorización de residencia e traballo, a concesión desta polo delegado ou subdelegado do Goberno competente e a súa notificación, no prazo máximo de vinte días desde que á oficina de estranxeiría lle conste a sentenza.

A duración da autorización será de cinco anos. Isto sen prexuízo da posibilidade da súa titular de acceder no curso destes á situación de residencia de longa duración, tras solicitude previa, para o cal se computará, de ser o caso, o tempo durante o que fose titular dunha autorización provisoria concedida baseándose no artigo anterior.

No prazo dun mes desde a súa concesión, a titular da autorización deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que a súa titular está autorizada a residir e traballar en España, pero non a súa condición de vítima de violencia de xénero.

As disposicións previstas neste número serán de aplicación, de ser o caso, ás autorizacións solicitadas a favor dos fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades.

b) De non se ter solicitado a autorización de residencia e traballo, o Ministerio Fiscal informará a muller estranxeira sobre a posibilidade que a asiste, baseándose neste artigo, de solicitar unha autorización de residencia temporal e traballo ao seu favor, así como autorizacións de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades.

Igualmente, informaran de que dispón dun prazo de seis meses desde a data na que lle fose notificada a sentenza, para a presentación da solicitude ou solicitudes.

O procedemento relativo á solicitude de autorización será tramitado nos termos previstos no artigo 132. A autorización que, de ser o caso, se conceda terá os efectos e vixencia previstos na alínea anterior. Iso tamén será de aplicación a solicitudes presentadas a favor dos fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades.

c) A concesión dunha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais de acordo co previsto neste número suporá o arquivo do procedemento sancionador que puiden existir coa muller estranxeira vítima de violencia de xénero.

2. De ter concluído con sentenza non condenatoria ou resolución xudicial da que non se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, para os efectos de:

a) Se se solicitou a autorización de residencia e traballo baseándose no disposto no artigo 132, a denegación da autorización. De ser o caso, a denegación das solicitudes presentadas a favor dos fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades.

b) A automática perda de eficacia da autorización provisoria que se puidese ter concedido, cuxa titularidade non poderá ser alegada de cara á obtención da condición de residente de longa duración. Esta previsión será de aplicación, de ser o caso, ás autorizacións provisorias dos fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover ás súas necesidades.

c) O inicio ou a continuación do procedemento sancionador en materia de estranxeiría inicialmente non incoado ou suspendido, e a súa tramitación e resolución de acordo co previsto no título III da Lei orgánica 4/2000.

CAPÍTULO III

Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais por colaboración contra redes organizadasArtigo 135. *Exención de responsabilidade.*

1. De conformidade co artigo 59 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, a autoridade coa cal estea colaborando un estranxeiro que se atope irregularmente en España e sexa vítima, prexudicado ou testemuña dun acto de tráfico ilícito de seres humanos, inmigración ilegal, explotación laboral ou de tráfico ilícito de man de obra ou de explotación na prostitución abusando da súa situación de necesidade, remitiralle informe sobre a dita colaboración ao órgano administrativo competente para a instrución do expediente sancionador, para os efectos de que lle poida propor ao delegado ou subdelegado competente a exención de responsabilidade deste en relación coa infracción do artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. Será competente para determinar a exención de responsabilidade do estranxeiro o delegado ou subdelegado do Goberno na provincia en que se incoase o procedemento administrativo sancionador en materia de estranxeiría.

3. No marco da decisión sobre a exención de responsabilidade do estranxeiro, o delegado ou subdelegado do Goberno decidirá igualmente sobre a suspensión temporal do procedemento sancionador incoado ou da execución da medida de expulsión ou devolución que xa fose acordada.

4. De non se determinar a exención de responsabilidade, decidírase a continuación do procedemento sancionador ou a execución da medida de expulsión ou devolución suspendida.

Artigo 136. *Autorización de residencia e traballo por colaboración con autoridades administrativas non policiais.*

1. Determinada, de ser o caso, a exención de responsabilidade, a autoridade que ditase a resolución en tal sentido informará o estranxeiro da posibilidade que o asiste de presentar unha solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, dirixida ao titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, se a colaboración contra redes organizadas se produce con autoridades administrativas non policiais.

2. A solicitude de autorización, que será presentada ante a Delegación ou Subdelegación do Goberno que determinase a exención de responsabilidade, poderá ser presentada polo estranxeiro persoalmente ou a través de representante.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do estranxeiro. De ser o caso, este documento será substituído por cédula de inscrición, en vigor.

b) De ser o caso, documento público polo que se outorgue a representación legal en favor da persoa física que formule a solicitude.

3. A Delegación ou Subdelegación do Goberno dará traslado inmediato da solicitude á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración para a súa resolución, achegando informe sobre o sentido da resolución e o informe emitido pola autoridade coa cal tivese colaborado.

4. A remisión da solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, no caso de incluír informe favorable á concesión desta, suporá a concesión de autorización provisoria de residencia e traballo polo delegado ou subdelegado do Goberno, para a cal non será necesario que o interesado presente unha nova solicitude.

5. O delegado ou subdelegado do Goberno notificaralle ao interesado que a proposta de inicio de oficio do procedemento foi realizada e a concesión ou non da autorización provisoria de residencia e traballo.

6. Concedida, de ser o caso, a autorización provisoria, esta implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial.

A autorización provisoria terá eficacia desde o momento da notificación da súa concesión e ata que se dite resolución sobre a solicitude de autorización definitiva.

No prazo dun mes desde a súa concesión, o titular da autorización provisoria deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que o seu titular está autorizado a residir e traballar en España, pero non o seu carácter provisorio nin a súa condición de colaborador en actuacións contra redes organizadas.

A tarxeta de identidade de estranxeiro será renovable con carácter anual.

7. Resolto favorablemente, de ser o caso, o procedemento sobre a autorización definitiva polo titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, a autorización de residencia e traballo terá vixencia de cinco anos e implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial.

Iso sen prexuízo da posibilidade do seu titular de acceder no curso destes á situación de residencia de longa duración, tras solicitude previa, para o cal se computará, de ser o caso, o tempo durante o cal tivese sido titular dunha autorización provisoria concedida baseándose neste artigo.

No prazo dun mes desde a súa concesión, o seu titular deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que o seu titular está autorizado a residir e traballar en España, pero non a súa condición de colaborador contra redes organizadas.

8. A denegación da autorización de residencia e traballo, que lle será notificada ao interesado a través da Delegación ou Subdelegación do Goberno que declarase a exención de responsabilidade, suporá a perda de vixencia da autorización provisoria que se tivese podido conceder, sen necesidade de pronunciamento administrativo expreso. Neste caso, a titularidade da autorización provisoria non poderá ser alegada de cara á obtención da condición de residente de longa duración.

9. O número anterior será entendido sen prexuízo da posibilidade de que o estranxeiro inicie un procedemento de solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais, alegando a concorrencia dun suposto distinto ao previsto no artigo 59 da Lei orgánica 4/2000.

Artigo 137. Autorización de residencia e traballo por colaboración con autoridades administrativas policiais, fiscais ou xudiciais.

1. Determinada, de ser o caso, a exención de responsabilidade, a autoridade que ditase a resolución en tal sentido informará o estranxeiro da posibilidade que o asiste de presentar unha solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, dirixida ao titular da Secretaría de Estado de Seguridade, se a colaboración contra redes organizadas se produce con autoridades policiais, fiscais ou xudiciais.

2. A solicitude de autorización será presentada polo estranxeiro ante a correspondente unidade policial de estranxeiría, persoalmente ou a través de representante.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do estranxeiro. De ser o caso, este documento será substituído por cédula de inscrición, en vigor.

b) De ser o caso, documento público polo que se outorgue a representación legal en favor da persoa física que formule a solicitude.

3. A unidade policial de estranxeiría dará traslado inmediato da solicitude, xunto co informe emitido pola autoridade coa cal tivese colaborado e o informe da propia unidade policial sobre o sentido da resolución, á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, que lle formulará proposta á Secretaría de Estado de Seguridade para a súa resolución.

A unidade policial notificaralle ao interesado que a proposta de inicio de oficio do procedemento foi realizada.

4. No caso de que o informe da unidade policial de estranxeiría for favorable á concesión da autorización, a remisión da solicitude á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, conforme o disposto no número anterior, suporá a concesión de autorización provisoria de residencia e traballo.

5. A unidade policial de estranxeiría notificaralle ao interesado a concesión ou non da autorización provisoria de residencia e traballo.

6. Concedida, de ser o caso, a autorización provisoria, esta implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial.

A autorización provisoria terá eficacia desde o momento da notificación da súa concesión e ata que se dite resolución sobre a solicitude de autorización definitiva. No prazo dun mes desde a súa concesión, o titular da autorización provisoria deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que o seu titular está autorizado a residir e traballar en España, pero non o seu carácter provisorio nin a súa condición de colaborador en actuacións contra redes organizadas. A tarxeta de identidade de estranxeiro será renovable con carácter anual.

7. Resolto favorablemente, de ser o caso, o procedemento sobre a autorización definitiva polo titular da Secretaría de Estado de Seguridade, a autorización de residencia e traballo terá vixencia de cinco anos e implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial.

Iso sen prexuízo da posibilidade do seu titular de acceder no curso destes á situación de residencia de longa duración, tras solicitude previa, para o cal se computará, de ser o caso, o tempo durante o cal tivese sido titular dunha autorización provisoria concedida baseándose neste artigo.

No prazo dun mes desde a súa concesión, o seu titular deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou comisaría de policía competentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que o seu titular está autorizado a residir e traballar en España, pero non a súa condición de colaborador contra redes organizadas.

8. A denegación da autorización de residencia e traballo, que lle será notificada ao interesado e comunicada á Delegación ou Subdelegación do Goberno que declarase a exención de responsabilidade, suporá a perda de vixencia da autorización provisoria que se tivese podido conceder, sen necesidade de pronunciamento administrativo expreso. Neste caso, a titularidade da autorización provisoria non poderá ser alegada de cara á obtención da condición de residente de longa duración.

9. O número anterior será entendido sen prexuízo da posibilidade de que o estranxeiro inicie un procedemento de solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais, alegando a concorrencia dun suposto distinto ao previsto no artigo 59 da Lei orgánica 4/2000.

Artigo 138. *Retorno asistido ao país de procedencia do estranxeiro.*

1. Sen prexuízo do que as autoridades competentes no marco da investigación contra redes organizadas puideren determinar sobre a súa necesaria permanencia en territorio español, de acordo coa normativa aplicable á súa colaboración na dita investigación ou procedemento, o estranxeiro, unha vez declarada a súa exención de responsabilidade, poderá solicitar o retorno asistido ao seu país de procedencia.

2. O estranxeiro poderá presentar a dita solicitude, dirixida á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, ante a Delegación ou Subdelegación do Goberno que determinase a exención da súa responsabilidade.

A Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración facilitará a xestión e asistencia do retorno voluntario. En todo caso, o retorno asistido comprenderá a avaliación, previa á partida, dos riscos e a seguridade, o transporte, así como a asistencia no punto de partida, tránsito e destino.

3. No caso de que se tivese determinado a necesaria permanencia do estranxeiro en España en relación coa súa colaboración na investigación contra redes organizadas, darase trámite á solicitude de retorno asistido tan pronto como desaparezan as causas que determinan a súa obrigada permanencia en territorio español.

Artigo 139. *Estranxeiros menores de idade.*

Na aplicación das previsións deste capítulo a estranxeiros menores de idade, as actuacións realizadas estarán en todo momento sometidas á consecución do interese superior do menor, establecéndose medidas de protección específicas.

CAPÍTULO IV

Residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais de estranxeiros vítimas de trata de seres humanos

Artigo 140. *Coordinación das actuacións.*

As secretarías de Estado de Inmigración e Emigración, de Xustiza, de Seguridade e de Igualdade impulsarán a adopción dun protocolo marco de protección de vítimas de trata de seres humanos no cal se establezan as bases de coordinación e actuación das institucións e administracións con competencias relacionadas con este capítulo.

No citado protocolo recollerase o ámbito e forma de participación das organizacións non gobernamentais, fundacións ou outras asociacións de carácter non lucrativo que, polo seu obxecto, estean especializadas na acollida e/ou protección das vítimas de trata de seres humanos e que participen nos programas desenvolvidos polas administracións públicas para a asistencia e protección destas.

Artigo 141. *Identificación das potenciais vítimas non comunitarias de trata de seres humanos.*

1. Calquera que teña noticia da existencia dunha posible vítima de trata de seres humanos informará inmediatamente desta circunstancia a autoridade policial competente para a investigación do delito ou a Delegación ou Subdelegación de Goberno da provincia onde a potencial vítima se atope, que activarán sen ningunha dilación as previsións deste artigo.

De oficio, por instancia de parte ou por orde do delegado ou subdelegado do Goberno, as autoridades policiais, tan pronto teñan indicios razoables da existencia dunha potencial vítima de trata de seres humanos estranxeira en situación irregular, informaran, de forma que faga fe e por escrito, nun idioma que lle resulte comprensible, das previsións establecidas no artigo 59 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e neste regulamento. Igualmente, garantirán que esta coñeza a posibilidade que a asiste de ser derivada ás autoridades autonómicas ou municipais competentes en materia de asistencia social e sanitaria.

2. A identificación da vítima realizarana as autoridades policiais con formación específica na investigación da trata de seres humanos e na identificación das súas vítimas.

Cando a identificación exixa a toma de declaración da vítima potencial de trata, farase mediante entrevista persoal realizada en condicións adecuadas ás circunstancias persoais da vítima, asegurando a ausencia de persoas do ámbito dos explotadores, e, na medida en que sexa posible, a prestación do debido apoio xurídico, psicolóxico e asistencial.

Solicitarase toda a información dispoñible que poida servir para a identificación da posible vítima, e as organizacións dedicadas á promoción e defensa dos dereitos das persoas vítimas de trata poderán achegar tanta información consideren relevante para estes efectos. A prol da protección da integridade desta, tal información terá carácter reservado.

Durante toda esta fase de identificación, o expediente sancionador ou, de ser o caso, a expulsión ou devolución acordada quedarán inmediatamente suspendidos e a autoridade

policial competente, se for necesario, velará pola seguridade e protección da potencial vítima.

Artigo 142. *Período de restablecemento e reflexión.*

1. Cando a identificación fose efectuada polas unidades de estranxeiría, estas elevarán, no prazo máximo de corenta e oito horas e coa conformidade previa da vítima, a correspondente proposta sobre a concesión do período de restablecemento e reflexión á Delegación ou Subdelegación do Goberno da provincia onde se realizase a identificación. A proposta será favorable cando considere que existen motivos razoables para crer que o estranxeiro é vítima potencial de trata de seres humanos e, en tal caso, incluírá a duración do período de reflexión, que será de polo menos trinta días e, en todo caso, suficiente para que o estranxeiro se poida restablecer e decidir se desexa cooperar coas autoridades na investigación do delito e, de ser o caso, no procedemento penal.

A proposta irá acompañada do expediente completo, informe da autoridade policial sobre a situación administrativa e persoal desta, así como doutros que puideren constar no procedemento e, especialmente, os procedentes de organizacións dedicadas á promoción e defensa dos dereitos das persoas vítimas de trata que se xuntasen a este.

2. Cando a vítima fose identificada por outras autoridades policiais, estas remitiranlle, coa maior brevidade, á unidade de estranxeiría do lugar onde se realizase a identificación un informe motivado sobre a existencia de indicios razoables de que a persoa podería ser vítima de trata de seres humanos, xunto coa solicitude de establecemento do período de reflexión e toda a información e documentación de interese para resolver sobre a súa concesión.

A unidade de estranxeiría competente procederá conforme o previsto no número 1 deste artigo.

3. O delegado ou subdelegado competente resolverá sobre a proposta de concesión do período de restablecemento e reflexión e sobre a súa duración no prazo máximo de cinco días; transcorrido este, o período entenderase concedido pola duración sinalada na proposta. Non obstante, se no momento de se elevar á Delegación ou Subdelegación de Goberno a proposta favorable a vítima estiver ingresada nun centro de internamento de estranxeiros, a resolución deberase realizar no prazo de vinte e catro horas.

Os prazos establecidos neste número serán computados desde a data de recepción da proposta na Delegación ou Subdelegación do Goberno competente.

4. A resolución sobre o período de restablecemento e reflexión seralle notificada á persoa interesada, de maneira inmediata e polo medio máis rápido, pola Delegación ou Subdelegación do Goberno, directamente ou a través da autoridade policial que realizase a proposta de concesión, á cal, en calquera caso, se lle dará coñecemento da resolución. Se a dita autoridade policial non for a mesma que iniciou a investigación, a resolución será igualmente comunicada a esta última, así como á que teña a vítima baixo a súa custodia.

5. A resolución, de ser favorable, fará mención expresa, entre outros aspectos, á decisión de suspender temporalmente o procedemento sancionador que tivese sido incoado ou a execución da medida de expulsión ou devolución que tivese sido acordada en relación coa infracción prevista no artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro. Igualmente, suporá a proposta á autoridade xudicial competente da posta en liberdade do estranxeiro no caso de que se tivese acordado a medida cautelar do seu ingreso nun centro de internamento de estranxeiros.

No caso de que o procedemento sancionador ou a medida de expulsión ou devolución suspendida for competencia doutro delegado ou subdelegado do Goberno, daráselle comunicación da resolución de concesión do período de restablecemento e reflexión, para os efectos que procedan en virtude do establecido no parágrafo anterior.

6. A resolución pola que, de ser o caso, se conceda o período de restablecemento e reflexión autorizará a estadia do estranxeiro en territorio español pola duración que se determinase para este.

7. Durante o período de restablecemento e reflexión, a autoridade policial competente, de acordo cos criterios establecidos no protocolo previsto no artigo 140, velará pola

seguridade e protección da persoa. Igualmente, garantirá que esta coñeza a posibilidade que a asiste de ser derivada ás autoridades autonómicas ou municipais competentes en materia de asistencia social.

Artigo 143. *Exención de responsabilidade.*

1. A autoridade con que a vítima de trata de seres humanos estiver colaborando no marco da investigación do delito ou do procedemento penal poderalle propor ao delegado ou subdelegado competente a exención de responsabilidade desta en relación coa infracción do artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Sen prexuízo do anterior, e en atención á situación persoal da vítima, o delegado ou subdelegado do Goberno poderá determinar de oficio a exención de responsabilidade.

2. De se determinar a non exención de responsabilidade, levantarase a suspensión do procedemento sancionador ou da execución da medida de expulsión ou devolución.

No caso de que o procedemento sancionador ou a medida expulsión ou devolución suspendida for competencia doutro delegado ou subdelegado do Goberno, daráselle comunicación do decidido sobre a exención de responsabilidade do estranxeiro para os efectos de archivar o procedemento, de continualo ou de revogar a medida de expulsión ou devolución decretada.

3. Sen prexuízo do previsto no número anterior, a continuación do procedemento sancionador estará igualmente condicionada, no caso de que o estranxeiro inicie un procedemento de solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais, alegando a concorrencia dun suposto distinto ao previsto no artigo 59bis da Lei orgánica 4/2000, á resolución deste.

Artigo 144. *Autorización de residencia e traballo.*

1. Determinada, de ser o caso, a exención de responsabilidade, o órgano que ditase a resolución en tal sentido informará o estranxeiro da posibilidade que o asiste de presentar unha solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, dirixida ao titular da Secretaría de Estado de Seguridade ou da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, en función de que a motivación resida, respectivamente, na colaboración da vítima na investigación do delito ou na súa situación persoal.

De se ter determinado a exención de responsabilidade baseándose nunha dobre concorrencia das circunstancias citadas, será informado da posibilidade que o asiste de iniciar outros tantos procedementos de solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais.

2. A solicitude de autorización, que será presentada ante a Delegación ou Subdelegación do Goberno que determinase a exención de responsabilidade, poderá ser presentada polo estranxeiro persoalmente ou a través de representante.

Salvo concorrencia do previsto no parágrafo segundo do artigo 59bis.4 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, a solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte completo, ou título de viaxe, en vigor, do estranxeiro. De ser o caso, este documento será substituído por cédula de inscrición, en vigor.

b) De ser o caso, documento público polo que se outorgue a representación legal en favor da persoa física que formule a solicitude.

3. A Delegación ou Subdelegación do Goberno dará traslado inmediato da solicitude á Secretaría de Estado competente para a súa resolución, achegando informe sobre a situación administrativa e persoal do estranxeiro e sobre o sentido da resolución.

No caso de que, de acordo co previsto no número 1 deste artigo, o estranxeiro tivese presentado dúas solicitudes de autorización de residencia por circunstancias excepcionais de acordo co previsto neste capítulo, a Delegación ou Subdelegación do Goberno, nos correspondentes traslados ás secretarías de Estado competentes, farán constar a existencia dos dous procedementos.

4. A remisión da solicitude de autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais, no caso de incluír informe favorable á concesión desta, suporá a concesión de autorización provisoria de residencia e traballo polo delegado ou subdelegado do Goberno, para a cal non será necesario que o interesado presente unha nova solicitude.

A Delegación ou Subdelegación do Goberno comunicarlle ao interesado o traslado da solicitude á Secretaría de Estado competente para a súa resolución e notificaralle a concesión ou non da autorización provisoria de residencia e traballo.

A autorización provisoria implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial, e terá eficacia desde o momento da notificación da súa concesión e ata que se dite resolución sobre a solicitude de autorización realizada.

No prazo dun mes desde a súa concesión, o titular da autorización provisoria deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que o seu titular está autorizado a residir e traballar en España, pero non o seu carácter provisorio nin a súa condición de vítima de trata de seres humanos.

A tarxeta de identidade de estranxeiro será renovable con carácter anual.

5. Resolto favorablemente o procedemento sobre a autorización definitiva polo titular da Secretaría de Estado competente, a autorización de residencia e traballo terá vixencia de cinco anos e implicará a posibilidade de traballar, por conta allea ou por conta propia, en calquera ocupación, sector de actividade e ámbito territorial. Isto sen prexuízo da posibilidade do seu titular de acceder no curso destes á situación de residencia de longa duración, tras solicitude previa, para o cal se computará, de ser o caso, o tempo durante o que tivese sido titular dunha autorización provisoria concedida baseándose neste artigo.

No prazo dun mes desde a súa concesión, o seu titular deberá solicitar, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, a tarxeta de identidade de estranxeiro. A dita tarxeta fará constar que o seu titular está autorizado a residir e traballar en España, pero non a súa condición de vítima de trata de seres humanos.

6. A denegación da autorización de residencia e traballo suporá a perda de vixencia da autorización provisoria que se puidese ter concedido, sen necesidade de pronunciamento administrativo expreso. Neste caso, a titularidade da autorización provisoria non poderá ser alegada de cara á obtención da condición de residente de longa duración.

7. O número anterior será entendido sen prexuízo da posibilidade de que o estranxeiro inicie un procedemento de solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais, alegando a concorrencia dun suposto distinto ao previsto no artigo 59 bis da Lei orgánica 4/2000.

8. O contido deste precepto non afectará o dereito que asiste o estranxeiro de solicitar e gozar de protección internacional.

Artigo 145. *Retorno asistido ao país de procedencia.*

1. O estranxeiro poderá solicitar o retorno asistido ao seu país de procedencia en calquera momento desde que sexan apreciados motivos razoables sobre a súa posible condición de vítima de trata de seres humanos, sen prexuízo do que as autoridades competentes no marco da investigación do delito ou do procedemento penal puideren determinar sobre a súa necesaria permanencia en territorio español de acordo coa normativa aplicable á súa participación na dita investigación ou procedemento,

2. A dita solicitude, dirixida á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, poderá ser presentada ante calquera das autoridades competentes no marco dos procedementos regulados neste capítulo.

A Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración facilitará a xestión e asistencia do retorno voluntario atendendo ao establecido no artigo 16 do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos. En todo caso, o retorno asistido comprenderá a avaliación, previa á partida, dos riscos e a seguridade, o transporte, así como a asistencia nos puntos de partida, tránsito e destino.

3. No caso de que se tivese determinado a necesidade de que o estranxeiro permaneza en España en virtude do previsto no número 1 deste artigo, a solicitude de retorno asistido será tramitada tan pronto desaparezan as causas que determinan a súa obrigada permanencia en territorio español.

Artigo 146. *Estranxeiros menores de idade vítimas de trata de seres humanos.*

1. No caso de que for determinada a minoría de idade da vítima de trata de seres humanos, as actuacións que se deban realizar en virtude do disposto neste capítulo velarán en todo momento pola preservación do interese superior do menor.

2. A institución pública responsable da tutela legal da vítima menor de idade ou o Ministerio Fiscal poderán propor a derivación do menor cara a recursos específicos para vítimas de trata de seres humanos, por razóns de protección ou de asistencia especializada.

3. En calquera caso, os recursos específicos para vítimas de trata de seres humanos deberán garantir a separación entre menores e maiores de idade.

TÍTULO VI

Residencia de longa duración

CAPÍTULO I

Residencia de longa duración

Artigo 147. *Definición.*

Atópase en situación de residencia de longa duración o estranxeiro que fose autorizado a residir e traballar en España indefinidamente nas mesmas condicións que os españois.

Artigo 148. *Supostos.*

1. Terán dereito a obter unha autorización de residencia de longa duración os estranxeiros que residisen legalmente e de forma continuada no territorio español durante cinco anos.

Igualmente, terán dereito a obter a dita autorización os estranxeiros que acrediten ter residido durante ese período de forma continuada na Unión Europea, en calidade de titulares dunha tarxeta azul-UE, sempre que nos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude a dita residencia se producise en territorio español.

2. A continuidade a que se refire o número anterior non quedará afectada por ausencias do territorio español de ata seis meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de dez meses dentro dos cinco anos referidos no número 1, salvo que as correspondentes saídas se tivesen efectuado de maneira irregular.

No caso de ausencias por motivos laborais, a continuación da residencia non quedará afectada por ausencias do territorio español de ata seis meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total dun ano dentro dos cinco anos requiridos.

No caso de solicitude dunha autorización de residencia de longa duración baseándose no previsto no segundo parágrafo do número anterior, a continuidade da residencia como titular dunha tarxeta azul-UE non quedará afectada por ausencias da Unión Europea de ata doce meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de dezaioito meses dentro dos cinco anos de residencia requiridos.

3. A autorización de residencia de longa duración tamén se lles concederá aos estranxeiros que acrediten que se atopan en calquera dos seguintes supostos:

a) Residentes que sexan beneficiarios dunha pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, incluída dentro da acción protectora do sistema español da Seguridade Social.

b) Residentes que sexan beneficiarios dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de grande invalidez, na súa modalidade contributiva, incluída dentro da acción protectora do sistema español da Seguridade Social ou de prestacións análogas ás anteriores obtidas en España e consistentes nunha renda vitalicia, non capitalizable, suficiente para o seu sostemento.

c) Residentes que nacesen en España e, ao chegaren á maioría de idade, residisen en España de forma legal e continuada durante, polo menos, os tres anos consecutivos inmediatamente anteriores á solicitude.

d) Estranxeiros que fosen españois de orixe e perdesen a nacionalidade española.

e) Residentes que, ao chegaren á maioría de idade, estivesen baixo a tutela dunha entidade pública española durante os cinco anos inmediatamente anteriores de forma consecutiva.

f) Apátridas, refuxiados ou beneficiarios de protección subsidiaria que se atopen en territorio español e aos que se lles recoñecese o respectivo estatuto en España.

g) Estranxeiros que contribuísen de forma notoria ao progreso económico, científico ou cultural de España, ou á proxección de España no exterior. Nestes supostos, corresponderalle ao titular do Ministerio de Traballo e Inmigración a concesión da autorización de residencia de longa duración, tras informe previo do Ministerio do Interior.

Artigo 149. *Procedemento.*

1. Os estranxeiros que estean en territorio español e se atopen nalgún dos supostos recollidos no artigo anterior deberán dirixir a súa solicitude, en modelo oficial, á oficina de estranxeiría da provincia onde residan ou, no caso de que non se requira a condición previa de residente en España, onde desexen fixar a súa residencia.

Os estranxeiros que non se atopen en territorio nacional deberán presentar persoalmente a solicitude ante a oficina diplomática ou consular na demarcación da cal residan, que dará traslado á oficina de estranxeiría competente para a súa resolución.

A solicitude de autorización de residencia de longa duración baseada no suposto previsto no número 3.g) do artigo anterior non será presentada polo interesado, senón instada de oficio pola Dirección Xeral de Inmigración, tras recepción previa de proposta no dito sentido dunha autoridade pública con competencias relacionadas co mérito que fundamenta a petición, acompañada da documentación acreditativa do dito mérito.

2. Á solicitude deberásele xuntar a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, exhibindo previamente o documento orixinal.

b) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.

c) No caso de solicitudes fundamentadas en períodos de residencia previos, informe emitido polas autoridades competentes que acredite a escolarización dos menores ao seu cargo, en idade de escolarización obrigatoria.

d) De ser o caso, documentación acreditativa dos períodos de residencia previa, como titular dunha tarxeta azul-UE, noutros Estados membros da Unión Europea.

e) De ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgún dos supostos previstos no artigo 148.3, alíneas c) a f).

f) De ser o caso, certificado de antecedentes penais ou documento equivalente expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

3. Recibida a solicitude, a oficina de estranxeiría comprobará os tempos de residencia previos en territorio español e solicitará de oficio o correspondente certificado de antecedentes penais en España, así como aqueles informes que coide pertinentes para a tramitación e resolución do procedemento, o que incluírá, de ser o caso, pedir de oficio os informes que acrediten que a persoa se encontra incluída nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do artigo 148.3.

Por outro lado, no caso de que a partir da documentación presentada xunto á solicitude non quede acreditada a escolarización dos menores en idade de escolarización obrigatoria que estean a cargo do solicitante, a oficina de estranxeiría porá esta circunstancia en coñecemento das autoridades educativas competentes, e advertirlle expresamente e por escrito ao estranxeiro solicitante que, en caso de non producirse a escolarización e presentarse o correspondente informe no prazo de trinta días, a autorización non será concedida.

4. No prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude, o órgano competente resolverá.

5. Concedida, de ser o caso, a autorización de residencia de longa duración, o estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro, no prazo dun mes desde a notificación da resolución.

Artigo 150. *Renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro dos residentes de longa duración.*

1. Os estranxeiros que sexan titulares dunha autorización de residencia de longa duración deberán solicitar a renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro cada cinco anos.

2. A solicitude de renovación deberase presentar durante os sesenta días naturais inmediatamente anteriores á data de expiración da vixencia da tarxeta. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da tarxeta anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto de que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que finalizase a vixencia da anterior tarxeta, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción en que se tivese incorrido.

3. A non presentación de solicitude de renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro nos prazos establecidos no número 2 non suporá en ningún caso a extinción da autorización de residencia de longa duración.

4. A solicitude de renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, exhibindo previamente o documento orixinal.
- b) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.
- c) Unha fotografía, de acordo cos requirimentos establecidos na normativa sobre documento nacional de identidade.

CAPÍTULO II

Residencia de longa duración-UE

Artigo 151. *Definición.*

Atópase en situación de residencia de longa duración-UE o estranxeiro que fose autorizado a residir e traballar en España indefinidamente nas mesmas condicións que os españois e que se beneficia do establecido sobre o dito estatuto na Directiva 2003/109/CE do Consello, do 25 de novembro, relativa ao estatuto dos nacionais de países terceiros residentes de longa duración.

Artigo 152. *Requisitos.*

1. Terán dereito a obter unha autorización de residencia de longa duración-UE os estranxeiros que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter residido legalmente e de forma continuada no territorio español durante cinco anos.

A continuidade non quedará afectada por ausencias do territorio español de ata seis meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de dez meses dentro do período de permanencia de cinco anos exixible, salvo que as correspondentes saídas se tivesen efectuado de maneira irregular.

No caso de ausencias por motivos laborais, a continuación da residencia non quedará afectada por ausencias do territorio español de ata seis meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total dun ano dentro dos cinco anos requiridos.

Computaranse, para os efectos previstos nos parágrafos anteriores, os períodos de permanencia en situación de estadia por estudos, mobilidade de alumnos ou prácticas non laborais, no 50% da duración total destes, sempre que no momento da solicitude da autorización de residencia de longa duración-UE o estranxeiro se atope en situación de residencia en España.

Igualmente, terán dereito a obter a dita autorización os estranxeiros que acrediten ter residido de forma continuada na Unión Europea, en calidade de titulares dunha tarxeta azul-UE, sempre que nos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude a dita residencia se producise en territorio español. Neste caso, a continuidade da residencia como titular dunha tarxeta azul-UE non quedará afectada por ausencias da Unión Europea de ata doce meses continuados, sempre que a suma destas non supere o total de dezaioito meses dentro dos cinco anos de residencia requiridos.

b) Contar con recursos fixos e regulares suficientes para a súa manutención e, de ser o caso, a da súa familia. Os termos e as contías para valorar o cumprimento deste requisito serán os previstos en materia de reagrupación familiar. Os recursos poderán provir de medios propios ou da realización de actividades laborais ou profesionais.

c) Contar cun seguro público ou un seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.

Artigo 153. *Procedemento.*

1. Os estranxeiros que se encontren en territorio español e estean no suposto previsto no artigo anterior deberán dirixir a súa solicitude, en modelo oficial, á oficina de estranxeiría onde residan.

Os estranxeiros que non se atopen en territorio nacional deberán presentar persoalmente a solicitude ante a oficina diplomática ou consular na demarcación da cal residan, que dará traslado á oficina de estranxeiría competente para a súa resolución.

2. Á solicitude deberase xuntar a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, exhibindo previamente o documento orixinal.

b) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.

c) De ser o caso, documentación acreditativa dos períodos de residencia previa, como titular dunha tarxeta azul-UE, noutros Estados membros da Unión Europea.

d) Documentación acreditativa de que o solicitante posúe recursos fixos e regulares suficientes para a súa manutención e, de ser o caso, a da súa familia.

e) Documentación acreditativa de que o solicitante conta cun seguro público ou un seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.

f) De ser o caso, certificado de antecedentes penais ou documento equivalente expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

3. Recibida a solicitude, a oficina de estranxeiría comprobará os tempos de residencia previos en territorio español, e solicitará de oficio o correspondente certificado de antecedentes penais en España.

4. No prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude, o órgano competente resolverá.

5. Concedida, de ser o caso, a autorización de residencia de longa duración-UE, o estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro, no prazo dun mes desde a notificación da resolución.

Na epígrafe «Tipo de permiso» da tarxeta expedida, constará a mención «Residente de longa duración-UE».

Artigo 154. *Renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro dos residentes de longa duración-UE.*

1. Os estranxeiros que sexan titulares dunha autorización de residencia de longa duración-UE deberán solicitar a renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro cada cinco anos.

2. A solicitude de renovación deberase presentar durante os sesenta días naturais inmediatamente anteriores á data de expiración da vixencia da tarxeta. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da tarxeta anterior ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto de que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que rematase a vixencia da anterior tarxeta.

3. A non presentación de solicitude de renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro nos prazos establecidos no número 2 non suporá en ningún caso a extinción da autorización de residencia de longa duración-UE.

4. A solicitude de renovación da tarxeta de identidade de estranxeiro irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, exhibindo previamente o documento orixinal.
- b) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.

CAPÍTULO III

Mobilidade do residente de longa duración-UE noutro Estado membro

Artigo 155. *Residencia de longa duración en España do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Todo estranxeiro titular dunha autorización de residencia de longa duración-UE concedida por outro Estado membro da Unión Europea poderá solicitar residir en España, sen que se requira a obtención de visado.

2. A solicitude poderá ser presentada en calquera momento anterior á entrada en territorio español e, como moi tarde, no prazo de tres meses desde que se efectúe a dita entrada.

Presentarase, dirixida á oficina de estranxeiría da provincia en que desexe residir ou onde se vaia iniciar a actividade laboral ou profesional, ante a oficina consular española correspondente ao lugar previo de residencia na Unión Europea ou ante a propia oficina de estranxeiría.

3. Á solicitude xuntaráse:

- a) Documentación acreditativa da súa condición de residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do estranxeiro.
- c) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.
- d) Documentación acreditativa de cumprir os seguintes requisitos, en función da motivación da solicitude:

1.º No caso de que a motivación sexa residir en España sen desenvolver actividades lucrativas: documentación sobre medios económicos e aloxamento, exhibibles para residir en España sen realizar actividades lucrativas.

2.º No caso de que a motivación sexa residir en España e desenvolver actividades lucrativas: documentación en materia de traballo que resulte exixible en función de se se desexa desenvolver unha actividade por conta allea ou por conta propia ou, de ser o caso, documentación acreditativa de que concorre o suposto de excepción da autorización de traballo que alegue o interesado. Non resultará de aplicación o requisito relativo a que a situación nacional de emprego permita a contratación do estranxeiro.

A citada documentación deberá acreditar o cumprimento dos ditos requisitos nos termos establecidos nos artigos deste regulamento en materia de autorización de residencia ou de residencia e traballo, en función do motivo da solicitude.

4. A Delegación ou Subdelegación do Goberno resolverá sobre a solicitude e notificará a resolución no prazo máximo de corenta e cinco días.

5. Concedida, de ser o caso, a autorización, o estranxeiro deberá entrar en España no prazo máximo de tres meses desde a notificación da resolución, de non estar xa en territorio español.

6. A autorización cobrará vixencia desde a entrada do estranxeiro en España dentro do prazo sinalado no número anterior ou desde a data de notificación da resolución, de se encontrar este en España.

No caso de que o motivo da solicitude sexa desenvolver en España unha actividade por conta allea ou por conta propia, a autorización cobrará eficacia no momento da alta do estranxeiro no correspondente réxime da Seguridade Social. A alta no réxime correspondente da Seguridade Social deberase producir dentro do prazo de tres meses desde a notificación da concesión.

7. O estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro, ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, no prazo dun mes desde que a autorización cobre vixencia. A tarxeta de identidade de estranxeiro deberá ser renovada cada cinco anos.

Artigo 156. Residencia de longa duración en España da familia do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.

1. Os membros da familia dun estranxeiro titular dunha autorización de residencia de longa duración-UE concedida por outro Estado membro da Unión Europea poderán solicitar residir en España, sen que se requira a obtención de visado, no caso de formaren parte da unidade familiar constituída no anterior Estado membro de residencia.

Entenderase por membros da familia, para os efectos do parágrafo anterior, os definidos como familiares reagrupables no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. A solicitude poderá ser presentada en calquera momento anterior á entrada en territorio español e, como moi tarde, no prazo de tres meses desde que esta se efectúe.

Presentarase, dirixida á oficina de estranxeiría correspondente á provincia en que resida ou vaia residir o residente de longa duración-UE do que deriva o dereito, ante a oficina consular española correspondente ao lugar previo de residencia na Unión Europea ou ante a propia oficina de estranxeiría.

A presentación poderá ser simultánea ou posterior á solicitude de autorización de residencia de longa duración presentada polo titular da autorización de residencia de longa duración-UE noutro Estado membro.

3. Á solicitude xuntaráse:

a) Documentación acreditativa da súa residencia no anterior Estado membro en calidade de membro da familia de titular dunha autorización de residencia de longa duración-UE neste.

b) Copia do pasaporte completo, ou documento de viaxe, en vigor, do familiar.

c) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.

d) Documentación acreditativa de que o familiar ou o titular da autorización de residencia de longa duración-UE conta con medios económicos e vivenda nos termos previstos nos artigos deste regulamento relativos á residencia por reagrupación familiar.

4. A Delegación ou Subdelegación do Goberno resolverá sobre a solicitude e notificará a resolución no prazo máximo de corenta e cinco días. Sen prexuízo do anterior, non se poderá conceder a autorización de residencia a favor dun familiar sen que ao mesmo tempo ou anteriormente se concedese a solicitada polo titular da autorización de residencia de longa duración-UE do que deriva o dereito.

5. Concedida, de ser o caso, a autorización, o estranxeiro deberá entrar en España no prazo máximo de tres meses desde a notificación da resolución, de non estar xa en territorio español.

6. A autorización cobrará vixencia desde a entrada do estranxeiro en España dentro do prazo sinalado no número anterior ou desde a data de notificación da resolución, de estar este en España.

7. Agás no caso de concesión de autorizacións de vixencia inferior ou igual a seis meses, o estranxeiro deberá solicitar persoalmente a tarxeta de identidade de estranxeiro, ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, no prazo dun mes desde que a autorización cobre vixencia.

8. A autorización concedida a favor do familiar terá a consideración de autorización de residencia por reagrupación familiar.

Artigo 157. Residencia de longa duración-UE en España do residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea.

1. O estranxeiro residente en España a partir da súa anterior condición de residente de longa duración-UE noutro Estado membro da Unión Europea poderá acceder á situación de residencia de longa duración-UE en España, nos termos e condicións establecidas sobre a materia neste regulamento.

2. A concesión dunha autorización de residencia de longa duración-UE en España suporá a perda do dereito a conservar o estatuto de residente de longa duración-UE no anterior Estado membro de residencia.

CAPÍTULO IV

Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración ou dunha residencia de longa duración-UE

Sección 1.^a Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración

Artigo 158. Ámbito de aplicación da recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración.

O procedemento regulado nesta sección de recuperación da titularidade dunha autorización de residencia de longa duración resultará de aplicación nos seguintes supostos:

a) Cando a autorización se extingue con base no disposto nas alíneas c) e d) do artigo 166.1 deste regulamento.

b) Cando o estranxeiro regrese a España finalizado o período do seu compromiso de non retorno asumido de acordo co previsto no capítulo X do título IV, sempre que no momento do seu retorno voluntario ao país de orixe tiver a condición de residente de longa duración en España.

Artigo 159. Procedemento.

1. A solicitude de recuperación da titularidade da autorización de residencia de longa duración será presentada polo estranxeiro, persoalmente e no modelo oficialmente establecido.

2. A solicitude, dirixida á oficina de estranxeiría da provincia en que desexe fixar a súa residencia, poderá ser presentada ante a propia oficina de estranxeiría ou ante a misión diplomática ou oficina consular española na demarcación da cal resida.

No caso de presentación dentro de España, e para os efectos da entrada en territorio español, será de aplicación o disposto nos artigos 4 a 14 deste regulamento.

No caso de presentación fóra de España, a entrada do estranxeiro en territorio español producirase como titular dunha autorización de residencia de longa duración, unha vez estimada, de ser o caso, a recuperación da dita condición. Para os ditos efectos, a misión diplomática ou oficina consular competente, tras solicitude previa del polo interesado, emitirá un visado de residencia ao seu favor, para a obtención do cal serán requisitos exclusivos que ao solicitante se lle recoñecese a recuperación da titularidade dunha autorización de residencia de longa duración e o aboamento da taxa por tramitación do procedemento de visado.

3. Á solicitude de recuperación da condición de residente de longa duración deberáselle xuntar a seguinte documentación:

a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.

b) Certificado de antecedentes penais expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

c) Certificado médico co fin de acreditar que non padece ningunha das enfermidades susceptibles de corentena previstas no Regulamento sanitario internacional.

4. Recibida a solicitude, o órgano competente rexistraraa, deixando constancia inmediata da súa presentación, e introduciraa na aplicación correspondente, de tal maneira que permita que os órganos competentes para resolver poidan ter coñecemento da solicitude en tempo real.

5. Admitida a trámite a solicitude, procederase á instrución do procedemento e á súa inmediata tramitación e solicitarase de oficio o informe do Rexistro Central de Penados, así como os dos servizos competentes da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil.

Este último informe fará expresa mención a se o estranxeiro cumpriu as súas obrigas en canto ao compromiso de non regreso a España durante tres anos. Non se entenderá incumplido o compromiso no caso de entradas en España para efectos de estadía de duración non superior a noventa días, salvo en supostos de permanencia irregular unha vez finalizado o dito período ou, de ser o caso, a vixencia das prórrogas de estadía que se puidesen ter concedido.

6. O órgano competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá de forma motivada no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, atendendo aos requisitos previstos neste artigo.

Entenderase que a resolución é favorable se a Administración non resolveu expresamente en prazo.

7. No caso de que a resolución for favorable, o estranxeiro deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, no prazo dun mes desde a notificación da súa concesión ou, de ser o caso, desde a data da súa entrada legal en territorio español. A tarxeta terá unha validez de cinco anos.

Sección 2.^a Recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración-UE

Artigo 160. Ámbito de aplicación da recuperación da titularidade dunha residencia de longa duración-UE.

O procedemento regulado neste capítulo, de recuperación da titularidade dunha autorización de residencia de longa duración-UE en España, resultará de aplicación nos seguintes supostos:

a) Cando a autorización se extingue con base no disposto nas alíneas c) e d) do artigo 166.1 deste regulamento.

b) Cando o estranxeiro permanecese durante un período superior a seis anos fóra de territorio español.

Artigo 161. *Procedemento.*

1. A solicitude de recuperación da titularidade da autorización de residencia de longa duración-UE será presentada polo estranxeiro, persoalmente e no modelo oficialmente establecido.

2. Poderá ser presentada ante a oficina de estranxeiría correspondente á provincia en que desexe fixar a súa residencia ou, dirixida á dita oficina de estranxeiría, ante a misión diplomática ou oficina consular española da súa demarcación de residencia.

No caso de presentación dentro de España, e para os efectos da entrada en territorio español, será de aplicación o disposto nos artigos 4 a 14 deste regulamento.

No caso de presentación fóra de España, a entrada do estranxeiro en territorio español producirase como titular dunha autorización de residencia de longa duración-UE, unha vez estimada, de ser o caso, a recuperación desa condición. Para os ditos efectos, a misión diplomática ou oficina consular competente, tras a solicitude del polo interesado, emitirá un visado de residencia ao seu favor, para a obtención do cal serán exclusivos requisitos que ao solicitante se lle recoñecese a recuperación da titularidade dunha autorización de residencia de longa duración-UE e o aboamento da taxa por tramitación do procedemento de visado.

Non obstante, non serán exixibles os requisitos previstos nos citados artigos para a entrada en España cando o estranxeiro sexa titular dun permiso de residencia noutro Estado membro da Unión Europea, conforme o establecido no dereito da Unión Europea.

3. Á solicitude de recuperación da condición de residente de longa duración-UE deberáselle xuntar a seguinte documentación:

a) Pasaporte completo en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España.

b) Certificado de antecedentes penais expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

c) Documentación acreditativa de que o solicitante conta con recursos fixos e regulares suficientes para a súa manutención e, de ser o caso, a da súa familia.

d) Documentación acreditativa de que o solicitante conta cun seguro público ou un seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.

e) Impreso acreditativo do aboamento da taxa por tramitación do procedemento.

4. Recibida a solicitude, o órgano competente rexistraráa, deixando constancia inmediata da súa presentación, e introduciráa na aplicación correspondente, de tal maneira que permita que os órganos competentes para resolver poidan ter coñecemento da solicitude en tempo real.

5. Admitida a trámite a solicitude, procederase á instrución do procedemento e á súa inmediata tramitación e solicitarase de oficio o informe do Rexistro Central de Penados.

6. O órgano competente, á vista da documentación presentada e dos informes obtidos, resolverá de forma motivada no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, atendendo aos requisitos previstos neste artigo.

Entenderase que a resolución é favorable se a Administración non resolveu expresamente en prazo.

7. No caso de que a resolución for favorable, o estranxeiro deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes, no prazo dun mes desde a notificación da súa concesión. A tarxeta terá unha validez de cinco anos.

TÍTULO VII

Extinción das autorizacións de residencia ou de residencia e traballo

Artigo 162. *Extinción da autorización de residencia temporal.*

A extinción da autorización de residencia temporal, agás nos supostos especificamente regulados noutros artigos deste capítulo, producirase de acordo co disposto neste artigo.

1. A vixencia das autorizacións de residencia temporal extinguirase sen necesidade de pronunciamento administrativo:

a) Polo transcurso do prazo para o cal se expedisen. Non obstante, de acordo co previsto neste regulamento, a vixencia da autorización entenderase prorrogada no caso de que se solicite a súa renovación en prazo e ata que se resolva o procedemento de renovación.

b) Por estar obrigado o residente estranxeiro á renovación extraordinaria da autorización, en virtude do disposto polas autoridades competentes en estados de excepción ou de sitio, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.

c) Pola inclusión nalgún dos supostos de prohibición de entrada previstos neste regulamento, ben por non se ter coñecido a dita circunstancia no momento da súa entrada, ben por se ter producido durante a súa permanencia en España.

2. A autorización de residencia temporal extinguirase por resolución do órgano competente para a súa concesión, conforme os trámites previstos na normativa vixente para os procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, cando se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

a) Cando o estranxeiro cambie ou perda a súa nacionalidade, sen prexuízo de que poida adquirir outra autorización de residencia en atención ás novas circunstancias.

b) Cando desaparezan as circunstancias que serviron de base para a súa concesión.

c) Cando se comprobe a inexactitude grave das alegacións formuladas ou da documentación achegada polo titular para obter esa autorización de residencia.

d) Cando deixe de posuír pasaporte, documento análogo ou, de ser o caso, cédula de inscrición, válidos e en vigor, salvo que poida xustificar que realizou os trámites necesarios para a renovación ou recuperación do pasaporte ou documento análogo.

e) Cando se permaneza fóra de España durante máis de seis meses nun período dun ano.

Esta circunstancia non será de aplicación aos titulares dunha autorización de residencia temporal e traballo vinculados mediante unha relación laboral a organizacións non gobernamentais, fundacións ou asociacións, inscritas no rexistro xeral correspondente e recoñecidas oficialmente de utilidade pública como cooperantes, e que realicen para aquelas proxectos de investigación, cooperación ao desenvolvemento ou axuda humanitaria, levados a cabo no estranxeiro. Tampouco será de aplicación aos titulares dunha autorización de residencia que permanezan no territorio doutro Estado membro da Unión Europea para a realización de programas temporais de estudos promovidos pola propia Unión.

Artigo 163. *Extinción da autorización de residencia temporal e traballo para investigación.*

1. A vixencia das autorizacións de residencia temporal e traballo para investigación extinguirase sen necesidade de pronunciamento administrativo:

a) Polo transcurso do prazo para o cal se expedisen.

b) Por estar obrigado o residente estranxeiro á renovación extraordinaria da autorización, en virtude do disposto polas autoridades competentes en estados de

excepción ou de sitio, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.

2. A autorización de residencia temporal e traballo para investigación extinguirase por resolución do órgano competente para a súa concesión, conforme os trámites previstos na normativa vixente para os procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, cando se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando a autorización se obtivese de maneira fraudulenta.
- b) Cando desaparezan as circunstancias que serviron de base para a súa concesión ou no caso de comprobación de que estas non existían.
- c) Cando o seu titular resida en España con fins distintos a aqueles para os cales foi autorizado.

Artigo 164. *Extinción da autorización de residencia temporal de profesionais altamente cualificados.*

1. A vixencia das autorizacións de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados extinguirase sen necesidade de pronunciamento administrativo:

- a) Polo transcurso do prazo para o cal se expedisen.
- b) Por estar obrigado o residente estranxeiro á renovación extraordinaria da autorización, en virtude do disposto polas autoridades competentes en estados de excepción ou de sitio, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.

2. A autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados extinguirase por resolución do órgano competente para a súa concesión, conforme os trámites previstos na normativa vixente para os procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, cando se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando a autorización se obtivese de maneira fraudulenta.
- b) Cando desaparezan as circunstancias que serviron de base para a súa concesión ou en caso de comprobación de que estas non existían.
- c) Cando o seu titular resida en España con fins distintos a aqueles para os cales foi autorizado.

Artigo 165. *Extinción da autorización de residencia temporal e traballo de vítimas de trata de seres humanos.*

1. A vixencia das autorizacións de residencia temporal e traballo de vítimas de trata de seres humanos extinguirase sen necesidade de pronunciamento administrativo:

- a) Polo transcurso do prazo para o cal se expedisen.
- b) Por estar obrigado o residente estranxeiro á renovación extraordinaria da autorización, en virtude do disposto polas autoridades competentes en estados de excepción ou de sitio, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.

2. A autorización de residencia temporal e traballo de vítimas de trata de seres humanos que sexa concedida baseándose na colaboración da vítima na investigación do delito extinguirase por resolución do órgano competente para a súa concesión, conforme os trámites previstos na normativa vixente para os procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, cando se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando unha resolución xudicial determine que a denuncia é fraudulenta ou infundada, ou en caso de fraude na cooperación.

- b) Cando desaparezan as circunstancias que serviron de base para a súa concesión.
- c) Cando o seu titular retome de forma activa, voluntaria e por iniciativa propia, as relacións cos presuntos autores do delito.
- d) Cando o seu titular deixe de cooperar.

Artigo 166. *Extinción da autorización de residencia de longa duración.*

1. A extinción da autorización de residencia de longa duración e da autorización de residencia de longa duración-UE producirase nos casos seguintes:

- a) Cando a autorización se obtivese de maneira fraudulenta.
- b) Cando se dite unha orde de expulsión nos casos previstos na lei.
- c) Cando se produza a ausencia do territorio da Unión Europea durante doce meses consecutivos.

Esta circunstancia non será de aplicación aos titulares dunha autorización de residencia temporal e traballo vinculados mediante unha relación laboral a organizacións non gobernamentais, fundacións ou asociacións, inscritas no rexistro xeral correspondente e recoñecidas oficialmente de utilidade pública como cooperantes, e que realicen para aquelas proxectos de investigación, cooperación ao desenvolvemento ou axuda humanitaria, levados a cabo no estranxeiro.

- d) Cando adquirise a residencia de longa duración-UE noutro Estado membro.

2. Ademais, producirase a extinción da autorización de residencia de longa duración-UE tras unha ausencia de territorio español de seis anos. A Dirección Xeral de Inmigración, logo de informe da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, poderá determinar a non extinción dunha autorización por esta causa ante a concorrencia de motivos excepcionais que así o aconsellen.

TÍTULO VIII

Xestión colectiva de contratacións en orixe

Artigo 167. *Xestión colectiva de contratacións en orixe.*

1. De conformidade co disposto no artigo 39 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o Ministerio de Traballo e Inmigración, tendo en conta a situación nacional de emprego, poderá aprobar unha previsión das ocupacións e, de ser o caso, da cifra de postos de traballo que se poderán cubrir a través da xestión colectiva de contratacións en orixe no período dun ano.

No caso de que, transcorrido o ano respecto ao cal se estableza a cifra, o número de contratacións en orixe sexa inferior ás inicialmente previstas, o Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de consulta á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, poderá prorrogar a vixencia da cifra que reste.

2. A xestión colectiva permitirá a contratación programada de traballadores que non se atopen ou residan en España, chamados a desempeñar empregos estables e que serán seleccionados nos seus países de orixe a partir das ofertas xenéricas presentadas polos empresarios.

3. O Ministerio de Traballo e Inmigración establecerá os supostos en que tamén será posible tramitar ofertas nominativas a través da xestión colectiva de contratacións en orixe.

Artigo 168. *Elaboración da previsión anual de xestión colectiva de contratacións en orixe.*

1. Corresponderalle á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración elaborar a proposta de previsión anual de postos de traballo, por ocupación laboral, que poderán ser cubertos a través da xestión colectiva de contratacións en orixe.

Para iso, deberase ter en conta a información sobre a situación nacional de emprego subministrada polo Servizo Público de Emprego Estatal, así como as propostas que, tras a consulta ás organizacións sindicais máis representativas e empresariais no seu ámbito correspondente, sexan realizadas polas comunidades autónomas. Esas propostas realizaranse tras recibir as solicitudes das organizacións empresariais de ámbito provincial e as consideracións que lles fixesen chegar as organizacións sindicais máis representativas de idéntico ámbito.

2. A proposta realizada pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración será adoptada tras a consulta á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, á cal, con periodicidade trimestral, lle serán remitidos datos estatísticos sobre as autorizacións solicitadas e concedidas, así como as solicitudes e concesións de visados de busca de emprego e as autorizacións derivadas destes, con base na Orde ministerial de xestión colectiva de contratacións en orixe.

Elaborada a proposta, será presentada pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración ante a Comisión Interministerial de Estranxeiría para que informe sobre a procedencia de aprobar a orde.

Artigo 169. Contido da norma sobre xestión colectiva.

1. A orde ministerial pola que se aprobe a xestión colectiva de contratacións en orixe comprenderá a cifra provisoria dos postos de traballo de carácter estable que poden ser cubertos a través deste procedemento por traballadores estranxeiros que non se atopen ou residan en España.

2. Así mesmo, poderá establecer un número de visados para busca de emprego dirixidos a fillos ou netos de españois de orixe, así como un número de visados para a busca de emprego limitados a determinadas ocupacións nun ámbito territorial concreto.

3. A orde ministerial que aprobe a xestión colectiva de contratacións en orixe poderá regular de maneira diferenciada as previsións sobre contratación estable e sen establecer unha cifra de postos de traballo que se vaian cubrir nin unha delimitación de ocupacións laborais, particularidades no procedemento de contratación de traballadores de temporada ou por obra ou servizo regulado no capítulo VI do título IV.

Sen prexuízo do anterior, as ditas particularidades poderán ser establecidas, tras o informe da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, por orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración especificamente aprobada para os ditos efectos, no caso de que, a partir das propostas das comunidades autónomas e en atención á situación nacional de emprego, se determine a non procedencia de establecer unha cifra de contratacións estables para unha determinada anualidade.

4. Ao longo do ano, poderase revisar o número e distribución das ofertas de emprego admisibles no marco da xestión colectiva de contratacións en orixe, para adaptalo á evolución do mercado de traballo.

5. As ofertas de emprego xenéricas presentadas con base na norma sobre xestión colectiva de contratacións en orixe orientaranse preferentemente cara aos países con que España asinase acordos sobre regulación e ordenación de fluxos migratorios.

Artigo 170. Especialidades dos procedementos relativos a autorizacións no marco da xestión colectiva de contratacións en orixe.

1. As diferentes actuacións de xestión, selección e intervención social e concesión de autorizacións de residencia e traballo, entre outras, que sexan consecuencia da execución da xestión colectiva de contratacións en orixe, desenvolveranse nos termos que o Ministerio de Traballo e Inmigración estableza na correspondente orde.

2. A orde ministerial pola que se aprobe a xestión colectiva de contratacións en orixe establecerá o procedemento para a contratación dos traballadores estranxeiros.

En todo caso, os contratos de traballo deberán ser asinados por estranxeiros que non se atopen nin sexan residentes en territorio español, e deberán conter, polo menos, os aspectos previstos no artigo 2.2 do Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o artigo 8.5 da Lei do Estatuto dos traballadores en materia de información ao

traballador sobre os elementos esenciais do contrato de traballo, así como unha previsión do salario neto que percibirá o traballador.

3. Os empresarios que pretendan contratar a través do procedemento de xestión colectiva de contratacións en orixe deberán presentar as solicitudes persoalmente, ou a través de quen validamente teña atribuída a representación legal empresarial, que, para estes supostos, poderán ser organizacións empresariais.

4. Nos procesos de selección en orixe dos traballadores realizados, de ser o caso, conforme os procedementos previstos nos acordos de regulación de fluxos migratorios, poderán participar os empresarios, directa ou indirectamente, sempre que o soliciten, así como os representantes da Dirección Xeral de Inmigración encargados especificamente destas tarefas. Igualmente, poderán participar, en calidade de asesores e cando as administracións de ambos os países llo soliciten, representantes de organizacións sindicais máis representativas e empresariais españolas e/ou do país en que se desenvolva o proceso de selección.

A Dirección Xeral de Inmigración presentaralle á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, con periodicidade trimestral, un informe relativo ao desenvolvemento dos procesos de selección de traballadores en orixe realizados durante o correspondente período.

5. A Dirección Xeral de Inmigración trasladaralle á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras a acta da selección realizada, para que informe da posible concorrencia de causas de denegación da autorización, e lles asigne, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro aos traballadores no prazo máximo de dous días hábiles.

Excepcionalmente, este prazo poderase ampliar ata cinco días hábiles cando o elevado número de traballadores o faga imprescindible, circunstancia que lle será comunicada á Dirección Xeral de Inmigración.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Inmigración solicitaralle informe ao Rexistro Central de Penados, con idéntico prazo e conforme as anteriores previsións.

6. Tendo en conta as características do posto de traballo que se vaia desempeñar, poderanse desenvolver cursos de formación, en España ou nos países de orixe, dirixidos aos traballadores que fosen seleccionados ou preseleccionados. A través do medio máis adecuado, procurarase a subministración da información suficiente ao traballador sobre os seus dereitos e deberes como tal.

Artigo 171. Procedemento no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo por conta allea a comunidades autónomas.

Cando se lle tivese traspasado á Administración autonómica a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea, a orde ministerial establecerá a súa intervención nos trámites de carácter laboral, así como na recepción de solicitudes, admisión a trámite, comprobación dos requisitos laborais, emisión de informe sobre estes e a súa remisión á Dirección Xeral de Inmigración para a continuación dos trámites.

O procedemento que se estableza para resolver sobre a autorización solicitada considerará que os órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración xeral do Estado diten, de maneira coordinada e concordante, unha resolución conxunta, en que deneguen ou concedan a correspondente autorización inicial de residencia e traballo por conta allea, que será asinada polos titulares de cada unha das administracións competentes, e expedida e notificada ao solicitante polo órgano autonómico, segundo o previsto no artigo 68 deste regulamento.

Artigo 172. Visados de residencia e traballo.

1. No prazo máximo dos dous meses seguintes á notificación da resolución de concesión da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea ou da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada para obra ou servizo, e para os efectos da solicitude de visado, presentarase, na oficina consular, de forma agrupada, a seguinte documentación:

a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.

b) Certificado de antecedentes penais, que debe ser expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.

c) Certificado médico co fin de acreditar que non padece ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.

d) Os contratos dos traballadores incluídos na resolución, asinados previamente por ambas as partes.

e) Os compromisos de retorno asinados polos traballadores, no caso de autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada para obra ou servizo.

A presentación agrupada será efectuada pola empresa, a organización empresarial ou os seus representantes acreditados.

En atención á celeridade do procedemento, poderase admitir que a presentación de solicitudes de visado se realice a través do organismo de selección, de maneira conxunta, para todos os traballadores cuxa contratación se pretende para un mesmo período.

2. A acreditación do representante para solicitar o visado, cando sexa distinto do representante legal da empresa ou organización empresarial, efectuarase por designación deste na oficina de estranxeiría, na Dirección Xeral de Inmigración ou, de ser o caso, no órgano competente da comunidade autónoma, así como na consellería ou sección de Traballo e Inmigración da misión diplomática de que se trate ou, no seu defecto, na oficina consular.

O órgano ante o cal se efectúe o trámite certificará co seu selo o documento de designación de representante.

3. O visado será emitido pola autoridade consular nun prazo máximo de cinco días.

Excepcionalmente, este prazo poderase ampliar ata un máximo de quince días, cando o elevado número de solicitudes presentadas o faga imprescindible. A Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios comunicarlle esta circunstancia á Dirección Xeral de Inmigración.

4. Os visados terán unha vixencia máxima de seis meses, e habilitarán para a entrada en España.

Artigo 173. *Entrada en España e eficacia da autorización inicial de residencia temporal e traballo.*

1. No prazo de tres meses desde a entrada do traballador estranxeiro en territorio español, deberase producir a súa afiliación, alta e posterior cotización, nos termos establecidos pola normativa sobre o réxime de seguridade social que resulte de aplicación; o traballador poderá comezar a súa actividade laboral; e o empregador quedará obrigado a lles comunicar o contido do contrato de traballo aos servizos públicos de emprego.

A alta no réxime correspondente da Seguridade Social dotará de eficacia a autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea.

2. No prazo dun mes desde a alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social, este deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente e ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes. A dita tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización e será retirada polo estranxeiro.

No caso de autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada para obra ou servizo cuxa vixencia sexa igual ou inferior a seis meses, os traballadores estarán exceptuados da obriga de obter a tarxeta de identidade de estranxeiro.

3. Se, finalizada a vixencia da autorización de estadia, non existir constancia de que o traballador foi dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, este quedará

obrigado a saír do territorio nacional; en caso contrario incorrerá en infracción grave por se encontrar irregularmente en España.

Así mesmo, o órgano competente requirirá o empregador que solicitou a autorización para que alegue as razóns polas cales non se iniciou a relación laboral, e polas cales non se cumpriu a obriga de comunicación sobre esa incidencia aos órganos competentes, prevista no artigo 38.4 da Lei orgánica 4/2000.

No dito requirimento farase constar que, de non se recibir contestación a este no prazo de dez días ou de se consideraren insuficientes as razóns alegadas polo empregador, o órgano competente dará traslado do expediente á Inspección de Traballo e Seguridade Social, por posible concurrencia dunha infracción grave das previstas no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.

Igualmente, advertiralle que, de finalizar o posible procedemento sancionador con determinación da concurrencia da infracción sinalada no parágrafo anterior, se lle poderán denegar posteriores solicitudes de autorización que presente por considerar que non se garante a actividade continuada dos traballadores.

Artigo 174. *Visados de residencia e traballo de temporada.*

1. No prazo máximo dos dous meses seguintes á notificación da resolución de concesión da autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada, para actividades de campaña ou temporada, e para os efectos da solicitude de visado, presentarase, na oficina consular, de forma agrupada, a seguinte documentación:

- a) Pasaporte ordinario ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, cunha vixencia mínima de catro meses.
- b) Certificado de antecedentes penais, que debe ser expedido polas autoridades do país de orixe ou do país ou países en que residise durante os últimos cinco anos, no cal non deben constar condenas por delitos previstos no ordenamento español.
- c) Certificado médico co fin de acreditar que non padece ningunha das enfermidades que poden ter repercusións de saúde pública graves de conformidade co disposto no Regulamento sanitario internacional de 2005.
- d) Os contratos dos traballadores incluídos na resolución, asinados previamente por ambas as partes.
- e) Os compromisos de retorno asinados polos traballadores.

A presentación agrupada será efectuada pola empresa, a organización empresarial ou os seus representantes acreditados.

En atención á celeridade do procedemento, poderase admitir que a presentación de solicitude de visado se realice a través do organismo de selección, de maneira conxunta, para todos os traballadores cuxa contratación se pretende para un mesmo período.

2. A acreditación do representante para solicitar o visado, cando sexa distinto do representante legal da empresa ou organización empresarial, efectuarase por designación deste na oficina de estranxeiría, na Dirección Xeral de Inmigración ou, de ser o caso, no órgano competente da comunidade autónoma, así como na consellería ou sección de Traballo e Inmigración da misión diplomática de que se trate ou, no seu defecto, na oficina consular.

O órgano ante o cal se efectúe o trámite certificará co seu selo o documento de designación de representante.

3. O visado será emitido pola autoridade consular nun prazo máximo de cinco días.

Excepcionalmente, este prazo poderase ampliar ata un máximo de quince días, cando o elevado número de solicitudes presentadas o faga imprescindible. A Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios comunicarlle esta circunstancia á Dirección Xeral de Inmigración.

4. Os visados terán unha vixencia que será igual ao período autorizado para residir e traballar, cun máximo de nove meses.

No caso de que no prazo dun mes desde a súa entrada en España non exista constancia de que o traballador foi dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, o órgano competente poderá resolver a extinción da autorización.

Así mesmo, o órgano competente requirirá o empregador para que alegue as razóns polas cales non se iniciou a relación laboral, coa advertencia de que, de non alegar ningunha xustificación ou de as razóns aducidas se consideraren insuficientes, se lle poderán denegar ulteriores solicitudes de autorización que presente por considerar que non se garante a actividade continuada dos traballadores, así como da posible concorrencia dunha infracción grave das previstas no artigo 53.2.a) da Lei orgánica 4/2000.

5. Os traballadores estarán exceptuados da obtención da tarxeta de identidade de estranxeiro.

Artigo 175. Visados para a busca de emprego.

1. Os visados para busca de emprego autorizarán a desprazarse ao territorio español para buscar traballo durante o período de estadía de tres meses. Se, transcorrido ese prazo, non obtivo un contrato, o estranxeiro quedará obrigado a saír do territorio nacional; en caso contrario, incurrirá na infracción prevista no artigo 53.1.a) da Lei orgánica 4/2000.

2. Para os efectos de verificar a saída do territorio nacional, o estranxeiro deberase presentar ante os responsables do control fronteirizo polo cal se efectúe a saída para que se estampe sobre o seu pasaporte un selo de saída. Esta circunstancia será anotada no Rexistro Central de Etranxeiros e comunicada, por medios electrónicos cando sexa posible, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. Cando corresponda á Administración autonómica a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea, a orde ministerial pola que se aprobe a xestión colectiva de contratacións en orixe establecerá a intervención das autoridades da comunidade autónoma referidas á recepción de solicitudes de autorización de residencia e traballo, admisión a trámite e verificación dos requisitos laborais.

Así mesmo, o procedemento que se estableza na citada orde ministerial considerará que a resolución da solicitude de autorización inicial de residencia e traballo tramitada a través do dito procedemento, que deberá ser concordante, sexa ditada de maneira conxunta polos órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración xeral do Estado, concedendo ou denegando a correspondente autorización, que será asinada polos titulares dos órganos competentes de cada unha das administracións, e expedida e notificada ao solicitante polo órgano autonómico segundo o previsto no artigo 68 deste regulamento.

Artigo 176. Visados para a busca de emprego dirixidos a fillos ou netos de español de orixe.

O número de visados de busca de emprego dirixido aos fillos e netos de español de orixe, que, de acordo co disposto polo artigo 40 da Lei orgánica 4/2000, se encontran exentos da valoración da situación nacional de emprego. O sistema de selección dos destinatarios e as fórmulas de presentación das solicitudes regularanse na orde ministerial pola que se aprobe a xestión colectiva de contratacións en orixe.

Artigo 177. Visados para a busca de emprego en determinadas ocupacións e ámbitos territoriais.

1. A orde ministerial pola que se aprobe a xestión colectiva de contratacións en orixe poderá aprobar un número de visados de busca de emprego limitados a un ámbito territorial e a unha ocupación, onde existan postos de traballo de difícil cobertura e as circunstancias específicas do mercado laboral afectado determinen que os postos se poidan cubrir de maneira máis adecuada a través deste sistema.

2. Na súa concesión inicial e sucesivas renovacións observarase o disposto nos artigos que establecen as condicións para a concesión da autorización de residencia e traballo que proceda e a súa renovación.

3. O visado para busca de emprego autorizará o seu titular a permanecer legalmente en España durante tres meses. O traballador deberá buscar un emprego na ocupación e no ámbito territorial para o cal se prevea a concesión da autorización. As oficinas de estranxeiría inadmitirán a trámite ou denegarán, de ser o caso, as solicitudes que se presenten para ocupación ou ámbito territorial distintos.

Excepcionalmente, cando se produzan circunstancias imprevistas no mercado laboral, a Dirección Xeral de Inmigración poderá dispor que a autorización de residencia e traballo sexa concedida noutro ámbito territorial ou ocupación.

4. O empregador que pretenda a contratación do estranxeiro nestas condicións presentará un contrato de traballo-solicitud de autorización, asinado por ambas as partes, así como aqueles documentos reflectidos no artigo 67.2, na oficina de estranxeiría da Delegación ou Subdelegación do Goberno.

5. O órgano competente deberase pronunciar no prazo máximo de dez días sobre a concesión da autorización de residencia e traballo, e notificaralle ao solicitante a resolución de maneira inmediata.

6. Cando a competencia executiva en materia de autorización inicial de traballo lle corresponda á Administración autonómica, esta será competente para a admisión, tramitación, resolución de solicitudes e, eventualmente, dos recursos administrativos. A resolución de solicitudes e recursos realizarase, de forma concordante e conxunta coa decisión da Administración xeral do Estado en materia de residencia, de acordo co previsto neste regulamento para cada tipo de autorización.

7. A eficacia da autorización concedida estará condicionada á posterior afiliación e/ou alta do traballador na Seguridade Social, no prazo dun mes desde a notificación realizada ao solicitante. Cumprida a condición, a autorización adquirirá vixencia e terá a consideración de autorización inicial de residencia e traballo por conta allea.

8. No prazo dun mes desde a entrada en vigor da autorización, os traballadores estarán obrigados a solicitar persoalmente a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro. Esa tarxeta será expedida polo prazo de validez da autorización de residencia temporal e será retirada, salvo que concorran circunstancias excepcionais que o impidan, persoalmente polo estranxeiro.

TÍTULO IX

Procedemento para autorizar a entrada, residencia e traballo en España de estranxeiros na actividade profesional dos cales concorran razóns de interese económico, social ou laboral, ou cuxo obxecto sexa a realización de traballos de investigación ou desenvolvemento, ou docentes, que requiran alta cualificación, ou de actuacións artísticas de especial interese cultural.

Artigo 178. *Ámbito de aplicación.*

1. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira.3, poderanse dirixir á Dirección Xeral de Inmigración solicitudes de acordo co establecido neste título, e corresponderalle a esta a tramitación e resolución dos procedementos ante ela iniciados.

2. Poderanse acoller ao procedemento establecido neste título os empregadores, establecidos en España, que requiran a incorporación en territorio español de traballadores estranxeiros non comunitarios, para o desenvolvemento dunha relación laboral incluída nalgún dos seguintes supostos:

a) Persoal directivo ou altamente cualificado, cando a empresa reúna algunha das seguintes características:

1.º Media de cadro de persoal durante os tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude superior a 500 traballadores en España, en alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

2.º Volume de cifra neta anual de negocios superior, en España, a 200 millóns de euros; ou volume de fondo propios ou patrimonio neto superior, en España, a 100 millóns de euros.

3.º Inversión bruto medio anual, procedente do exterior, non inferior a 1 millón de euros nos tres anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

4.º Pertenza, no caso de pequenas e medianas empresas establecidas en España, a un dos seguintes sectores estratéxicos: tecnoloxía da información e as comunicacións, enerxías renovables, medio ambiente, auga e tratamento de augas, ciencias da saúde, biofarmacia e biotecnoloxía e aeronáutica e aeroespacial.

Por proposta do departamento ministerial ou órgano autonómico competente por razón da materia, a Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración poderá autorizar a aplicación deste suposto a outros sectores considerados estratéxicos.

b) Os técnicos e científicos estranxeiros altamente cualificados, contratados polo Estado, as comunidades autónomas, entes locais ou organismos que teñan por obxecto a promoción e desenvolvemento da investigación promovidos ou participados maioritariamente polas anteriores.

c) Os profesores estranxeiros contratados por unha universidade española.

d) Técnicos ou científicos, altamente cualificados, para a realización de traballos de investigación ou a incorporación a actividades de desenvolvemento en universidades e centros de I+D de recoñecido prestixio, ou en unidades de investigación e desenvolvemento de entidades empresariais establecidas en España.

e) Artistas ou grupos de artistas de recoñecido prestixio internacional ou artistas que participen nun proxecto artístico de carácter internacional que supoña unha relevante contribución cultural ou social, así como o persoal necesario para levar a cabo a súa actuación, que veñan a España realizar actuacións de interese cultural.

f) Persoal directivo ou altamente cualificado que forme parte dun proxecto empresarial que supoña, alternativamente e sempre que a condición alegada con base neste suposto sexa considerada e acreditada como de interese público:

1.º Un incremento significativo na creación de postos de traballo directos por parte da empresa que solicita a contratación.

2.º Un incremento significativo na creación de postos de traballo no sector de actividade ou ámbito xeográfico en que se vaia desenvolver a actividade laboral.

3.º Un investimento extraordinario con impacto socioeconómico de relevancia no ámbito xeográfico en que se vaia desenvolver a actividade laboral.

4.º Unha achega relevante á innovación científica e/ou tecnolóxica.

3. Na tramitación dos expedientes relativos a autorizacións de residencia e traballo previstos neste artigo non se terá en conta a situación nacional de emprego.

4. A Dirección Xeral de Inmigración presentarlle trimestralmente un informe á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración sobre a xestión realizada no correspondente período con base no previsto neste título.

Artigo 179. Tipos de autorización.

1. Baseándose no previsto neste título, poderanse presentar solicitudes dos seguintes tipos de autorización, sempre que se reúnan os requisitos relativos á autorización de que se trate e o suposto estea encadrado no artigo anterior:

a) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

b) Autorización de residencia temporal e traballo no marco dunha prestación transnacional de servizos.

c) Autorización de residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados titulares dunha tarxeta azul-UE.

d) Autorización de residencia temporal e traballo para investigación.

e) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada, sempre que o suposto estea encadrado no número 2.e) do artigo anterior.

2. Baseándose no previsto no artigo 181, poderanse presentarse solicitudes dos seguintes tipos de autorización:

a) Autorización de residencia temporal sen realizar unha actividade laboral ou profesional.

b) Autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

c) Autorización de residencia temporal por reagrupación familiar.

Artigo 180. *Particularidades do procedemento e documentación.*

1. O empregador que pretenda contratar un traballador estranxeiro non residente en España, con base no previsto neste título, deberá presentar persoalmente, ou a través de quen validamente teña atribuída a representación legal empresarial, a correspondente solicitude de autorización ante a Dirección Xeral de Inmigración.

2. Coa solicitude en modelo oficial deberase xuntar a documentación exigible de acordo co tipo de autorización, así como a seguinte, sen prexuízo da posible utilización de calquera medio de proba admitido en dereito:

a) Para o suposto regulado no artigo 178.2.a):

Memoria descritiva da actividade da empresa en España e do proxecto concreto para o cal se solicita a autorización e, alternativamente e en función das características que se aleguen sobre a empresa:

1.º Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social sobre que a empresa conta en España con cadro de persoal de traballadores en alta, na contía establecida no número 1.º do artigo 178.2.a).

2.º Certificado dun auditor de contas ou dunha sociedade de auditoría de contas sobre que, de acordo coas últimas contas anuais da empresa, esta ten en España unha cifra neta de negocios ou fondos propios ou patrimonio neto nas contías establecidas no número 2.º do artigo 178.2.a).

No caso de que as últimas contas anuais da empresa fosen obxecto dunha auditoría, o certificado previsto no parágrafo anterior poderá ser substituído pola presentación dunha copia das contas anuais da empresa e do correspondente informe de auditoría de contas.

3.º Certificado do Rexistro de Investimentos, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre que a empresa declarou un investimento bruto nos termos previstos no número 3.º do artigo 178.2.a).

4.º De ser o caso, informe favorable do departamento ministerial ou órgano autonómico competente por razón da materia, que fará constar que a empresa queda encadrada, por razón da súa actividade, nalgún dos sectores estratéxicos establecidos no número 4.º do artigo 178.2.a).

b) Para o suposto regulado no artigo 178.2.b):

1.º Memoria descritiva do proxecto ao cal se incorpora o estranxeiro, con indicación expresa do obxectivo e xustificación da investigación, así como dos recursos humanos e orzamento previstos para esta, e do plan de traballo e tarefas que desenvolverá o estranxeiro. De ser o caso, poderase entender contida esta información no convenio de acollida co investigador estranxeiro.

2.º Salvo no caso de contratación por administracións públicas territoriais, documentación acreditativa de que o organismo ten por obxecto a promoción e o

desenvolvemento da investigación, e está promovido ou participado maioritariamente por unha Administración pública territorial.

c) Para o suposto regulado no artigo 178.2.c): certificación do reitor da universidade, ou da persoa en quen este delegue, sobre as tarefas docentes que realizará a persoa contratada.

d) Para o suposto regulado no artigo 178.2.d):

1.º Informe favorable de órgano estatal ou autonómico competente sobre que se reúnen as condicións relativas á consideración de centro de I+D de recoñecido prestixio ou de unidade de investigación e desenvolvemento dunha entidade empresarial.

2.º Memoria descritiva do proxecto ao cal se incorpora o estranxeiro, con indicación expresa do obxectivo e xustificación da investigación, así como dos recursos humanos e orzamento previstos para esta, e do plan de traballo e tarefas que desenvolverá o estranxeiro. De ser o caso, poderase entender contida esta información no convenio de acollida co investigador estranxeiro.

e) Para o suposto regulado no artigo 178.2.e):

1.º Memoria explicativa e documentación acreditativa do número de actuacións previstas, lugar onde se van levar a cabo e a súa capacidade, persoas integrantes do equipo, países en que o artista desenvolveu a súa actividade, así como outras circunstancias relevantes sobre este ou a compañía.

2.º En función do suposto alegado: documentación acreditativa da proxección internacional do artista ou grupo artístico ou documentación acreditativa da participación do artista nun proxecto de ámbito internacional e da relevante contribución cultural ou social que este supoña.

f) Para o suposto regulado no artigo 178.2.f):

1.º Informe favorable do órgano estatal, autonómico ou local, con competencia en relación coa causa alegada para a contratación e no que conste a consideración desta como de interese público.

2.º Memoria descritiva do proxecto empresarial, na que se concreten os termos en que concorre a causa alegada para a contratación, así como o número e a natureza das autorizacións que se solicitan e as datas previstas de entrada dos traballadores estranxeiros en España.

3. O prazo máximo para notificar as resolucións sobre solicitudes de autorización presentadas de acordo co previsto neste artigo será dun mes, a partir do día seguinte ao da data de entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

4. As solicitudes de visado resolveranse e notificaranse no prazo de dez días hábiles desde a súa presentación.

Artigo 181. *Familiares.*

1. Poderase tramitar unha autorización de residencia temporal sen autorización de traballo para os familiares dos traballadores incluídos nas alíneas a), b), c), d) e f) do artigo 178.2.

Poderase tramitar unha autorización de residencia e traballo por conta allea a favor dos mesmos familiares cando se cumpran os requisitos regulamentariamente exixidos e a solicitude se presente conxuntamente coa solicitude do familiar con quen se pretenda residir ou ben durante a vixencia desta. Na tramitación destes expedientes non se terá en conta a situación nacional de emprego.

A duración das autorizacións previstas neste número non excederá en ningún caso a vixencia da autorización principal.

2. As categorías de familiares que se poderán beneficiar do previsto neste artigo serán as reguladas no artigo 17 da Lei orgánica 4/2000, aínda que non será de aplicación aos

ascendentes maiores de sesenta e cinco anos o previsto en relación coa posible obtención dunha autorización de residencia e traballo por conta allea.

3. A solicitude a favor do familiar poderá ser presentada polo empregador, de forma simultánea á relativa ao traballador estranxeiro, ou ben de forma separada, con posterioridade.

Neste último caso, a solicitude será presentada ante a misión diplomática ou oficina consular española da demarcación de residencia do familiar, salvo no suposto de solicitudes de autorización de residencia temporal e traballo por conta allea.

As solicitudes de autorización de residencia temporal e traballo por conta allea a favor dun familiar presentadas de forma separada á do traballador estranxeiro serán presentadas polo empregador que desexe contratar o dito familiar, persoalmente ou a través de quen exerza validamente a representación empresarial, ante o rexistro da Dirección Xeral de Inmigración ou ante a oficina de estranxeiría correspondente á provincia onde se vaia desenvolver a actividade laboral. De ser o caso, a oficina de estranxeiría dará traslado inmediato da solicitude á Dirección Xeral de Inmigración, para a súa tramitación e resolución.

4. O prazo máximo para notificar as resolucións sobre solicitudes de autorización presentadas de acordo co previsto neste artigo será dun mes a partir do día seguinte ao da data de entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

5. As solicitudes de visado resolveranse e notificaranse no prazo de dez días hábiles desde a súa presentación.

6. O contido deste artigo entenderase sen prexuízo do dereito de todo traballador documentado con base neste título á reagrupación dos seus familiares, nos termos e coas condicións establecidos nos artigos 16 a 19 da Lei orgánica 4/2000, e concordantes do seu regulamento, en función do tipo de autorización de que sexa titular o estranxeiro reagrupante.

A solicitude de autorización de residencia por reagrupación familiar poderá ser presentada ante a Dirección Xeral de Inmigración no caso de que, estando o estranxeiro incardinado nun dos supostos do artigo 178 e solicite un tipo de autorización que permita, de acordo co previsto no artigo 18.1 da Lei orgánica 4/2000, a presentación e concesión simultánea da autorización inicial do reagrupante e a de residencia por reagrupación familiar.

TÍTULO X

Traballadores transfronteirizos

Artigo 182. *Definición.*

Atópase en situación de traballo transfronteirizo o traballador que fose autorizado para desenvolver actividades lucrativas, laborais ou profesionais por conta propia ou allea nas zonas fronteirizas do territorio español, residindo na zona fronteiriza dun Estado limítrofe ao que regrese diariamente.

Artigo 183. *Ámbito de aplicación, requisitos e procedemento.*

1. Na concesión inicial dunha autorización de traballo para traballadores transfronteirizos observarase o disposto nos artigos que establecen as condicións para a concesión da autorización de traballo que proceda, sen prexuízo de que o cumprimento dos requisitos comunmente exixibles para a obtención dun visado de residencia e traballo será valorado polo órgano competente, no marco da tramitación e resolución do procedemento relativo á autorización de traballo.

2. De acordo co previsto no número anterior, para a obtención dunha autorización de traballo para traballadores transfronteirizos deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Autorización de traballo por conta allea:

1.º Carecer de antecedentes penais en España e nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.

2.º Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.

3.º Residir na zona fronteiriza con territorio español de que se trate.

4.º Que a situación nacional de emprego permita a contratación do traballador estranxeiro.

5.º Que o empregador presente un contrato de traballo, con data de comezo condicionada á da eficacia da autorización, que lle garanta ao traballador unha actividade continuada durante o período de vixencia da autorización.

6.º Que o empregador formalizase a súa inscrición no correspondente réxime do sistema de Seguridade Social e se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

7.º Que as condicións fixadas no contrato de traballo se axusten ás establecidas pola normativa vixente e o convenio colectivo aplicable para a mesma actividade, categoría profesional e localidade.

8.º Que o empregador conte con medios económicos, materiais ou persoais, suficientes para o seu proxecto empresarial e para facer fronte ás obrigas asumidas no contrato fronte ao traballador.

9.º Que se teña a capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión.

b) Autorización de traballo por conta propia:

1.º Carecer de antecedentes penais en España e nos seus países anteriores de residencia durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento español.

2.º Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.

3.º Residir na zona fronteiriza con territorio español de que se trate.

4.º Cumprir os requisitos que a lexislación vixente lles exixe aos nacionais para a apertura e funcionamento da actividade proxectada.

5.º Ter a capacitación e, de ser o caso, a cualificación profesional legalmente exixida para o exercicio da profesión, así como a colexiación cando así se requira.

6.º Acreditar que o investimento previsto para a implantación do proxecto sexa suficiente e a incidencia, de ser o caso, na creación de emprego.

7.º A previsión de que o exercicio da actividade producirá desde o primeiro ano recursos económicos suficientes polo menos para a manutención do interesado, unha vez deducidos os necesarios para o mantemento da actividade.

3. Cando a competencia executiva en materia de autorización inicial de traballo por conta propia e allea lle corresponda á Administración autonómica, esta será competente para a admisión, tramitación, resolución de solicitudes e, eventualmente, dos recursos administrativos, de acordo co previsto neste regulamento para cada tipo de autorización.

4. No prazo dun mes desde a data de notificación da resolución pola que se conceda, de ser o caso, a autorización, o traballador deberá darse ou ser dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

No mesmo prazo, o estranxeiro deberá solicitar e obter a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro. Esta tarxeta acreditará a condición de traballador transfronteirizo e permitirá a entrada e saída de territorio nacional para a realización da actividade a que se refira.

Segundo o disposto no artigo 4.2 da Lei orgánica 4/2000, a tarxeta de identidade de estranxeiro será solicitada e obtida sen prexuízo de que a autorización concedida sexa de duración menor a seis meses.

5. Denegaranse as autorizacións de traballo por conta propia ou allea para traballadores transfronteirizos, ademais de pola concorrencia dalgunha das causas xerais de denegación establecidas neste regulamento para as autorizacións de residencia e traballo, pola perda da condición de traballador transfronteirizo.

Artigo 184. *Efectos da autorización de traballo para traballadores transfronteirizos.*

1. A duración da autorización inicial coincidirá coa do contrato de traballo en relación coa cal se conceda, co límite mínimo de tres meses e máximo dun ano. Os mesmos criterios serán de aplicación en relación coa actividade proxectada, no caso de traballo por conta propia.

2. A validez da autorización de traballo estará limitada ao ámbito territorial da comunidade ou cidade autónoma na zona limítrofe da cal resida o traballador, así como a unha ocupación no caso de traballo por conta allea ou a un sector de actividade no de traballo por conta propia.

3. A autorización de traballo prorrogarase cando expire, mentres continúe a mesma relación laboral ou actividade por conta propia e subsistan as circunstancias que motivaron a súa concesión.

A vixencia das sucesivas prórrogas coincidirá coa do contrato de traballo ou da actividade por conta propia, co límite máximo dun ano.

4. As autorizacións extinguiranse cando concorran as causas previstas para o resto de autorizacións reguladas neste regulamento, cando sexan aplicables, así como pola perda da condición de traballador transfronteirizo.

5. O feito de ter sido titular dunha autorización de traballo por conta propia ou allea para traballadores transfronteirizos non xerará dereito para a obtención dunha autorización de residencia e traballo por conta propia ou allea, sen prexuízo de que sexa tida en conta para a valoración das solicitudes que o titular puider presentar.

TÍTULO XI

Menores estranxeiros

CAPÍTULO I

Residencia do fillo de residente

Artigo 185. *Residencia do fillo nacido en España de residente.*

1. Os fillos nados en España de estranxeiro que se atope residindo en España adquirirán automaticamente a mesma autorización de residencia da que sexa titular calquera dos seus proxenitores.

Para estes efectos, o pai ou a nai deberán solicitar persoalmente a autorización de residencia para o fillo desde que tiver lugar o nacemento ou desde que algún dos seus proxenitores acceda á situación de residencia, acompañando orixinal e copia do certificado de nacemento.

2. Se o fillo nacido en España é de pai ou nai recoñecidos como refuxiados ou beneficiarios de protección subsidiaria, estes poderán optar entre solicitar para el a extensión familiar do dereito de protección internacional ou unha autorización de residencia, en función do interese superior do menor.

3. No caso de fillo nacido en España dun estranxeiro titular dunha autorización de residencia por reagrupación familiar en condición de descendente doutro residente, aquel adquirirá unha autorización de residencia por reagrupación familiar dependente do seu proxenitor.

Na renovación da citada autorización de residencia serán valorados, en canto á acreditación da disposición de vivenda adecuada e de medios económicos suficientes para cubrir as necesidades da familia, xunto aos do proxenitor do menor, os do primeiro reagrupante, sempre que o proxenitor do menor siga sendo titular dunha autorización de residencia por reagrupación familiar.

4. Para as renovacións das autorizacións de residencia reguladas neste artigo seguiranse os trámites e o procedemento establecido para as autorizacións de residencia dos familiares reagrupados.

5. As autorizacións de residencia concedidas baseándose no previsto nos números anteriores, cando os seus titulares alcancen a idade laboral, habilitarán para traballar sen necesidade de ningún outro trámite administrativo.

Artigo 186. *Residencia do fillo non nacido en España de residente.*

1. Os menores non nados en España, fillos de estranxeiros con residencia en España, así como os menores suxeitos legalmente á tutela dun cidadán ou institución españois ou dun estranxeiro residente legal en España, poderán obter autorización de residencia cando se acredite a súa permanencia continuada en España durante un mínimo de dous anos e os seus pais ou titores cumpran os requisitos de medios económicos e aloxamento exixidos neste regulamento para exercerem o dereito á reagrupación familiar.

2. Cando os menores se atopen en idade de escolarización obrigatoria, deberase presentar certificado que acredite a súa escolarización durante a súa permanencia en España.

3. A vixencia das autorizacións concedidas por este motivo estará vinculada, de ser o caso, á da autorización de residencia do pai, a nai ou o titor do interesado. No caso de que a autorización derive da súa tutela por un cidadán comunitario, a súa duración será de cinco anos.

4. Para as renovacións das autorizacións de residencia reguladas neste artigo seguiranse os trámites e o procedemento establecidos para as autorizacións de residencia dos familiares reagrupados.

5. As autorizacións de residencia concedidas baseándose no previsto nos números anteriores, cando os seus titulares alcancen a idade laboral, habilitarán para traballar sen necesidade de ningún outro trámite administrativo.

CAPÍTULO II

Desprazamento temporal de menores estranxeiros

Artigo 187. *Desprazamento temporal de menores estranxeiros.*

1. O desprazamento de menores estranxeiros a España para períodos non superiores a noventa días, en programas de carácter humanitario promovidos e financiados polas administracións públicas, asociacións sen ánimo de lucro ou fundacións ou outras entidades alleas aos que exercen a súa patria potestade ou tutela, para estadías temporais con fins de tratamento médico ou desfrute de vacacións, necesitará a autorización expresa de quen exerza a patria potestade ou tutela, así como o informe previo favorable do subdelegado do Goberno ou delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, no territorio das cales vaian permanecer.

Con carácter previo á emisión do informe da Delegación ou Subdelegación do Goberno, a entidade ou persoa que promova o programa deberá presentar ante esta informe emitido polo órgano autonómico competente en materia de protección de menores sobre o programa.

2. Os requisitos e exixencias deste artigo entenderanse cumpridos, para os efectos da concesión do visado, a través do informe favorable do subdelegado do Goberno ou delegado do Goberno a que se refire o número 1.

O informe referirase ao cumprimento, por parte do programa, dos requisitos e autorizacións exixibles en España, proporcionados para o fin da estadía e a súa duración, tanto en materia sanitaria como de protección xurídica do menor en relación coa finalidade exposta e desa duración, para garantir a ausencia de risco de desprotección deste.

Así mesmo, deberase verificar a existencia de compromiso escrito de facilitar o regreso ao país de orixe dos menores, e o coñecemento de que o desprazamento do menor non ten por obxecto a adopción, segundo o referido no número 4, e que o mencionado regreso non implica custo para o erario público, salvo que ese custo fose asumido expresa e previamente polo órgano competente.

A oficina consular no país de orixe do menor deberá, non obstante, comprobar a autorización expresa de quen exerza a patria potestade ou tutela, así como todo o relativo aos requisitos dos pasaportes individuais ou colectivos, salvocondutos ou outra documentación de viaxe dos menores.

3. Os ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Traballo e Inmigración e do Interior coordinarán o desprazamento e estadía destes menores, e por este último departamento será controlado o seu regreso ao país de orixe ou de procedencia.

4. En todos os casos, se os menores van permanecer con familias ou persoas individuais, estas deberán expresar por escrito o seu coñecemento de que o desprazamento do menor non ten por obxecto a adopción e o seu compromiso de favorecer o regreso ao seu país de orixe ou procedencia.

Artigo 188. *Desprazamento temporal de menores estranxeiros con fins de escolarización.*

1. A estadía derivada do desprazamento temporal de menores con fins de escolarización terá natureza xurídica de estadía por estudos.

2. Ao desprazamento temporal de menores con fins de escolarización en programas promovidos e financiados polas administracións públicas, asociacións sen ánimo de lucro ou fundacións ou outras entidades ou persoas alleas aos que exercen a súa patria potestade ou tutela, resultaralles de aplicación o procedemento establecido no artigo anterior, debéndose acreditar que o menor foi admitido nun centro de ensino recoñecido oficialmente en España.

3. A estadía acabará ao finalizar o curso académico, momento en que, salvo que razóns excepcionais o impidan, o menor deberá regresar ao seu país.

No caso de que desexe continuar os estudos por máis dun curso académico, deberase incluír o menor nun novo programa.

CAPÍTULO III

Menores estranxeiros non acompañados

Artigo 189. *Definición.*

O previsto neste capítulo será de aplicación ao estranxeiro menor de dezoito anos que chegue a territorio español sen vir acompañado dun adulto responsable del, xa sexa legalmente ou conforme o costume, apreciándose risco de desprotección do menor, mentres tal adulto responsable non se fixese cargo efectivamente do menor, así como a calquera menor estranxeiro que unha vez en España se atope naquela situación.

O contido deste capítulo deberase interpretar sen prexuízo da posibilidade de que o menor estranxeiro non acompañado poida cumprir os requisitos establecidos nos artigos 59 e 59 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, ou na normativa española en materia de protección internacional.

Artigo 190. *Determinación da idade.*

1. Cando os corpos e forzas de seguridade localicen un estranxeiro non acompañado cuxa minoría de idade sexa indubidable por razón da súa documentación ou da súa aparencia física, este será posto á disposición dos servizos de protección de menores competentes, e porase tal feito en coñecemento do Ministerio Fiscal. Os datos de identificación do menor serán inscritos no Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados.

No caso de que a minoría de idade dun estranxeiro indocumentado non poida ser establecida con seguridade, as forzas e corpos de seguridade do Estado, en canto teñan coñecemento desa circunstancia ou localicen o suposto menor en España, informarán os servizos autonómicos de protección de menores para que, de ser o caso, lle presten a

atención inmediata que precise de acordo co establecido na lexislación de protección xurídica do menor.

Con carácter inmediato, porase o feito en coñecemento do Ministerio Fiscal, que disporá, no prazo máis breve posible, a determinación da súa idade, para o cal deberán colaborar as institucións sanitarias oportunas, que, con carácter prioritario e urxente, realizarán as probas necesarias.

Igualmente, daráselle coñecemento da localización do menor ou posible menor ao delegado ou subdelegado do Goberno competente por razón do territorio onde este se atope.

2. A Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración impulsará a adopción dun protocolo marco de menores estranxeiros non acompañados destinado a coordinar a intervención de todas as institucións e administracións afectadas, desde a localización do menor ou suposto menor ata a súa identificación, determinación da súa idade, posta á disposición do servizo público de protección de menores e documentación.

3. Se, durante o procedemento de determinación da idade, o menor precisar atención inmediata, as forzas e corpos de seguridade do Estado solicitaránllela aos servizos autonómicos competentes en materia de protección de menores.

4. No decreto do Ministerio Fiscal que fixe a idade do menor estranxeiro decidírase a súa posta á disposición dos servizos competentes de protección de menores, dándose coñecemento diso ao delegado ou subdelegado do Goberno competente.

No caso de que a determinación da idade se realice baseándose no establecemento dun intervalo de anos, considerárase que o estranxeiro é menor se a idade máis baixa deste é inferior aos dezoito anos.

O decreto do Ministerio Fiscal en que se fixe a idade do menor estranxeiro inscribírase no Rexistro de Menores non Acompañados de conformidade co previsto no artigo 215 deste regulamento.

5. Tras ter sido posto o menor á súa disposición, o servizo de protección de menores informarao, de xeito que faga fe e nun idioma comprensible para este, do contido básico do dereito á protección internacional e do procedemento previsto para a súa solicitude, así como da normativa vixente en materia de protección de menores. Da dita actuación quedará constancia escrita.

Artigo 191. Competencia sobre o procedemento de repatriación do menor estranxeiro non acompañado e actuacións previas.

1. As delegacións e subdelegacións do Goberno serán os centros directivos competentes para levar a cabo os trámites relativos á repatriación dun menor estranxeiro non acompañado, previstos no artigo 35 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e nos acordos bilaterais subscritos por España sobre a materia.

A competencia atribuída a Delegacións e Subdelegacións do Goberno incluírá a práctica das actuacións informativas previas e, de ser o caso, a incoación, tramitación e resolución do procedemento regulado neste artigo.

2. Considerárase Delegación ou Subdelegación do Goberno competente aquela no territorio da cal se encontre o domicilio do menor.

O centro directivo que inicie o procedemento comunicarllo á correspondente Delegación ou Subdelegación do Goberno na provincia onde estea situada a entidade que teña atribuída a tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda, cando o seu domicilio non coincida co do menor.

3. A Delegación ou Subdelegación do Goberno solicitará, a través da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, un informe da representación diplomática do país de orixe do menor sobre as circunstancias familiares deste. No caso de que o dito país non conte con representación diplomática en España, o informe será solicitado a través da Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios.

De cada solicitude e actuacións posteriores darase conta á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras e, de ser o caso, á Dirección Xeral de Asuntos Consulares e Migratorios.

4. Sen prexuízo do informe sinalado no número anterior, a Delegación ou Subdelegación do Goberno requirirá da entidade que teña atribuída a tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda calquera información sobre a situación do menor. A dita información será igualmente requirida á Administración autonómica do territorio en que o menor teña o seu domicilio, así como a aquela onde está situada a entidade que teña atribuída a tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda.

5. Asolicitud de informe responderá a un modelo tipo, que elaborarán conxuntamente as secretarías de Estado de Inmigración e Emigración e de Seguridade. Solicitaranse, entre outros datos, os relativos á filiación do menor e ás circunstancias sociais e familiares do seu contorno no país de orixe.

Na solicitude de informe farase constar a necesidade de que, de decidir a representación diplomática do país de orixe substituír a información sobre a familia pola relativa aos seus servizos de protección do menor, a contestación reflecta expresamente o compromiso por escrito da autoridade competente do país de orixe de asumir a responsabilidade sobre o menor.

Artigo 192. Inicio do procedemento de repatriación do menor estranxeiro non acompañado.

1. O delegado ou subdelegado do Goberno competente acordará a incoación do procedemento de repatriación do menor cando, segundo as informacións recibidas de acordo co previsto no artigo anterior, se considere que o interese superior do menor se satisfai coa reagrupación coa súa familia ou a súa posta á disposición dos servizos de protección do seu país de orixe. A incoación do procedemento deberase gravar na aplicación informática correspondente.

No acordo de iniciación farase constar expresamente a identidade do menor e a existencia de informe das autoridades competentes do país de orixe.

2. O acordo de incoación do procedemento seralle notificado inmediatamente ao menor, ao Ministerio Fiscal e á entidade que posúa a súa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda. Así mesmo, calquera actuación ou incidencia que se produza no curso de procedemento será comunicada ao Ministerio Fiscal coa maior brevidade posible.

Ao mesmo tempo, o menor será informado por escrito, nunha lingua que lle sexa comprensible e de maneira que faga fe, dos antecedentes que determinaron a incoación do procedemento e de cantos dereitos o asisten, con especial mención á asistencia de intérprete se non comprende ou fala o idioma español.

Artigo 193. Alegacións e determinación do período de proba.

1. Comunicado o acordo de incoación do procedemento, iniciarase un período de dez días hábiles que se computará desde o seguinte á correspondente notificación, no que o menor estranxeiro, a entidade que posúa a súa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda e, de ser o caso, o Ministerio Fiscal poderán formular cantas alegacións de feito ou de dereito consideren oportunas, así como propor as probas pertinentes sobre os feitos alegados.

Se o menor alcanzou a idade de dezaseis anos, poderá intervir nesta fase por si mesmo ou a través de representante que designe. No caso de que non ter acadado a dita idade, será representado pola entidade que posúa a súa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda.

Non obstante, cando o menor de dezaseis anos con xuízo suficiente manifestase unha vontade contraria á de quen posúe a súa tutela legal, custodia, protección provisoria, garda ou representación legal, suspenderase o curso do procedemento ata que lle sexa nomeado defensor xudicial. Sen prexuízo de que se poida apreciar o dito grao de madurez nunha idade inferior, entenderase que o estranxeiro maior de doce anos ten xuízo suficiente.

Corresponderalle ao Ministerio Fiscal, ao propio menor ou a calquera persoa con capacidade para comparecer en xuízo instar da autoridade xudicial competente o nomeamento do dito defensor.

2. Durante o trámite de alegacións, a Delegación ou Subdelegación do Goberno solicitará informe do servizo público de protección de menores sobre a situación do menor en España, así como calquera información que poida coñecer sobre a identidade do menor, a súa familia, o seu país ou o seu domicilio cando esta non se presentase con anterioridade. O informe deberá ser emitido no prazo máximo de dez días desde a súa solicitude.

3. Cando os feitos alegados polo menor, o seu representante legal ou defensor xudicial ou pola entidade que posúa a súa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda tiveren relevancia decisiva para a adopción do acordo de repatriación, o instrutor do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, acordará a apertura dun período de proba por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez, co fin de que se poidan practicar cantas sexan pertinentes.

No caso de apertura dun período de probas por instancia de parte, o instrutor do procedemento poderá suspender o transcurso do prazo para a resolución deste durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados ao expediente.

4. Así mesmo, o Ministerio Fiscal emitirá informe coa maior brevidade posible, para o cal o instrutor do procedemento lle remitirá a documentación que conste no expediente.

Artigo 194. *Trámite de audiencia e resolución do procedemento.*

1. Tras a incorporación ao expediente dos informes mencionados nos artigos 190 e 191 e, de ser o caso, o resultado da proba practicada, o delegado ou subdelegado do Goberno dará inicio ao trámite de audiencia. No dito trámite garantirase a presenza do menor que tiver xuízo suficiente para que manifieste o que considere en relación coa súa repatriación.

Ao trámite de audiencia serán convocados o Ministerio Fiscal, o titor e, de ser o caso, o defensor xudicial ou o representante designado polo menor.

A audiencia documentarase en acta, que será subscriba polos presentes e á que se incorporarán como anexo cantos documentos e xustificantes se acheguen.

2. Realizado o trámite de audiencia, o delegado ou subdelegado do Goberno resolverá, de acordo co principio de interese superior do menor, sobre a repatriación do menor ao seu país de orixe ou onde se atopen os seus familiares ou sobre a súa permanencia en España.

A resolución establecerá se a repatriación será realizada segundo a reagrupación familiar ou mediante a súa posta á disposición dos servizos de protección do menor do seu país de orixe.

A resolución porá fin á vía administrativa e será gravada na aplicación informática correspondente para a súa constancia no Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados. Seralle notificada, no prazo de dez días, ao menor ou, de ser o caso, ao seu representante. No mesmo prazo, seralle comunicada ao titor do menor e ao Ministerio Fiscal.

Na propia resolución ou en documento á parte, farase expresa mención á necesidade de solicitar, de acordo co previsto na normativa reguladora do dereito de asistencia xurídica gratuita, o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuita para o exercicio deste, no caso de que se decidise impugnar a resolución en vía contencioso-administrativa.

3. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses desde a data do acordo de inicio do procedemento.

Artigo 195. *Execución da repatriación.*

1. Sen prexuízo das funcións do Corpo Nacional de Policía na execución da resolución, o menor será acompañado por persoal adscrito aos servizos de protección do menor baixo cuxa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda se atope ata o momento da súa posta á disposición das autoridades competentes do seu país de orixe.

2. No caso de o menor se encontrar incurso nun proceso xudicial e constar este feito acreditado no expediente administrativo de repatriación, a execución desta estará condicionada á autorización xudicial. En todo caso, deberá constar no expediente a comunicación ao Ministerio Fiscal.

3. Arepatriación efectuarase á custa da familia do menor ou dos servizos de protección de menores do seu país. En caso contrario, comunicaráselle ao representante diplomático ou consular do seu país para estes efectos. Subsidiariamente, a Administración xeral do Estado farase cargo do custo da repatriación, salvo no relativo ao desprazamento do persoal adscrito aos servizos de protección do menor baixo cuxa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda se atope o menor.

Artigo 196. *Residencia do menor estranxeiro non acompañado.*

1. Unha vez que quedase acreditada a imposibilidade de repatriación do menor, e en todo caso transcorridos nove meses desde que o menor fose posto á disposición dos servizos competentes de protección de menores, procederáse a outorgarlle a autorización de residencia a que se refire o artigo 35.7 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. A oficina de estranxeiría da Delegación ou Subdelegación do Goberno na provincia en que estea fixado o domicilio do menor iniciará, de oficio, por orde superior ou por instancia de parte, o procedemento relativo á autorización de residencia.

No caso de inicio de oficio ou por orde superior, a oficina de estranxeiría comunicarlle ao menor o acordo de inicio do procedemento a través do servizo de protección de menores baixo cuxa tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda se atope, solicitando a achega da seguinte documentación, que igualmente será a que deberá ser presentada xunto á solicitude nos casos de inicio por instancia de parte:

a) Copia completa do pasaporte en vigor ou título de viaxe, recoñecido como válido en España, do menor. De ser o caso, este documento será substituído por cédula de inscrición do menor, en vigor.

b) Documento acreditativo de que a persoa física que intervéen no procedemento ten competencia para iso en representación do servizo de protección de menores.

c) Documento acreditativo da relación de tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda entre o menor e o servizo de protección de menores.

3. A Delegación ou Subdelegación do Goberno resolverá sobre o procedemento e notificaralle a resolución ao menor no prazo máximo dun mes. A resolución seralle comunicada ao Ministerio Fiscal no prazo de dez días desde que se dite.

O representante do menor deberá solicitar persoalmente, no prazo dun mes desde a data de notificación da resolución, e ante a oficina de estranxeiría correspondente, a tarxeta de identidade de estranxeiro.

4. A autorización de residencia terá unha vixencia dun ano, e a súa eficacia retrotraeráse á data da resolución do Ministerio Fiscal pola que se determinou a posta á disposición do menor do servizo de protección de menores.

A autorización de traballo concedida de acordo co previsto no artigo 40.1.i) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, terá a duración da actividade en relación coa cal fose concedida, salvo que esta exceda o tempo que quede de vixencia da autorización de residencia.

5. O procedemento sobre a renovación da autorización de residencia ou da autorización de residencia e traballo será iniciado de oficio pola oficina de estranxeiría competente, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da súa vixencia. O inicio do procedemento prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento.

Procederá a renovación da autorización cando subsistan as circunstancias que motivaron a súa concesión inicial.

A vixencia da autorización renovada será dun ano, salvo que corresponda unha autorización de residencia de longa duración.

Artigo 197. *Acceso á maioría de idade do menor estranxeiro non acompañado que é titular dunha autorización de residencia.*

1. No caso de menores sobre os cales un servizo de protección de menores teña a tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda, que alcancen a maioría de idade sendo titulares dunha autorización de residencia concedida con base no disposto no artigo anterior, o seu titular poderá solicitar a renovación desta en modelo oficial, durante os sesenta días naturais previos á data de expiración da súa vixencia. A presentación da solicitude neste prazo prorrogará a validez da autorización anterior ata a resolución do procedemento.

Tamén se prorrogará ata a resolución do procedemento no suposto en que a solicitude se presente dentro dos noventa días naturais posteriores á data en que rematase a vixencia da anterior autorización, sen prexuízo da incoación do correspondente procedemento sancionador pola infracción na que se tivese incorrido.

2. A autorización será renovada de acordo co procedemento para a renovación dunha autorización de residencia temporal de carácter non lucrativo, coas seguintes particularidades:

a) A contía que se deberá acreditar como medios económicos para o seu sostemento establécese nunha cantidade que represente mensualmente o 100% do IPREM.

b) Poderán ser tidos en conta os informes positivos que, de ser o caso e para estes efectos, poidan presentar as entidades públicas competentes, de acordo co previsto no artigo 35.9 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

3. Terase en especial consideración o grao de inserción do solicitante na sociedade española, que será determinado tras a valoración dos seguintes aspectos:

a) O respecto ás normas de convivencia no centro de protección.

b) O grao de coñecemento das linguas oficiais do Estado.

c) A existencia de lazos familiares en territorio español con cidadáns españois ou estranxeiros residentes.

d) O tempo que estivese suxeito a un acollemento, garda ou tutela de feito por un cidadán ou institución española.

e) A continuidade nos estudos.

f) A existencia dunha oferta ou contrato de traballo.

g) A participación en itinerarios de formación.

4. A vixencia da autorización renovada será de dous anos, salvo que corresponda unha autorización de residencia de longa duración.

5. No prazo dun mes desde a notificación da resolución pola que se renova a autorización, o seu titular deberá solicitar a correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro.

6. No momento do seu acceso á maioría de idade ou durante calquera momento posterior, poderá ser solicitada a modificación da autorización de residencia vixente de cara á obtención dunha autorización de residencia e traballo, nos termos establecidos no artigo 200 deste regulamento. Para os efectos da dita modificación, poderán ser presentados un ou máis contratos de traballo de vixencia sucesiva.

Artigo 198. *Acceso á maioría de idade do menor estranxeiro non acompañado que non é titular dunha autorización de residencia.*

1. No caso de menores sobre os cales un servizo de protección de menores teña a tutela legal, custodia, protección provisoria ou garda, que alcancen a maioría de idade sen ter obtido a autorización de residencia prevista no artigo 196 deste regulamento e participasen adecuadamente nas accións formativas e actividades programadas pola dita entidade para favorecer a súa integración social, esta poderá recomendar a concesión dunha autorización temporal de residencia por circunstancias excepcionais.

2. Sen prexuízo do anterior, e de que a recomendación da entidade deberá acompañar a solicitude de autorización, esta será presentada persoalmente polo estranxeiro durante os sesenta días naturais previos ou nos noventa días naturais posteriores á data en que cumpra os dezoito anos.

Igualmente, deberá acreditar, alternativamente:

a) Que conta con medios económicos suficientes para o seu sostemento, nunha cantidade que represente mensualmente o 100% do IPREM.

b) Que conta cun contrato ou contratos de traballo de vixencia sucesiva respecto aos que se reúnen os requisitos establecidos nas alíneas b), c), d), e) e f) do artigo 64.3 deste regulamento.

c) Que reúne os requisitos establecidos nas alíneas a), b) c) e d) do artigo 105.3 deste regulamento de cara ao exercicio dunha actividade por conta propia. Non obstante, a rendibilidade esperada do proxecto deberá ser, como mínimo, unha cantidade para garantir os gastos relativos á súa mantención e aloxamento que represente mensualmente o 100% do IPREM.

No caso de concesión da autorización baseándose no previsto nas alíneas b) e c) anteriores, esta implicará unha autorización de traballo e a súa vixencia estará condicionada á posterior afiliación e alta do traballador na Seguridade Social no prazo dun mes desde a notificación da resolución.

3. No marco do procedemento terase en especial consideración o grao de inserción do solicitante na sociedade española, nos termos previstos no número 3 do artigo anterior.

TÍTULO XII

Modificación das situacións dos estranxeiros en España

Artigo 199. *Da situación de estadía por estudos, investigación, formación ou prácticas á situación de residencia e traballo ou de residencia con exceptuación da autorización de traballo.*

1. Os estranxeiros que se atopen en España en situación de estadía con base no previsto no artigo 37.1, alíneas a), b) e d), poderán acceder á situación de residencia e traballo sen necesidade de solicitar visado cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente a solicitude de autorización e se cumpran os requisitos laborais exixidos no artigo 64, excepto o número 3.a), e se acredite, ademais, que o estranxeiro:

a) Permaneceu en España durante, polo menos, tres anos como titular dunha autorización de estadía.

b) Superou os estudos, ou concluíu o traballo de investigación, a formación ou as prácticas con aproveitamento.

c) Non foi bolseiro ou subvencionado por organismos públicos ou privados dentro de programas de cooperación ou de desenvolvemento españois ou do país de orixe.

O estranxeiro que se acolla a esta posibilidade poderá igualmente solicitar unha autorización de residencia a favor dos familiares en situación de estadía previstos no artigo 41 que se atopen convivindo con el no momento da solicitude, sempre e cando acredite suficiencia económica e dispoñibilidade de vivenda adecuada. A autorización, de ser o caso, concedida, será de residencia por reagrupación familiar.

2. As previsións establecidas neste artigo serán igualmente de aplicación para o acceso a unha autorización de residencia e traballo por conta propia, de residencia con excepción da autorización de traballo, de residencia e traballo para investigación ou de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados.

Para os ditos efectos, o titular da autorización de estadía deberá cumprir os requisitos laborais para a obtención do correspondente tipo de autorización ou os relativos ao suposto de excepción de traballo que se alegue, de acordo co previsto neste regulamento,

resultando aplicable o procedemento establecido en función da autorización de que se trate.

3. A autorización concedida terá a consideración de autorización inicial.

A eficacia da autorización de residencia e traballo estará condicionada á posterior alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social no prazo dun mes desde a notificación da súa concesión. A eficacia da autorización de residencia concedida a favor dos familiares estará condicionada á da autorización principal e a súa vixencia estará vinculada á desta.

No prazo dun mes desde a entrada en vigor da autorización, o seu titular deberá solicitar a tarxeta de identidade de estranxeiro, persoalmente, ante a oficina de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes.

4. Excepcionalmente e tras o informe favorable da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, poderase reducir o prazo de tres anos recollido no número 1, cando se trate de estranxeiros cuxa residencia en España se considere oportuna por razón da relevancia excepcional dos méritos profesionais e científicos acreditados por aqueles.

Non será aplicable o requisito previsto no número 1.a) deste artigo, nos seguintes supostos:

a) Estranxeiros que superasen o período de exercicio profesional en prácticas e/ou o período complementario de formación recollido na normativa reguladora das condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea. No dito caso, a autorización de estadía adquirirá o carácter de autorización provisoria de residencia e traballo por conta allea, unha vez admitida a trámite a solicitude de modificación, e ata que se resolva o procedemento. A denegación da modificación suporá a automática perda de vixencia da autorización provisoria, sen necesidade de pronunciamento administrativo expreso.

b) Estranxeiros en posesión do título homologado de licenciado en Medicina, sempre que a actividade que se desenvolva tras a modificación sexa o seu acceso á escala de complemento do Corpo Militar de Sanidade.

5. A autorización de residencia e traballo, así como, de ser o caso, a autorización de residencia para os familiares, deberase solicitar durante a vixencia da autorización de estadía principal. A solicitude realizada en prazo prorrogará, en caso de caducidade, a vixencia da autorización de estadía ata que recaia resolución sobre ela.

En calquera caso, o requisito de tres anos de permanencia en situación de estadía por estudos será requirible na data en que, de ser o caso, se conceda a modificación da situación.

En ningún caso se poderá presentar unha solicitude antes dos noventa días naturais previos á data en que previsiblemente o estranxeiro cumprirá o requisito de permanencia en situación de estadía por estudos durante tres anos.

6. Cando no marco do procedemento se estableza que o estranxeiro non reúne os requisitos exixibles de acordo con este precepto, pero si os relativos á concesión da autorización inicial de residencia de que se trate, o órgano competente ditará resolución en relación con esta, condicionada á obtención do correspondente visado, nos termos xeralmente aplicables á autorización en cuestión.

Artigo 200. *Da situación de residencia á situación de residencia e traballo ou de residencia con excepción da autorización de traballo.*

1. Os estranxeiros que se atopen en España durante polo menos un ano en situación de residencia poderán acceder á situación de residencia e traballo por conta allea cando o empregador, como suxeito lexitimado, presente a solicitude de autorización e se cumpran os requisitos laborais exixidos no artigo 64, excepto o previsto no número 3.a).

Excepcionalmente, poderá acceder á situación de residencia e traballo, sen necesidade de que transcorrese o prazo dun ano, o estranxeiro que acredite unha necesidade de traballar por circunstancias sobrevidas para garantir a súa subsistencia.

2. A eficacia da autorización de traballo estará condicionada á posterior alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social no prazo dun mes desde a notificación da súa concesión. Cumprida a condición, a vixencia da autorización retrotraerase ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior.

3. Os estranxeiros titulares dun certificado de rexistro como cidadán comunitario ou dunha tarxeta de residencia de familiar dun cidadán da Unión, cando cesasen en tal condición, poderán obter, se cumpren os requisitos establecidos para o efecto, a excepción do visado, unha autorización de residencia non lucrativa ou de residencia e traballo por conta allea, do tempo que corresponda, en función da duración da documentación da que for titular.

4. As previsións establecidas neste artigo serán igualmente de aplicación para o acceso a unha autorización de residencia e traballo por conta propia, de residencia con exceptuación da autorización de traballo, de residencia e traballo para investigación, ou de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados.

Para os ditos efectos, o titular da autorización de residencia ou a persoa documentada en réxime comunitario deberá cumprir os requisitos laborais para a obtención do correspondente tipo de autorización, de acordo co previsto neste regulamento.

Artigo 201. Compatibilidade da situación de residencia e traballo por conta allea e a de residencia e traballo por conta propia, ou de autorizacións de traballo por conta propia de ámbito xeográfico distinto.

1. Os estranxeiros que desexen realizar simultaneamente actividades lucrativas por conta propia e allea deberán obter as correspondentes autorizacións de traballo, de conformidade cos requisitos xerais establecidos para a obtención de cada unha delas neste regulamento, tras a acreditación da compatibilidade do exercicio de ambas as actividades lucrativas, en relación co seu obxecto e características, duración e xornada laboral.

2. A autorización administrativa mediante a cal se conceda a compatibilidade do exercicio de actividades laborais e profesionais terá unha duración equivalente ao período de vixencia da autorización de traballo da que for titular o estranxeiro, excepto no caso de que se conceda sobre a base dun contrato ou actividade de duración inferior.

3. Os estranxeiros que desexen desenvolver actividades por conta propia de forma simultánea en varias comunidades autónomas, e sempre en relación co mesmo sector de actividade, deberán obter as correspondentes autorizacións de traballo por conta propia, de conformidade cos requisitos relativos á actividade xeralmente exixidos para a obtención destas.

Artigo 202. Da situación de residencia por circunstancias excepcionais á situación de residencia, residencia e traballo ou residencia con exceptuación da autorización de traballo.

1. Os estranxeiros que se atopen en España durante, polo menos, un ano en situación de residencia por circunstancias excepcionais, nos supostos que determina o artigo 130, poderán acceder á situación de residencia ou de residencia e traballo sen necesidade de visado.

2. Cando o estranxeiro autorizado a residir por circunstancias excepcionais estiver habilitado para traballar, presentará por si mesmo a solicitude de autorización de residencia e traballo, que será concedida se cumpre os requisitos previstos polo artigo 71. Sen prexuízo disto, e da súa vixencia, que será de dous anos, a autorización de residencia temporal e traballo concedida baseándose neste precepto terá a consideración de inicial.

3. Nos demais casos, o empregador será o suxeito lexitimado para presentar a solicitude de autorización e exixiranse os requisitos laborais previstos no artigo 64, excepto o número 3.a).

A eficacia da autorización de residencia e traballo estará condicionada á posterior alta do traballador no réxime correspondente da Seguridade Social no prazo dun mes desde a notificación da súa concesión. Cumprida a condición, a vixencia da autorización retrotraerase

ao día inmediatamente seguinte ao da caducidade da autorización anterior. A súa vixencia será de dous anos, sen prexuízo de que a autorización de residencia temporal e traballo terá a consideración de inicial.

4. As previsións establecidas neste artigo serán igualmente de aplicación para o acceso a unha autorización de residencia e traballo por conta propia, de residencia con excepción da autorización de traballo, de residencia e traballo para investigación, ou de residencia e traballo de profesionais altamente cualificados.

Para os ditos efectos, o titular da autorización de residencia deberá cumprir os requisitos laborais para a obtención do correspondente tipo de autorización, de acordo co previsto neste regulamento.

Artigo 203. Modificacións da autorización de residencia e traballo.

1. Durante a vixencia das autorizacións iniciais de residencia e traballo, o órgano competente por razón do lugar onde se vaia iniciar a relación laboral ou a actividade por conta propia que motiva a solicitude poderá modificar o seu alcance en canto á ocupación, sector de actividade e/ou ámbito territorial de limitación, sempre por petición do seu titular.

No caso de que se trate dunha modificación do alcance dunha autorización de residencia temporal e traballo por conta allea, terase en conta o previsto no artigo 64.3.a).

2. As autorizacións de residencia e traballo por conta propia e por conta allea poderanse modificar, respectivamente, en autorizacións de residencia e traballo por conta allea e por conta propia, por solicitude do interesado, sempre que se lle renovase xa a súa autorización inicial ou que presente a solicitude no momento en que corresponda solicitar a súa renovación e reúna as condicións seguintes:

a) No caso das modificacións de conta allea a conta propia, autorizaranse se se reúnen os requisitos establecidos no artigo 105 e se ten constancia da realización habitual de actividade laboral durante o período de vixencia da autorización por un período igual ao que correspondería se pretendese a súa renovación.

b) No caso das modificacións de conta propia a conta allea, autorizaranse se se subscribiu un contrato de traballo que xustifique a nova actividade laboral do traballador, sempre que se teña constancia do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social da súa anterior actividade profesional.

Excepcionalmente, poderá acceder á modificación da autorización inicial de residencia temporal e traballo, sen necesidade de que chegase o momento de renovación desta, o estranxeiro que acredite unha necesidade por circunstancias sobrevidas para garantir a súa subsistencia, como o feito de que, por causas alleas á súa vontade, cesase a actividade por conta propia ou se interrompese a relación laboral por conta allea.

3. As autorizacións de residencia e traballo por conta propia ou por conta allea poderanse modificar en autorizacións de residencia temporal non lucrativa, residencia temporal con excepción da autorización de traballo, residencia temporal e traballo para investigación, ou residencia temporal e traballo de profesionais altamente cualificados, por solicitude do interesado, sempre que se lle renovase xa a súa autorización inicial ou que presente a solicitude no momento en que corresponda solicitar a súa renovación.

Para os ditos efectos, deberá cumprir os requisitos previstos no número anterior en canto ao desenvolvemento da súa actividade como titular da autorización de residencia e traballo por conta propia ou por conta allea, así como os propios do tipo de autorización que solicite.

Excepcionalmente, poderá acceder á modificación da autorización inicial de residencia temporal e traballo, sen necesidade de que chegase o momento de renovación desta, o estranxeiro que acredite unha necesidade por circunstancias sobrevidas para garantir a súa subsistencia, como o feito de que, por causas alleas á súa vontade, cesase a actividade por conta propia ou se interrompese a relación laboral por conta allea.

4. A nova autorización non ampliará a vixencia da autorización modificada.

Cando se trate de modificacións solicitadas no momento da renovación da autorización do que é titular, a súa vixencia será a que correspondería á súa renovación.

Artigo 204. *Intervención das comunidades autónomas na modificación de autorizacións no caso de traspaso de competencias executivas en materia de autorización inicial de traballo.*

1. Cando a Administración autonómica teña atribuída a competencia executiva sobre tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo, porque a relación de traballo se inicie e se desenvolva no territorio da comunidade autónoma, corresponderalles aos órganos competentes desta a recepción de solicitudes e a resolución da autorización laboral nos seguintes supostos:

a) A autorización de residencia e traballo nas cales se acredita ser fillo de español nacionalizado ou de cidadán comunitario cun ano de residencia, prevista nos números 3 e 4 do artigo 200 deste regulamento.

b) A autorización de residencia e traballo solicitada como consecuencia da modificación da situación de estadía por estudos, de residencia ou de residencia por circunstancias excepcionais, así como a concesión da compatibilidade das autorizacións de traballo por conta propia e por conta allea ou da mutación dunha noutra ou en residencia e traballo para investigación ou de profesionais altamente cualificados. Non así no caso de acceso á situación de autorización de residencia con exceptuación da autorización de traballo baseándose no previsto neste título.

2. Cando a modificación implique unha nova autorización de residencia e traballo, seguirase o procedemento previsto polo artigo 68 deste regulamento. En todos os casos, a Administración autonómica rexistrará as solicitudes presentadas, en trámite e resoltas, na aplicación informática correspondente, garantindo o seu coñecemento en tempo real pola Administración xeral do Estado.

TÍTULO XIII

Documentación dos estranxeiros

CAPÍTULO I

Dereitos e deberes relativos á documentación

Artigo 205. *Dereitos e deberes.*

1. Os estranxeiros que se atopen en territorio español teñen o dereito e a obriga de conservar, en vigor, a documentación coa que efectuasen a súa entrada en España, a que acredite a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, así como a que acredite a súa situación en España.

2. Os estranxeiros están obrigados a exhibir os documentos referidos no número anterior cando sexan requiridos polas autoridades ou os seus axentes, en exercicio das súas funcións.

3. Os estranxeiros non poderán ser privados da súa documentación, salvo nos supostos e cos requisitos previstos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá.

Artigo 206. *Número de identidade de estranxeiro.*

1. Os estranxeiros a favor dos cales se inicie un procedemento para obter un documento que os habilite para permanecer en territorio español que non sexa un visado, aqueles aos que se lles incoase un expediente administrativo en virtude do disposto na normativa sobre estranxeiría e aqueles que polos seus intereses económicos,

profesionais ou sociais se relacionen con España serán dotados, para os efectos de identificación, dun número persoal, único e exclusivo, de carácter secuencial.

2. O número persoal será o identificador do estranxeiro, que deberá figurar en todos os documentos que se lle expidan ou tramiten, así como nas dilixencias que se estampen no seu pasaporte ou documento análogo, agás nos visados.

3. O número de identidade do estranxeiro, NIE, deberá ser concedido de oficio, pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, nos supostos mencionados no número 1, salvo no caso dos estranxeiros que se relacionen con España por razón dos seus intereses económicos, profesionais ou sociais, que deberán solicitar do dito órgano a asignación do indicado número, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que non se atopen en España en situación irregular.
- b) Que se comuniquen os motivos polos que solicitan a asignación do dito número.

Os estranxeiros que se relacionen con España por razón dos seus intereses económicos, profesionais ou sociais poderanlle solicitar persoalmente o NIE á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, directamente ou a través das oficinas de estranxeiría ou comisarías de policía. No caso de que o estranxeiro non se atope en territorio español no momento da solicitude, solicitaralle a asignación de NIE á Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, a través das oficinas consulares de España no exterior.

O procedemento deberá ser resolto no prazo máximo de cinco días desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

4. O disposto no número anterior será tamén de aplicación para a solicitude dos certificados de residente e de non residente.

CAPÍTULO II

Acreditación da situación dos estranxeiros en España

Artigo 207. *Documentos acreditativos.*

As diferentes situacións dos estranxeiros en España poderanse acreditar, segundo corresponda, mediante o pasaporte ou documento de viaxe que acredite a súa identidade, o visado ou a tarxeta de identidade de estranxeiro. Excepcionalmente, poderase acreditar esa situación mediante outras autorizacións ou documentos validamente expedidos para tal fin polas autoridades españolas.

Artigo 208. *O pasaporte ou documento de viaxe.*

O pasaporte ou documento de viaxe en que conste o selo de entrada acreditará, ademais da identidade, a situación de estadía en España naqueles supostos de estranxeiros que non precisen da obtención dun visado de curta duración.

Artigo 209. *O visado.*

O visado validamente obtido acredita a situación para a cal foi concedido. A validez da dita acreditación estenderase desde a efectiva entrada do seu titular en España, ata a obtención da correspondente tarxeta de identidade de estranxeiro ou ata que se extinga a vixencia do visado.

A vixencia do visado será igual á da autorización de estadía ou residencia que incorpora, cando non resulte exixible a obtención de tarxeta de identidade de estranxeiro.

Artigo 210. *A tarxeta de identidade de estranxeiro.*

1. Todos os estranxeiros aos cales se lles expedise un visado ou unha autorización para permanecer en España por un período superior a seis meses teñen o dereito e o deber de obter a tarxeta de identidade de estranxeiro, que deberán solicitar persoalmente

no prazo dun mes desde a súa entrada en España ou desde que a autorización sexa concedida ou cobre vixencia, respectivamente. Estarán exceptuados desa obriga os titulares dunha autorización de residencia e traballo de temporada.

2. A tarxeta de identidade de estranxeiro é o documento destinado a identificar o estranxeiro para os efectos de acreditar a súa situación legal en España.

3. A tarxeta de identidade de estranxeiro é persoal e intransferible, e correspóndelle ao seu titular realizar as actuacións que se establezan para a súa obtención e entrega, así como a custodia e conservación do documento.

4. O incumprimento das obrigas relativas á tarxeta de identidade de estranxeiro implicará a aplicación do réxime sancionador previsto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

5. O titular da tarxeta de identidade de estranxeiro non poderá ser privado do documento, salvo nos supostos e cos requisitos previstos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá.

6. O Ministerio do Interior, no marco dos acordos sobre documentación de estranxeiros de carácter internacional en que España sexa parte, ditará as disposicións necesarias para determinar as características do dito documento, tras informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría.

7. A tarxeta de identidade de estranxeiro terá idéntico período de vixencia que a autorización ou o recoñecemento do dereito que xustifique a súa expedición, e perderá a súa validez cando se produza a da citada autorización, por calquera das causas regulamentariamente establecidas para este efecto ou, de ser o caso, pola perda do dereito para permanecer en territorio español.

8. Cando finalizase o prazo de vixencia da tarxeta, se acordase a renovación da autorización ou, de ser o caso, do recoñecemento a permanecer en territorio español, ou se perdese o dereito que xustificou a súa expedición, os estranxeiros titulares dela están obrigados a entregar o documento nas oficinas de estranxeiría ou comisarías de policía correspondentes ao lugar onde residan.

Nos supostos de asunción dun compromiso de non regreso a territorio español no marco dun programa de retorno voluntario, por parte de titulares dunha tarxeta de identidade de estranxeiro, estes estarán obrigados a entregar o documento na representación diplomática ou consular española no país de orixe ao que retornen. Esta previsión será igualmente aplicable aos estranxeiros que retornen voluntariamente á marxe dun programa e se desexen beneficiar das disposicións establecidas neste regulamento respecto ao regreso de persoas que regresasen voluntariamente ao seu país de orixe ou procedencia.

No caso dos estranxeiros aos cales lles sexa aplicable o réxime de asilo, a entrega do documento deberase realizar na oficina de estranxeiría ou na comaría de policía da provincia onde residan, salvo no caso de que estean domiciliados en Madrid, en que a entrega do documento se deberá realizar na Oficina de Asilo e Refuxio.

9. O extravío, destrución ou inutilización da tarxeta de identidade de estranxeiro, xa sexa de carácter persoal, laboral ou familiar, levará consigo a expedición dunha nova tarxeta, por instancia do interesado, que non se considerará renovación e terá vixencia polo tempo que lle falte por caducar á que substitúa.

No caso de que a solicitude de expedición de nova tarxeta se realice dentro do prazo de renovación da autorización, os procedementos tramitaranse de forma conxunta e coherente.

10. As modificacións que impliquen alteración da situación legal en España do titular da tarxeta de identidade de estranxeiro, así como da súa situación laboral, incluídas as renovacións, determinarán a expedición dunha nova tarxeta adaptada ao cambio ou alteración producidos, coa vixencia que determine a resolución que conceda as ditas modificacións.

11. Corresponderalle á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, conforme os criterios de coordinación marcados pola Secretaría de Estado de Seguridade, de acordo

coa Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, a organización e xestión dos servizos de expedición das tarxetas de identidade de estranxeiro nas oficinas de estranxeiría ou na comisaría de policía en que se tramitase o expediente administrativo ou se practicasa a notificación pola que se recoñece o dereito ou é autorizado a permanecer en España, así como a súa expedición e entrega ao interesado, quen deberá acreditar ante elas ser o destinatario do documento e ter realizado o pagamento das taxas legalmente establecidas.

Así mesmo, nos casos en que a eficacia da autorización concedida se atope condicionada ao requisito da alta do estranxeiro no réxime correspondente da Seguridade Social, o cumprimento do requisito será comprobado de oficio con carácter previo á expedición da tarxeta.

12. Será aplicable aos documentos mencionados a normativa vixente sobre presentación e anotación nas oficinas públicas do documento nacional de identidade, cuxa normativa terá carácter supletorio das normas sobre utilización en España dos documentos de identidade dos estranxeiros.

CAPÍTULO III

Indocumentados

Artigo 211. *Requisitos e procedemento para a documentación.*

1. Nos supostos de estranxeiros indocumentados, previstos no artigo 34.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, procederase na forma prevista neste capítulo.

2. A solicitude de documentación deberase efectuar tan pronto como se producise a indocumentación, persoalmente e por escrito, nas oficinas de estranxeiría ou a comisaría de policía correspondentes.

3. O interesado exhibirá os documentos de calquera clase, aínda que estiveren caducados, que puideren constituír indicios ou probas de identidade, procedencia e nacionalidade, de ser o caso, para que sexan incorporados ás comprobacións que se estean levando a cabo. Así mesmo, acreditará que non pode ser documentado pola misión diplomática ou oficina consular correspondente mediante acta notarial que permita deixar constancia do requirimento efectuado e non atendido, sen prexuízo do disposto no número 5.

4. O interesado, igualmente, deberá achegar os documentos, declaracións ou calquera outro medio de proba oportuno que sirvan para acreditar a concorrencia de razóns excepcionais de índole humanitaria, interese público ou, de ser o caso, o cumprimento de compromisos de España, que xustifiquen a súa documentación por parte das autoridades españolas.

5. No caso dos solicitantes de autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais, eximirase o solicitante da presentación de acta notarial para acreditar que non pode ser documentado pola misión diplomática ou oficina consular correspondente, nos casos en que se alegasen razóns graves que impidan a súa comparecencia naquelas, para o cal se poderá solicitar o informe da Oficina de Asilo e Refuxio.

6. Realizadas as comprobacións iniciais, se o estranxeiro desexa permanecer en territorio español, o delegado ou subdelegado do Goberno na provincia en que se atope concederlle un documento de identificación provisoria, que o habilitará para permanecer en España durante tres meses, período durante o cal se procederá a completar a información sobre os seus antecedentes.

O documento previsto neste número non será concedido se o estranxeiro está incurso nalgún dos supostos de prohibición de entrada en España a que se refire o artigo 26 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, ou se se ditou contra el unha orde de expulsión do territorio español.

7. Excepcionalmente, por razóns de seguridade pública, de forma individualizada, motivada e en proporción ás circunstancias que concorran en cada caso, por resolución do titular do Ministerio do Interior adoptada por proposta da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, de acordo coas garantías xurídicas do procedemento sancionador previsto na

lei, poderanse establecer medidas limitativas do seu dereito á libre circulación, cuxa duración non excederá do tempo imprescindible e proporcional á persistencia das circunstancias que xustificaron a adopción destas, e que poderán consistir na presentación periódica ante as autoridades competentes e no afastamento de fronteiras ou núcleos de poboación concretados singularmente.

Igualmente, poderanse establecer medidas limitativas específicas respecto ao dito dereito cando se acorden na declaración de estado de excepción ou de sitio, nos termos previstos na Constitución.

8. Finalizada a tramitación do procedemento, salvo que o estranxeiro se encontrar incurso nalgún dos supostos de prohibición de entrada ou se ditase contra el unha orde de expulsión, tras o aboamento das taxas que legalmente correspondan, o delegado ou subdelegado do Goberno ou o comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras disporán a súa inscrición nunha sección especial do Rexistro Central de Estranxeiros e dotarano dunha cédula de inscrición nun documento impreso, que se deberá renovar anualmente e cuxas características serán determinadas polo Ministerio do Interior, tras informe da Comisión Interministerial de Estranxeiría.

A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil expedirá certificacións ou informes sobre os datos que figuren na dita sección especial para a súa presentación ante calquera outra autoridade española.

9. O estranxeiro ao cal lle fose concedida a cédula de inscrición poderá solicitar a correspondente autorización de residencia por circunstancias excepcionais se reúne os requisitos para iso. A dita solicitude poderase presentar e resolver de maneira simultánea coa solicitude de cédula de inscrición.

10. No caso de denegación da solicitude, unha vez notificada esta, procederase á súa devolución ao país de procedencia ou á súa expulsión do territorio español, na forma prevista na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e neste regulamento.

11. A cédula de inscrición perderá vixencia, sen necesidade de resolución expresa, cando o estranxeiro sexa documentado por algún país ou adquira a nacionalidade española ou outra distinta.

Artigo 212. *Título de viaxe para saída de España.*

1. Aos estranxeiros que se atopen en España que acrediten unha necesidade excepcional de saír do territorio español e non se poidan prover de pasaporte propio, por se encontraren nalgún dos casos expresados no artigo 34.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, unha vez practicados os trámites regulados no artigo anterior, a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil poderalles expedir un título de viaxe con destino aos países que se especifiquen, prevendo o regreso a España.

Se o obxecto do título de viaxe for exclusivamente posibilitar o retorno do solicitante ao seu país de nacionalidade ou residencia, o documento non conterá autorización de regreso a España.

2. No título de viaxe constarán a vixencia máxima e as limitacións que en cada caso concreto se determinen para a súa utilización.

3. O título de viaxe expedirase de acordo co modelo que se determine mediante orde do titular do Ministerio do Interior.

CAPÍTULO IV

Rexistro Central de Estranxeiros

Artigo 213. *Rexistro Central de Estranxeiros.*

1. Existirá, na Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, un Rexistro Central de Estranxeiros no cal se anotarán:

- a) Entradas.
- b) Documentos de viaxe.

- c) Prórrogas de estadía.
- d) Cédulas de inscrición.
- e) Autorizacións de entrada.
- f) Autorizacións de estadía.
- g) Autorizacións de residencia.
- h) Autorizacións de traballo.
- i) Inadmisións a trámite, concesións e denegacións de protección internacional.
- j) Concesións e denegacións do estatuto de apátrida e de desprazado.
- k) Cambios de nacionalidade, domicilio ou estado civil.
- l) Limitacións de estadía.
- m) Medidas cautelares adoptadas, infraccións administrativas cometidas e sancións impostas no marco da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e deste regulamento.
- n) Denegacións e prohibicións de entrada no territorio nacional e os seus motivos.
- ñ) Devolucións.
- o) Prohibicións de saída.
- p) Expulsións administrativas ou xudiciais.
- q) Saídas.
- r) Autorizacións de regreso.
- s) Certificacións de número de identidade de estranxeiro.
- t) Retorno de traballadores de temporada.
- o) Cartas de invitación.
- v) Retornos voluntarios.
- w) Calquera outra resolución ou actuación que se poida adoptar en aplicación deste regulamento.

2. Os órganos que adopten as resolucións e concedan os documentos a que se refire o número 1 deberán dar conta diso, para efectos da súa anotación neste rexistro.

Artigo 214. *Comunicación ao Rexistro Central de Estranxeiros dos cambios e alteracións de situación.*

Os estranxeiros autorizados a permanecer en España estarán obrigados a pór en coñecemento da oficina de estranxeiría ou da comisaría de policía correspondentes ao lugar onde residan ou permanezan os cambios de nacionalidade, de domicilio habitual e de estado civil. A dita comunicación deberase realizar no prazo máximo dun mes desde que se producise o cambio ou modificación e deberá ir acompañada dos documentos que acrediten os ditos cambios.

CAPÍTULO V

Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados

Artigo 215. *Rexistro de Menores Estranxeiros non Acompañados.*

1. Na Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil existirá un Rexistro de Menores non Acompañados, con efectos exclusivos de identificación, que estará coordinado pola Fiscalía Xeral do Estado, para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o Ministerio Fiscal polo artigo 35 da Lei orgánica 4/2000, no ámbito da súa función de garantía e protección do interese superior do menor.

O rexistro conterá, en asentos persoais, individualizados e numerados, os seguintes datos referentes á identificación dos menores estranxeiros non acompañados, documentados e indocumentados, cuxa minoría de idade resulte indubidada desde o momento da súa localización ou fose determinada por decreto do Ministerio Fiscal:

- a) Nome e apelidos do menor, nome e apelidos dos pais, lugar de nacemento, nacionalidade e última residencia no país de procedencia.
- b) Tipo e numeración da documentación identificativa do menor.

- c) A súa impresión decadactilar, datos fisionómicos e outros datos biométricos.
- d) Fotografía.
- e) Datos relativos á idade indubidada do menor ou á idade establecida por decreto inicial do Ministerio Fiscal. De ser o caso, datos modificados por posterior decreto.
- f) Centro de acollida ou lugar de residencia.
- g) Organismo público ou organización non governamental, fundación ou entidade dedicada á protección de menores baixo cuxa tutela se atope.
- h) Traslados do menor entre comunidades autónomas.
- i) Recoñecemento da súa condición de asilado, protexido ou vítima de trata.
- j) Data de solicitude da autorización de residencia.
- k) Data de concesión ou denegación da autorización de residencia.
- l) Calquera outro dato de relevancia que, para os citados efectos de identificación, consideren necesarios o Ministerio Fiscal ou a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

2. Os servizos competentes de protección de menores a que se refire o artigo 35 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando teñan coñecemento de que un menor se atope en situación de desamparo, deberán comunicar, coa maior brevidade, á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, a través das oficinas de estranxeiría, os datos que coñezan relativos á identidade do menor conforme o disposto no número anterior.

3. Para garantir a exactitude e integridade do rexistro, o Ministerio Fiscal poderalles requirir aos servizos públicos de protección de menores, forzas e corpos de seguridade do Estado, policías autonómicas, policías locais, institucións sanitarias e a calquera outra entidade pública ou privada a remisión de cantos datos consten no seu poder sobre menores estranxeiros non acompañados. Eses datos serán remitidos á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil para a actualización do rexistro.

TÍTULO XIV

Infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador

CAPÍTULO I

Normas comúns do procedemento sancionador

Artigo 216. *Normativa aplicable.*

1. O exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións administrativas previstas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, axustarase ao disposto nela e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Non se imporá sanción ningunha por infraccións aos preceptos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, senón en virtude de procedemento instruído para o efecto.

3. Cando se trate dos supostos cualificados como infracción leve do artigo 52.c), d) e e) grave do artigo 53.1. b) e 53.2.a) e moi grave do artigo 54.1.d) e f) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o procedemento aplicable será o previsto no capítulo IV deste título.

4. En todo aquilo non previsto neste regulamento, será de aplicación supletoria o procedemento regulado no regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 217. *Modalidades do procedemento sancionador.*

O exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións administrativas previstas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, tramitarase polos procedementos

ordinario, preferente e simplificado, segundo proceda conforme o disposto na dita lei orgánica e neste regulamento.

Artigo 218. *Actuacións previas.*

Con anterioridade á iniciación do procedemento, poderanse realizar actuacións previas para determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. Estas actuacións orientaranse especialmente a determinar coa maior precisión posible os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puideren resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

Artigo 219. *Iniciación do procedemento sancionador. Competencia.*

1. O procedemento iniciarase de oficio por acordo do órgano competente por propia iniciativa, como consecuencia de orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

2. Serán competentes para ordenar a incoación do procedemento sancionador os delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, os subdelegados do Goberno, os xefes de oficinas de estranxeiría, o comisario xeral de Estranxeiría e Fronteiras, o xefe superior de Policía, os comisarios provinciais e os titulares das comisarías locais e postos fronteirizos.

Artigo 220. *Instructor e secretario.*

No acordo de incoación do procedemento nomearanse instructor e secretario, que deberán ser funcionarios do Corpo Nacional de Policía, sen prexuízo de que tales nomeamentos poidan recaer noutros funcionarios das oficinas de estranxeiría cando se trate de procedementos sancionadores que se tramiten polas infraccións leves e infraccións graves das alíneas e) e h) do artigo 53.1 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Artigo 221. *O comiso.*

1. De conformidade co disposto no artigo 55.5 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, nos supostos de infracción da alínea b) do artigo 54.1 da dita lei, serán obxecto de comiso os vehículos, embarcacións, aeronaves e cantos bens mobles ou inmobles de calquera natureza servisen como instrumento para a comisión da citada infracción.

2. Para garantir a efectividade do comiso, os axentes da autoridade poderán proceder desde as primeiras investigacións practicadas á aprehensión e posta á disposición da autoridade competente dos bens, efectos e instrumentos a que se refire o número anterior e quedará a expensas do expediente sancionador, no cal se resolverá o pertinente sobre eles.

3. Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por resolución administrativa ou xudicial firme adxudicaranse ao Estado nos termos fixados pola Lei 33/2003, do 4 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. A autoridade xudicial poderá acordar que, coas debidas garantías para a súa conservación e mentres se substancie o procedemento, os bens, obxectos ou instrumentos de lícito comercio poidan ser utilizados provisoriamente polas unidades de estranxeiría na loita contra a inmigración ilegal.

Artigo 222. *Resolución.*

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais e os subdelegados do Goberno ditarán resolución motivada que confirme, modifique ou deixe sen efecto a proposta de sanción e decida todas as cuestións formuladas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

2. A resolución non poderá ter en conta feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, sen prexuízo da súa diferente valoración xurídica.

3. Para a determinación da sanción que se impoña, ademais dos criterios de gradación a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 55 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, valoraranse tamén, a teor do seu artigo 57, as circunstancias da situación persoal e familiar do infractor.

Artigo 223. Manifestación da vontade de recorrer.

Para os efectos previstos no número 3 do artigo 22 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o estranxeiro manifestará a súa vontade expresa de recorrer, cuxa constancia se acreditará por medio do apoderamento regulado no artigo 24 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. No caso de o estranxeiro se atopar privado de liberdade, poderá manifestar a súa vontade de interpor recurso contencioso-administrativo ou exercitar a acción correspondente contra a resolución de expulsión ante o delegado ou subdelegado do Goberno competente ou o director do centro de internamento de estranxeiros baixo o control do cal se atope, que o farán constar en acta que se incorporará ao expediente.

Artigo 224. Execución das resolucións sancionadoras.

1. A execución das resolucións sancionadoras efectuarase de conformidade co disposto no capítulo III deste título, sen prexuízo das particularidades establecidas para o procedemento preferente.

2. Na resolución adoptaranse, de ser o caso, as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia mentres non sexa executiva. As mencionadas disposicións poderán consistir no mantemento das medidas provisionais que, de ser o caso, se adoptasen de conformidade co artigo 61 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Malia o anterior e de acordo co previsto no artigo 63 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, non se poderá adoptar a medida cautelar de internamento preventivo durante o prazo de cumprimento voluntario que se tivese fixado na resolución de expulsión.

3. Contra as resolucións administrativas sancionadoras poderase recorrer conforme o disposto nas leis. O seu réxime de executividade será o previsto con carácter xeral.

4. En todo caso, cando o estranxeiro non se atope en España, poderá cursar os recursos procedentes, tanto en vía administrativa como xurisdiccional, a través das representacións diplomáticas ou consulares correspondentes, que llos remitirán ao organismo competente.

Artigo 225. Caducidade e prescrición.

1. O prazo máximo en que se debe ditar e notificar a resolución que resolva o procedemento será de seis meses desde que se acordou a súa iniciación, sen prexuízo do disposto para o procedemento simplificado no artigo 238.

Transcorrido o dito prazo sen se resolver e notificar a expresada resolución, producirase a caducidade do procedemento e procederase ao arquivo das actuacións por solicitude de calquera interesado ou de oficio polo órgano competente para ditar a resolución, excepto nos casos en que o procedemento se paralizase por causa imputable aos interesados ou naqueles supostos en que se acordase a súa suspensión.

2. A acción para sancionar as infraccións previstas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, prescribe aos tres anos se a infracción é moi grave; aos dous anos se é grave, e aos seis meses se é leve, contados a partir do día en que os feitos se tivesen cometido.

A prescrición interromperase por calquera actuación da Administración da que teña coñecemento o denunciado.

O prazo de prescrición volverá a correr se procedemento estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao expedientado.

3. O prazo de prescrición da sanción será de cinco anos se a sanción imposta o for por infracción moi grave; de dous anos se o for por infracción grave, e dun ano se o for por infracción de carácter leve.

Se a sanción imposta for a expulsión do territorio nacional, a prescrición non empezará a contar ata que transcorrese o período de prohibición de entrada fixado na resolución, que será establecido de acordo co disposto no número 2 do artigo 242 deste regulamento.

O prazo de prescrición da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.

4. A prescrición, tanto da infracción como da sanción, será aplicada de oficio polos órganos competentes nas diversas fases de tramitación do expediente.

5. Tanto a prescrición como a caducidade exixirán resolución na que se mencione tal circunstancia como causa de terminación do procedemento, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables, segundo o establecido no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO II

Modalidades de tramitación do procedemento sancionador

Sección 1.^a O procedemento ordinario

Artigo 226. *Supostos en que procede o procedemento ordinario.*

O procedemento seguido será o ordinario salvo nos supostos especificados no artigo 234 deste regulamento, que se tramitarán polo procedemento preferente.

Artigo 227. *Iniciación do procedemento ordinario.*

1. Excepto nos supostos cualificados como infracción grave do artigo 53.1. b) e 53.2.a) ou moi grave do artigo 54.1.d) e f) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, en que se observará o disposto no seu artigo 55.2, o acordo de iniciación do procedemento formalizarase co contido mínimo seguinte:

- a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.
- b) Feitos que motivan a incoación do procedemento sucintamente expostos, a súa posible cualificación e as sancións que puideren corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.
- c) Instrutor e, de ser o caso, secretario do procedemento, con expresa indicación do réxime de recusación destes.
- d) Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúe tal competencia.
- e) Indicación da posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.
- f) Medidas de carácter provisorio que fosen acordadas polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante este de conformidade cos artigos 55 e 61 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.
- g) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

2. O acordo de iniciación comunicaráse ao instrutor con traslado de cantas actuacións existan ao respecto e notificaráselles aos interesados, entendéndose en todo caso por tal o expedientado.

Na notificación advertiráselles aos interesados que, de non efectuaren alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo previsto no artigo seguinte, non se realizar proposta de proba ou non seren admitidas, por improcedentes ou innecesarias, as probas propostas, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución cando conteña un pronunciamiento preciso acerca da responsabilidade imputada, cos efectos previstos nos artigos 229 e 230.

3. Nos procedementos en que se poida propor a sanción de expulsión de territorio español, o estranxeiro terá dereito á asistencia letrada que se lle proporcionará de oficio, de ser o caso, e a ser asistido por intérprete se non comprende ou non fala castelán, de forma gratuíta no caso de carecer de medios económicos de acordo co previsto na normativa reguladora do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 228. *Actuacións e alegacións no procedemento ordinario.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, os interesados disporán dun prazo de quince días para achegaren cantas alegacións, documentos ou informacións coiden convenientes e, de ser o caso, proporen as probas e concretaren os medios de que se pretendan valer.

2. Cursada a notificación a que se refire o número anterior, o instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos feitos, e solicitará os datos e informacións que sexan relevantes para determinar, de ser o caso, a existencia de responsabilidades susceptibles de sanción.

3. Se, como consecuencia da instrución do procedemento, resultar modificada a determinación inicial dos feitos, da súa posible cualificación, das sancións impoñibles ou das responsabilidades susceptibles de sanción, notificaráselle todo isto ao expedientado na proposta de resolución.

Artigo 229. *Proba no procedemento ordinario.*

1. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo sinalado no artigo anterior, o órgano instrutor poderá acordar a apertura dun período de proba por un prazo non superior a trinta días nin inferior a 10 días.

2. No acordo, que se lles notificará aos interesados, poderase rexeitar de forma motivada a práctica daquelas probas que, de ser o caso, propuxesen aqueles cando pola súa relación cos feitos se consideren improcedentes.

3. A práctica das probas que o órgano instrutor considere pertinentes, entendéndose por tales aquelas distintas dos documentos que os interesados poidan achegar en calquera momento da tramitación do procedemento, realizarase de conformidade co establecido no artigo 81 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Cando a proba consista na emisión dun informe dun órgano administrativo ou entidade pública e sexa admitida a trámite, este terá os efectos previstos no artigo 83 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Cando a valoración das probas practicadas poida constituír o fundamento básico da decisión que se adopte no procedemento por ser peza imprescindible para a avaliación dos feitos, deberase incluír na proposta de resolución.

Artigo 230. *Colaboración doutras administracións públicas no procedemento ordinario.*

O órgano instrutor solicitará dos órganos e dependencias administrativas pertencentes a calquera das administracións públicas a información que for necesaria para o eficaz exercicio das súas propias competencias, incluíndo a petición da información necesaria ao Rexistro Central de Penados.

Artigo 231. *Proposta de resolución no procedemento ordinario.*

Concluída, de ser o caso, a proba, o órgano instrutor do procedemento formulará a proposta de resolución, na cal se fixarán de forma motivada os feitos e se especificarán os que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, se determinará a infracción que, de ser o caso, aqueles constitúan e a persoa ou persoas que resulten responsables e se fixará a sanción que propón que se impoña e as medidas provisórias que tivese adoptado, de ser o caso, o órgano competente para iniciar o procedemento ou o seu instrutor, ou ben proporase a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade.

En todo caso, a determinación da proposta de sanción será realizada de acordo con criterios de proporcionalidade, debéndose ter en consideración o grao de culpabilidade da persoa infractora, así como o dano ou risco producido coa comisión da infracción.

Artigo 232. Trámite de audiencia no procedemento ordinario.

1. A proposta de resolución notificaráselles aos interesados. Á notificación xuntaráselle unha relación dos documentos que consten no procedemento para que os interesados poidan obter as copias dos que estimen convenientes e concederáselles un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que consideren pertinentes ante o instrutor do procedemento.

2. Salvo no suposto previsto polo parágrafo final do artigo 227.2, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas, de ser o caso, polo interesado, de conformidade co previsto no artigo 228.1.

3. A proposta de resolución cursarase inmediatamente ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto a todos os documentos, alegacións e informacións que consten naquel.

Artigo 233. Resolución do procedemento ordinario.

1. Antes de ditar a resolución, o órgano competente para resolver poderá decidir mediante acordo motivado a realización das actuacións complementarias indispensables para resolver o procedemento.

O acordo de realización de actuacións complementarias notificaráselles aos interesados, aos cales se lles concederá un prazo de sete días para formularen as alegacións que teñan por pertinentes. As actuacións complementarias deberanse practicar nun prazo non superior a quince días. O prazo para resolver o procedemento quedará suspendido ata o remate das actuacións complementarias. Non terán a consideración de actuacións complementarias os informes que preceden inmediatamente a resolución final do procedemento.

2. O órgano competente ditará resolución motivada, que decidirá todas as cuestións formuladas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

A resolución adoptarase no prazo de 10 días desde a recepción da proposta de resolución e os documentos, alegacións e informacións que consten no procedemento, salvo o disposto nos números 1 e 3.

3. Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, salvo os que resulten, de ser o caso, da aplicación do previsto no número 1, con independencia da súa diferente valoración xurídica. Non obstante, cando o órgano competente para resolver considere que a infracción reviste maior gravidade que a determinada na proposta de resolución, notificaráselle ao interesado para que achegue cantas alegacións considere convenientes, para o cal se lle concederá un prazo de quince días.

4. As resolucións dos procedementos sancionadores, ademais de conteren os elementos previstos no artigo 89.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, incluírán a valoración das probas practicadas e, especialmente, daquelas que constitúan os fundamentos básicos da decisión, fixarán os feitos e, de ser o caso, a persoa ou persoas responsables, a infracción ou infraccións cometidas e a sanción ou sancións que se impoñen ou ben a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade. A sanción determinarase segundo criterios de proporcionalidade, debéndose ter en consideración o grao de culpabilidade da persoa infractora, así como o dano ou risco producido coa comisión da infracción.

5. As resolucións notificaráselle ao interesado e, cando o procedemento se iniciase como consecuencia de orde superior, darase traslado da resolución ao órgano administrativo autor daquela.

*Sección 2.ª O procedemento preferente**Artigo 234. Supostos en que procede o procedemento preferente.*

A tramitación dos expedientes en que se poida propor a expulsión realizarase polo procedemento preferente cando a infracción imputada sexa algunha das previstas nas alíneas a) e b) do artigo 54.1, así como nas alíneas d) e f) do artigo 53.1 e no artigo 57.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Así mesmo, tramitaranse polo procedemento preferente aquelas infraccións previstas na alínea a) do artigo 53.1 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Risco de incomparecencia.
- b) Que o estranxeiro evite ou dificulte a expulsión, sen prexuízo das actuacións en exercicio dos seus dereitos.
- c) Que o estranxeiro represente un risco para a orde pública, a seguridade pública ou a seguridade nacional.

Artigo 235. Iniciación e tramitación do procedemento preferente.

1. Cando das investigacións se deduza a oportunidade de decidir a expulsión, darase traslado do acordo de iniciación motivado por escrito ao interesado para que alegue no prazo de corenta e oito horas o que considere adecuado e advertiráselle que, de non efectuar alegacións por si mesmo ou mediante o seu representante sobre o contido da proposta, non realizar proposta de proba ou se non foren admitidas de forma motivada, por improcedentes ou innecesarias, as probas propostas, o acordo de iniciación do expediente será considerado como proposta de resolución.

2. En todo caso, o estranxeiro terá dereito á asistencia letrada, que se lle proporcionará de oficio, de ser o caso, e a ser asistido por intérprete se non comprende ou non fala castelán, de forma gratuíta no caso de carecer de medios económicos, de acordo co previsto na normativa reguladora do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

3. Na notificación do acordo de iniciación advertiráselle ao interesado que, de non efectuar alegacións sobre o contido do acordo no prazo previsto no número 1, o dito acordo será considerado como proposta de resolución con remisión do expediente á autoridade competente para resolver.

4. Se o interesado ou o seu representante formularen alegacións e realizaren proposición de proba dentro do prazo establecido, o órgano instrutor valorará a pertinencia ou non desta.

De non se admitiren as probas propostas por improcedentes ou innecesarias, notificaráselle ao interesado de forma motivada e daráselle trámite de audiencia conforme o previsto no parágrafo seguinte. Neste suposto, o acordo de iniciación do expediente, sen cambiar a cualificación dos feitos, será considerado como proposta de resolución con remisión á autoridade competente para resolver.

Se o instrutor estima a pertinencia da realización da proba proposta, esta realizarase no prazo máximo de tres días.

Practicada, de ser o caso, a proba, o instrutor formulará proposta de resolución, que se lle notificará ao interesado, e daralle trámite de audiencia no que se lle concederá un prazo de corenta e oito horas para formular alegacións e presentar os documentos que considere pertinentes. Transcorrido o dito prazo, procederase a elevar a proposta de resolución, xunto co expediente administrativo, á autoridade competente para resolver.

5. Mentres se realiza a tramitación do expediente, o instrutor poderalle solicitar ao xuíz de instrución competente que dispoña o ingreso do estranxeiro expedientado nun centro de internamento de estranxeiros. A solicitude de internamento deberá ser motivada.

O período de internamento manterase polo tempo imprescindible para os fins do expediente e non poderá exceder en ningún caso de sesenta días.

A decisión xudicial que o autorice, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, poderá establecer un período máximo de duración do internamento inferior ao citado.

Non se poderá acordar un novo internamento por calquera das causas previstas no mesmo expediente.

6. Cando o instrutor solicite o internamento e a autoridade xudicial o denegue, o instrutor, co fin de asegurar a eficacia da resolución final que se puiden emitir, poderá adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas cautelares:

- a) Retirada do pasaporte ou documento acreditativo da súa nacionalidade, tras a entrega ao interesado de recibo acreditativo de tal medida.
- b) Presentación periódica ante o instrutor do expediente ou ante outra autoridade que este determine nos días en que, en atención ás circunstancias persoais, familiares ou sociais do expedientado, se considere aconsellable.
- c) Residencia obrigatoria en lugar determinado.
- d) Calquera outra medida cautelar que o xuíz coide adecuada e suficiente.

Artigo 236. A resolución no procedemento preferente. Executividade.

1. A resolución, en atención á natureza preferente e sumaria do procedemento, ditarase de forma inmediata. Deberá ser motivada e resolverá todas as cuestións formuladas no expediente; non poderá aceptar feitos distintos dos determinados no curso do procedemento, con independencia da súa diferente valoración xurídica, e seralle notificada ao interesado.

2. A execución da orde de expulsión recaída nestes procedementos, unha vez notificada ao interesado, efectuarase de forma inmediata.

De non ter sido posto en liberdade o estranxeiro pola autoridade xudicial dentro do prazo de sesenta días a que se refire o número 5 do artigo 235, deberase solicitar da propia autoridade xudicial o cesamento do internamento para poder levar a cabo a condución ao posto de saída.

3. A excepción da aplicación do réxime xeral de executividade dos actos administrativos no caso da resolución que poña fin ao procedemento de expulsión con carácter preferente, establecida no artigo 21.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, non excluírá o dereito de recurso polos lexitimados para exercelo, sen prexuízo da inmediatez da expulsión e da improcedencia de declarar administrativamente calquera efecto suspensivo en contra dela. Na resolución, ademais da motivación que a fundamente, faranse constar os recursos que fronte a ela procedan, o órgano ante o cal se deban presentar e prazo para os interpor.

Artigo 237. Comunicacions no procedemento preferente.

A incoación do expediente, as medidas cautelares de detención e de internamento e a resolución de expulsión seranlle comunicadas á embaixada ou consulado do país do estranxeiro e procederase á súa anotación no Rexistro Central de Estranxeiros da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil. Esta comunicación dirixirase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación cando non se lle puidese notificar ao consulado ou este non radique en España.

Sección 3.^a O procedemento simplificado

Artigo 238. Supostos de iniciación do procedemento simplificado.

Este procedemento tramitarase cando os feitos denunciados se cualifiquen como infracción de carácter leve prevista nalgún dos supostos considerados no artigo 52 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Este procedemento iniciarase de oficio por acordo ditado para o efecto por algún dos órganos competentes establecidos no artigo 216.2 deste regulamento ou por denuncia

formulada polos axentes do Corpo Nacional de Policía, excepto cando a infracción imputada sexa algunha das establecidas nas alíneas c), d) e e) do citado artigo 52, caso en que se observará o disposto no artigo 55.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Este procedemento simplificado deberase resolver no prazo máximo de dous meses desde que se iniciou.

Artigo 239. *Procedemento simplificado.*

1. O órgano competente, ao ditar o acordo de iniciación, especificará neste o carácter simplificado do procedemento. O dito acordo comunicaráse ao órgano instructor e simultaneamente seralles notificado aos interesados.

No prazo de dez días a partir da comunicación e notificación do acordo de iniciación, o órgano instructor e os interesados efectuarán, respectivamente, as actuacións pertinentes, a achega de cantas alegacións, documentos ou informacións consideren convenientes e, de ser o caso, a proposición e práctica de proba.

Transcorrido ese prazo, o instructor formulará unha proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos. Esta especificará os feitos que se consideren probados e a súa exacta cualificación xurídica, con determinación da infracción, da persoa ou persoas responsables, e a sanción que propón, así como das medidas provisionais que se tivesen adoptado, ou ben propondrá a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade.

Se o órgano instructor apreciar que os feitos poden ser constitutivos de infracción grave ou moi grave, acordará que continúe o expediente polos trámites do procedemento ordinario deste regulamento e notificarállelo aos interesados para que, no prazo de cinco días, formulen alegacións de o consideraren conveniente.

2. A iniciación por denuncia formulada por funcionarios do Corpo Nacional de Policía aterase ás seguintes normas:

a) As denuncias formuladas por funcionarios do Corpo Nacional de Policía redactaranse por exemplar duplicado. Un deles entregaráselle ao denunciado, se for posible, e o outro remitiráselle ao órgano correspondente con competencia para acordar a iniciación do procedemento. As ditas denuncias serán asinadas polo funcionario e polo denunciado, sen que a sinatura deste último implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senón unicamente a recepción do exemplar a el destinado. No caso de que o denunciado se negar a asinar ou non o souber facer, o funcionario farao constar así.

b) As denuncias notificaráselles no acto aos denunciados, facendo constar os datos a que fai referencia este artigo. No escrito de denuncia farase constar que con ela queda incoado o correspondente expediente e que o denunciado dispón dun prazo de 10 días para alegar canto considere conveniente para a súa defensa e propor as probas que coide oportunas ante os órganos de instrución localizados na dependencia policial do lugar en que se cometese a infracción.

c) Recibida a denuncia na dependencia policial da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, procederase á cualificación dos feitos e gradación da multa, impulsárase a ulterior tramitación ou o órgano instructor propondrá á autoridade competente a correspondente resolución que declare a inexistencia de infracción nos casos de que os feitos denunciados non foren constitutivos daquela.

Artigo 240. *Resolución do procedemento simplificado.*

No prazo de tres días desde que se reciba o expediente, o órgano competente para resolver ditará resolución na forma e cos efectos procedentes que para as resolucións de sanción de multa se prevén no procedemento ordinario deste regulamento.

*Sección 4.ª Concorrenza de procedementos**Artigo 241. Concorrenza de procedementos.*

1. Se durante a tramitación do expediente seguido polo procedemento preferente e pola causa prevista na alínea a) do artigo 53.1 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o estranxeiro expedientado acreditar ter solicitada con anterioridade á súa iniciación unha autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais de conformidade co disposto nos artigos 31.3 da citada lei orgánica e concordantes deste regulamento, o instrutor solicitará un informe do órgano competente sobre o estado de tramitación desa solicitude. No caso de que o interesado non reunir, de acordo coa resolución que se dite sobre a solicitude de autorización, os requisitos previstos para a obtención da autorización de residencia, o instrutor decidirá a continuación do expediente de expulsión e, en caso contrario, procederá ao seu arquivo. De entender procedente a prosecución do expediente e tras o acordo ditado para o efecto, continuará polos trámites do procedemento ordinario regulado neste regulamento.

2. Cando no marco dun procedemento relativo a autorizacións de residencia por circunstancias excepcionais das previstas nos artigos 31bis, 59, 59bis ou 68.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, se comprobar que consta contra o solicitante unha medida de expulsión non executada por concorrencia dunha infracción das previstas nas alíneas a) e b) do artigo 53.1 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, esta será revogada sempre que da análise da solicitude derive a procedencia da concesión da autorización de residencia por circunstancias excepcionais.

No caso de que o órgano competente para resolver sobre a solicitude de autorización non for o mesmo que ditou a sanción que se pretende revogar, instará de oficio a revogación da sanción ao órgano competente para iso. No escrito polo que se inste a revogación farase constar o tipo de autorización solicitada e realizarase mención expresa á procedencia da concesión desta polo cumprimento dos requisitos exigibles para iso, salvo o relativo á existencia da medida de expulsión non executada.

3. Os criterios establecidos no número anterior serán igualmente de aplicación, en caso de que, a pesar da inadmisión a trámite da solicitude de autorización de residencia por circunstancias excepcionais distintas ás previstas nos artigos 31bis, 59, 59bis ou 68.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, en aplicación do establecido na súa disposición adicional cuarta, a análise inicial da solicitude concluíse na existencia de indicios claros da procedencia de concesión da autorización.

CAPÍTULO III

Aspectos específicos nos procedementos sancionadores para a imposición das infraccións de expulsión e multa*Sección 1.ª Normas procedementais para a imposición da expulsión**Artigo 242. Supostos en que procede o procedemento de expulsión.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 57.5 e 6 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando o infractor sexa estranxeiro e realice algunha ou algunhas das condutas tipificadas como moi graves ou condutas graves das previstas nas alíneas a), b), c), d) e f) do número 1 do artigo 53 desta lei orgánica, poderase aplicar en lugar da sanción de multa a expulsión do territorio español. Así mesmo, constituirá causa de expulsión a condena, dentro ou fóra de España, por unha conduta dolosa que constituía no noso país un delito sancionado con pena privativa de liberdade superior a un ano, salvo que os antecedentes penais fosen cancelados.

2. No caso de concorrencia da infracción prevista no artigo 53.1.a) e b) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando o infractor sexa titular dun permiso de residencia válido ou outra autorización que outorgue un dereito de estadía expedido por outro Estado membro da

Unión Europea, advertiráselle mediante dilixencia no pasaporte da obriga de dirixirse de inmediato ao territorio dese Estado. No caso de que o estranxeiro non cumpra esta exigencia, ou se for necesaria a súa saída inmediata por motivos de orde pública ou de seguridade nacional, incoarase procedemento sancionador baseándose no previsto neste regulamento.

Artigo 243. Contido do acordo de iniciación do procedemento de expulsión.

Ademais do contido mínimo que debe incluír o acordo de iniciación conforme o disposto no artigo 227.1, nel indicaranse expresamente os seguintes particulares:

- a) O dereito do interesado á asistencia xurídica gratuíta no caso de que careza de recursos económicos suficientes de acordo co previsto na normativa reguladora do dereito de asistencia xurídica gratuíta.
- b) O dereito do interesado á asistencia de intérprete se non comprende ou fala as linguas oficiais que se utilicen.
- c) Que o acordo de expulsión que se poida ditar implicará a prohibición de entrada en España, cuxa duración se establecerá de acordo co disposto no artigo 242.2 deste regulamento e que será extensiva aos territorios dos Estados cos cales España subscribise acordo nese sentido.

Artigo 244. Medidas cautelares no procedemento de expulsión.

1. De conformidade co previsto nos artigos 55 e 61 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, o instrutor poderá adoptar en calquera momento mediante acordo motivado as medidas de carácter provisorio que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se puiden ditar.

No caso de que o procedemento tramitado for de carácter ordinario, non se poderá adoptar a medida cautelar de internamento.

2. En iguais termos que os establecidos no artigo 221 deste regulamento, o instrutor poderá manter a aprehensión dos bens, efectos ou instrumentos que servisen para a comisión da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Artigo 245. Contido e efectos da resolución do procedemento de expulsión.

1. A resolución que poña fin ao procedemento deberá ser motivada, con indicación dos recursos que contra ela se poidan interpor, órgano ante o cal se tería que presentar e prazo para a súa presentación, de conformidade co establecido no artigo 222.

2. A resolución que acorde a expulsión levará consigo a prohibición de entrada ao territorio español. A dita prohibición de entrada farase extensiva aos territorios dos Estados con que España subscribise acordo nese sentido.

A duración da prohibición determinarase en consideración ás circunstancias que concorran en cada caso e a súa vixencia non excederá de cinco anos.

Excepcionalmente, cando o estranxeiro supoña unha ameaza grave para a orde pública, a seguridade pública, a seguridade nacional ou para a saúde pública, poderase impor un período de prohibición de entrada de ata dez anos, tras informe previo da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras.

Sen prexuízo do anterior, o órgano competente non imporá prohibición de entrada en caso de que o estranxeiro abandone o territorio nacional durante a tramitación do expediente ou revogará a prohibición de entrada imposta se o estranxeiro o abandona no prazo de cumprimento voluntario previsto na orde de expulsión.

A saída do territorio deberá ser oportunamente comunicada ao órgano competente para a non imposición ou revogación da prohibición de entrada, sempre que o expediente sancionador fose tramitado por algún dos supostos considerados nas alíneas a) e b) do artigo 53.1 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Entenderase que a saída foi debidamente comunicada:

- a) Mediante tramitación nos servizos policiais responsables do control fronteirizo do impreso previsto para deixar constancia da saída do estranxeiro de territorio español.

b) Mediante comparecencia na misión diplomática ou oficina consular española no país de orixe ou de residencia na que conste documentación acreditativa de que a saída de territorio español se produciu antes da resolución do procedemento sancionador ou durante o prazo dado para o cumprimento voluntario da sanción imposta.

A autoridade fronteiriza ou consular á cal se lle comunicase a saída de territorio español de acordo co establecido neste número dará traslado, a través da Comisaría Xeral de Estranxeiría e Fronteiras, da dita información ao órgano que impuxese a sanción de expulsión ou que sexa competente para a súa imposición, para os efectos, respectivamente, da revogación ou non imposición da prohibición de entrada.

3. A resolución implicará, en todo caso, a extinción de calquera autorización para permanecer en España da que for titular o estranxeiro expulsado, así como o arquivo de calquera procedemento que tiver por obxecto a autorización para residir ou traballar en España.

4. Se a resolución se adoptar en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e se tivese procedido á aprehensión de bens, efectos ou instrumentos que tivesen sido utilizados para a comisión da citada infracción, aquela implicará o comiso dos ditos bens ou efectos salvo cando quedase acreditado que os bens pertencen a un terceiro de boa fe non responsable da infracción que os adquirise legalmente.

Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por resolución administrativa ou xudicial firme adxudicaranse ao Estado nos termos fixados pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

5. Se a resolución se adoptar en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e sen prexuízo da expulsión acordada, poderá conter pronunciamento polo que se adopte a clausura do establecemento ou local desde seis meses a cinco anos.

Artigo 246. *Execución da resolución no procedemento de expulsión.*

1. As resolucións de expulsión do territorio nacional que se diten en procedementos de tramitación preferente executaranse de forma inmediata de acordo coas normas específicas previstas neste regulamento e no artigo 63 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. As resolucións de expulsión do territorio nacional que se diten en procedementos de tramitación ordinaria conterán o prazo de cumprimento voluntario para que o estranxeiro abandone o territorio nacional.

A duración do dito prazo oscilará entre sete e trinta días e comezará a transcorrer desde o momento da notificación da citada resolución. A imposición dun prazo inferior a quince días terá carácter excepcional e deberá estar debidamente motivada no escrito polo que se comunique a súa duración.

Con carácter previo á súa finalización, o prazo de cumprimento voluntario da orde de expulsión poderase prorrogar en atención ás circunstancias que concorran en cada caso concreto, tales como a duración da estadía, ter a cargo menores escolarizados ou a existencia doutros vínculos familiares e sociais.

No caso de que o estranxeiro teña a cargo menores escolarizados, non procederá a execución da sanción de expulsión ata a finalización do curso académico salvo que o outro proxenitor sexa residente en España e se poida facer cargo deles.

3. Transcorrido o dito prazo sen que o estranxeiro abandonase o territorio nacional, os funcionarios policiais competentes en materia de estranxeiría procederán á súa detención e condución ata o posto de saída polo que se deba facer efectiva a expulsión.

Se a expulsión non se puiden executar no prazo de setenta e dúas horas desde o momento da detención, o instrutor ou o responsable da unidade de estranxeiría do Corpo Nacional de Policía ante a que se presente o detido poderá solicitar da autoridade xudicial o ingreso do estranxeiro nos centros de internamento establecidos para o efecto.

O período de internamento manterase polo tempo imprescindible para executar a expulsión, que non se poderá prolongar en ningún caso máis alá de sesenta días, ou ata que se constate a imposibilidade de executala no dito prazo. Non se poderá acordar un novo internamento sobre a base do mesmo expediente de expulsión.

4. Con carácter preferente, a execución da resolución de expulsión efectuarase á custa do empregador que fose sancionado como consecuencia da comisión da infracción grave prevista no artigo 53.2.a) e moi grave do artigo 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sen prexuízo e de forma compatible coa sanción económica que corresponda de conformidade co procedemento establecido para a imposición de sancións por infraccións da orde social.

5. A execución da resolución de expulsión efectuarase á custa do estranxeiro se este dispuxer de medios económicos. En caso contrario, comunicarásele a dita circunstancia ao representante diplomático ou consular do seu país, para os efectos oportunos.

Salvo en supostos en que se tivese imposto un período de cumprimento voluntario da sanción e este tivese sido inatendido polo estranxeiro, no caso de que este dispoña de medios económicos e asuma o custo da repatriación de maneira voluntaria, o delegado ou subdelegado do Goberno que ditou a dita resolución poderá acordar, de oficio ou por instancia de parte, a súa substitución pola saída obrigatoria de se cumpriren as seguintes condicións:

- a) Que a infracción que motivase a resolución de expulsión sexa a contida no artigo 53.1.a) e b) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro;
- b) Que existan garantías suficientes ou se poida comprobar a realización da oportuna saída obrigatoria prevista no artigo 28.3.c) da Lei orgánica 4/2000; e
- c) Que o estranxeiro estea, pola súa nacionalidade, sometido á obriga de visado para cruzar as fronteiras exteriores en aplicación dun acordo de réxime común de visados, de carácter internacional, no cal España sexa parte.

6. A saída do territorio nacional poderase acreditar mediante certificado emitido por funcionario do posto fronteirizo, no que conste a identidade do estranxeiro, o seu número de pasaporte, datos do medio de transporte e data en que abandonou o territorio nacional.

7. De o estranxeiro formular unha petición de protección internacional, suspenderase a execución da resolución de expulsión ata que se inadmitise a trámite ou se resolvese, de conformidade co establecido na normativa de protección internacional.

Igualmente, suspenderase a execución da expulsión nos casos de mulleres embarazadas cando supoña un risco para a xestación ou para a vida ou a integridade física da nai ou cando se trate de persoas enfermas e a medida poida supor un risco para a súa saúde.

Artigo 247. Etranxeiros procesados ou imputados en procedementos por delitos ou faltas.

De conformidade co disposto no artigo 57.7 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando o estranxeiro se atope procesado ou imputado nun procedemento xudicial por delito ou falta para os cales a lei prevexa unha pena privativa de liberdade inferior a seis anos ou unha pena de distinta natureza e conste este feito acreditado no expediente administrativo de expulsión, a autoridade gubernativa someterá ao xuíz que, tras audiencia do Ministerio Fiscal e oído o interesado e as partes presentadas, autorice no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días a súa expulsión, salvo que de forma motivada aprecie a existencia de circunstancias excepcionais que xustifiquen a súa denegación.

No caso de que o estranxeiro se atope suxeito a varios procesos penais tramitados en diversos xulgados e consten estes feitos acreditados no expediente administrativo de expulsión, a autoridade gubernativa instará de todos eles a autorización a que se refire o parágrafo anterior.

Para os efectos do disposto neste artigo, considerarase que consta acreditado no expediente administrativo de expulsión a existencia de procesos penais en contra do

expedientado, cando sexa o propio interesado quen o acreditase documentalmente en calquera momento da tramitación, ou cando existise comunicación da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal ao órgano competente para a instrución ou resolución do procedemento sancionador, en calquera forma ou a través de calquera tipo de requisitoria.

Artigo 248. Comunicacions no procedemento de expulsión.

A resolución de expulsión seralle comunicada á embaixada ou consulado do país do estranxeiro e á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, así como anotada no Rexistro Central de Etranxeiros. Esta comunicación dirixirase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación cando non se lle puidese notificar ao consulado do país do estranxeiro ou este non radique en España.

Sección 2.^a Normas procedementais para a imposición de multas

Artigo 249. Supostos de aplicación do procedemento para a imposición de multas.

As normas procedementais recollidas nesta sección serán de aplicación cando o infractor, calquera que sexa a súa nacionalidade, realice algunha das condutas tipificadas como graves ou moi graves das previstas nos artigos 53 e 54 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sen prexuízo dos supostos en que se poida impor a expulsión segundo o disposto neste título.

No suposto de comisión de condutas tipificadas como leves, aplicarase o disposto para o procedemento simplificado.

Para a determinación da contía da sanción, terase especialmente en conta a capacidade económica do infractor.

Artigo 250. Contido do acordo de iniciación do procedemento para a imposición de multas.

O contido mínimo do acordo de iniciación do procedemento para a imposición de sanción de multa será conforme o disposto no artigo 227.

Os demais trámites procedementais, salvo o disposto nos artigos seguintes, serán os establecidos para o procedemento ordinario contidos na sección 1.^a do capítulo II deste título.

Artigo 251. Medidas cautelares no procedemento para a imposición de multas.

1. En iguais termos que os establecidos no artigo 221 deste regulamento poderase proceder á aprehensión dos bens, efectos ou instrumentos que fosen utilizados para a comisión da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. Cando se siga expediente sancionador por algunha das infraccións previstas no artigo 54.2.b) e c) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e os transportistas infrinxan a obriga de tomar a cargo o estranxeiro transportado ilegalmente, a autoridade gubernativa poderá acordar algunha das seguintes medidas:

- a) Suspensión temporal das súas actividades, que non poderá exceder un período de seis meses.
- b) Prestación de fianza ou avais, en atención ao número de afectados e o prexuízo ocasionado.
- c) Inmobilización do medio de transporte utilizado ata o cumprimento da referida obriga.

Artigo 252. *Resolución do procedemento para a imposición de multas. Efectos e executividade.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento deberá ser motivada, con indicación dos recursos que contra ela se poidan interpor, o órgano ante o cal se tería que presentar e o prazo para a súa presentación, e axustarse ao disposto no artigo 222.

2. Se a resolución se adopta en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.b) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e se procedeu á aprehensión de bens, efectos ou instrumentos que foron utilizados para a comisión da citada infracción, aquela implicará o comiso dos ditos bens ou efectos salvo cando quedase acreditado que os bens pertencen a un terceiro de boa fe non responsable da infracción que os adquirise legalmente.

Os bens, efectos e instrumentos definitivamente comisados por resolución adxudicaranse ao Estado nos termos fixados pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. Se a resolución se adopta en aplicación da infracción prevista no artigo 54.1.d) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e sen prexuízo da sanción de multa acordada, poderá conter pronunciamento polo que se adopte a clausura do establecemento ou local desde seis meses a cinco anos.

4. As resolucións administrativas de imposición de sanción de multa ditadas en aplicación da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, serán inmediatamente executivas unha vez que adquirisen firmeza en vía administrativa, salvo que o órgano competente acorde a súa suspensión.

5. As multas deberanse facer efectivas aos órganos de recadación da Administración xestora, directamente ou a través de entidades de depósitos, dentro dos quince días hábiles seguintes á data da súa firmeza en vía administrativa.

Vencido o prazo de ingreso establecido no parágrafo anterior sen que se tivese satisfeito a multa, a exacción levarase a cabo polo procedemento de constrinximento. Para tal efecto, será título executivo a certificación de descuberto expedida polo órgano competente da Administración xestora.

Os órganos e procedementos da recadación executiva serán os establecidos no Regulamento xeral de recadación e demais normas de aplicación.

Os actos de xestión recadatoria en vía de constrinximento ditados polos órganos da Administración xeral do Estado respecto das multas impostas en aplicación da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, serán impugnables na vía económico-administrativa.

CAPÍTULO IV

Infraccións e sancións na orde social e vixilancia laboral

Artigo 253. *Vixilancia laboral.*

A inspección en materia de traballo de estranxeiros exercerase a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social en desenvolvemento das funcións e competencias que ten atribuídas na súa normativa específica de conformidade co disposto na Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e as súas normas de aplicación.

Naquelas comunidades autónomas ás que se lles tivese traspasado a competencia executiva en materia de inspección, sen prexuízo da unidade do sistema e dos acordos que se poidan alcanzar entre a Administración xeral do Estado e a da Comunidade, a planificación e organización dos labores de inspección a que se refire este artigo corresponderanlle á Administración autonómica naqueles supostos en que lle fose traspasada tamén a competencia en materia de autorizacións iniciais de traballo por conta propia ou allea dos estranxeiros cuxa relación laboral se desenvolva no ámbito da comunidade autónoma.

Artigo 254. *Infraccións e sancións na orde social.*

1. As infraccións leves tipificadas nos artigos 52.c), d) e e); graves do artigo 53.1.b), cando se trate de traballadores por conta propia, e 53.2.a); e moi graves do artigo 54.1.d) e f) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, serán sancionadas de conformidade co procedemento para a imposición de sancións por infraccións de orde social, e polo disposto neste artigo.

2. As sancións polas infraccións a que se refire o número anterior poderanse impor nos graos de mínimo, medio e máximo, atendendo aos criterios expresados a seguir e aplicando o principio de proporcionalidade.

3. Cualificadas as infraccións na forma e conforme os tipos previstos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, as sancións graduaranse en atención ao grao de culpabilidade do suxeito infractor, ao dano producido ou ao risco derivado da infracción e a transcendencia desta.

Igualmente, terase en especial consideración, en caso de proceder á imposición da sanción de multa e para a determinación da súa contía, a capacidade económica do infractor.

4. As infraccións sancionaranse:

a) As leves, no seu grao mínimo, con multa de 50 a 100 euros; no seu grao medio, de 101 a 250 euros; e no seu grao máximo, de 251 a 500 euros.

b) As graves, no seu grao mínimo, con multa de 501 a 2.000 euros; no seu grao medio, de 2.001 a 5.000 euros; e no seu grao máximo, de 5.001 a 10.000 euros.

c) As moi graves, no seu grao mínimo, con multa de 10.001 a 20.000 euros; no seu grao medio, de 20.001 a 50.000 euros; e no seu grao máximo de 50.001 a 100.000 euros.

5. A ordenación da tramitación dos expedientes sancionadores corresponderalles ás xefaturas da Inspección de Traballo e Seguridade Social competentes por razón do territorio ou, no caso de comunidades autónomas ás cales se lles tivese traspasado a competencia en materia de inspección, ao órgano competente de acordo coa normativa autonómica de aplicación.

A iniciación, o contido das actas, a notificación e as alegacións axustaranse ao disposto no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

Nos casos de infracción prevista no artigo 53.1. b), cando se trate de traballadores por conta propia, e do artigo 54.1.d) e f), cando o empresario infractor sexa estranxeiro, da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, na acta de infracción farase constar expresamente que, en virtude do establecido no artigo 57.1 da referida lei orgánica, o órgano competente para resolver poderá aplicar a expulsión de territorio español en lugar da sanción de multa.

6. As actas de infracción de estranxeiros serán notificadas polas xefaturas da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou, de ser o caso, polos órganos autonómicos competentes ao suxeito ou suxeitos responsables. Nas actas farase constar que se poderán formular alegacións contra elas no prazo de quince días.

7. De non se formular escrito de alegacións, continuará a tramitación do procedemento ata ditar a resolución.

8. De se formularen alegacións, a xefatura da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou, de ser o caso, o órgano autonómico poderá solicitar, á vista destas, o informe ampliatorio ao inspector ou subinspector que practicou a acta. O dito informe emitirase no prazo de quince días. O citado informe será preceptivo se nas alegacións se invocan feitos ou circunstancias distintos aos consignados na acta, insuficiencia do relato fáctico desta ou indefensión por calquera causa.

9. Instruído o expediente, o xefe da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou, de ser o caso, o órgano autonómico competente elevarao, coa proposta de resolución, ao delegado ou subdelegado do Goberno ou, de ser o caso, ao órgano autonómico competente

para resolver, de conformidade co establecido no artigo 55.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Na proposta de resolución fixaranse de forma motivada os feitos probados, a súa cualificación xurídica e a contía da sanción que se propón impor e, no caso de que a acta de infracción inclúa a sanción accesoria a que se refire o artigo 55.6 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, tamén se efectuará unha proposta de resolución sobre aquela.

10. O órgano competente para resolver, tras as dilixencias que considere necesarias, ditará a resolución no prazo de dez días desde a finalización da tramitación do expediente de conformidade co establecido para as resolucións sancionadoras polo Regulamento regulador do procedemento para a imposición de sancións por infraccións de orde social, e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

No caso de que o órgano competente para resolver decida aplicar a sanción de expulsión do territorio español en lugar da sanción de multa, ditará resolución de expulsión cos requisitos e efectos establecidos no artigo 242.

11. As resolucións sancionadoras que ditén os subdelegados do Goberno ou os delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais, ou, de ser o caso, o órgano autonómico competente, en relación con este tipo de infraccións quedarán sometidas ao réxime común de recursos previsto neste regulamento.

12. No non previsto polo procedemento especial, regulado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, rexerá o procedemento común de conformidade co establecido na disposición adicional sétima da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO V

Infraccións, sancións e obriga da súa comunicación interorgánica

Artigo 255. *Outras infraccións e sancións.*

Os estranxeiros que incumpran os deberes, obrigas e cargas impostos polo ordenamento xurídico xeral serán sancionados conforme a lexislación especificamente aplicable en cada caso.

Artigo 256. *Comunicación interorgánica de infraccións.*

1. A Dirección Xeral de Inmigración e a Inspección de Traballo e Seguridade Social ou, de ser o caso, o órgano autonómico con competencia sobre a materia darán conta á oficina de estranxeiría e aos servizos policiais correspondentes dos supostos de infraccións relativas á entrada e permanencia de estranxeiros en España de que tiveren coñecemento no exercicio das súas competencias.

2. Igualmente, as oficinas de estranxeiría e os servizos policiais comunicaranlles á Dirección Xeral de Inmigración e á Inspección de Traballo e Seguridade Social ou, de ser o caso, ao órgano autonómico con competencia sobre a materia os feitos que coñezan e que puideren constituír infraccións laborais contra o disposto neste regulamento.

Cando a expulsión fose autorizada xudicialmente, as oficinas de estranxeiría e os servizos policiais comunicarán de modo inmediato a saída no prazo de cumprimento voluntario, a práctica da expulsión ou as razóns que, de ser o caso, imposibilitan a súa realización á autoridade xudicial que a autorizase e ao Ministerio Fiscal.

3. Cando o Ministerio Fiscal coñeza que un estranxeiro se encontra imputado nun procedemento por delito menos grave e puider estar incurso nalgunha das causas de expulsión previstas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sen que fose incoado o correspondente expediente administrativo sancionador, informará sobre tal imputación á Delegación ou Subdelegación do Goberno competente para que esta comprobe se procede ou non a incoación de expediente de expulsión. Para os mesmos efectos, o Ministerio Fiscal comunicarlle á autoridade gubernativa as condenas impostas a estranxeiros por delito doloso castigado con pena privativa de liberdade superior a un ano.

4. Os directores dos establecementos penitenciarios notificaranlle á oficina de estranxeiría e á comisaría provincial de policía correspondentes á súa demarcación, con tres meses de anticipación, a excarceración de estranxeiros que fosen condenados en virtude de sentenza xudicial por delito, para os efectos de que, de ser o caso, se proceda á expulsión de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro. Para estes efectos, nos expedientes persoais dos estranxeiros condenados farase constar se lles foi incoado expediente de expulsión, así como, de ser o caso, o estado de tramitación en que se atope.

5. O Rexistro Central de Penados comunicará, de oficio ou por instancia da oficina de estranxeiría ou da comisaría de policía correspondentes, os antecedentes penais dos estranxeiros que fosen condenados por delito doloso que teña sinalada pena superior a un ano de prisión, para os efectos da incoación do correspondente expediente de expulsión, para o cal remitirá un certificado daqueles.

Artigo 257. Comunicacions dos órganos xudiciais á Delegación ou Subdelegación do Goberno en relación con estranxeiros.

1. De conformidade co establecido na disposición adicional décimo sétima da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os órganos xudiciais comunicaranlle á Delegación ou Subdelegación do Goberno competente a finalización dos procesos xudiciais en que concorra a comisión de infraccións administrativas ás normas sobre estranxeiría, para os efectos de que se poida proseguir, iniciar ou arquivar, se procede, segundo os casos, o procedemento administrativo sancionador. Do mesmo modo, comunicarán aquelas condenas impostas a estranxeiros por delito doloso castigado con pena privativa de liberdade superior a un ano para os efectos da incoación do correspondente expediente sancionador.

2. Igualmente, comunicarán as sentenzas en que acorden a substitución das penas privativas de liberdade impostas ou das medidas de seguridade que sexan aplicables aos estranxeiros non residentes legalmente en España pola súa expulsión do territorio nacional. Nestes casos, a sentenza que acorde a substitución disporá a execución da pena privativa de liberdade ou medida de seguridade orixinariamente imposta ata que a autoridade gubernativa proceda a materializar a expulsión. Para estes efectos, a autoridade gubernativa deberá facer efectiva a expulsión no prazo máis breve posible e, en todo caso, dentro dos trinta días seguintes, salvo causa xustificada que o impida, que deberá ser comunicada á autoridade xudicial.

CAPÍTULO VI

Ingreso en centros de internamento de estranxeiros

Artigo 258. Ingreso en centros de internamento de estranxeiros.

1. O xuíz de instrución do lugar en que fose detido o estranxeiro, por petición do instrutor do procedemento, do responsable da unidade de estranxeiría do Corpo Nacional de Policía ante a cal se presente o detido ou da autoridade gubernativa que acordase esa detención, no prazo de 72 horas desde aquela, poderá autorizar o seu ingreso en centros de internamento de estranxeiros, nos casos a que se refire o número 2 seguinte.

2. Só se poderá acordar o internamento do estranxeiro cando concorran os supostos previstos nos artigos 15.3, 23.4, 235.5 e 246.3 deste regulamento.

3. O previsto nos números anteriores entenderase sen prexuízo do establecido no artigo 89.6 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

4. O ingreso do estranxeiro nun centro de internamento non se poderá prolongar por máis tempo do imprescindible para a práctica da expulsión, a devolución ou o regreso, e a autoridade gubernativa deberá proceder a realizar as xestións necesarias para a obtención da documentación que for necesaria coa maior brevidade posible.

5. A incoación do expediente, a adopción da medida cautelar de detención e internamento e a resolución do procedemento serán comunicados á embaixada ou consulado do país de orixe do estranxeiro. Esta comunicación dirixirase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación cando non se puidese notificar ao consulado ou este non radique en España. De solicitalo así o estranxeiro, comunicarase o internamento aos seus familiares, á persoa á cal atribúese a súa defensa xurídica, á organización non governamental indicada polo estranxeiro ou outras persoas residentes en España.

6. O estranxeiro, durante o seu internamento, estará en todo momento á disposición do órgano xurisdiccional que o autorizou, e a autoridade gubernativa deberá comunicar a este calquera circunstancia en relación coa situación daquel que puiden determinar a variación da decisión xudicial relativa ao seu internamento.

7. Os menores estranxeiros non poderán ser ingresados nos ditos centros, e deberán ser postos á disposición dos servizos competentes de Protección de Menores, salvo que o xuíz de primeira instancia o autorice, tras informe favorable do Ministerio Fiscal, e os seus pais ou titores se atopen ingresados no mesmo centro, manifesten o seu desexo de permanecer xuntos e existan módulos que garantan a unidade e intimidade familiar.

8. O réxime de internamento dos estranxeiros, con consideración especial dos seus dereitos e obrigas, e en plena coherencia co disposto na medida xudicial que determine o seu ingreso, desenvolverase conforme o que estableza o regulamento previsto na disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro.

TÍTULO XV

Oficinas de estranxeiría e centros de migracións

CAPÍTULO I

As oficinas de estranxeiría

Artigo 259. Creación.

1. As oficinas de estranxeiría son as unidades que integran os diferentes servizos da Administración xeral do Estado competentes en materia de estranxeiría e inmigración no ámbito provincial co obxecto de garantir a eficacia e coordinación na actuación administrativa.

2. A Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración impulsará a creación, supresión e modificación de oficinas de estranxeiría, baseándose na especial incidencia da inmigración na provincia e tras consulta aos ministerios do Interior e de Política Territorial e Administración Pública.

A partir do dito impulso, a creación, a supresión ou a modificación de oficinas de estranxeiría levarase a cabo mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia ditada por proposta dos titulares dos ministerios do Interior, de Política Territorial e Administración Pública e de Tránsito e inmigración.

3. As oficinas de estranxeiría estarán localizadas na capital das provincias en que se constitúan.

Por razóns relacionadas coa configuración xeográfica, administrativa, económica e de poboación dunha provincia, o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, con acordo das secretarías de Estado de Inmigración e Emigración e de Seguridade, poderá excepcionalmente determinar a localización dunha oficina de estranxeiría nunha poboación distinta á capital da provincia en que se constituía.

4. As oficinas de estranxeiría poderán dispor de oficinas delegadas localizadas nos distritos da capital e nos municipios da provincia para facilitar as xestións administrativas dos interesados. Esas oficinas delegadas serán creadas por resolución do titular da Delegación ou Subdelegación do Goberno a que se adscriba a oficina de estranxeiría correspondente.

Os titulares das secretarías de Estado de Seguridade e de Inmigración e Emigración poderán ditar instrucións conxuntas para coordinar as unidades policiais coas correspondentes oficinas de estranxeiría.

Artigo 260. *Dependencia.*

1. As oficinas de estranxeiría dependerán organicamente da correspondente Delegación ou Subdelegación do Goberno, encadraranse nas áreas funcionais de Traballo e Inmigración e dependerán funcionalmente do Ministerio de Traballo e Inmigración, a través da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, e do Ministerio do Interior, ambos no ámbito das súas respectivas competencias.

2. As oficinas de estranxeiría rexeranse polo disposto neste regulamento, así como pola súa normativa de creación e funcionamento.

Artigo 261. *Funcións.*

As oficinas de estranxeiría exercerán, no ámbito provincial, as seguintes funcións, previstas na normativa vixente en materia de estranxeiría e réxime comunitario:

1. A recepción da declaración de entrada. A tramitación das prórrogas de estadía, da tarxeta de identidade de estranxeiro, autorizacións de residencia, autorizacións de traballo e excepcións á obriga de obter autorización de traballo, autorizacións de regreso, así como a expedición e entrega daquelas.

2. A recepción da solicitude de cédula de inscrición e de título de viaxe para a saída de España, así como a súa expedición e entrega.

3. A tramitación dos procedementos sancionadores por infraccións á normativa en materia de estranxeiría e en réxime comunitario. Non obstante, as devolucións, e os expedientes sancionadores que leven á expulsión do infractor estranxeiro, ou á súa detención e ingreso nun centro de internamento de estranxeiros, serán executados polas brigadas e unidades de estranxeiría e documentación das comisarías de policía.

4. A tramitación dos recursos administrativos que procedan.

5. A elevación aos órganos e autoridades competentes das oportunas propostas de resolución relativas aos expedientes a que se fixo referencia nos parágrafos anteriores.

6. A asignación e comunicación do número de identidade de estranxeiro, polos servizos policiais das propias oficinas.

7. A información, recepción e tramitación da solicitude de protección internacional e das solicitudes do estatuto de apátrida.

8. A obtención e elaboración do conxunto de información estatística de carácter administrativo e demográfico sobre a poboación estranxeira e en réxime comunitario da provincia.

9. O control do mantemento das condicións que determinaron a concesión da autorización.

Artigo 262. *Organización funcional das oficinas de estranxeiría.*

1. O xefe da oficina de estranxeiría establecerá os criterios de realización das funcións referidas no artigo anterior, que se exercerán baixo a dirección, a través do respectivo director da área funcional ou xefe da dependencia provincial de Traballo e Inmigración, dos delegados e subdelegados do Goberno correspondentes, e sen prexuízo das competencias que en materia de resolución de expedientes correspondan a outros órganos.

2. As oficinas delegadas colaborarán no desenvolvemento das funcións da correspondente oficina de estranxeiría, en especial, as referidas á atención ao cidadán, recepción de solicitudes e escritos, notificación e entrega de resolucións e documentos, e poderán exercer as competencias que lles sexan delegadas.

3. Sen prexuízo da competencia atribuída ao xefe da oficina de estranxeiría no número 1 deste artigo, corresponderalles aos servizos policiais adscritos a ela:

- a) A asignación e comunicación do número de identidade de estranxeiro e a emisión de certificados de residente e non residente.
- b) A expedición e entrega da documentación correspondente á normativa sobre protección internacional e o estatuto de apátrida.
- c) A expedición e entrega do título de viaxe ou documento análogo para a saída de España, así como da tarxeta de identidade de estranxeiro e dos documentos de identificación provisionais.
- d) A expedición das etiquetas de visado en que se materialicen as prórrogas de estadias de curta duración.
- e) A materialización da anulación ou retirada dos visados de estadia de curta duración.
- f) A tramitación das autorizacións de regreso.
- g) A gravación no Rexistro Central de Estranxeiros dos cambios e alteracións da situación dos estranxeiros previstos no artigo 214 deste regulamento.

Artigo 263. *Persoal.*

1. Os diferentes servizos encargados da tramitación dos expedientes en materia de estranxeiría integraranse na oficina de estranxeiría, que actuará como un único centro de xestión, baixo a dirección do respectivo director da área funcional ou xefe da dependencia provincial de Traballo e Inmigración.

2. O persoal procedente dos servizos a que se fai referencia no número 1 que non estea integrado organicamente nas Delegacións do Goberno, conforme o disposto pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e a súa normativa de desenvolvemento, integrarase na Delegación do Goberno ou Subdelegación do Goberno correspondente.

3. As oficinas de estranxeiría contarán cunha relación de postos de traballo e, de ser o caso, un catálogo do persoal laboral para a respectiva integración do persoal procedente dos servizos a que se fai referencia no número 1 e os seus correspondentes postos de traballo.

4. As oficinas de estranxeiría contarán coa adscrición de persoal da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil para a realización das funcións que esta ten asignadas en materia de estranxeiría.

5. O xefe da oficina de estranxeiría será nomeado e separado polo delegado do Goberno, tras informe favorable da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, xa se provexa o posto de forma provisional ou definitivamente.

O seu nomeamento realizarase polo sistema de libre designación entre funcionarios de carreira do subgrupo A1 ou do subgrupo A2 da Administración xeral do Estado, dentro dos límites establecidos no regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

CAPÍTULO II

Os centros de migracións

Artigo 264. *A rede pública de centros de migracións.*

1. Para o cumprimento dos fins de integración social que ten encomendados, o Ministerio de Traballo e Inmigración disporá dunha rede pública de centros de migracións, que desempeñarán tarefas de información, atención, acollida, intervención social, formación, detección de situacións de trata de seres humanos e, de ser o caso, derivación, dirixidas á poboación estranxeira. Igualmente, poderán desenvolver ou impulsar actuacións de sensibilización relacionadas coa inmigración.

2. En particular, a rede de centros de migracións poderá desenvolver programas específicos dirixidos a estranxeiros que teñan a condición de solicitantes de asilo ou do estatuto de apátrida, refuxiados, apátridas, beneficiarios da protección dispensada polo artigo 37.b) da Lei 12/2009, do 30 de outubro, inmigrantes que cheguen a España de acordo coas normas reguladoras da xestión colectiva de contratacións en orixe, así como a estranxeiros que se atopen en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social. Corresponderalle á Dirección Xeral de Integración dos Inmigrantes determinar os programas que vaian desenvolver os centros de migracións, así como os seus destinatarios.

3. A rede de centros de migracións estará integrada polos centros de acollida a refuxiados regulados na Orde ministerial do 13 de xaneiro de 1989, os centros de estadía temporal de inmigrantes en Ceuta e Melilla, así como, de ser o caso, polos centros de nova creación. Os centros integrados na rede de centros de migracións rexeranse por un estatuto común, sen prexuízo da posibilidade de que os distintos centros desenvolvan programas destinados a colectivos determinados, de acordo co disposto no número anterior.

Artigo 265. Réxime xurídico dos centros de migracións.

Mediante orde do titular do Ministerio da Presidencia, por proposta conxunta dos titulares dos Ministerios de Política Territorial e Administración Pública e de Traballo e Inmigración, instada polo titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, poderase:

- a) Acordar o establecemento de novos centros de migracións, a ampliación dos xa existentes ou a súa clausura.
- b) Aprobar os estatutos e normas de funcionamento interno dos centros de migracións.
- c) Determinar as prestacións que se dispensarán neles, así como o réxime xurídico a que están suxeitas.

Artigo 266. Ingreso en centros de migracións.

1. As normas de funcionamento interno dos centros determinarán os requisitos e o procedemento que se deba seguir para o ingreso dun estranxeiro nun centro de migracións.

2. Cando o estranxeiro careza dun título que autorice a súa permanencia en España, o ingreso nun centro de migracións comportará a expedición dun volante persoal e intransferible que o autorice a permanecer no centro, no cal, xunto á fotografía do estranxeiro, se farán constar os seus datos de filiación, nacionalidade, número de identidade de estranxeiro, se o tiver asignado, así como a data de caducidade do tempo en que habitará no centro.

3. Esta autorización de permanencia enténdese sen prexuízo das posteriores decisións que as autoridades competentes adopten en relación coa situación administrativa do estranxeiro en España.

Disposición adicional primeira. Atribución de competencias en materia de informes, resolucións e sancións.

1. Cando as competencias en materia de informes, resolucións e sancións non estean expresamente atribuídas a un determinado órgano neste regulamento, serán exercidas polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais e polos subdelegados do Goberno nas provincias.

Sen prexuízo do anterior, a competencia en materia de admisión a trámite de procedementos iniciados no estranxeiro corresponderalle á misión diplomática ou oficina consular española no exterior ante a cal se presente a correspondente solicitude de acordo co establecido neste regulamento, aínda que a competencia para resolver sobre o fondo do procedemento estea atribuída a outro órgano administrativo.

2. Cando se trate de supostos en que se vaia realizar unha actividade laboral en distintas provincias, a competencia para a concesión das autorizacións para residir e traballar corresponderalle á autoridade competente de acordo co número anterior da provincia en que se vaia iniciar a actividade laboral.

3. Malia o anterior, correspóndelle ao titular da Dirección Xeral de Inmigración a competencia para tramitar e resolver sobre as autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea, de acordo co previsto no artigo 67 deste regulamento, cando as solicitudes sexan presentadas por empresas que, tendo diversos centros de traballo en distintas provincias, conten cun cadro de persoal superior a 500 traballadores.

Igualmente, o titular da Dirección Xeral de Inmigración será o competente para resolver sobre as autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada nos supostos previstos no artigo 98.2.a) e b) cando o número de postos de traballo ofertado no seu conxunto supere unha cifra que se determinará mediante orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Así mesmo, o titular da Dirección de Inmigración será o competente para autorizar a tramitación de autorizacións de residencia temporal e traballo por conta allea de duración determinada nos supostos previstos no artigo 98.2.a) e b), cando a oferta de emprego se encadre dentro dun proxecto de cooperación ao desenvolvemento financiado con fondos públicos.

Nos supostos previstos neste número, as solicitudes serán presentadas polo empregador, persoalmente ou a través de quen exerza validamente a representación empresarial, ante o rexistro do órgano competente para a súa tramitación ou ante a oficina de estranxeiría correspondente á provincia onde se vaia desenvolver a actividade laboral. De ser o caso, a oficina de estranxeiría dará traslado inmediato da solicitude á Dirección Xeral de Inmigración, para a súa tramitación e resolución.

Nestes casos, a Dirección Xeral de Inmigración decidirá sobre a concesión das autorizacións oída a Comisión Laboral Tripartita de Inmigración. Nas autorizacións vinculadas a proxectos de cooperación ao desenvolvemento, o informe favorable da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración substituirá a valoración de se a situación nacional de emprego permite a contratación.

4. Cando circunstancias de natureza económica, social ou laboral o aconsellen e en supostos non regulados de especial relevancia, por proposta do titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, logo de informe do titular da Secretaría de Estado de Seguridade e, de ser o caso, dos titulares das subsecretarías de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Política Territorial e Administración Pública, o Consello de Ministros poderá ditar, tras información previa e consulta á Comisión Laboral Tripartita de Inmigración, instrucións que determinen a concesión de autorizacións de residencia temporal e/ou traballo, que poderán quedar vinculadas temporalmente, por ocupación laboral, ou territorialmente nos termos que se fixen naquelas, ou de autorizacións de estadía. As instrucións establecerán a forma, os requisitos e os prazos para a concesión das ditas autorizacións. Así mesmo, o titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, con informe previo do titular da Secretaría de Estado de Seguridade, poderá outorgar autorizacións individuais de residencia temporal cando concorran circunstancias excepcionais non previstas neste regulamento.

5. No exercicio das competencias de coordinación que ten atribuídas, o titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración poderalle propor ao Consello de Ministros a aprobación das instrucións a que se deba axustar a actuación dos diferentes departamentos ministeriais en canto exerzan funcións relacionadas cos ámbitos da estranxeiría e a inmigración.

Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable aos procedementos.*

1. No non previsto en materia de procedementos neste regulamento observárase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento, particularmente, no referido á necesidade motivación das resolucións denegatorias das autorizacións.

2. De conformidade co establecido na disposición adicional décimo primeira da referida Lei 30/1992, do 26 de novembro, o procedemento de visado rexerese pola normativa específica prevista no artigo 27 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, desenvolvida neste regulamento, na normativa da Unión Europea e nas demais disposicións que se diten en cumprimento dos compromisos internacionais asumidos por España, e aplicarase supletoriamente a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional terceira. *Lugares de presentación das solicitudes.*

1. De conformidade coa disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando o suxeito lexitimado se atope en territorio español, as solicitudes relativas ás autorizacións iniciais de residencia e de traballo deberán ser presentadas, presencial ou electronicamente polo interesado, ante os rexistros dos órganos competentes para a súa tramitación.

2. Cando o suxeito lexitimado se atope en territorio estranxeiro, a presentación de solicitudes de visado e a súa recollida realizarase ante a misión diplomática ou oficina consular na demarcación da cal resida, salvo o disposto de conformidade coa disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, nos procedementos de solicitude de visado descritos neste regulamento.

Sen prexuízo do anterior, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, se media causa que o xustifique, poderá determinar outra misión diplomática ou oficina consular en que corresponda presentar a solicitude de visado.

3. As solicitudes de modificación, prórroga ou renovación das autorizacións de residencia e de traballo poderanse presentar en calquera outro rexistro de conformidade co artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional cuarta. *Práctica da notificación por medios electrónicos.*

1. Para a notificación das resolucións e comunicación en relación cos procedementos previstos neste regulamento, habilitarase un sistema de notificación electrónica, que será o de notificación mediante comparecencia electrónica na sede, na forma regulada na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, sen prexuízo de que os órganos competentes poidan establecer outro sistema de notificación electrónica de acordo co previsto na alínea d) do artigo 35.2 do referido real decreto.

2. Para que a notificación se practique mediante o sistema de comparecencia electrónica na sede, requirirase que o interesado sinalase o dito medio como preferente ou consentise a súa utilización. Non obstante, ao abeiro do disposto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e no artigo 36.4 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, a admisión da notificación mediante comparecencia electrónica na sede será obrigatoria para todos os solicitantes persoas xurídicas e para aqueles colectivos de persoas físicas que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

3. O sistema de notificación electrónica permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

4. Cando, existindo constancia da posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, transcorreren dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, salvo que, de oficio ou por instancia do destinatario, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso. O rexeitamento farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación, e terase por efectuado o trámite, continuándose o procedemento, ou iniciándose, de ser o caso, o prazo para interpor o recurso que proceda, de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Producirá os efectos propios da notificación por comparecencia o acceso electrónico polos interesados ao contido das actuacións administrativas correspondentes, sempre que quede constancia do dito acceso.

6. Os órganos da Administración xeral do Estado competentes para a tramitación dos procedementos regulados neste regulamento estarán obrigados a utilizar o sistema de notificación mediante comparecencia electrónica na sede unha vez que na aplicación informática de estranxeiría se realicen as oportunas adaptacións técnicas que o posibiliten.

As comunidades autónomas con competencias executivas en materia de autorizacións de traballo poderán substituír a notificación mediante comparecencia electrónica na sede do órgano correspondente da Administración xeral do Estado por notificacións a través doutras formas de practicar a notificación no marco do previsto no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para aqueles cidadáns que opten por estas.

Disposición adicional quinta. *O taboleiro edictal de resolucións de estranxeiría.*

1. Cando non se tivese podido practicar a notificación das resolucións nos procedementos regulados neste regulamento, a notificación farase por medio de anuncio no taboleiro edictal de resolucións de estranxeiría. Transcorrido o período de vinte días naturais desde que a notificación se publicase no taboleiro edictal de resolucións de estranxeiría, entenderase que esta foi practicada, dándose por cumprido o dito trámite e continuándose co procedemento, ou iniciándose, de ser o caso, o prazo para interpor o recurso que proceda.

2. A práctica da notificación no taboleiro edictal de resolucións de estranxeiría efectuarase nos termos que se determinen por orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración.

3. O funcionamento, a xestión e a publicación no taboleiro edictal de resolucións de estranxeiría farase con pleno sometemento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e conforme os requisitos exixidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

4. Cando ás comunidades autónomas se lles tivesen traspasado competencias en materia de notificación de resolucións, poderán efectuar a publicación das resolucións cuxa notificación lles corresponda a través dos seus propios taboleiros edictais.

A Administración xeral do Estado impulsará o establecemento de fórmulas de colaboración para que os distintos taboleiros existentes interoperen entre si, permitíndolle ao cidadán, a través dun único acceso, o coñecemento e a comunicación de calquera notificacións que sobre el existan.

Disposición adicional sexta. *Aplicación informática para a tramitación de procedementos.*

1. Unha vez implantada a aplicación común de estranxeiría en cumprimento do previsto na disposición adicional quinta da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, as referencias realizadas neste regulamento á gravación de actuacións administrativas na aplicación informática correspondente entenderanse feitas a aquela cando o actuante sexa un órgano da Administración xeral do Estado competente en materia de estranxeiría.

Igualmente, as mencións sobre intercambios de información entre órganos da Administración xeral do Estado para a tramitación das distintas fases dos procedementos en materia de estranxeiría e inmigración entenderanse feitas a cambios no órgano administrativo competente para a continuación da tramitación do procedemento e, en consecuencia, para determinar modificacións no seu estado electrónico.

A aplicación informática común garantizará que os órganos administrativos competentes nas distintas fases do procedemento teñen coñecemento en tempo real do inicio de calquera fase sobre a que lles corresponde actuar, cando este derive da actuación previa doutro órgano.

2. Cando a misión diplomática ou oficina consular competente non dispoña, por razón da súa localización xeográfica, dos medios técnicos necesarios para a conexión en tempo real á aplicación informática común, realizaranse transferencias de información entre os ditos órganos e a aplicación, con periodicidade diaria.

3. A administración da aplicación común de estranxeiría dependerá do Ministerio de Traballo e Inmigración. A súa implantación levarase a cabo en coordinación e colaboración co Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.

Os órganos competentes da Administración xeral do Estado realizarán as actuacións tendentes á adecuada dotación de medios humanos, económicos e materiais das tarefas destinadas á súa implantación, desenvolvemento e mantemento. Para iso, estableceranse as partidas orzamentarias que se consideren necesarias.

Por acordo entre a Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración e a Subsecretaría de Política Territorial e Administración Pública, que deberá ser suscrito no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste regulamento, fixarase a data de posta en funcionamento da aplicación informática común.

Disposición adicional sétima. *Xestión informática nos procedementos con intervención das comunidades autónomas.*

Para os efectos de asegurar a necesaria coordinación dos órganos competentes da Administración xeral do Estado cos das comunidades autónomas, a xestión electrónica dos procedementos de autorizacións iniciais de traballo por conta propia ou allea dos estranxeiros será realizada polas ditas administracións mediante aplicacións informáticas que respondan a formatos e estándares que se determinarán de acordo co establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, así como a condicións de seguridade de acordo co establecido no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

Para tales efectos, a xestión electrónica de procedementos debe permitir:

a) A actualización en tempo real da base de datos da Administración xeral do Estado en cada fase de tramitación dos expedientes que supoñan a introdución e modificación de datos e informes por cada Administración competente.

b) O acceso e a consulta das administracións competentes, incluídas as misións diplomáticas ou oficinas consulares, do estado de tramitación dos expedientes.

Segundo as súas necesidades organizativas e de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, as administracións competentes poderán establecer diferentes niveis de acceso para a consulta dos datos e informes recollidos na tramitación electrónica dos procedementos.

c) A intercomunicación e o intercambio de datos e informes entre as administracións competentes cando sexan necesarios para a tramitación e resolución dos expedientes de autorización inicial de traballo por conta propia ou allea.

As condicións e garantías das comunicacións e o intercambio de datos e informes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas fixaranse nun convenio de colaboración.

d) A obtención de datos actualizados para o cumprimento das funcións de observación permanente das magnitudes e características máis significativas do fenómeno inmigratorio, para analizar o seu impacto na sociedade española e facilitar información obxectiva e contrastada, de conformidade co disposto polo artigo 67 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e o Real decreto 345/2001, do 4 de abril, polo que se regula o Observatorio Permanente da Inmigración.

e) A notificación electrónica aos cidadáns que así o solicitasen ou consentisen expresamente, nos termos previstos neste regulamento, coa excepción prevista no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, así como un único acceso aos distintos taboleiros edictais de estranxeiría que lle poidan afectar.

Disposición adicional oitava. *Lexitimación e representación.*

1. De conformidade coa disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, cando o suxeito lexitimado se atope en territorio español, deberá presentar persoalmente as solicitudes iniciais relativas ás autorizacións de residencia e de traballo ou a prórrogas de estadía. Naqueles procedementos en que o suxeito lexitimado for un empregador, as solicitudes iniciais poderán ser presentadas por este ou por quen validamente exerza a representación legal empresarial.

2. Cando o suxeito lexitimado se atope en territorio estranxeiro, a presentación de solicitudes de visado e a súa recollida realizaranse persoalmente. Cando o interesado non resida na poboación en que teña a súa sede a misión diplomática ou oficina consular e se acrediten razóns que obstaculicen o desprazamento, como a distancia da misión ou oficina, dificultades de transporte que fagan a viaxe especialmente gravosa ou razóns acreditadas de enfermidade ou condición física que dificulten sensiblemente a súa mobilidade, poderase acordar que a solicitude de visado poida ser presentada por un representante debidamente acreditado.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, nos supostos de presentación de solicitudes e recollida de visado de estadía, tránsito e de residencia por reagrupación familiar de menores, ambos os trámites se poderán realizar mediante un representante debidamente acreditado.

4. Así mesmo, non se requirirá a comparecencia persoal nos procedementos de contratación colectiva de traballadores, nos supostos previstos nun convenio ou acordo internacional; en tal caso, observarase o disposto nel.

5. Entenderase cumprida a obriga de comparecencia persoal dunha persoa física ou xurídica ou dunha entidade sen personalidade xurídica cando se presenten solicitudes, escritos ou documentos autenticados electronicamente ou, de estar así previsto, tras o cotexo dos que fosen achegados, utilizando para iso os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade ou outros sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos pola Administración xeral do Estado de acordo cos números a) e b) do artigo 13.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e co artigo 10 do Real decreto 1671/2009, do 16 de novembro.

A admisión dos sistemas de sinatura electrónica a que se refire o artigo 13.2.c) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, deberase aprobar mediante orde do titular do Ministerio de Traballo e Inmigración.

6. Igualmente, de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, entenderase cumprida a obriga de comparecencia persoal cando a presentación electrónica de documentos se realice de acordo co establecido mediante convenios de habilitación para a representación de terceiros.

Os ditos convenios establecerán en todo caso a obrigatoriedade de que os profesionais adheridos a eles se comuniquen coa Administración xeral do Estado utilizando exclusivamente medios electrónicos, de conformidade co disposto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Para o desenvolvemento dos convenios previstos neste número, a Administración xeral do Estado poderá establecer que os profesionais adheridos a eles creen os correspondentes rexistros electrónicos de apoderamento ou representación.

7. As solicitudes de modificación, prórroga ou renovación das autorizacións de residencia e de traballo ou de estadía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado poderanse presentar persoalmente, sen prexuízo da existencia de fórmulas de representación voluntaria a través de actos xurídicos ou outorgamentos específicos.

Disposición adicional novena. *Normas comúns para a resolución de visados.*

1. A resolución dos visados correspóndelles ás misións diplomáticas e oficinas consulares.

2. Na resolución do visado atenderase ao interese do Estado e á aplicación dos compromisos internacionais asumidos polo Reino de España na materia. O visado utilizarase como instrumento orientado ao cumprimento dos fins da política exterior do Reino de España e doutras políticas públicas españolas ou da Unión Europea, en especial a política de inmigración, a política económica e a de seguridade nacional, a saúde pública ou as relacións internacionais de España.

Disposición adicional décima. *Procedemento en materia de visados.*

1. A misión diplomática ou oficina consular receptora da solicitude de visado devolverá unha copia selada dela con indicación da data e o lugar de recepción ou remitirá o xustificante de recepción ao domicilio fixado para efectos de notificación no ámbito da demarcación consular.

2. A oficina consular e o solicitante, a teor das posibilidades técnicas existentes no territorio, poden convir, deixando mención sucinta diso no expediente e na copia da solicitude que se devolve como recibo, o domicilio –que debe estar en todo caso dentro da demarcación consular– e o medio para efectuar os requirimentos de emenda ou de achega de documentos ou certificacións exixidos, así como para efectuar as citacións de comparecencia e as notificacións de resolución.

As citacións e requirimentos realizaranse a través do teléfono ou do telefax de contacto proporcionado polo interesado ou o seu representante legal, e deixarase constancia que faga fe da súa realización no expediente de visado.

Se a citación ou requirimento efectuados a través de chamada ao teléfono de contacto convido foren desatendidos, cursaranse por escrito as citacións, requirimentos ou notificacións ao domicilio fixado para este efecto na solicitude, o cal deberá estar situado no ámbito da mesma demarcación consular.

Sen prexuízo do establecido para os supostos de comparecencia persoal e entrevista dos solicitantes de visado, as citacións ou requirimentos cursados deberanse atender nun prazo máximo de dez días.

Esgotadas todas as posibilidades de notificación que se prevén nesta disposición adicional sen que aquela se poida practicar, calquera que for a causa, a notificación farase mediante anuncio publicado durante dez días no correspondente taboleiro da oficina consular, dato do que será informado o solicitante no momento de presentar a solicitude de visado.

De resultaren desatendidos no seu prazo os requirimentos ou citacións, terase o solicitante por desistido, e notificaráselle a resolución pola que se declara a desistencia polo mesmo procedemento do parágrafo anterior. A resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Un extracto do procedemento a que se alude nesta disposición adicional recollerase no impreso de solicitude para coñecemento do interesado.

3. A misión diplomática ou oficina consular ante a cal se presente a solicitude de visado, de mediar unha causa que o xustifique, ademais da documentación que sexa preceptiva, poderá requirir os informes que resulten necesarios para resolver a dita solicitude.

4. Durante a substanciación do trámite do visado, a misión diplomática ou oficina consular poderá requirir a comparecencia do solicitante e, cando se coide necesario, manter unha entrevista persoal para comprobar a súa identidade, a validez da documentación achegada e a veracidade do motivo de solicitude do visado. A incomparecencia, salvo causa fundada debidamente acreditada ante o órgano competente, no prazo fixado, que non poderá exceder os quince días, producirá o efecto de considerar que o interesado desiste no procedemento.

Cando se determine a celebración da entrevista dentro de procedementos regulados no título IV deste regulamento, nela deberán estar presentes, polo menos, dous representantes da Administración española, ademais do intérprete, en caso necesario, e

deberá quedar constancia do seu contido mediante unha acta asinada polos presentes, da cal se lle entregará copia ao interesado.

Se os representantes da Administración chegaren ao convencemento de que non se acredita indubidablemente a identidade das persoas, a validez dos documentos ou a veracidade dos motivos alegados para solicitar o visado, denegarase a súa concesión. No caso de se ter celebrado unha entrevista, remitíraselle unha copia da acta ao órgano administrativo que, de ser o caso, outorgase inicialmente a autorización.

5. Se o solicitante, no momento de resolver, non figura na lista de persoas non admisibles, a misión diplomática ou oficina consular valorará a documentación e informes incorporados para o efecto, xunto, de ser o caso, coa autorización ou autorizacións concedidas, e resolverá a solicitude do visado.

Notificada a concesión do visado, o solicitante deberá recollelo no prazo dun mes desde a notificación, salvo nos procedementos en que expresamente se determine outro prazo por este regulamento. No caso de non facelo así, entenderase que o interesado renunciou ao visado concedido e producírase o arquivo do procedemento.

6. A resolución denegatoria dun visado notificaráselle ao solicitante de forma que lle garanta a información sobre o seu contido, as normas que en dereito a fundamenten, o recurso que contra ela proceda, o órgano ante o cal tería que se presentar e o prazo para o interpor.

7. A denegación dun visado de residencia para reagrupación familiar ou de residencia e traballo por conta allea, así como de visados de estadia ou de tránsito, deberá ser motivada, e informará o interesado dos feitos e circunstancias constatadas e, de ser o caso, dos testemuños recibidos e dos documentos e informes, preceptivos ou non, incorporados, que, conforme as normas aplicables, conducisen á resolución denegatoria.

8. Sen prexuízo da eficacia da resolución denegatoria, e con independencia de que o interesado presentase ou non recurso contra ela, o estranxeiro coñecedor dunha prohibición de entrada pola súa inclusión na lista de persoas non admisibles poderá canalizar a través da oficina consular unha solicitude escrita dirixida ao titular da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior se quixer exercer o seu dereito de acceso aos seus datos ou a solicitar a súa rectificación ou supresión destes no sistema de información de Schengen.

9. As misións diplomáticas ou oficinas consulares, no prazo máximo de quince días desde a súa expedición, deberanlle comunicar á Dirección Xeral de Inmigración, a través dos órganos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, as resolucións sobre visados que tiveren realizado, salvo os de tránsito e estadia de curta duración.

10. O contido desta disposición adicional entenderase sen prexuízo do establecido polo dereito da Unión Europea en materia de visados de tránsito aeroportuario, visados uniformes ou visados de validez territorial limitada.

Disposición adicional décimo primeira. *Exixencia, normativa e convenios en materia sanitaria.*

1. O establecido neste regulamento non exclúe a vixencia e cumprimento do disposto nos regulamentos e acordos sanitarios internacionais, así como nos artigos 38 e 39 e na disposición derradeira oitava da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; no Real decreto 1418/1986, do 13 de xuño, sobre funcións do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade en materia de sanidade exterior, e nas demais disposicións ditas para a súa aplicación e desenvolvemento.

2. A Administración xeral do Estado, para os efectos da realización de cantas actuacións e probas sanitarias puideren derivar da aplicación deste regulamento, subscribirá, a través dos departamentos ministeriais en cada caso competentes, os oportunos convenios cos correspondentes servizos de saúde ou institucións sanitarias.

Disposición adicional décimo segunda. *Prazos de resolución dos procedementos.*

1. Sen prexuízo dos prazos especificamente establecidos en relación con determinados procedementos, o prazo xeral máximo para notificar as resolucións sobre as

solicitudes que formulen os interesados nos procedementos regulados neste regulamento será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da data en que tivesen entrada no rexistro do órgano competente para tramitalas. Exceptúanse as peticións de autorización de residencia por reagrupación familiar, de autorización de traballo de temporada e as realizadas ao abeiro dos artigos 185 e 186 deste regulamento, cuxas resolucións se notificarán na metade do prazo sinalado.

2. Nos demais procedementos en materia de visados, o prazo máximo, e non prorrogable, para notificar as resolucións sobre as solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data en que a solicitude fose presentada en forma na oficina consular competente para a súa tramitación, salvo no caso dos visados de residencia non lucrativa, nos cales o prazo máximo será de tres meses. No caso do visado de residencia non lucrativa, a solicitude da pertinente autorización de residencia por parte da Delegación ou Subdelegación do Goberno que corresponda interromperá o cómputo do prazo, ata que se comunique a resolución.

3. O contido dos números 1 e 2 desta disposición adicional entenderase sen prexuízo dos prazos establecidos polo dereito da Unión Europea como directamente aplicables en materia de visados de tránsito aeroportuario, visados uniformes ou visados de validez territorial limitada.

4. A obriga formal de informar o solicitante de visado sobre o prazo máximo para a notificación da resolución do procedemento, os supostos de suspensión do cómputo do dito prazo e os efectos do silencio administrativo entenderase cumprida mediante a inserción dunha nota informativa sobre tales aspectos nos impresos de solicitude.

Disposición adicional décimo terceira. *Silencio administrativo.*

Transcorrido o prazo para resolver as solicitudes, de conformidade co establecido na disposición adicional anterior, estas poderanse entender desestimadas, de acordo co disposto na disposición adicional primeira da propia Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e coas excepcións contidas na dita disposición adicional.

Disposición adicional décimo cuarta. *Recursos.*

As resolucións que diten os órganos competentes dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, e de Traballo e Inmigración, os delegados do Goberno e subdelegados do Goberno, baixo a dependencia funcional destes dous últimos ministerios, con base no disposto neste regulamento, sobre concesión ou denegación de visados, prórrogas de estadía ou autorizacións de residencia e de traballo, cédulas de inscrición, así como sobre sancións gobernativas e expulsións de estranxeiros, porán fin á vía administrativa, e contra elas poderanse interpor os recursos administrativos ou xurisdiccionais legalmente previstos. Exceptúanse as resolucións sobre denegación de entrada e devolución, as cales non esgotan a vía administrativa.

Contra os actos e resolucións administrativas adoptados poderase recorrer conforme o disposto nas leis, e o seu réxime de executividade será o previsto con carácter xeral na lexislación vixente, salvo o disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, para a tramitación de expedientes de expulsión con carácter preferente.

Disposición adicional décimo quinta. *Cobertura de postos de confianza.*

Para os efectos do artigo 40.2.a) da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, considérase que ocupan postos de confianza aqueles traballadores que desempeñen unicamente actividades propias de alta dirección por conta da empresa que os contrate, baseadas na recíproca confianza, e que exerzan legalmente a representación da empresa ou teñan expedido ao seu favor un poder xeral.

Así mesmo, terán a mesma consideración os traballadores altamente cualificados que teñan coñecemento esencial para a realización do investimento e sexan especialistas ou desempeñen funcións relacionadas coa dirección, xestión e administración necesarias para o establecemento, desenvolvemento ou liquidación do citado investimento. Estes

traballadores deben posuír acreditada experiencia na realización das ditas funcións ou ter realizado traballos en postos similares na empresa investidora ou no grupo de empresas en que pode estar integrada esta última.

Disposición adicional décimo sexta. *Cotización pola continxencia de desemprego.*

Nas contratacións dos estranxeiros titulares das autorizacións de traballo para actividades de duración determinada e para estudantes non se cotizará pola continxencia de desemprego.

Disposición adicional décimo sétima. *Informes policiais.*

Os informes policiais en materia de seguridade e orde pública que se emitan no marco dos procedementos regulados neste regulamento conterán en todo caso o conxunto da información existente nas forzas e corpos de seguridade do Estado adscritos á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Igualmente, os emitidos respecto ao ámbito territorial de comunidades autónomas ás cales se lles tivesen traspasado competencias en materia de seguridade cidadá e orde pública conterán o informe sobre afectación da orde pública achegado pola autoridade autonómica competente.

Disposición adicional décimo oitava. *Taxas por tramitación de procedementos.*

1. Os órganos competentes para a tramitación dos procedementos regulados neste regulamento, salvo os relativos a visados, realizarán, unha vez admitida a trámite a correspondente solicitude, as actuacións tendentes á comprobación de oficio de que se efectuou o aboamento das taxas exixibles de acordo co artigo 44.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

2. O período de pagamento voluntario para o aboamento das ditas taxas será, salvo nos procedementos relativos a visados, de dez días hábiles, segundo os casos:

- a) Desde o momento de admisión a trámite da solicitude.
- b) Desde a alta do traballador estranxeiro na Seguridade Social, no caso de autorizacións de residencia e traballo por conta allea, ou da súa renovación, a favor de traballadores de servizo doméstico de carácter parcial ou discontinuo, ou de renovacións das ditas autorizacións en ausencia de empregador.

3. As taxas por tramitación de autorizacións de residencia, autorizacións de traballo ou expedición de tarxetas de identidade de estranxeiro terán carácter autoliquidable.

Disposición adicional décimo novena. *Entidades acreditadas para impartir formación que será recoñecida nos informes sobre esforzo de integración.*

A Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración impulsará a adopción de mecanismos de colaboración e cooperación relativos ás condicións de solvencia técnica, material e financeira que deberán ser acreditadas por entidades privadas que desenvolvan actuacións de formación, de cara ao seu recoñecemento en informes sobre o esforzo de integración do estranxeiro que emitirán as comunidades autónomas e que poderán ser presentados nos procedementos relativos á renovación de autorizacións de residencia temporal ou de residencia temporal e traballo.

Disposición adicional vixésima. *Desconcentración da competencia de peche de postos habilitados.*

1. Desconcéntrase a favor do titular da Secretaría de Estado de Seguridade a competencia para acordar, nos supostos en que o requira a seguridade do Estado ou dos cidadáns, o peche temporal dos postos fronteirizos habilitados para o paso de persoas a que se refire o artigo 3 deste regulamento.

2. O titular da Secretaría de Estado de Seguridade comunicarlles as medidas que se vaian adoptar á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, aos departamentos afectados e, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a aqueles países e institucións cos cales España estea obrigada a iso como consecuencia dos compromisos internacionais subscritos.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Autorización de traballo dos estranxeiros solicitantes de protección internacional.*

Os solicitantes de protección internacional estarán autorizados para traballar en España unha vez transcorridos seis meses desde a presentación da solicitude, sempre que esta fose admitida a trámite e non estiver resolta por causa non imputable ao interesado. A autorización para traballar acreditarase mediante a inscrición «autoriza a traballar» no documento de solicitante de protección internacional e, se procede, nas súas sucesivas renovacións, e estará condicionada á súa validez. No caso de que non proceda esta inscrición porque non se cumpran os citados requisitos, a Oficina de Asilo e Refuxio fará constar tal feito en resolución motivada e notificaráselle ao interesado.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Representantes das organizacións empresariais no estranxeiro.*

1. Para os efectos das previsións contidas no artigo 39 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, e o título VIII deste regulamento, nos correspondentes procesos de selección en orixe dos traballadores estranxeiros poderán participar representantes das organizacións empresariais españolas.

Para tal efecto, representantes das ditas organizacións poderán quedar acreditados pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración ante as misións diplomáticas ou oficinas consulares de España nos países que asinasen acordos sobre regulación de fluxos migratorios.

2. Sen prexuízo do anterior, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración promoverán conxuntamente a sinatura de convenios de colaboración coas comunidades autónomas con competencias executivas en materia de autorizacións de traballo e que establecesen servizos para facilitar a tramitación dos correspondentes visados, de cara a ordenar a actuación destas no marco de procedementos de xestión colectiva de contratacións en orixe.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Facilitación da entrada e residencia dos familiares de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, non incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

As autoridades competentes facilitarán, de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e neste regulamento, a obtención do visado de residencia ou, de ser o caso, dunha autorización de residencia por circunstancias excepcionais, a quen, sen estar incluído no artigo 2 do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acompañe un cidadán da Unión ou se reúna con el, e se encontre nunha das seguintes circunstancias:

a) Sexa outro familiar, en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, que, no país de procedencia, estea a cargo ou viva co cidadán do Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou cando por motivos graves de saúde ou discapacidade, sexa estritamente necesario que ese cidadán se faga cargo do seu coidado persoal.

b) Sexa a parella, cidadán dun Estado non membro da Unión Europea nin parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, coa que o cidadán da Unión mantén unha relación estable debidamente probada.

As autoridades exixirán a presentación de acreditación, por parte da autoridade competente do país de orixe ou procedencia, que certifique que está a cargo do cidadán da Unión ou que vivía con el nese país, ou a proba da existencia de motivos graves de saúde ou discapacidade que requiran estritamente que o cidadán da Unión se faga cargo do coidado persoal do membro da familia. Igualmente, exixirase proba suficiente da existencia dunha relación estable co cidadán da Unión.

As autoridades competentes estudarán detidamente as circunstancias persoais nas solicitudes de entrada, visado ou autorizacións de residencia presentadas e xustificarán toda denegación destas.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Lexislación en materia de protección internacional.*

Os preceptos relativos á protección internacional contidos neste regulamento interpretaranse de conformidade co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, a Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria, e no regulamento de desenvolvemento desta última.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Estranxeiros non comunitarios empregados polas Forzas Armadas.*

A normativa que se dite en desenvolvemento deste regulamento, así como as actuacións dos órganos competentes para a súa aplicación, terán en consideración as especificidades propias dos estranxeiros non comunitarios relacionados coas Forzas Armadas a través dunha relación de servizos de carácter temporal.